This is a reproduction of a library book that was digitized by Google as part of an ongoing effort to preserve the information in books and make it universally accessible.

Google™ books

https://books.google.com

Alfonso el Sabio

Cantigas de Santa Maria

Digitized by Google

Cornell University Library

BOUGHT WITH THE INCOME
FROM THE
SAGE ENDOWMENT FUND
THE GIFT OF
Henry W. Sage
1891

A.170871 16/9/1903

5474

The date shows when this volume was ...en.

MAY 13 1976 F P

NOV 4 1983 F

Interlibrary Loan

All books not in use for instruction or research are limited to four weeks to all borrowers.

Periodicals of a general character should be returned as soon as possible; when needed beyond two weeks a special request should be made.

Limited borrowers are allowed five volumes for two weeks, with renewal privileges, when a book is not needed by others.

Books not needed during recess periods should be returned to the library, or arrangements made for their return during borrower's absence, if wanted.

Books needed by more than one person are placed on the reserve list.

CORNELL UNIVERSITY LIBRARY

3 1924 082 229 869

Digitized by Google

PQ
9191
A5H C2
1889++
v. 2

Digitized by Google

Digitized by Google

Digitized by Google

CANTIGAS

DE SANTA MARÍA

Digitized by Google

Digitized by Google

CANTIGAS

DE

SANTA MARIA

DE

DON ALFONSO EL SABIO.

LAS PUBLICA

LA REAL ACADEMIA ESPAÑOLA.

VOLÚMEN II.

MADRID:—1889

ESTABLECIMIENTO TIPOGRÁFICO DE DON LUIS AGUADO.

8, *Pontejos*, 8.

Digitized by Google

A.170871

Digitized by Google

Digitized by Google

Digitized by Google

CANTIGAS DE SANTA MARIA.

CXLV.

Como [1] San Johan, patriarca de Alexandria, [2] deu quant' auia a pobres en uun [3] ano caro.

O que pola Uírgen de grado seus dões
der, dar-uo-ll'-á ela grandes galardões.

E d' est' un miragre quero que sabiades
per mí, porque sempre uoontad' aiades
de fazer por ela ben et que tennades
firmement' en ela uossos corações.
O que pola Uírgen de grado seus dões.....

Un patriarcha [4] ouu' en Aleixandría
santo et fïel, que Johan nom' auía:
éste muit' amaua a Santa María
et por amor d' ela daua sas rações.
O que pola Uírgen de grado seus dões.....

Hũas a mesqỳnnos, enfermos, coitados,
et outras a pobres muit' enuergonnados,
et aconsellaua desaconsellados;
assí do seu todos auían qỳnnões.
O que pola Uírgen de grado seus dões.....

Él esto fazendo, en aquela terra
auẽo gran fame por tenp' e por guerra;
mais tal non foi ele come o que serra
sa port' e s' asconde dentro nos rancões.
O que pola Uírgen de grado seus dões.....

Ant' abriú sas portas, et seu auer dado
foi mui francamente et ben enpregado
por amor da Uírgen de que Deus foi nado,
que non lle ficaron [5] sol dous pepiões,
O que pola Uírgen de grado seus dões.....

Senon esses panos ond' era uestido.
Et pois sse uiú pobre, foi end' esmarrido;
mail-á Uírgen santa, per com' eỳ oỳdo,
que o acorresse fez sas orações.
O que pola Uírgen de grado seus dões.....

---

[1] T. j. 1.: Esta é como.
[2] T. j. 1 : patriarcha de aleixandia (*sic*).
[3] T. j. 1 : un.
[4] T. j. 1.: patriarca—y asi en toda la Cantiga.
[5] Asi el cod. T. j. 1. El texto *ficare* por *ficarõ*.

Digitized by Google

CXLV

Mannáa ergeu-sse et [1] aa eigreia
foi oÿr a missa [2] da que sempre seia
bẽeita, con grand' esperança sobeia
de lle comprir ela as sas promissões.
O que pola Uírgen de grado seus dões.....

E en a carreira uiú un pastorÿnno
que contra él logo uẽo mui festÿnno,
aposto uestido et mui fresmosÿnno,
que lle dis':—Oíde poucas de rações
O que pola Uírgen de grado seus dões.....

Que uos dizer quero, et falade migo.—
Et pois ss' apartaron, [3] diss':—Esto uos digo:
aqueste tesouro uos dá uoss' amigo
o Fillo da Rëÿnna [4] das bẽeÿções.
O que pola Uírgen de grado seus dões.....

Filláde-o logo, ca eu ir-me quero.—
Et o Patriarcha uiú auer tan fero,
que maÿor non ouue emperador Nero
quando queimou Roma et tornou caruões.
O que pola Uírgen de grado seus dões.....

Foi-ss' aquel mancebo; mail-o Patriarcha
meteu aquel ouro dentr' en hũa arca,
et cantand' a missa, diz: [5]—Se Deus me parca,
querría saber ond' estas offreções
O que pola Uírgen de grado seus dões.....

Tan grandes et bõas foron enuiadas.—
Aquesto na missa muitas de uegadas
rogou; et respostas lle foron én dadas
que Ihesu-Christo [6] que foi ontr' os ladrões
O que pola Uírgen de grado seus dões.....

En a cruz pregado, que ll' o enuiara
per rogo de ssa Madre que ll' o rogara,
porque en os pobres o seu enpregara
et en santos omes [7] de religïões.
O que pola Uírgen de grado seus dões.....

Log' aqueste feito toste foi sabudo,
et o poboo da cidade mouudo,
loando a Uírgen que é noss' escudo
contra o dïabo et sas tentações.
O que pola Uírgen de grado seus dões
der, dar-ou-ll'-á ela grandes galardões.

---

[1] T. j. 1.: ergeusse (ergeuss'e).
[2] Así el cód. T. j. 1. El texto: foi oÿr misa.—En esta leccion resulta defectuosa la medida del verso.
[3] T. j. 1.: et poiss apartaron.—En el texto se escribió *apataron*. Despues se intercaló la *r* sobre el renglon con pluma y tinta diferentes.
[4] T. j. 1.: da Madre
[5] La palabra *diz*, omitida por olvido en el texto, está escrita sobre el renglon con pluma más delgada.
[6] T. j. 1.: Jeso cristo.
[7] T. j. 1.: omẽes.

Digitized by Google

CXLVI.

Como Santa María guareceu a un donzel, fillo d' ũa boa dona de Brieÿçon, [1] que ýa en romaria a Santa María d' Albeça et topou con seus eenmigos na carreira et sacáron-lle os ollos et cortáron-lle as mãos.

Quen comendar' de coraçon
a Santa María o seu,
macar mal prenda, creo eu
que ll' o pode dar seu lijon.

Porende uos quero falar
d' un gran miragre que oý
a omees bõos contar,
que iurauan que foi assí,
que Santa María mostrar
foi por hũa, com' aprendí,
dona que soýa morar
en a terra de Briançon.
Quen comendar' de coraçon.....

Ésta, per com' oý dizer,
un fill' auía que maÿor
ben sabía ca ssí querer,
ca él era mantẽedor
d' ela et ar do seu auer
bõa guard' e alÿnnador,
et sabía-a defender
sempre mui ben et con razon.
Quen comendar' de coraçon..... [2]

Por mui máis que outra ren,
a Rẽÿnna esperital
esta dona quería ben,
et que lle seu fillo de mal
guardasse, de todo seu sen
lle rogaua mui máis que ál,
et comendáua-ll'-o porén
amẽud' en ssa oraçon.
Quen comendar' de coraçon..... [3]

Él outrossí mui gran sabor
de Santa María seruir
auía, et por seu amor
a ssa casa quería ýr
d' Albeça, ú enton maÿor
gente fazía ý vijr
a Madre de nostro Sennor,
que en Bregonna foss' enton.
Quen comendar' de coraçon.....

Mais la madre [4] lle defendeu
que non fosse per ren alá,
et con él muito contendeu
dizendo:—Máa gent' ý á
de teus enemigos sandeus;
ben sei que ren non te guarrá
de mort'.—E él non a creeu,
et foi-ss' e prendeu ocajon.
Quen comendar' de coraçon.....

E ý seu camÿnno [5] fillou
por ir aa Madre de Deus,
alá ý el ýa, topou
con esses enemigos seus
que o prenderon; et sacou-
ll' un d' esses mui máos encreus
os ollos et depois tallou-
ll' as mãos con uun [6] falchon.
Quen comendar' de coraçon ....

Fóron-ss' eles et remanÿú
aquel lijado con mui gran
coita, et omees sentiú
que aa eigreia de pran
ýan ú él, et lles pediú
mercée que tanto d' afan
fillassen polo que sobiú
nos cẽos dia d' Acensson,
Quen comendar' de coraçon.....

Que a Albeza d' essa uez
o leuassen;—ca (diss' él) sei
que a Santa Vírgen de prez
me guarrá, sol dulta non ei.—
Et un d' esses romeus lo fez;
mas da madre ¿qué uos direi?
Quando o oÿú, [7] mui máis ca pez
tornou negra, nen que caruon.
Quen comendar' de coraçon.....

[1] Así el texto: más adelante *Briançon*.
[2] El copiante del texto omitió el estribillo en este lugar porque termina la estrofa con la columna.
[3] En el codice T. j. 1. falta el folio que debia contener el principio de la Cantiga hasta este lugar, con la música correspondiente.
[4] T. j. 1.: Maila madre.
[5] T. j. 1.: E ý ú seu camÿnno (*sic*).
[6] T. j. 1.: con un.
[7] T. j. 1.: quando oÿu.—En el texto está este verso escrito sobre raspado.

Digitized by Google

E sol detẽer-sse non quis;
mais [1] como coitada moller
foi log' alá, seendo fis
que Deus dar-ll'-ía como quer
seu fillo sen marauedís
são, que ll' era mui mester;
et por esto, par san Dinís,
a Albeza foi de randon.
Quen comendar' de coraçon.....

E fez seu dóo como faz
moller coitada; mas con fé
disse:—Sennor a que despraz
do mal, uees [2] quál meu fill' é
que ante tí desfeito iaz;
porend' a Deus teu Fill' ú sé
roga que são et en paz
mi-o dé; tanto ti peç' en don.
Quen comendar' de coraçon.....

Ora uereý o que farás
ou se d' este meu mal te dol;
ca ben sei que poder end' ás
de o fazer, et muit' é fol
o que non cree que darás
ben aos teus et que ssa prol
non queres: ond' oge sen cras
conprí logo mia petiçon.— [3]
Quen comendar' de coraçon.....

Esto dizendo, como diz
moller bõa et mui fïel,
log' a santa Emperadriz,
Madre de Deus Emanüel,
fez-ll' ollos come de perdiz
pequennos a aquel donzel,
mui fremosos, et de raiz
crecéron-ll' as mãos enton.
Quen comendar' de coraçon
a Santa María o seu,
macar mal prenda, creo eu
que ll' o pode dar sen lijon. [4]

CXLVII.

Como hũa moller pobre deu sa ouella a guardar a un ouelleiro, et quando ao trasquiar das ouellas, uéo a uella demandar a sua et o ouelleiro disse que a comera o lobo; et ela chamou Santa María de Rocamador, et a ouella braadou ú la tijnna o ouelleiro asconduda, et disse: «¡Ei-me acá, ei-m' acá!» [5]

A Madre do que a bestia
de Baladím falar fez
ar fez pois hũa ouella
ela falar hũa uez.

Esto fez Santa María
por hũa pobre moller
que a de grado seruía
come quen ben seruir quer;
et porend' ela un dia
ualeu-ll' ú lle foi mester
et mostrou ý seu miragre
que uos non foi mui rafez.
A Madre do que a bestia
de Baladím falar fez.....

Aquesta moller mesquýnna
de quanto pud' [7] achegar
conprou hũa ouellýnna
et foý-a dar a guardar
a un pegureir' agýnna;
et pois ao trosquiar,
foi én demandar a lãa
pola uender por seu prez.
A Madre do que a bestia
de Baladím falar fez.....

Mas [8] o pegureir' astroso
a ouella ascondeu
et come cobijçoso
diss':—O lobo a comeu.—
A uella por mentiroso
o teu' end', e lle creceu

---

[1] T. j. 1.: mas.
[2] *ues* se escribió en el texto: despues se intercaló la *e* omitida, con distinta pluma y tinta más clara.
[3] T. j. 1.: pitiçon.
[4] En el cód. T. j. 1. se omitió el estribillo porque termina la última estrofa con la plana.
[5] T. j. 1.: Esta é como hũa moller pobre deu sa ouella a guardar a un ouelleiro et quando ao trosquiar das ouellas ascondeulla o pastor et disse que a comera o lobo, enton falou a ouella du iazía et disse aqueýmáca.
[6] Falta aquí el estribillo en el cód. T. j. 1.
[7] T. j. 1.: pod.
[8] T. j. 1.: Mais.

Digitized by Google

tal coita por ssa ouella,
que tornou tal come pez.
A Madre do que a bestia
de Baladám falar fez.....

E disse:—¡Aý, Groriosa!
a mia ouella me dá,
ca tú end' es poderosa
de o fazer.—Et d' alá
du iazía a astrosa
ouella, diss': «¡Eý-m' acá!»
Et assí Santa María
aquest' engano desfez.
A Madre do que a bestia
de Baladám falar fez.....

E a uella mui festýnno
ssa ouella trosquiou,
et meteuss' ao camýnno
et quanto más pod' andou
a costas seu uellocýnno, [1]
a Rocamador chegou
dizend':—Esto fez a Úrgen
que sempre teue Belmez.
A Madre do que a bestia
de Baladám falar fez
ar fez pois hũa ouella
ela falar hũa uez. [2]

CXLVIII.

Como un caualeiro guareceu de máos [3] de seus enemigos por hũa camisa que chaman de Santa María, que tragía vestida.

De mui grandes periglos
et de mui grandes máes
guarda Santa María
ós que lle son leaes. [4]

E d' aquest' un miragre
mostrarei en tal guisa,
que dos outros da Úrgen
será mui grand' enquisa,
que faz muitos en Chartes
por hũa sa camisa;
et iá uos én dix' outros,
ben oistes de quáes.
De mui grandes periglos
et de mui grandes máes.....

En Chartes á hun' arca
que uan muitos [6] ueel-a
ú iaz hũa camisa
de lýnno que foi d' ela,
et cada un sa tea
leua et vai põel-a
sobr' aquela camisa
que iaz uolt' en cendaes.
De mui grandes periglos
et de mui grandes máes.....

E póis fazen camisas
cada un de seu ano
que en as lides tragen
per que os Deus de dano
guarde dos enemigos;
mas [7] esto sen engano
o façan, se non nunca
lles ualrría iá maes.
De mui grandes periglos
et de mui grandes máes.....

Onde un caualeýro
hũa d' éstas tragía
uestida, porque muitos
enemigos auya;
mais en a Úrgen santa
fiaua et criýa, [8]
et non fazía feýtos
máos nen desiguaes.
De mui grandes periglos
et de mui grandes máes.....

Un dia caualgaua
per cabo d' ũa xara,
sa camisa uestida,

---

[1] T. j. 1.: uelocýnno.
[2] En el texto se omitió el estribillo en este lugar. El amanuense escribió á renglon seguido de la última estrofa el epígrafe de la Cantiga siguiente, que ocupa las cinco últimas líneas de la plana.
[3] T. j. 1.: Esta é como.
[4] T. j. 1.: guareceu de morte de mão.
[5] En el códice T. j. 1. están reducidos á uno cada dos versos de esta Cantiga.
[6] Así el códice T. j. 1.—El texto *muitas*, lo cual es verro evidente.
[7] T. j. 1.: mais.
[8] T. j. 1.: creýa.

Digitized by Google

ca armas non s' uuiara; [1]
enton seus enemigos
lle sayron de cara
et déron-lle mui grandes
colbes et mui mortaes.
De mui grandes periglos
et de mui grandes máes.....

E cada un tijnna
d' eles que lle passaua [2]
o corpo con a lança;
tal ferida lle daua;
mas guardó-o a Uírgen,
que sol non lle chegaua
niun colb' ao corpo
nen fazían sinaes.
De mui grandes perigros [3]
et de mui grandes máes.....

E os seus escudeyros
d' ele foron chorando
contra hũas aldeas
et apelido dando.
Enton muitas das gentes
se foron ý chegando
et acháron-o viuo
cabo d' uuns moraes,
De mui grandes perigros
et de mui grandes máes.....

Que lles contou o feito
todo en quál maneira
o guardara de morte
a Sennor uerdadeyra;
et de máis la camisa
uíron toda enteyra,
et loaron a Uírgen
que faz miragres táes.
De mui grandes perigros
et de mui grandes máes
guarda Santa María
os que lle son leaes.

CXLIX.

Como [4] un preste aleiman dultaua do Sagramento de Deus [5] et rogou a Santa María que lle mostrasse ende a uerdade, et Santa María assí o fez porque era de bóa uida.

Fol é a desmesura
quen dulta que tornada
a Ostïa sagrada
non é en carne pura. [6]

Mas [7] ¿cómo cuidar deue
null' ome que non possa
a Ostïa ser carne,
pois que Deus quis' a nossa
prender et seer ome
et resurgir da fossa,
por seu poder tod' esto
que é sobre natura? [8]
Fol é a desmesura..... [9]

E porende uos quero
d' esta razon un preito
contar que eÿ oÿdo
mui pouc' á et retreyto,
et creo que terredes
por estrann' end' o preito [10]
primeyr' e pois encima
por fremos' auentura.
Fol é a desmesura.....

En terra d' Aleymanna
un crérigo auýa
que amaua máis d' outra
cousa Santa María,
assí que a ssa missa
cantaua cada dýa;
mas en o Sagramento
dultaua con loucura.
Fol é a desmesura.....

D' est' a Santa María,

---

[1] T. j. 1.: ca armar nonss uuiara.
[2] En el texto están escritos estos dos versos en esta inconveniente forma:
E cada un tija Deles
que lle Passaua.
[3] T. j. 1.: *periglos*, y lo mismo en las demas repeticiones del estribillo.
[4] T. j. 1.: Esta é como.
[5] T. j. 1.: do sagramento do corpo de deus.
[6] El copiante del códice T. j. 1., con el fin de adaptar la Cantiga á una sola plana, redujo á uno cada dos de sus versos, resultando así no rimados los que de esta manera forman el estribillo,
Fol é a desmesura quen dulta que tornada
a ostia sagrada non é en carne pura.
[7] T. j. 1.: *mais*,—y lo mismo en las estrofas 3.ª y 8.ª
[8] En el texto se escribió: que sobre natura.—El verbo *é* se añadió despues sobre el renglon por distinta pluma.
[9] El segundo verso del estribillo está escrito en el texto debajo del pentagrama; pero no se escribieron las notas musicales correspondientes.
[10] Falta en el texto este verso para el cual dejó en claro

Digitized by Google

cada que él cantaua
ssa missa, mui de rrijo
chorando lle rogaua
que o certo fezesse
d' aquelo que dultaua,
assí que non morresse
ende con á rancura.
Fol é a desmesura.....

Onde assý ll' auẽo
que un sábad' estando
na missa, et sagrara
a Ostïa dultando,
tolleu-xe-lle de vista;
et por ela catando,
uiú a que de Deus Madre
foi per ssa gran cordura,
Fol é a desmesura.....

Con seu Fillo nos braços,
aposta et fremosa;
et macar era bela,
foi-ll' a él espantosa;
et tremend' él, lle disse:
—¡Ai, Sennor groriosa!
se a Ostïa tẽes,
dá-mi-a por ta mesura.—[1]
Fol é a desmesura.....

Ela lle respos' logo:
—Ome de mal cïente,
este que tenn' en braços
é essa veramente
a Ostïa que sagras
de que non es creente
porque a tí semella
que de pan á fegura.
Fol é a desmesura.....

Mas pero o reuolues
et tanges con tas mãos,
creendo que pan est',
este polos crischãos
recebeu na cruz morte
que judeus et pagãos
lle deron desonrrada
por dar a nós folgura.
Fol é a desmesura.....

Est' é o que tú comes,
onde fazes tres partes,
et beues do seu sangue,
ond' é ben que te fartes;
et quen cree ben esto,
o demo nen sas artes
nunca lle terrán dano
se en elo atura.
Fol é a desmesura.....

Est' é o que tú alças
et baixas et descobres,
que quiso seer pobre
por requental-os pobres
no seu reino do ceo
et fazel-os ý nobres
mui máis que nulla outra
que seia creatura.
Fol é a desmesura.....

E pero semellança
an de pan et de uýnno, [2]
esto quer Deus que seia
polo ome mesqýnno,
que terría por crua
cousa comer miný̆nno
ou beuer de seu sangue,
ca non é apostura.
Fol é a desmesura.....

Quando ll' est' ouue dito
uýú a Ostïa logo,
et comeu-a chorando
aquel preste moogo;
des í non uiú á Uírgen,
mais disse-l': [3]—Eu te rogo,
Sennor, que me tú leues
d' esta cárcer escura,
Fol é a desmesura.....

---

el amanuense el espacio necesario.—En el cód. T. j. 1. está señalada la palabra final *preito* y hecha al márgen la indicacion de advertencia para corregirla. Es indudable que, siendo esta palabra la misma con que termina el verso segundo de la estrofa, el amanuense trató de sustituirla por otra de igual terminacion (tal vez *feito*).

[1] El copiante del texto escribió así estos dos versos:

se a ostia tẽes damia
Por ta Mesura.

[2] Escritos así estos dos versos en el texto:

E pero semellança an
de Pan et de uýnno.

[3] T. j. 1.: mas dissell.

Digitized by Google

E que ucia no ceo
a ta face velida.—
Et d' alí adeante,
en creenc' e en vida
foi tal, que pois ll' a alma
do corpo foi saÿda,
dos ángeos leuada
foi suso na altura.
Fol é a desmesura
quen dulta que tornada
a Ostïa sagrada
non é en carne pura. [1]

CL.

Esta é de loor de Santa Maria. [2]

A que Deus ama, amar deuemos;
a que Deus preça et nós precemos;
a que Deus onrra, nós muit' onrremos:
ésta é sa Madre Santa María.

Non ouu' a outra tal amor mostrado
com' a ésta, pois él quis ensserrado
seer en ela et ome formado,
et fez madre da filla que auía.
A que Deus ama, amar deuemos.....

Preçou-a máis d' outra ren que fezesse,
pois que quiso que él por fill' ouuesse
et outrossí que todo ben soubesse,
máis que quantas cousas feitas auía.
A que Deus ama, amar deuemos.....

Onrrou-a tanto, per que é chamada
Sennor de todos, Madr' e auogada,
et foi nos cëos por él corõada
et a par d' ele sée todauía.
A que Deus ama, amar deuemos.....

E pois per ela nos deu noua lee
nostro Sennor, peçámos-lle mercee
que rog' a él que nossos erros uee
que nos guarde de mal et de folía.
A que Deus ama, amar deuemos;
a que Deus preça et nós precemos;
a que Deus onrra, nós muit' onrremos:
ésta é sa Madre Santa María.

CLI.

Esta é d' un crérigo que onrraua as eigreias de Santa María et guardaua os sábados, pero que era luxurioso.

Sempr' a Uírgen, de Deus Madre,
busca uías et carreiras
per que os seus tirar possa
de mal per muitas maneÿras.

D' est' un fremoso miragre
uos direÿ que fez a Uírgen,
Madre de Deus groriosa,
por un crérigo que muito
a onrraua, mais fazía
ssa uida lussuriosa
sempre con máas molleres
et casadas et solteÿras,
nen uírgẽes non quería
leixar, nen monias nen freiras.
Sempr' a Uírgen, de Deus Madre,
busca uías et carreiras.....

Macar tod' esto fazía,
da Uírgen, de Cristus Madre,
senpr' as eigreias onrraua
et uigías das sas festas
iaiũaua; et sen esto
os sábados ben guardaua,
por que non podess' o demo
leual-o a sas barreiras
et que sempr' a Uírgen santa
oÿsse as sas pregueiras.
Sempr' a Uírgen, de Deus Madre,
busca uías et carreiras.....

Mas hũa noite ll' auẽo
que a hũa barragana
sua foi, que ben quería,
et por sse deitar con ela
catou per hũa fẽestra
et uiú de Santa María
a eigreg' e os altares
et reluzir as uidreiras;
enton leixou de deitar-se
et foi-sse per hũas eiras.
Sempr' a Uírgen, de Deus Madre,
busca uías et carreiras.....

[1] En el códice T. j. 1. se omitió el estribillo por terminar la última estrofa con la plana.

[2] Asi en el Sumario este epígrafe, que el copiante del texto omitió por falta de espacio en este lugar.—En el códice T. j. 1. faltan los dos folios que debian contener esta Cantiga y la siguiente.

Digitized by Google

Ovtra uez tornou a ela,
et ela lle preguntaua
por qué a assí leixaua. [1]
Él respos':—Por que da Vírgen
bẽeita, Santa María,
a ssa eigreia catara;
mas serra (diss' él) as estras
con portas et con esteiras,
que a eigreia non possa
ueer nen sol end' as beiras.
Sempr' a Vírgen, de Deus Madre,
busca vías et carreiras.....

Ela serrou as fẽestras
o máis de rrijo que pode,
que non uiss' él ren de fóra;
et porque [2] foron deitados
uẽo un uento tan forte
que as abriú a desora;
et uiú logo a eigreia,
lámpadas et lumeeiras,
et foi-ss' e leixou á dona
con todas sas couilleiras.
Sempr' a Vírgen, de Deus Madre,
busca vías et carreiras.....

E connoceu seu pecado,
et fézo-sse logo monge
d' un mõesteiro que era
preto d' alí; et por ele
demostrou Santa María
outra marauilla fera;
ca ll' aposeran un furto
lenguas máas mentireiras,
dizendo d' él muitas cousas
que non eran uerdadeiras.
Sempr' a Vírgen, de Deus Madre,
busca vías et carreiras.....

Sobr' esto foron iuntados
no logar muitos abades
pora saber este feito,
et sospeytauan o monge;
mas a Vírgen, de Deus Madre,
o liurou ben d' aquel preito;
ca v' él ant' os abades
non duas uezes senlleiras
passaua, mostrou-uoll' ela
sinaes d' amor certeyras.
Sempr' a Vírgen, de Deus Madre,
busca vías et carreiras.....

Ca en quant' él os gẽollos
ficau' e «*Aue María*»
dizía mui simpremente
aa Vírgen, de Deus Madre,
contra él sse leuantaua
ueéndo-a essa gente;
et muit' a Vírgen loaron
que non ouue conpanneiras
en seus feitos et que sempre
faz sas merecées enteiras.
Sempr' a Vírgen, de Deus Madre,
busca vías et carreiras.....

E por esto foi o monge
escusado d' aquel furto
de que o mal sospeitauan,
et todos esses abades
logo pera él vẽeron,
et perdon lle demandauan
tollend' os frocos das testas
et descobrind' as moleiras
pola Vírgen, cuias obras
son sempre dereitureiras.
Sempr' a Vírgen, de Deus Madre,
busca vías et carreiras
per que os seus tirar possa
de mal por muitas maneyras.

CLII.

Como un [3] bon caualeiro d' armas, pero que era luxurioso, dezia sempr' [4] «*Aue María*,» et Santa María o fez én partir per sa demostrança.

Tantas nos mostra a Vírgen
de mercées et d' amores,
que per ren nunca deuemos
seer máos pecadores.

E d' est' un mui gran miragre
mostrou por un caualeiro

---

[1] Así el texto. Como este verso debe rimar con el sexto de la estrofa, parece indudable que debió haberse escrito *catara*.

[2] Así el texto. Debe ser yerro en lugar de *et fois que*.

[3] T. j. r.: Esta é como un.

[4] T. j. r.: dizia sempre.

Digitized by Google

que apost' e fremos' era
et ardid' e bon guerreiro;
mas [1] era luxurioso
et soberu' e torticeiro, [2]
et chẽo d' outros pecados
muitos, grandes et menores. [3]
Tantas nos mostra a Uírgen
de mercées et d' amores.....

Este per ren madodýnnos
nen uésperas non oýa,
nen outras oras nen missa;
pero en Santa María
fiaua, et muitas uezes
a säudaçon dizía
que ll' o sant' ángeo disse,
de que somos sabedores.
Tantas nos mostra a Uírgen
de mercées et d' amores..... [4]

E un dia, ú estaua
cuidando en ssa fazenda
cóm' emendass' en sa uida,
et auía gran contenda,
ca a alma conssellaua
que fezesse d' est' emenda,
mas a carne [5] non quería
que leixasse seus sabores;
Tantas nos mostra a Uírgen
de mercées et d' amores.....

Él estand' en tal perfía,
pareceu-ll' a Groriosa
con hũa branqu' [6] escudela
de prata, grand' e fremosa,
chẽa d' un maniar mui ialne,
non de uida saborosa,
mas amarga, et sen esto
daua mui máos odores.
Tantas nos mostra a Uírgen
de mercées et d' amores.....

Ú a uiú o caualeýro,
foi con medo spantado
et preguntou-lle quén era.
Diss' ela:—Dar-ch'-ei recado:
eu soon Santa María
et uénno-te teu estado
mostrar per est' escudela
porque leixes teus errores.
Tantas nos mostra a Uírgen
de mercées et d' amores.....

Ca [7] ues esta escudela
móstra-ti que es fremoso
et ás muitas bõas mannas,
mas [8] peccador et lixoso
es na alma; porén cheiras
com' este maniar astroso,
per que irás a jnferno
que é chẽo d' amargores.—
Tantas nos mostra a Uírgen
de mercées et d' amores.....

E pois ll' ouu' aquesto dito,
a Uírgen logo foý ida,
et él d' alí adẽante
enmendou tant' en sa uida,
per que quando do seu corpo
a ssa alma foý partida,
foi ú uiú a Uírgen santa
que é Sennor das Sennores.
Tantas nos mostra a Uírgen
de mercées et d' amores,
que per ren nunca deuemos
seer máos pecadores.

CLIII.

Como hũa moller [9] de Gasconna que desdennaua a romaria de Santa María de Rocamador, que disse que sse a alá non leuass' [10] hũa sela en que sija, que nunca ýria alá.

Quen quer que ten en desden
a Santa María,
gran mal lle uerrá porén.

D' aquest' aucõ assí,
temp' á, en Gasconna,

---

[1] T. j. 1.: mais.
[2] T. j. 1.: et soberuié torticeiro.
[3] Así el cód. T. j. 1.—El texto *meores* por *miores*.
[4] En el códice T. j. 1. se omitió el estribillo en este lugar y al final de la Cantiga, porque terminan las estrofas en el último renglon de las respectivas columnas.
[5] T. j. 1.: mais la carne.
[6] T. j. 1.: branc.
[7] Falta en el texto la *C* inicial de esta estrofa, aunque el amanuense la apuntó al márgen para servir de guía al dibujante.
[8] T. j. 1.: mais.
[9] T. j. 1.: Esta Cantiga é da moller.—Así resulta perfecto el sentido gramatical del resto del epígrafe.
[10] T. j. 1.: que se alá non leuasse.

Digitized by Google

que hũa dona ouu' ý
de pouca uergonna
que sol non tỳnna en ren [1]
d' ir en romaría
(atant' era de mal sen)
Quen quer que ten en desden.....

A Rocamador, que d' ý
mui preto estaua;
et porén, com' aprendí,
muito a coytaua
hũa ssa moça des én,
dizendo:—Perfía
fillastes que prol non ten.
Quen quer que ten en desden.....

E pois non queredes ỳr
en nulla maneỳra,
uel leixáde-me [2] conprir
aquesta carreỳra.—
Dísse-ll' ela:—Uaỳ et uen,
¡ai, louca sandía!
ca eu non m' irei d' aquén,
Quen quer que ten en desden.....

Se m' a sela non seguir'
en que assentada
seio, et que sen falir
me leu' ý folgada.—
Ond' aquest' aũo én
que logo s' ergía
a sela ligeỳramen,
Quen quer que ten en desden.....

E ant' o altar deceu
da mui Groriosa;
et culpada se tendeu, [3]
chamándo-ss' astrosa,
dizendo:—Tal será quen
fillar' ousadía
contra quen lle non conuen.
Quen quer que ten en desden.....

Alí sse desaprendeu
d' ela log' a sela,
et ant' o altar caeu
da Madre donzela
que senpre quer nosso ben,
et por veel-a ỳa
gente d' aquend' e d' alén.
Quen quer que ten en desden
a Santa María,
gran mal lle uerrá porén.

CLIIII.

Como [4] un tafur tirou con hũa baesta hũa saeta [5] contra o ceo, con sanna porque perdera, porque cuidaua que firía a Deus o Santa María. [6]

Tan grand' amor á a Vírgen
con Deus, seu Fill', e iuntança,
que porque ý non dultemos,
a uezes faz demostrança. [7]

D' esto mostrou un [8] miragre
grand' e forte et fremoso
a Vírgen Santa María
contra un tafur astroso,
que porque perdía muito
era contra Deus sannoso,
et con aiuda do demo
caeu en desasperança.
Tan grand' amor á a Vírgen
con Deus, seu Fill', e iuntança.....

Esto foi en Catalonna, [9]
v él iogaua un dia
os dados ant' un eigreia
da Vírgen Santa María;
et porque ỳa perdendo,
creceu-lle tal felonía,
que de Deus et de sa Madre
cuidou a fillar uingança.
Tan grand' amor á a Vírgen
con Deus, seu Fill', e iuntança.....

E leuantou-sse do iogo
et foi trauar mui correndo

---

[1] T. j. 1.: tjnna.
[2] T. j. 1.: leixade mi.
[3] T. j. 1.: se rendeu.
[4] T. j. 1.: Esta é como.
[5] Así en el códice T. j. 1.—El texto, equivocadamente, *saeta.*
[6] T. j. 1.: et cuidaua que firiria a deus ou a santa maria.
[7] En el cod. T. j. 1. están redactados á uno cada dos versos de esta Cantiga.
[8] Así el cód. T. j. 1. El texto *un.* Acaso se pensaría escribir *un* (*unum*).
[9] T. j. 1.: Catallonna.

Digitized by Google

log' en hũa baesta [1]
que andaua ý uendendo
un corredor con seu cinto
et con coldre, com' aprendo,
todo chẽo de saetas,
et uẽo-ll' en malandança.
Tan grand' amor á a Uirgen
con Deus, seu Fill', e iuntança.....

E pois armou a baesta,
disse:—D' aquesta uegada
ou a Deus ou a sa Madre
darei mui gran saetada.—
Et pois que aquesto disse,
a sãet' ouue tirada
suso escontra o ceo,
et fez [2] mui gran demorança
Tan grand' amor á a Uirgen
con Deus, seu Fill', e iuntança.....

En uijr; et él, en tanto,
assí como de primeiro,
fillou-ss' a iogar os dados
con outro seu conpanneiro;
enton deceu a saeta
et feriú no tauoleýro
toda coberta de sangui;
et creede sen dultança
Tan grand' amor á a Uirgen
con Deus, seu Fill', e iuntança.....

Que sanguent' [3] o tauoleiro
foi, et quantos ý estauan
en redor ueend' o iogo
ferament' én s' espantauan,
ca uiján fresc' o sangui
et cäent', e ben cuidauan
que algun d' eles ferido [4]
fora de spad' ou de lança.
Tan grand' amor á a Uirgen
con Deus, seu Fill', e iuntança.....

Maîs [5] depois que entenderon
que esto assí non era,
et que o sang' a saeta
ben do cẽo adussera,
et nenbrou-lle [6] la paraula
que ánt' o tafur dissera,
ouueron mui grand' espanto;
mas [7] o tafur sen tardança
Tan grand' amor á a Uirgen
con Deus, seu Fill', e iuntança.....

Fillou mui gran pẽedença [8]
et entrou en órdin forte,
fiand' en Santa María,
dos pecadores conorte.
Et assí passou sa uida;
et quando uẽo a morte,
pola Madre de Deus ouue
saluament' e perdõança. [9]
Tan grand' amor á a Uirgen
con Deus, seu Fill', e iuntança,
que porque ý non dultemos,
a uezes faz demostrança.

CLV.

Como [10] un caualeiro d' Aleixandría foi malfeitor, et quando uẽo a uellece, repentiú-sse et foi a un santo hermitan [11] confessar-sse, et él disse-lle que iaiũasse et o caualeiro [12] disse que non podia. [13]

Alí [14] ú a pẽedença
do pecador uai minguar, [15]
acorre Santa María
a quen a sabe rogar.

Du o pecador [16] promete
de seer amigo de Deus,
et se partir de pecado
et enmendar tortos seus
et o non compr' e perdud' é, [17]

---

[1] Así en los dos códices escurialenses. Sin duda se escribió equivocadamente *log* en vez de *logo*, con lo cual resulta completa la medida del verso.
[2] T. j. 1.: ú fez.
[3] T. j. 1.: sangoent.
[4] T. j. 1.: firido.
[5] T. j. 1.: Mas.
[6] Así en los dos códices: parece, sin embargo, que debería decir *et nenbroulles*.
[7] T. j. 1.: mais.
[8] Así en el cód. T. j. 1.—En el texto se escribió *pẽedẽça* por *pẽedẽça*.
[9] Así en el códice T. j. 1.—El texto: *pẽdõança*.—Es yerro.
[10] T. j. 1.: Esta é como.
[11] T. j. 1.: ermitan.
[12] T. j. 1.: o caualeiro—omitiendo la conjuncion *et*.
[13] Hasta aquí el texto.—En el cód. T. j. 1. se añade: *et el deull en pẽdença que lle trouxesse un pichel dagua.*
[14] Así el cód. T. j. 1.—En el texto se escribió equivocadamente *Aaí*.
[15] T. j. 1.: *menguar*,—pero en la repeticion del estribillo despues de cada estrofa, se lee constantemente *minguar*.
[16] T. j. 1.: E ú o pecador.
[17] Así este verso en los dos códices escurialenses. La *e*

Digitized by Google

segund' conta San Mateus; [1]
mas Santa María pode
tod' aquest' enderençar. [2]
Alí ú a p̃edença
do pecador uay minguar.....

Ca seu Fillo faz por ela
máis que por null' outra ren;
et porend' as nossas culpas
enmenda por nós mui ben,
que non sciamos perdudos;
et por est' é de bon sen
quen a ama et a serue [3]
et sabe en ela fiar.
Alí ú a p̃edença
do pecador uai minguar.....

En terra d' Aleyxandría
ouue un mui malfeitor
caualeiro, mui sobeio
et mui brau' e roubador;
mais pois uẽo a uellece,
sentiú-sse por pecador
et foi a un ome santo
seus pecados confessar.
Alí ú a p̃edença
do pecador uai minguar.....

Él deu-lle por p̃edença
que a Ultra-mar romeu
fosse, et él respondeu-lle:
—Esto uos non farei eu.—
—Pois iaiũade.—Non posso.—
Díss-lle:—Par Sant Andreu,
¿nen esmolna non faredes?—
—Non; ca non tenno que dar.—
Alí ú a p̃edença
do pecador uai minguar.....

Quando uiú aquel sant' ome
que non podía fazer
aquel o que l' él mandaua [4]
díss-ll':—Íde-mi trager
este pichel chẽo d'agua,
et podedes log' auer
perdon de uossos pecados
sen null' outr' afan leuar.
Alí ú a p̃edença
do pecador uai minguar.....

Quand' o uello de pecados
carregad' aquesto uiú, [5]
mui [6] alegre do sant' ome
atan toste s' espedýú,
et con seu pichel por agua
foi; mais ela lle fugiú [7]
d' ũa fonte, que sol gota
non pude d' ela fillar.
Alí ú a p̃edença
do pecador uai minguar.....

Mas foi-sse log' a un rio
que corría preto d' ý;
ar fugiú-lle log' a agua,
per quant' eu aprendí;
et assí passou dous anos,
per com' eu escrito ví,
que agua coller non pude
nen sol beuer nen gostar.
Alí ú a p̃edença
do pecador uai minguar.....

E dous anos prouou esto,
que nunca pod' [8] auijr
d' aquel pichel encher d' agua
nen o mandado comprir
que ll' o hermitan [9] mandara;
et fillou-ss' a comedir
que Deus per ren non quería [10]
seus pecados perdõar;
Alí ú a p̃edença
do pecador uai minguar.....

---

final era, en el texto, una *o*, y fué convertida despues en *e* por medio de una raspadura. El verso estaba escrito primitivamente en esta forma:

et o non compr', é perdudo;

con lo cual el sentido parece claro y cabal. La raspadura indica la intencion de corregir el verso; aunque con esta correccion el sentido queda al parecer confuso é imperfecta la medida.

[1] En el texto se escribió primero *Mateeus*. Despues se corrigió, tachando la terminacion *us* y escribiéndola en abreviatura sobre la segunda *e*.

[2] Así en los dos códices (endereçar).

[3] Así el códice T. j. 1.—El texto:

quen a ama et serue,

resultando incompleta la mensura.

[4] T. j. 1.: o quell el mandaua.

[5] T. j. 1.: aquest oýu.

[6] T. j. 1.: muit.

[7] T. j. 1.: mas ela lle fogiu—y asi tambien (*fogiu*) en la estrofa siguiente.

[8] T. j. 1.: pud.

[9] T. j. 1.: *ermitan*,—y más adelante *ermitano*.

[10] T. j. 1.: querria.

Digitized by Google

Mas que por Santa María
podía auer perdon
se a seruiss' e posesse
en ela seu coraçon;
enton rogou-lle chorando,
des í pediú-lle por don
que aquele pichel d' agua
podesse chẽo leuar.
Alí ú a pẽedença
do pecador uai minguar.....

E dísse-lle:—Sennor, roga
a teu Fillo, se te praz,
que a mí fazer non queira
o que a beschas non faz
nen a aues.—Et aquesto
dizía chorand' assaz,
et a seu pichel catando
ouu' én duas a chorar
Alí ú a pẽedença
do pecador uai minguar..... [1]

Lágrimas dentro, et chẽo
foi o pichel d' essa uez;
et él, quando uiú aquesto,
atan alegre sse fez,
que ao ermitan foi logo
et diss':—A Sennor de prez,
Madre de Deus, me fez esto
por me de coita tirar,
Alí ú a pẽedença
do pecador uai minguar.....

Que de mias lágrimas duas
enchí tod' este pichel.—
Quando uiú o hermitano
este miragre tan bel,
loou muit' a Uírgen Santa,
de Deus Madr' Emanüel,
et fez per toda a terra
este miragre mostrar,
Alí ú a pẽedença
do pecador uai minguar.....

De que foi Santa María,
a Sennor espirital,
loada muito de todos,
que aos coitados ual
senpre nas [2] mui grandes coitas,
et ar guárda-os de mal.
Porén Deus muito cofonda
quen a non quiser loar.
Alí [3] *ú a pẽedença*
do pecador uai minguar,
acorre Santa María
a quen a sabe rogar. [4]

CLVI.

Este miragre fez Santa Maria en Cunnegro por un crérigo que cantaua mui ben as sas prosas a ssa loor, et prendéron-o ereges et talláron-ll' a lingua. [5]

A Madre do que de terra
primeir' ome foi fazer,
ben pod' a lingua tallada
fazer que possa crecer.

D' est' un mui marauilloso
miragre uos contarey
que fez, et mui pïadoso,
a Madre do alto Rei,
por un crérigo que foran
a furt' ereges prender
porque de Santa María
sempr' ýa loor dizer.
A Madre do que de terra
primeir' ome foi fazer.....

Poil-o ouueron fillado,
quiséran-o ý matar;
mais polo fazer penado
uiuer, fóron-lle talar [6]
a lingua ben na garganta,
cuidándo-o [7] cofonder
porque nunca máis da Uírgen
fosse loor compõer.
A Madre do que de terra [8]
primeir' ome foi fazer.....

[1] Falta el estribillo en este lugar del texto.
[2] T. j. 1.: senpr en as.—Este verso está escrito sobre raspado en los dos códices.
[3] T. j. 1.: *Ai.*
[4] Falta en el texto el estribillo, el cual debió escribirse en una linea que para el efecto quedó en claro entre la última estrofa y el epígrafe de la Cantiga siguiente.
[5] T. j. 1.: Esta é como santa maría fez crecer a lingua que tallaran a un crerigo uus ereges porque dizia muito ben dela.
[6] T. j. 1.: tallar.
[7] En el texto se escribió solamente *cuidando*. La segunda *o* se añadió posteriormente con pluma distinta.
[8] En el cód. T. j. 1. no se escribió la *A* inicial de este verso ni se dejó espacio para hacerlo.

Digitized by Google

Pois que ll' a lingua tallaron,
leixáron-o assí ýr;
et mui mal lle periogaron,
ca non podía pedir
nen cantar como cantára
da que Deus quiso nacer
por nós; et con esta coita
cuidaua o sen perder.
A Madre do que de terra
primeir' ome foi fazer.....

E o que máis graue ll' era,
que cuando oýa son
dizer dos que él dissera,
quebráua-ll' o coraçon
porque non podía nada
cantar, onde [1] gran prazer
ouuera muitas uegadas,
et filláua-ss' a gemer.
A Madre do que de terra
primeir' ome foi fazer.....

Él cuitad' assí andando,
un dia foi que chegou
a Cunnegro, et entrando
na eigreia, ascuitou
et oýú como cantauan
uésperas a gran lezer
da Úirgen santa Reýnna,
et quis con eles erger
A Madre do que de terra
primeir' ome foi fazer.....

Sa uoz; et ssa uoontade
et ssa punna ý meteu,
et log' a da gran bondade
fez que lingua lle naceu
toda noua et comprida
qual ánte soý' auer. [2]
Assí esta Úirgen madre
lle foi conprir seu querer.
A Madre do que de terra
primeir' ome foi fazer.....

Esto uíron muitas gentes
que estauan enton ý,
et meteron mui ben mentes
no miragre, com' oý;
et á Úirgen porén todos
filláron-ss' a bẽeizer,
et o crérigo na órden
dos monges se foi meter.
A Madre do que de terra
primeir' ome foi fazer,
ben pod' a lingua tallada
fazer que possa crecer. [3]

CLVII.

Como uuns romeus que ýan a Rocamador et pousaron en uun burgo, et a óspeda furtou-lles da farýnna que tragian. [4]

Deus por sa Madre castiga
a uegadas ben de chão
o que faz mal, et mui toste
por cla o cr faz são.

E d' aquest' un gran miragre
mostrou a uuns romeus
que a Rocamador ýan,
que de ssa Madr' [5] eran seus,
et pousaron en un burgo,
com' aprix', amigos meus;
mais a ssa óspeda [6] lles foi
mui máa de cabo são.
Deus por sa Madre castiga
a uegadas ben de chão.....

Ca ú eles lle compraron
mui ben quanto lles uendeu,
de farýnna que tragían
tal cobiiça lle creceu
de feijóos que fezeran
end', e un d' eles meteu
ý de bon queijo rezente,
ca est' era en verão.
Deus por sa Madre castiga
a uegadas ben de chão.....

---

[1] Así el códice T. j. 1.—El texto *ond*, con lo cual resulta una sílaba ménos en el verso.

[2] Así el códice T. j. 1.—El texto, equivocadamente, *saýduer* (saý' auer).

[3] Falta el estribillo en el cód. T. j. 1. por terminar la estrofa con la plana.

[4] T. j. 1.: Esta é dũus romeus que ýan á Rocamador et pousaron en un burgo, et furtoulles a ospeda da farýa que tragian.

[5] En el texto se escribió solamente *que ssa madr:* mas despues se intercaló sobre el renglon la preposicion *de*, escrita de distinta mano.

[6] En el cod. T. j. 1. se escribió primero: mas sa ospeda. El artículo *a*, omitido por olvido, se añadió despues con tinta más clara, fuera del pentagrama.—Las palabras anteriores *amigos meus mais* están en el texto escritas sobre raspado.

Digitized by Google

Ela con sabor d' aquesto
da farynna lles furtou,
et depois que ss' eles foron,
log' a fazer sse fillou
feijóos ben come eles;
mais o demo [1] a toruou;
que quis ende prouar uun,
mais non lle sayú en uão.
Deus por sa Madre castiga
a uegadas ben de chão.....

Ca ú meteu un cuitelo
no feijóo por prouar
a cóme [2] lle sabería,
pela boca a chantar [3]
foi ben até en as cachas
que o non pod' én tirar;
ca lle passou as queixadas
máis d' un palm' e hũa mão. [4]
Deus por sa Madre castiga
a uegadas ben de chão.....

Muitos meges ý uẽeron,
mais non poderon per ren
tira-ll' [5] ende o cuitelo
per arte nen per seu sen;
et ela, quando uiú esto,
a Rocamador foi-ss' én
rogar a Santa María,
ú acha todo crischão
Deus por sa Madre castiga
a uegadas ben de chão.....

Bõo et toda crischãa
que lle ben de coraçon
roga, mui gran pïadade.
Porénd' esta foi enton
ý muito chorando, [6]
et pois fez ssa confisson,
tirou-ll' un prest' o cuitelo,
ca non iá celorgião.
Deus por sa Madre castiga
a uegadas ben de chão.....

CLVIII

Tan tost' aqueste miragre
pela terra en redor
souberon, et deron todos
porén graças et loor
aa Uírgen groriosa,
Madre de nostro Sennor.
Et sabede do miragre
que non é muit' ancião.
Deus por sa Madre castiga
a uegadas ben de chão
o que faz mal, et mui toste
por ela o er faz são. [7]

CLVIII.

Esta é como Santa María sacou de prijon un caualeiro et mandou-lle que se fosse pera Rocamador. [8]

De muitas guisas los presos
solta a mui groriosa,
santa et Uírgen María:
tant' é con Deus poderosa.

E de tal razon uos quero
contar un mui gran miragre
que fez por un caualeiro
bõo d' armas et de mannas,
et en seruir un ric' ome
cug' era, [9] mui uerdadeiro;
et foi pres' en seu seruiço
et en cárcer teneurosa
o meteron, et en ferros,
como gente cobijçosa,
De muitas [10] *guisas los presos*
solta a mui groriosa.....

En tal que o espeytassen.
Mas aquel sennor cug' era
sobr' él mentes non paraua;
et ele con mui gran coita
sempre de noit' e de dia
Santa María chamaua
que acorrel-o uẽesse,

---

[1] T. j. 1.: mailo demo.
[2] T. j. 1.: a como.
[3] T. j. 1.: o chantar.
[4] T. j. 1.: mais dun palmen (palm' en) hũa mão.
[5] T. j. 1.: *tiralll.* En la primera de estas tres *lll* se ven señales de correccion, como si se hubiera tratado de convertirla en *r* para decir *tirarll.*
[6] T. j. 1.: ý et muito chorando.
[7] Faltan en el cód. T. j. 1. los estribillos correspondientes á esta estrofa y á la segunda de la Cantiga, las cuales terminan en fin de columna.
[8] T. j. 1.: Esta é dun caualeiro que foi preso por seu sénor et soltóó santa María.
[9] T. j. 1.: cui' era—y lo mismo más adelante.
[10] Así el códice T. j. 1.— El texto, equivocadamente, *mutas.*

Digitized by Google

como Sennor piadosa,
et que d' alí o tirasse
d' aquela priion noiosa.
De muitas guisas los presos
solta a mui groriosa.....

Él iazend' assí en ferros
et con esposas nas mãos
et cadẽa na garganta,
aqué uen Santa María,
a Madre de Ihesu-Cristo
que as prijões quebranta,
et en ll' as britar mui toste
non uos foi ý uagarosa;
et dísse-ll': «Érge-t' e uaý-te
d' aquesta priion astrosa.»
De muitas guisas los presos
solta a mui groriosa.....

Enton deitou-ll' as priiões
ao colo et sacó-o
ante tod' aquela gente
que o guardauan, et nunca,
pero que o ýr uijan,
non lle disseron nïente;
et tiró-o do castelo
et dísse-lle saborosa-
ment': «A Rocamador uai-te
et passa ben per Tolosa.»
De muitas guisas los presos
solta a mui groriosa..... [1]

E él moueu atan toste
et foi-sse quanto ss' ir pude
como ll' a santa Reýnna
mandara; mas do castelo
foron pos él caualeiros,
et él chegou muit' agýnna;
ca o non guiou a Úrgen
per carreira pedragosa
a Rocamador, sa casa,
mas per chãa et uiçosa.
De muitas guisas los presos
solta a mui groriosa.....

E pendorou [2] ý os ferros
logu' e [3] as outras priiões
que ao colo trouxera;
et contou ý ant' os monges
et ante todalas gentes
todo como ll' aũera
et como Santa María
en tiral-o aguçosa
fora; per que mui loada
foi porend' a preciosa.
De muitas guisas los presos
solta a mui groriosa
Santa et Úrgen María:
tant' é con Deus poderosa. [4]

CLIX.

Como [5] Santa María fez descobrir hũa posta de carne que furtaran a uuns romeus na uila de Rocamador.

Non sofre Santa María
de seeren perdidosos
os que as sas romarías
son de fazer desciosos.

E d' est' oýd' un miragre
de que uos quero falar,
que mostrou Santa María,
per com' eu oý contar,
a uuns romeus que foron
a Rocamador orar
como mui bõos crischãos
simplement' e omildosos.
Non soffre Santa María
de seeren perdidosos..... [6]

E pois entraron no burgo,
foron pousada fillar,
et mandaron comprar carne
et pan pera seu iantar
et uýnno; et entre tanto
foron aa Úrgen rogar

---

[1] Falta el estribillo en este lugar del texto. La estrofa llega al fin de la plana.
[2] T. j. 1.: pendurou.
[3] T. j. 1.: log e.
[4] En el cód. T. j. 1. se omitió el estribillo en este lugar por caer en fin de plana.
[5] T. j. 1.: Esta é de como.
[6] Falta el estribillo en este lugar del códice T. j. 1.—En el texto se escribieron únicamente las dos primeras palabras *Non soffre*, con las correspondientes notas musicales, con objeto de llenar el pentagrama.

Digitized by Google

que a seu Fillo rogasse
dos seus rogos pïadosos
Non soffre Santa María
de seeren perdidosos..... [1]

Por eles, et non catasse
de como foran errar,
mais [2] que d' él perdon ouuessen
de quanto foran peccar.
Et pois est' ouueron feito,
tornaron non de uagar
ú seu jantar tijnnan,
ond' eran cobijçosos.
Non soffre Santa María
de seeren perdidosos.....

E mandaran noue postas
meter, asse Deus m' anpar,
na ola, ca tantos eran;
mais, poil-as foron tirar,
acharon end' hũa menos
que a seruenta furtar
lles fora, et foron todos
porén iá quanto queixosos.
Non soffre Santa María
de seeren perdidosos.....

E buscaron pela casa
pola poderen achar,
chamando Santa María
que ll' a quisesse mostrar;
et oýron en un arca
a posta feridas dar,
et d' ir alá mui correndo
non uos foron uagarosos.
Non soffre Santa María
de seeren perdidosos.....

E fezeron log' a arca
abrir, et dentro catar
foron et uíron sa posta
d' acá et d' alá saltar; [3]
et saýron aa rua
muitas das gentes chamar
que uíron aquel miragre
que foi dos marauillosos
Non soffre Santa María
de sereen perdidosos.....

Que a Uírgen groriosa
fezess' en aquel logar.
Des í fillaron a posta
et fóron-a pendorar
per hũa corda de seda
ant' o seu santo altar,
loando Santa María
que faz miragres fremosos. [4]
Non soffre Santa María
de seeren perdidosos
os que as sas romarías
son de fazer deseiosos.

CLX.

Esta é de loor de Santa Maria. [5]

Quen bõa dona querrá
loar, lo' a que par non á,
Santa María.

E par nunca ll' achará,
pois que Madre de Deus foi iá.
Quen bõa dona querrá..... [6]

Pois Madre de Deus foi iá
et uírgen foi et seerá. [7]
Quen bona [8] *dona querrá.....*

E uírgen foi et seerá;
porende cabo d' él está.
Quen bõa dona querrá.....

---

[1] En el cód. T. j. 1. se omitió el estribillo en este lugar y al final de la Cantiga, por terminar las estrofas correspondientes en fin de columna.

[2] T. j. 1.: mas.

[3] Así en el cód. T. j. 1.—El texto, equivocadamente, *sartar*.

[4] Este verso está escrito en el texto sobre raspado.

[5] Así el cód. T. j. 1.—En el texto se omitió el epígrafe de esta Cantiga. El espacio en que debió escribirse lo ocupa la miniatura con que encabezan todas las Cantigas decenales.

[6] Las palabras *Quen bõa dona*, que son las únicas que de este verso se hallan escritas en el texto, lo están sobre raspado de otras que acaso serian *Santa María*. Estas son las que en el códice T. j. 1. se repiten, escritas con tinta roja, despues de cada estancia de dos versos, en lugar del estribillo *Quen bõa dona*, que el copiante del texto adoptó en esta Cantiga.

[7] T. j. 1.: será—y lo mismo despues en la repeticion de este verso.

[8] Así en el texto, en lugar de *bõa*, que es la forma en que comunmente se halla escrita esta palabra. Lo mismo sucede en las estrofas 5.ª y 6.ª

Digitized by Google

Porén [1] cabo d' él está
ú sempre por nós rogará.
Quen bõa dona querrá.....

Ú por nós lle rogará
et d' él perdon nos gannará.
Quen bona dona querrá.....

E perdon nos gannará
et ao demo uencerá.
Quen bona dona querrá.....

E o demo uencerá
et nos consigo leuará. [2]

CLXI.

Como uun ome de Moriella que ameude ýa a Santa Maria de Salas et tragia Sa Magestade, uiú uijr nuueado, et pos' a Magestade na sa uinna et non firiú ý a pedra et todalas outras foron apedreadas en derredor. [3]

Poder á Santa María,
a Sennor de piadade,
de defender toda terra
de mal et de tempestade.

En Aragon, en Moriella,
un om' assaz pobr' auía
que aa Uírgen de Salas
muit' amëud' alá ýa,
et por ser [4] de mal guardado
seu sinal sigo tragía
en que era figurada [5]
mui ben a ssa Maiestade. [6]
Poder á Santa María,
a Sennor de piadade..... [7]

Est' auía hũa uýnna
que máis d' outra ren amaua,
et pero grande non era,
d' aquesta se gouernaua
et ssa moller et seus fillos
et vestía et calçaua;
ca outr' auer non auía
no mundo, nen outr' erdade.
Poder á Santa María,
a Sennor de piadade.....

Ond' auẽo en Agosto
un dia que nuuẽado
se leuantou muit' escuro
et con toruon mesturado,
et uijnna mui correndo,
ond' él foi muit' espantado
et diss':—¡Aý, Santa María!
a mia uýnna me guardade.
Poder á Santa María,
a Sennor de piadade..... [8]

E pero que mýnna digo,
ánte tenno que é uossa,
macar eu et mia conpanna
a lauremos come nossa:
pois guardáde-mi-a de pedra
que lle mal fazer non possa,
et filláde-a póis toda
ou se quer a mẽadade.—
Poder á Santa María,
a Sennor de piadade.....

Dizend' esto, a omágen
foi põer en o meogo
de ssa uinna, et a pedra
feriú mui de rrijo logo
en todalas outras uinnas;
mais [9] na sua, polo rogo
que fez a Santa María,
non tangeu par caridade.
Poder á Santa María,
a Sennor de piadade.....

Aýnda foi maýor cousa,
que xermentos que passauan
d' aquela uýnna nas outras

---

[1] T. j. 1.: Por ende.

[2] As. el texto, omitiendo el estribillo.—El cód. T. j. 1.: *Santa María*, como en el final de cada estancia.

[3] Como Santa María guardou a uýnna do ome bóo que non feriss ý a pedra pola omage de santa María que tijnna.

[4] T. j. 1.: seer.—En el texto se escribio *seér:* pero advertido el yerro, se señaló con un punto la segunda *e* para suprimirla. Igual señal, aunque poco marcada, se advierte en el T. j. 1.

[5] T. j. 1.: fegurada.

[6] En el cod. T. j. 1. se escribió: mui ben sa maiestade.—El artículo *a* fué añadido despues con pluma y tinta diferentes.

[7] Omitese el estribillo en el códice T. j. 1. despues de esta estrofa y de la última de la Cantiga, por caer ambas en fin de columna.

[8] T. j. 1.: mas.

Digitized by Google

et con eles sse iuntauan,
as pedras todos britaron;
mas en aquestes [1] non dauan
du a omágen estaua;
esto creed' en uerdade.
Poder á Santa María,
a Sennor de piadade.....

As uỳnnas en redor d' esta
todas foron destroidas;
mas esta non prendeu dano,
porque foron ben oỳdas
da Uírgen as oraçõ̃es
d' aquest' ome, que fez idas
per muitas uezes a Salas
en ỳuern' e en estade.
Poder á Santa María,
a Sennor de piadade.....

E porén loar deuemos
a Madre do groriöso
Rei que fez este miragre
por ela atan fremoso;
per que cada uun deue
a seer mui desceioso
d' auer a sua mercée
en que iaz toda bondade.
Poder á Santa María,
a Sennor de piadade,
de defender toda terra
de mal et de tempestade.

CLXII.

Como [2] Santa Maria fez a sa omágen, [3] que mudaran d' un altar a outro, que sse tornass' [4] a seu logar onde a tolleran.

A sas figuras muit' onrrar
deuemos da Uírgen seu par.

Ca en onrral-as dereit' é
et en lles auermos gran deuoçon,
non iá por elas, á la fé,
mas pola figura da en que son:
et sol non deuemos probar
de as trager mal nen uiltar.
A sas figuras muit' onrrar.....

E d' aquesto uos contareỳ
ora un mui gran miragre que fez
en Canete, [5] per com' acheỳ
en uerdad', [6] esta Sennor de gran prez
d' ũa omágen que comprar
foi un caualeir' e ý dar
A sas figuras muit' onrrar.....

Na ssa eigreia, que está
fóra da vila, cabo do portal, [7]
en que grandes uertudes á
que faz esta Sennor espirital.
Porend' os gẽollos ficar
foi, et póse-a [8] no maỳor altar,
A sas figuras muit' onrrar.....

Ú esteue gran temp' assí,
et Deus por ela miragres mostrou [9],
ta que un bispo vẽo ý
de Conca, que a toller én mandou
et põel' en outro logar [10]
porque a non uiú de bon semellar.
A sas [11] *figuras muit' onrrar.....*

Ao crérigo capelan
mandou o bispo aquesto fazer,
et ele logo manaman
foi a omágen do altar toller;
mas [12] en outro dia achar
a foi ú x' ánte soỳa estar.
A sas figuras muit' onrrar.....

Quando o crérig' esto uỳú,
cuidou a pran que o fezer' alguén,
et por aquesto comediú
que a omágen tornasse porén
ú ll' o bispo fora mandar
et a eigreia fosse ben serrar.
A sas figuras muit' onrrar.....

---

[1] T. j. 1.: aqueles.
[2] T. j. 1.: Esta é como.—*Tol.:* Esta .vi.ª (del apéndice) é como.
[3] T. j. 1. y *Tol.:* fez que a sua omagen.
[4] Así en los códices T. j. 1. y *Tol.*—El texto, equivocadamente: que se tor tornass.
[5] T. j. 1.: y *Tol.:* Cannete.
[6] *Tol.:* en uerdat.
[7] *Tol.:* cabo dun portal.
[8] *Tol.:* et puse a.
[9] Este verso está escrito sobre raspado en los dos códices escurialenses. Tambien lo está en el T. j. 1. el último verso de esta misma estrofa.
[10] *Tol.:* lugar.
[11] T. j. 1.: *As sas*, y lo mismo despues de la estrofa siguiente.—*Tol.: As sas* en las estrofas restantes hasta el fin de la Cantiga.
[12] *Tol.:* mais.

Digitized by Google

E ar fez come sabedor
et leuou a chaue, et pela luz
tornou ý quando o aluor
parecía, et achou ant' a cruz
a omágen et amostrar
a foi a quantos ss' í foran iuntar
A sas figuras muit' ourrar.....

Enton polas missas oýr.
Et todos deron loor end' a Deus
et a ela que sen falir
mostra alí grandes miragres seus,
por que a vẽen [1] aorar
muitas gentes et do seu ofertar.
A sas figuras muit' ourrar
daremos da Uírgen sen par. [2]

CLXIII.

Como uun ome d' Osca que iogaua os dados et descreu en Santa María et perdeu logo a fala, et foi a Santa María de Salas en romaria et cobró-a. [3]

Pode por Santa María
o máo perdel-a fala,
et ar se sse ben repente, [4]
per ela pode cobral-a.

E d' esto fez un miragre
a Uírgen Santa María
mui grand' en Osca, d' un ome
que en a tafuraría
iogara muito os dados
et perdera quant' auía:
porén descreeu na Uírgen,
que sol non quis receal-a.
Pode por Santa María
o máo perder a fala.....

Tanto que est' ouue dito,
foi de seu corpo tolleito
polo gran mal que dissera,
et, par Deus, foi gran dereito,
et logo perdeu a fala,
ca Deus ouue d' él despeito,
que ll' a tolleu a desora
como se dissesse: «Cala.»
Pode por Santa María
o máo perder a fala..... [5]

Assí esteue gran tempo
que d' alí non se mudaua,
et a cousa que quería
per sinaes a mostraua;
et d' esta guisa a Salas
d' alí leuar sse mandaua
et deu-ll' a lingua tal soon
como fogo que estala.
Pode por Santa María
o máo perder a fala.....

E catando a omágen,
chorou muit', e falou logo
et diss':—¡Ai, Santa María!
que me perdões te rogo;
et des aquí adeante,
se nunca os dados iogo,
a mia lingua seia presa
que nunca queras soltal-a.
Pode por Santa María
o máo perder a fala.....

Logo que est' ouue dito,
foi de todo mui ben são,
et quantos aquesto uíron
loaron porén de chão
a Uírgen Santa María;
et aquel foi bon crischão,
et des alí adeante
punnou senpre en loal-a.
Pode por Santa María
o máo perder a fala,
et ar se sse ben repente,
per ela pode cobral-a. [6]

---

[1] *Tol.*: ueen.

[2] Falta en el texto el estribillo final.

[3] T. j. 1.: Esta é com un ome de Osca que iogaua os dados et descreeu en santa maria et perdeu logo a fala, et foi a santa maria de Salas en Romaria et cobroua et morreu a cabo dun mes.

Puede aplicarse al imperfecto sentido de este epígrafe en ambos códices, la observacion hecha en el Sumario al de la Cantiga XLIV.

[4] T. j. 1.: se sse ben repentir.—Esta leccion daña a la medida del verso.

[5] Tanto en el texto como en el T. j. 1. no se repite en toda la Cantiga mas que el primer verso del estribillo. El texto, sin embargo, tiene los dos al final de la estrofa primera en donde se lee *perder a fala*: y de esta manera se ha repetido en las demás estrofas.

[6] Omítese el estribillo en este lugar del cód. T. j. 1. por falta de espacio en la plana.

Digitized by Google

CLXIIII.

Como a omage [1] de Santa Maria de Salas deu uun braado, et tremeu a terra, [2] por un prior da eigreia que fez tirar a forcia do sagrado Don Fernando, abade de Mont-aragon.

Como deue dos crischãos
seer a Uírgen onrrada, [3]
outrossí ar deue d' eles
seer en todo guardada.

E d' esto mostrou en Salas
a Uírgen, por un prior
que ý era, gran miragre,
porque sempre seruidor
d' ela fora; et porende
lle fezo tan grand' amor,
que do mal que lle fezeron
mostrou-ss' én por despagada.
Como deue dos crischãos
seer a Uírgen onrrada.....

Este monge acusado
fora aquela sazon
de mandar fazer mõeda; [4]
et por aquesta razon
fez-lo prender o Ifante
que foi de Mont-aragon
abade et que a terra
tijnna acomendada [5]
Como deue dos crischãos
seer a Uírgen onrrada.....

De mão del rei Don James,
et que iustiça [6] fazer
deuía. Porend' o monge
mandou tan toste prender:
et él foi-ss' aa eigreia,
cuidando ý guarecer,
creendo en toda guisa
que non sería britada.
Como deue dos crischãos
seer a Uírgen onrrada.....

CLXIV

Mas aquel Ifant' [7] abade
fez-lo de fóra chamar;
et pois que sayú a ele,
mandó-o ben recadar,
et assí o fez per força
do cimiteiro [8] tirar;
ond' a omágen da Uírgen
foi d' aquesto tan yrada,
Como deue dos crischãos
seer a Uírgen onrrada.....

Que deu hũa uoz tan grande,
que quantos estauan ý
o oýron; et a terra
tremeu, segund' aprendí,
et a omágen tan toste
redrou seu Fillo de ssí,
et perdeu ssa fremosura
et tornou descoorada,
Como deue dos crischãos
seer a Uírgen onrrada.....

Outrossí a de seu Fillo;
tan gran pesar én mostrou.
Quand' [9] esto soub' o Ifante,
o monge tornar mandou,
et él con todos seus omes
en a eigreia entrou
con sogas en as gargantas;
tal emenda ouue dada.
Como deue dos crischãos
seer a Uírgen onrrada.....

O bispo d' Osca ý uẽo
que teu' o feito por mal
et fez fazel-a enmenda;
et a omágen sen ál
chegou log' a ssí seu Fillo,
et esto foi gran sinal
que o feito perdõara; [10]
pero non ouue cobrada
Como deue dos crischãos
seer a Uírgen onrrada.....

---

1 T. j. 1.: Esta é como a omagen.
2 Hasta aquí en el códice T. j. 1., omitiendo el resto del epígrafe.
3 T. j. 1.: onrada.
4 T. j. 1.: moeda.
5 T. j. 1.: encomendada.
6 T. j. 1.: jostiça.
7 T. j. 1.: jnfant.
8 Así el códice T. j. 1.—El texto, equivocadamente, *cimitero*.
9 Así el cód. T. j. 1.—El texto *quad* por *quãd*.
10 T. j. 1.: perdoara.

Digitized by Google

Sa coor com' ánt' auía,
polo mal que recebeu,
et assí estede sempre;
et per esto s' entendeu
quanto ll' o feito pesara,
ca nunca ll' esclareceu
sa coor, nen de seu Fillo,
ben des aquela uegada.
Como deue dos crischãos
seer a Uirgen onrrada.....

Enton todas essas gentes
que alí foran uijr
por ueeren tal miragre, [1]
loaron a que falir
nunca quer aos coitados
nen dos seus se quer partir;
et foi des í adeante
sa eigreia máis dultada.
Como deue dos crischãos
seer a Uirgen onrrada,
outrossí ar deue d' eles
seer en todo guardada. [2]

CLXV.

Como Santa María de Tortosa d' Ultramar defendeu a vila do Soldan. [3]

Niun poder d' este mundo
de gente nada non ual
contra o poder da Uirgen,
ca x' é tod' espirital. [4]

En Ultramar d' est' auẽo
miragre grand' e mui bel
que mostrou Santa María,
Madre de Deus Manüel,
a un Soldan poderoso
porque era mui cruel,
et porend' aos crischãos
desamaua máis que ál.
Niun poder d' este mundo..... [5]

A este Soldan chamauan
per seu nome Bondoudar,
que Egito et a Lapa
auía a seu mandar
et Domas et a Camela;
et porende guerreiar
quería sempr' a crischãos
et fazer-lles muito mal.
Niun poder d' este mundo
de gente nada non ual.....

Este seus omes tragía
con crischãos toda uez
por saber máis sa fazend', é
un d' eles saber lle fez
que sse fillasse Tortosa
gannaría ý gran prez:
demáis quen ll' a defendesse
non auía tal nen qual.
Niun poder d' este mundo
de gente nada non ual.....

Log' o Soldan con grand' oste
moueu quand' aquest' oýú
et mui preto de Tortosa
en un outeiro sobiú, [6]
et parou mentes na uila
et tan pouca gent' ý uiú,
que teue que aquel mouro
non lle fora mentiral.
Niun poder d' este mundo
de gente nada non ual.....

Quand' a gente de Tortosa
uíron atan gran poder
de mouros uijr sobr' eles,

[1] T. j. 1.: por ueer tal miragre,
con lo cual resulta incompleta la medida del verso.

[2] En el códice T. j. 1. termina la última estrofa con la plana, por lo cual se omitió el estribillo.

[3] T. j. 1.: Esta é como santa Maria defendeu hua uila que chaman Tortosa en Vltramar dun Soldan que a queria fillar.

[4] T. j. 1.: esperital.

[5] El segundo verso dice así en el texto:

deste mundo de gente.

Esta notable equivocacion hubo de pasar inadvertida para el amanuense, pues no señaló las palabras repetidas, ni hizo al margen la acostumbrada señal de correccion.—En el códice T. j. 1. se escribieron solamente las dos primeras palabras del estribillo, *Niun poder*, y sobre ellas las notas musicales, con objeto de llenar el pentagrama.

[6] Así el cod. T. j. 1.—El copiante del texto escribió *eschaos*, omitiendo el signo de abreviatura sobre la *c*.

[7] Así está escrito este verso en la Cantiga CCCXCV, que es repeticion de esta.—En el texto y en el T. j. 1. se escribió equivocadamente:

en outeiro sobýu,

con lo cual resulta imperfecto el verso.

Digitized by Google

CLXV

cuidaron mortos seer;
et fóron-ss' aa eigreia
sas orações fazer,
dizend': «¡Ai, Santa María!
«pois ta mercée non fal
Nïun poder d' este mundo
de gente nada non ual.....

»A quantos que a demandan, [1]
»uel a nós que somos teus,
»guárda-nos que non caiamos
»en poder d' estes encreus
»que per nulla ren non creen
»que tú es Madre de Deus;
»et porend' en este feito
»mostra algun gran sinal.»
Nïun poder d' este mundo
de gente nada non ual.....

Pois ssa oraçon fezeron,
per quant' end' eu aprendí,
contáron-se quántos eran,
mais poucos s' acharon ý.
Enton a mui grandes uozes
todos disseron assí:
—Sennor, se nos non acorres,
preit' é mui descomunal.—
Nïun poder d' este mundo
de gente nada non ual.....

O Soldan log' outro dia
sas gentes armar mandou
pera fillaren a vila
mas non foi com' él cuidou;
ca pois sse chegou a ela,
tal gente lle semellou
que estaua alá dentro,
que non ficaua portal
Nïun poder d' este mundo
de gente nada non ual.....

Nen torre nen baruacãa
nen muro, per nulla ren,
ú gente muita non fosse
armados todos mui ben.
Quando uiú o Soldan esto,
téue-sse por de mal sen
et chamou porend' o mouro:
—Máo, falsso, mentiral,
Nïun poder d' este mundo
de gente nada non ual.....

Dí, ¿et por qué me feziste
con mia ost' aqui uïjr,
dizendo que esta uila
non sse podía bastir
d' omes d' armas, de maneira
que me podesse guarir,
et eu véio-a bastida
como non uí outra tal?—
Nïun poder d' este mundo
de gente nada non ual..... [2]

O mouro, con mui gran medo,
lle respos' esta razon:
—Sennor, quanto uos eu dixe
uerdad' este et al non; [3]
mas tod' estes caualeiros [4]
uedes que dos cëos son;
ca chus brancos son et craros
que é neue nen cristal.—
Nïun poder d' este mundo
de gente nada non ual.....

Enton o Soldan lle disse:
—Et qué buscaron acá?—
Diss' o mouro:—Per mandado
da Uírgen Madre d' Içá
uëeron, que un eigreia
dentro en a uila á,
que está preto dos muros
da parte do arcal.—
Nïun poder d' este mundo
de gente nada non ual.....

O Soldan diss' ao mouro:
—En o alcoran achey
que Santa María vírgen

---

[1] Así el cód. T. j. 1.—En el texto se omitió la señal de abreviatura, escribiendo *demadan*.
[2] Falta en este lugar del texto el estribillo, porque la estrofa á que corresponde termina en fin de columna.
[3] Así este verso en la repeticion de la Cantigá.—En el texto y en el cód. T. j. 1. resulta incompleta la medida de él, por haberse escrito: verdad' é al non.
[4] Así en el cód. T. j. 1., y es la forma en que, por lo comun, se halla escrita esta voz.—El texto, equivocadamente, *caualleros*.

Digitized by Google

foi sempr', e pois esto seÿ, [1]
guerra per nulla maneira
con ela non fillareÿ,
et d' aquí me torno logo,
et fas tangel-o tabal.—
Niun poder d' este mundo
de gente nada non ual.....

E quand' aquest' ouue dito,
foi-sse logo manaman;
et d' esta guisa sa uila
guardou a do bon talan;
mas ánte que ss' én partisse
deu ý grand' alg' o Soldan
por amor da Uírgen Santa,
Rëÿnna celestial.
Niun poder d' este mundo
de gente nada non ual
contra o poder da Uírgen,
ca x' é tod' espirital.

CLXVI.

Esta como (*sic*) Santa María guareceu un ome que era tolleito do corpo et dos nenbros, na sa eigreia en Salas. [2]

Como poden per sas culpas
os omes [3] *seer contreitos,*
assí poden pela Uírgen
depois seer sãos feitos.

Ond' auẽo a un ome,
por pecados que fezera,
que foi tolleito dos nenbros
d' ũa door que ouuera,
et durou assí cinc' anos
que mouer-se non podera:
assí auía os nenbros
todos do corpo maltreitos.
Como poden per sas culpas
os omes seer contreitos.....

Con esta enfermidade
atan grande que auía,
prometeu que, se guarisse,
a Salas logo iría
et hũa liura de cera
cad' ano ll' oferería;
et atan toste foi são,
que non ouu' ý outros preitos, [4]
Como poden per sas culpas
os omes seer contreitos.....

E foi-sse logo a Salas,
que sol non tardou nïente,
et leuou sigo a liura
da cera de bõa mente;
et ýa muý ledo, como
quen sse sen niun mal sente,
pero tan gran tenp' ouuera
os pes d' andar desafeitos.
Como poden per sas culpas
os omes seer contreitos.....

D' aquest' a Santa María
deron graças et loores,
porque liura os doentes
de máes et de doores,
et demáis está rogando
senpre por nós pecadores;
et poren deuemos todos
sempre seer seus sogeitos.
Como poden per sas culpas
os omes seer contreitos,
assí poden pela Uírgen
depois seer sãos feitos.

CLXVII.

Esta é como hũa moura leuou [5] seu fillo morto a Santa María de Salas, et resucitou-ll'-o.

Quen quer que na Uírgen fía
et a roga de femença,
ualer-ll'-á, pero que seia
d' outra lée [6] *en creença.*

D' esta razon fez miragre

---

[1] Así el cód. T. j. 1.—El texto:

que santa María uirgen fora
sempr e pois esto seÿ.

Aquí resulta imperfecta la medida de los dos versos.

[2] El copiante del texto comenzó á escribir al final de la plana el epígrafe en esta forma: Esta é como un ome foi tolleito do corpo et dos nenbros.—Despues lo escribió en la forma que se ve, al principio de la plana siguiente (fólio 159 vuelto). = En el cód. T. j. 1. dice así el epígrafe: Esta é como un ome foi tolleito do corpo et dos nenbros por enfermidade que ouuera, et fez se leuar a Santa María de Salas, et un dia Sabado foi logo são.

[3] T. j. 1.: omees.

[4] T. j. 1.: que non ouu outros preitos.

[5] T. j. 1.: Esta é como hua moura de Borja leuou.—Así tambien pensó escribir el copiante del texto, pues se ve la preposicion *de* á medio raspar, tal vez porque, distraido, puso en seguida de ella el verbo *leuou*, olvidando la palabra *Borja*.

[6] T. j. 1.: lei.

Digitized by Google

Santa María fremoso,
de Salas, por hũa moura
de Borja, [1] et pïadoso;
ca un fillo que auía,
que criaua mui uiçoso,
lle morrera mui coitado
d' ũa muẏ [2] forte doença.
Quen quer que na Uírgen fía
et a roga de femença.....

Ela, con coita do fillo,
qué fezesse non sabía,
et uiú cómo as crischãas
ẏan a Santa María
de Salas, et dos miragres
oẏú que ela fazía,
et de fiar-sse na Uírgen
fillou mui grand' atreuença.
Quen quer que na Uírgen fía
et a roga de femença.....

E comendou-ll' o menẏnno
et guisou ssa offerenda;
mais las mouras sobr' aquesto
lle dauan mui gran contenda;
mais [3] ela lles diss':—Amigas,
se Deus me de mal defenda,
a mia esperança creo
que uossa perfía uença.
Quen quer que na Uírgen fía
et a roga de femença.....

Ca eu leuarei meu fillo
a Salas d' esta uegada
con ssa omágen de cera
que iá lle tenno conprada;
et velarei na eigreia
da mui benauenturada
Santa María, et tenno
que de mia coita se sença.—
Quen quer que na Uírgen fía
et a roga de femença.....

E moueu et foi-sse logo,
que non quis tardar nïente,
et leuou seu fillo morto
marauillando-ss' a gente;
et pois que chegou a Salas,
diss' aa Uírgen:—Se non mente
ta lée, dá-me meu fillo
et fareẏ tig' aueença.— [4]
Quen quer que na Uírgen fía
et a roga de femença.....

Hũa noite tod' enteira
uelou assí a mesquẏnna;
mas ¿qué fez Santa María
a pïadosa Reẏnna?
ressucitou-lle seu fillo,
et esto foi muit' agẏnna;
ca a ssa mui gran uertude
passa per toda sabença.
Quen quer que na Uírgen fía
et a roga de femença.....

Quand' aquesto uiú a moura
ouu' én marauilla fera;
ca iá tres dias auía
que o fillo mort' ouuera:
et tornou logo crischãa,
pois uiú que ll' o uiuo dera
Santa María, et sempre
a ouu' en gran reuerença.
Quen quer que na Uírgen fía
et a roga de femença,
ualer-ll'-á, pero que scia
d' outra lée en creença. [5]

CLXVIII.

Esta é d' un miragre que fez Santa Maria de Salas por hũa moller de Lérida que lle morreron seus fillos, et o postremeiro ressucitou-ll' o Santa Maria, que auía tres dias que era morto. [6]

En todo logar á poder
a Uírgen a quen quer ualer.

Seu fillo, Deus et om' e Reẏ,
poder lle deu, qual uos direẏ,

[1] T. j. 1.: de boria.
[2] El adverbio *muẏ* se escribió posteriormente en el texto, intercalándolo sobre el renglon con pluma más delgada.
[3] T. j. 1.: mas.
[4] T. j. 1.: aueença.
[5] Tanto en el texto como en el T. j. 1. se omitió el estribillo en este lugar.
[6] T. j. 1.: Esta é como hũa bõa moller de Lérida tijnna seu fillo morto nos braços, et ergeu o en alti contra Salas et resucitóó Santa Maria.

Digitized by Google

Digitized by Google

CXIX

Digitized by Google

...nar, cromolit.

Lit de J.M. Mateu, Calle de Recoletos, 4. Madrid.

Digitized by Google

Digitized by Google

de fazer sempre ben, et sei
que non lle fal end' o querer.
En todo logar á poder.....

De saber tan sabedor é,
que ben du con seu Fillo sé
d' alí mostra, per bõa fé,
que mui longe uai seu saber.
En todo logar á poder.....

E d' est' en Lérida mostrou
un miragre que mi contou [1]
un crérigo que o achou
escrito et mi-o foi trager.
En todo logar á poder.....

E o miragre foi assý:
Hũa moller moraua ý
que seus fillos, [2] com' aprendí,
en pouco tenpo foi perder.
En todo logar á poder.....

Do postremeiro que morreu
tan gran coita d' ele prendeu,
que a poucas ensandeceu;
et fillou-ss' assí a dizer:
En todo logar á poder.....

—¡Ai, Madre de nostro Sennor!
pero eu soon pecador,
dá-m' este meu fillo menor
viuo, se te iaz en prazer.
En todo logar á poder.....

E dous dias o teu' enton [3]
chorando mui de coraçon,
rogando con gran deuoçon,
atendendo seu ben fazer.
En todo logar á poder.....

E pois uiú que non resurgiú,
en un eirado o sobiú,
et contra Salas comediú
que o ýría alt' erger.
En todo logar á poder.....

E tan toste assí o fez,
et a Rẽýnna de gran prez
ressucitou-ll'-o d' essa uez
et fez-ll'-o nos braços [4] uiuer.
En todo logar á poder.....

E log' a moller sen tardar
foý-o aas gentes mostrar,
et começaron a loar
a Uírgen et a bẽeizer.
En todo logar á poder
a Uírgen a quen quer ualer. [5]

CLXIX.

Esta é d' un miragre que fezo Santa Maria por hũa sa eigreia que é en a arreixaca de Murça, de como foron mouros acordados de a destroir et nunca o acabaron. [6]

A que por nos saluar
fezo Deus madr' e filla,
se sse de nós onrrar
quer, non é marauilla.

E d' aquest' un miragre
direi, grande, que uí
desque mi Deus deu Murça,
et oý outrossí
dizer a muitos mouros
que morauan ánt' ý
et tijnnan a terra
por nossa pecadilla,
A que por nos saluar
fezo Deus madr' e filla.....

D' ũa eigrei' antiga,
de que sempr' acordar
s' ýan, que alí fora
da Rẽýnna sen par

---

[1] T. j. 1.: me contou.
[2] T. j. 1.: que seis fillos.
[3] Así el cód. T. j. 1.—El texto: *teueron*, lo cual es yerro evidente del amanuense. No conviene el verbo en plural, ni al sentido, pues se refiere á la madre, ni á la rima de los dos versos que le siguen.
[4] T. j. 1.: bracos (*sic*).
[5] El copiante del texto omitió el estribillo en este lugar, aunque para escribirlo dejó el conveniente espacio entre la última estrofa y el epígrafe de la Cantiga siguiente.
[6] T. j. 1.: Esta é como santa maria guardou hũa ssa eigreia que é ena Arreixaca de Murça que os mouros quiseran destroýr et non poderon.

Digitized by Google

dentro na arreixaca, [1]
et ýan ý orar
genöeses, pisãos
et outros de Cezilla. [2]
A que por nos saluar
fezo [3] *Deus madr' e filla.....*

E dauan sas ofertas,
et se de coraçon
aa Vírgen rogauan,
logo sa oraçon
d' eles era oýda
et sempre d' oqueijon
et de mal os guardaua;
ca o que ela filla
A que por nos saluar
fezo Deus madr' e filla.....

Por guardar é guardado.
Et porende poder
non ouueron os mouros
per ren de mal fazer
en aquel logar santo
nen de o én toller,
macar que x' o tijnnan
ensserrad' en sa pilla.
A que por nos saluar
fezo Deus madr' e filla.....

E pero muitas uezes
me rogauan porén
que o fazer mandasse,
mostrando-mi que ben
era que o fezesse;
depois per nulla ren,
macar ll' o acordaron, [4]
non ualeu hũa billa.
A que por nos saluar
fezo Deus madr' e filla.....

E depois a gran tempo
auẽo outra vez,
quand' el rei d' Aragon,
Don James de gran prez,
a eigreia da Sée
da gran mezquita fez,
quando ss' alçaron mouros
des Murç' ata Seuilla; [5]
A que por nos saluar
fezo Deus madr' e filla.....

Que enton á Aliama
lle vẽeron pedir
que aquela eigreia
fezess' én destroir
que n' arraixaca era;
et macar consentir
o foi él, non poderon
nen tanger en crauilla.
A que por nos saluar [6]
fezo Deus madr' e filla.....

Depós [7] aquest' auẽo
que fuí a Murça eu,
et o máis d' arreixaca
a Aliama mi deu
que tolless' a eigreia
d' ontr' eles; mas [8] mui greu
me foi, ca era toda
de nouo pintadilla.
A que por nos saluar
fezo Deus madr' e filla.....

Porén muit' a enuidos
enton ll' o outorguei,
et toda a Aliama
foi ao mouro Rei
que o fazer mandasse;
mas diss' él:—Non farei;
ca os que Mariame
desama mal os trilla.
A que por nos saluar
fezo Deus madr' e filla.....

Depois, quand' Aboýuçaf,
o sennor de Çalé,
passou con mui gran gente,
aquesto verdad' é

---

[1] T. j. 1.: arrexaca.
[2] T. j. 1.: Cecillia.
[3] T. j. 1.: *fez*. Es yerro evidente.
[4] T. j. 1.: *outorgaron*, escrito sobre raspado.
[5] T. j. 1.: de Murç e de Seuilla.
[6] En el códice T. j. 1. se escribió:
Aque nos saluar.
La palabra *por* se intercaló despues sobre el renglon.
[7] T. j. 1.: Depois.
[8] T. j. 1.: mais.

Digitized by Google

que cuidaron os mouros,
por eixalçar ssa fé,
gannar Murça per arte;
mais sa falss' armadilla
A que por nos saluar
fezo Deus madr' e filla.....

Desfez a Uírgen santa
que os ende sacou,
que en a arraixaca
poucos d' eles leixou;
et a sua eigreia
assí d' eles liurou;
ca os que mal quer ela
ben assí os eixilla.
A que por nos saluar
fezo Deus madr' e filla.....

E porend' a eigreia
sua quita e iá,
que nunca Mafomete
poder ý auerá;
ca a conquereu ela,
et demáis conquerrá
Espanna et Marrocos
et Ceta et Arcilla.
A que por nos saluar
fezo Deus madr' e filla,
se sse de nós ourrar
quer, non é marauilla. [1]

CLXX.

Esta é de loor. [2]

Loar deuemos a que sempre faz
ben et en que toda mesura iaz.

Esta é Madre de nostro Sennor,
Santa María, que sempr' é mellor;
porén lle deuemos a dar loor
et non a podemos loar assaz.
Loar deuemos a que sempre faz..... [3]

Ca ¿en quál guisa podemos loar
muit' a aquela que nos foi mostrar
a Deus en carne, et nos fez saluar
et nos meteu dos santos en ssa az?
Loar deuemos a que sempre faz.....

Par Deus, loada mui de coraçon
deue seer dos que no mundo son;
ca uuns faz saluar, outros perdon
gaannan, [4] et o mundo met' en paz.
Loar deuemos a que sempre faz.....

Loada deue seer máis d' outra ren
a que tolle mal senpr' e trage ben
et por nós roga et que nos manten
et nos defende do demo maluaz.
Loar deuemos a que sempre faz.....

De mí uos digo que a loarei
mentre for uiuo, et sempre direi
ben dos seus bẽes; ca de certo sei
que pois morrer' que uerei a sa faz.
Loar deuemos a que sempre faz
ben et en que toda mesura iaz.

CLXXI.

Como [5] hoa moller de Pedra-Salze ýa con seu marido a Salas, et perderon un filio pequeno en un rio, e foron a Salas et acharon-o uiuo ant' o altar.

Santa María grandes faz
miragres et saborosos,
et guarda ũos que lle praz
de seeren perdidosos.

E d' esto uos quero contar
un gran miragre que oý
que fez a Rẽynna sen par
en Salas, et faz muitos ý
pera as gentes adurer
que seian muit' aguçosos

---

[1] T. j. 1.: *sesse de nos onrrar quer*
esto non é marauilla.

En el texto se escribió solamente el primer verso del estribillo, como al final de todas las estrofas.

[2] Así en el cód. T. j. 1. En el texto no se escribió el epígrafe de esta Cantiga, ni quedó espacio donde escribirlo después de la miniatura colocada encima, como en todas las demas Cantigas decenales.

[3] En el cod. T. j. 1. falta el estribillo en este lugar y despues de la estrofa siguiente.

[4] Así el cód. T. j. 1.—En el texto se escribió equivocadamente *gaanna* por *gaanna*.

[5] T. j. 1.: Esta é como.

Digitized by Google

de ben en seu Fillo creer,
et manssos et omildosos.
Santa María grandes faz
miragres et saborosos.....

Un ome non podí' auer
fillo, per quant' eu aprendí,
de sa moller, et prometer
foi d' ir a Salas, et des í
quis Santa María guisar,
que faz miragres fremosos, [1]
que lles foi log' un fillo dar,
ond' ambos foron goyosos.
Santa María grandes faz
miragres et saborosos..... [2]

Dous anos lo foron criar,
et pois moueron ben d' alí,
seu camynno foron fillar
pera Salas, et ynd' assí
uíron un rio correr
et eles foron coitosos
de passar; mas foron perder
o fill' os malauegosos.
Santa María grandes faz
miragres et saborosos.....

Ca a madre que o trager
en un rocin y' ante ssí,
con él no rio foi caer,
como contaron a mí;
et ouue a desanparar
o fillo, et os astrosos
filláron-se muit' a chorar
ambos come perdidosos.
Santa María grandes faz
miragres et saborosos.....

Muito o per foron buscar
pelas ribas, com' entendí,
mas non o poderon achar;
et tornar-se quisera d' í
o padre, mas el' a dizer
lle foi:—Pois non preguiçosos
fomos, uaámos seer
a Salas d' esto queixosos.—
Santa María grandes faz
miragres et saborosos.....

No camynno se meter
foron, dizend' ela:—A tí
uou, Uírgen, que mi acorrer
queras do fillo que perdí.—
Et pois chegou ao logar
con sospiros amargosos,
uiú seu fill' ant' o altar
uiuo. Et muit' omildosos
Santa María grandes faz
miragres et saborosos.....

Loores deu, se Deus m' anpar',
aa Uírgen—Ca recebí,
(diss' ela) o que demandar
te fuí [3] sempr' e nunca falí;
et porén querrei retraer
ontr' os teus mui groriosos
miragres, et fazer saber
este dos marauillosos.—
Santa María grandes faz
miragres et saborosos,
et guarda aos que lle praz
de sceren perdidosos.

CLXXII.

Como [4] Santa Maria de Salas liurou un mercador do perigoo do mar.

A Madre de Iesu-Cristo
que cëos, terras et mares
fez, poder á das tormentas
toller en todos logares.

De tal razon un miragre
a Uírgen Santa María
fez por un mercador, grande,
que a Acre yr quería
con ssa naue carregada
de mui bõa merchandía;

---

[1] T. j. 1.: que faz miragres mui fremosos.
Este verso y los dos siguientes están escritos en el texto sobre raspado.

[2] En el cód. T. j. 1. se omitió el estribillo en este lugar y al final de la Cantiga, por caer las respectivas estrofas en fin de columna.

[3] T. j. 1.: ti fui.

[4] T. j. 1.: Esta é como.

Digitized by Google

mas ánte que ý chegasse
recebeu muitos pesares.
A Madre de Iesu-Christo
que cëos, terras et mares..... [1]

Ca ouue tan gran tormenta,
que o masto foi britado
et a vea toda rota;
et él se uiú tan coitado,
que prometeu que [2] se uiuo
ao porto arribado
fosse, que romeu en Salas
uel a santos seus altares,
A Madre de Iesu-Christo
que cëos, terras et mares.....

Hũa noite offerenda
dess' ý bõa et fremosa.
Et pois prometud' est' ouue,
log' a Uírgen groriosa
ualeu-lle con sa mercée
et non lle foi uagarosa;
ca fez quedar a tormenta
logo, sen outros uagares.
A Madre de Iesu-Christo
que cëos, terras et mares.....

A tormenta aquedada
foi, et seu mast' adubaron, [3]
et log a Santa María
de Salas s' acomendaron;
et ouueron tan bon uento,
que na mannáa chegaron
a Acr' e perderon mẽdo
et todos máos penssares
A Madre de Iesu-Christo
que cëos, terras et mares.....

Que ánt' auían da morte. [4]
Des' í quantas merchandías
tragían, todas uenderon
mui ben et en poucos dias. [5]
Pois a ssa terra tornaron
et fezeron romarías
al Poi, et depois a Salas,
con loores et cantares.
A Madre de Iesu-Christo
que cëos, terras et mares.....

Hũa cruz de cristal toda
deu log' ý en offerenda
o mercador que a Uírgen
guiara ben sen contenda
con seu auer ao porto,
et meteu-ss' en sa comenda.
Et d' esto cantar fezemos
que cantassen os iograres.
A Madre de Iesu-Cristo
que cëos, terras et mares
fez, poder á das tormentas
toller en todos logares. [6]

CLXXIII.

Como Santa Maria de Selas (*sic* Salas) guareceu uun ome que auia a door que chaman da pedra. [7]

Tantas en Santa María
son mercées et bondades,
que sãar pod' os coitados
de todas enfermidades.

D' est' auẽo un miragre,
per com' eu oý dizer
a muitos omẽes bõos
et que eran de creer,
que mostrou Santa María
por un seu seru' acorrer;
onde gran torto faredes
se me ben non ascuitardes. [8]
Tantas en Santa María
son mercées et bondades.....

[1] El copiante del cód. T. j. 1. omitió el estribillo en este lugar y al final de la Cantiga, por terminar las estrofas en fin de columna.

[2] La palabra *que*, omitida por el amanuense, está escrita sobre el renglon con pluma y tinta diferentes.

[3] T. j. 1.: adobaron.

[4] T. j. 1.: de morte.

[5] T. j. 1.: et en poucos de dias,—con lo cual resulta una sílaba más en el verso.

[6] En los dos códices escurialenses se omitió el estribillo en este lugar por falta de espacio.

[7] T. j. 1.: Esta é como Santa Maria guareceu un ome que auia mal da pedra.

[8] Así en los códices escurialenses. Aquí el verbo *ascitardes*, en futuro de subjuntivo, forma indudablemente recto sentido; pero teniendo en cuenta que como última palabra del verso debe rimar con el estribillo, no parece aventurado creer que sea error de copia, y que debió escribirse en presente de indicativo (*ascuitades*). De este modo quedan igualmente correcto el sentido y perfecta la rima.—En el T. j. 1. se escribió *alcuitardes*. La *s* que debe sustituir á la *l* está escrita sobre el renglon con diferente pluma.

Digitized by Google

Est' ome d' Aragon era,
et auía tan gran mal
de pedra, que en gran coita
era con ela mortal;
que comer sol non podia
nen dormir nen fazer ál
senon chamar sempr' a Uírgen,
a Sennor das ïadades.
Tantas en Santa María
son mercées et bondades.....

A muitos físicos fora,
mas non lle prestaran ren;
porend' en Santa María
sa uoontad' e seu sen
posera; et log' a Salas
se foi rogar á que ten
o mund' en seu mandamento
que non catass' as maldades [1]
Tantas en Santa María
son mercées et bondades.....

E que esto non dissesse
a outri, mas [2] ssa carreira
se foss'. E él espertou-sse
enton et achou enteira
a pedra sigo na cama,
tan grande, que uerdadeira-
ment' era come castanna:
esto de certo sabiades.
Tantas en Santa María
son mercées et bondades.....

Enton él a Uírgen muito
loou; et nós a loemos
por este tan gran miragre
et gran dereito faremos;
ca sempr' ela nos acorre
en as coitas que auemos;
ca a ssa gran lealdade
passa todas lealdades.
Tantas en Santa María
son mercées et bondades,
que sàar pod' os coitados
de todas enfermidades.

CLXXIIII.

Como un caualeiro seruía Santa [3] et auëo-lle que iugou os dados, et porque perdeu dëostou Santa María, et arrepentiú-sse depois, e do pesar que ende ouue tallou a lingua, et sáo-ll'-a Santa Maria e falou depois muy ben. [4]

Como aa Uírgen pesa
de quen erra a cïente,
outrossí ar praz-lle muito
de quen ss' ende ben repente.

Onde a un caualeiro
auëo que muit' amaua
Santa María et sempre
a ela s' acomendaua;
mais foi assí que un dia
con outro dados iogaua,
et porque perdeu a eles,
descreeu mui feramente.
Como aa Uírgen pesa
de quen erra a cïente.....

Como quer que él dissese
contra Deus muita folía,
máis de mal diss' essa ora
da Uírgen Santa María:
et pois l' ouue [5] dito, logo
sayú da tafuraría [6]
et fillou-ss' a chorar muito,
como ome que sse sente
Como aa Uírgen pesa
de quen erra a cïente.....

De grand' erro que á feito
et mui de rrijo chorando;
des í sacou seu cuitelo
et esteu' assí tallando
sa lingua con que á Uírgen
seuera mal dëostando; [7]
mas tan gran door end' ouue,
que sse sayú d' ontr' a gente.
Como aa Uírgen pesa
de quen erra a cïente.....

---

[1] T. j. 1.: que non catas' sas maldades. Esta leccion es preferible.
[2] T. j. 1.: mais.
[3] El amanuense omitió aquí por olvido la palabra *María*.
[4] T. j. 1.: Esta é como un caualeiro iogaua os dados et porque perdeu dëostou santa Maria et repentiusse en seu coraçon et tallou a lingua. et depois sáouo santa Maria.
[5] T. j. 1.: llouue.
[6] T. j. 1.: tafurería.
[7] Este verso está repetido en el texto. El amanuense hi-

Digitized by Google

E foi pera ssa pousada
con gran door mui coitado,
et iouu' assí uel tres dias
mui maltreit' e lazerado,
rogando Santa María
na mente que seu pecado
que dissera lle parcisse, [1]
ca él era seu sergente.
Como aa Uírgen pesa
de quen erra a ciente.....

E ele assí rogando, [2]
adormeceu muit' agỳnna,
et uiú enton en dormindo
a Uírgen santa Reỳnna
que ll' en aquela gran coita
pos' logo ssa meezỳnna,
que lle pareceu máis crara
que o sol en Ouriente.
Como aa Uírgen pesa
de quen erra a ciente..... [3]

E dísse-ll' enton:—Mesqỳnno,
macar mal me dẽostaste,
muit' ei eu de tí gran dóo
de que ta lingua tallaste;
mais [4] sãar-t'-ei ora d' ela
porque en mí confiaste;
ca dereito de ssí grande
dá aquel que sse desmente.
Como aa Uírgen pesa
de quen erra a ciente.....

E porque te repentiste,
sãar-t'-ei ora de chão.—
Et enton Santa María
pos'-lle na boca a mão
et sãou-o ben da lingua,
et él achou-sse tan são,
que nunca póis lle dolueron
boca nen lingua nen dente.
Como aa Uírgen pesa
de quen erra a ciente..... [5]

E él loou muit' a Uírgen,
et nós démos-lle loores,
que nos acorre nas coitas
macar somos pecadores,
et nós pesar lle fazendo,
faz-nos ela senpr' amores
et dá-nos ben de seu Fillo
Deus Padre omnipotente. [6]
Como aa Uírgen pesa
de quen erra a ciente,
outrossí ar praz-lle muito
de quen ss' ende ben repente.

CLXXV.

Como Santa María liurou de morte uun mancebo que enforcaron a mui gran torto, et queimaron un herege que ll' o fezera fazer. [7]

Por dereito ten a Uírgen,
a Sennor de lealdade,
que sobr' él se torn' o dano
de quen iura falssidade.

D' esto direi un miragre
de gran marauill' estranna
que mostrou Santa María
por un romeu d' Alemanna
que a Santiago ýa,
que este padron d' Espanna,
et per Rocamador uẽo
a Tolosa a cidade.
Por dereito ten a Uírgen,
a Sennor de lealdade..... [8]

Él sobre todalas cousas
amaua Santa María,

---

zo al margen la señal acostumbrada para llamar la atencion sobre este descuido.

[1] Así, acertadamente, en el cód. T. j. 1.—El texto: *pacisse.*

[2] T. j. 1.: Ele assi a rogando.

[3] El copiante del texto no dejó espacio para escribir el estribillo en este lugar.

[4] T. j. 1.: mas.

[5] En el cod. T. j. 1. se omitió el estribillo en este lugar y despues de la estrofa siguiente por falta de espacio en la plana.

[6] Así el cód. T. j. 1.—El copiante del texto escribió, por equivocacion, *omipotente.*

[7] T. j. 1.: Esta é dun ome boo que ýa con seu fillo en romaria a Santiago, et enforcaronll a torto o fillo en Tolosa. et Santa Maria deullo uuo.

[8] En el texto se omitió aquí el estribillo por no haber dejado el amanuense espacio para escribirlo.—La mayor parte de la estrofa anterior está escrita sobre raspado en el mismo códice.

Digitized by Google

et porén muit' ameude
lle rogaua et dizía
que o d' oqueijon guardasse
et seu fillo que tragía,
pois que Madr' era de Christus
que é Deus en trijndade.
Por dereito ten a Uírgen,
a Sennor de lealdade..... [1]

E pois entrou en Tolosa,
foi logo fillar pousada
en casa d' un grand' erege
non sabend' én d' ele nada; [2]
mas quando o uiú a gente,
foi ende marauillada
et disseron ao fillo:
—D' est' albergue uos quitade.—
Por dereito [3] *ten a Uírgen,*
a Sennor de lealdade.....

O erege, que muit' era
chẽo de mal et d' engano
et que muitas falssidades
fazía sempre cad' ano, [4]
porque aquel ome bõo
non sse fosse d' él sen dano,
fillou un uaso de prata
alá en ssa poridade
Por dereito ten a Uírgen,
a Sennor de lealdade.....

E meté-o en o saco
do fillo; et pois foi ẏdo,
foi tan toste depós eles,
metendo grand' apelido
que lle leuauan seu uaso
de prata nou' e bronido;
et poil-os ouu' acalçados,
dísse-lles:—Estad', estade.—
Por dereito ten a Uírgen,
a Sennor de lealdade.....

Os romeus, quand' esto uíron,
foron én marauillados,
ca uíron uĩjr o baile
con seus omẽes [5] armados
que os prendeu, et tan toste
foron ben escodrunnados, [6]
ata que o uas' acharon
no saqu'; [7] esto foi uerdade.
Por dereito ten a Uírgen,
a Sennor de lealdade.....

Tan toste que o acharon,
o erege que seu era
iurou, por aquele uaso,
et que ll' o furtad' ouuera
o moço que o tragía;
et a iostiça [8] tan fera
foi de sanna, que tan toste
diss':—Este moç' enforcade.—
Per dereito ten a Uírgen,
a Sennor de lealdade.....

Os seus omẽes cruées
muit' aginna o fezeron
et da coita de seu padre
sol mercée non ouueron;
et depois que o na forca
ante seus ollos poseron,
él acomendou-ll' a alma
aa Sennor de bondade.
Por dereito ten a Uírgen,
a Sennor de lealdade.....

E él foi-ss' [9] a Santïago
ú auía prometudo;
et depois aa tornada
non lle foi escaeçudo
d' ir ú seu fillo leixara
morto, que fora traudo,
et foy-o muito catando,
chorando con pïadade.
Por dereito ten a Uírgen,
a Sennor de lealdade.....

E v él assí choraua,
diss' o fillo:—Ome bõo,

[1] Falta el estribillo en este lugar del texto.
[2] T. j. 1.: non sabend end ele nada.
[3] Asi en el cód. T. j. 1.—En el texto se escribió equivocadamente *dreito*, lo cual hace que sea defectuosa la medida del verso. Igual falta se advierte despues de las dos estrofas que siguen á ésta.
[4] T. j. 1.: cada ano.
[5] T. j. 1.: omées—y lo mismo en la estrofa 8.ª
[6] T. j. 1.: escodrunados.
[7] T. j. 1.: no sac.
[8] T. j. 1.: Jostiça.
[9] T. j. 1.: El foiss.—Debe ser yerro del amanuense, porque omitida la conjuncion *E*, resulta defectuosa la medida del verso.

Digitized by Google

padre, et non uos matedes;
ca de certo viuo sõo,
et guárda-m' a Uírgen santa
que con Deus sé en o trõo,
et me sofreu en sas mãos
pola ssa gran caridade.—
Por dereito ten a Uírgen,
a Sennor de lealdade.....

Quando uiú aquel coitado
que seu fill' assí falaua,
foi correndo a Tolosa
et ao baile chamaua,
et ar chamou muita gente
que alá sigo leuaua
que uíssen seu fillo uiuo,
que fora por crueldade
Por dereito ten a Uírgen,
a Sennor de lealdade..... [1]

Posto [2] na forca et morto;
mas non quis a Uírgen santa
que aos máos abaixa
et aos bõos auanta,
et o sofreu en sass mãos
que non colgou da garganta,
et disse:—Amigos, ide
toste et o descolgade.—
Por dereito ten a Uírgen,
a Sennor de lealdade.....

Fóron-sse logu', [3] e con eles
foi seu padre o catiuo
con coita d' auer seu fillo;
et desque ll' o mostrou uiuo,
decendéron-o da forca,
et un chorar tan esquiuo
fazían todos con ele,
que mester ouu' ý «¡Calade!»
Por dereito ten a Uírgen,
a Sennor de lealdade.....

E pois sse calad' ouueron
contou-lles todo seu feito
cóm' estedera na forca
tres meses todos aeito,
ú a Uírgen o guardara.
—Et a uerdade do preito
lles disse, rogando muito,
o erege mi chamade
Por dereito ten a Uírgen,
a Sennor de lealdade.....

Que ascondeu no meu saco
o uaso per que prendesse
eu morte crua et máa;
porén non quis que morresse
a Uírgen Santa María,
mas guisou-mi que uiuesse.
Et porende as loores
d' este feit' a ela dade.—
Por dereito ten a Uírgen,
a Sennor de lealdade.....

E logo toda a gente
enuiaron a Tolosa
polo ereg'; e pois vẽo
con ssa cara uergonnosa,
souberon d' él a uerdade
et morte perigoosa
lle deron dentr' en un fogo
dizendo-ll':—Aquí folgade.—
Por dereito ten a Uírgen,
a Sennor de lealdade.....

Esta jostiça tan bõa
a Madre do Iosticeiro
fez por aquel ome bõo
mui leal et verdadeiro,
que lle deu seu fillo uiuo,
et o ereg' usureiro
ar fez que prendesse morte
qual buscou por sa maldade.
Por dereito ten a Uírgen,
a Sennor de lealdade.....

E por aquest' ¡ai, amigos!
démos-lle grandes loores,
que sempr' acorr' os coitados
et parç' aos peccadores
et a todos faz mercées,
a grandes et a menores.

---

[1] Omitido el estribillo en el texto por falta de espacio en la columna.

[2] El amanuense del texto repitió en esta palabra la *p* despues de la inicial dibujada con colores, resultando *Pposto.*

[3] T. j. r.: log.

Digitized by Google

Et porend' os seus miragres
tan nobres muito loade.
Por dereito ten a Uírgen,
a Sennor de lealdade,
que sobr' él se torn' o dano
de quen iura falsidade. [1]

CLXXVI.

Esta é do catiuo de Mayorgas que sacou Santa María quand' era de mouros.

Soltar pode muit' agÿnna
os presos et os liados
a que faz äo seu Fillo
que nos solte dos pecados.

E d' est' un mui gran miragre
direi, que oý dizer
que aucõ en Mayorgas,
quando mouros en poder
a tijnnan, [2] por un crischão
que foi ontr' eles caer [3]
en catiuo et auía
os pées enferrollados.
Soltar pode muit' agÿnna
os presos et os liados.....

Demáis tijnna [4] a garganta
no cepo, com' aprendí;
et iazend' en tan gran coita,
prometeu logo [5] assí
que sse o Santa María
de Salas tirasse d' í,
que sería seu romeiro
et dar-ll'-ía mui granados
Soltar pode muit' aginna
os presos et os liados..... [6]

Dões, et a ssa omágen
faría, com' aprix' eu,
de cera que ý leuasse,
et sería sempre seu
seruo. Et pois esto dito
ouue, tal sono lle deu
Santa María, que logo
dormiú entr' outros [7] atados.
Soltar pode muit' aginna
os presos et os liados.....

E ý iazía dormindo,
a uiú et disso-ll' atal:
—Leua-te, ca iá es solto,
et d' aquí logo te sal.—
Et abriú log' as cadẽas
et assí lle fez o ál
et o cep' en que iazía
et todolos cadẽados. [8]
Soltar pode muit' aginna
os presos et os liados.....

E dísse-lle:—Uai, non temas,
ca per ren non te uerá
null' ome que mal te faça,
et leua-t' e sal acá;
ca ÿr te podes en saluo
ata que chegues alá
ú compras [9] ta romaría
et séian-te perdõados
Soltar pode muit' aginna
os presos et os liados.....

Os pecados que as feitos.—
Et él logo ss' espertou
et do cep' e das cadẽas
de todo se liur' achou;
et en mui pouco de tenpo
en salu' a Salas chegou,
et leuou ý a omágen
de cer'. E marauillados
Soltar pode muit agÿnna
os presos et os liados.....

---

[1] Falta el estribillo en este lugar del texto, aunque quedó espacio para escribirlo.
[2] T. j. 1.: a tian.
[3] Entre las palabras *foi ontreles* se escribió en el texto, sobre el renglon, *bẽ* (ben), con pluma y tinta diferentes. Esta adicion no es necesaria y, por el contrario, perjudica á la medida del verso.
[4] T. j. 1.: tijnn'.
[5] Así el cód. T. j. 1.—El texto *log:* con lo cual resulta una silaba ménos en el verso, á no ser que se haga una diéresis en la palabra *prometeu*, que generalmente se pronuncia sin ella.
[6] Falta el estribillo en el cód. T. j. 1., así en este lugar como despues de la última estrofa, por caer ambas en fin de columna.
[7] T. j. 1.: entoutros.
[8] T. j. 1.: cadeados.
[9] Así en el cód. T. j. 1.—El texto, equivocadamente, *comprias*.

Digitized by Google

Foron quantos lo oýron,
et deron porén loor
aa Uírgen groriosa,
Madre de nostro Sennor,
que nos de tantas maneiras
faz mercée et amor
et non cat' a nossos erros
nen como somos culpados.
Soltar pode muit' agýnna
os presos et os liados
a que faz ao seu Fillo
que nos solte dos pecados.

CLXXVII.

Esta é do que tiraron os ollos, que sáou Santa Maria de Salas et uiú ben. [1]

Non uos é gran marauilla
de lum' ao cego dar
a que con Deus que é lume
sé no cëo par a par.

Ca pois ela en os ceos
sé con Deus et sa Madr' é,
da graça que d' él recebe
mui guisad' é que nos dé;
porén dar lum' ao cego
rafece ll' é, a la fé.
Et d' esto un gran miragre
uos quer' eu ora contar.
Non uos é gran marauilla
de lum' ao cego dar..... [2]

En Aragon foi un ome
bõo et que grand' amor
aa Uírgen sempr' auía,
outrossí a seu sennor
seruía mui lealmente;
mas un falsso mezcrador
atant' andou reuoluendo,
que o foi con él mezcrar.
Non uos é gran marauilla
de lum' ao cego dar..... [3]

Tanto lle disse mal d' ele
et tan forte o mezcrou,
que o sennor, con gran sanna,
uerdade non preguntou,
mail-os ollos da cabeça
ambos tirar-ll'-os mandou,
cuidando que d' él, por esto,
non se podía uengar.
Non uos é gran marauilla [4]
de lum' ao cego dar.....

E poil-os ollos [5] tiraron,
aquel bon ome ¿qué fez?
Pidiú-os, [6] et pois ll' os deron,
aa Rëýnna de prez
s' acomendou, et mandou-se
logo leuar d' essa uez
a cas d' un celorgião,
et começou-ll' a rogar
Non uos é gran marauilla
de lum' ao cego dar.....

Que lle seus ollos tornase;
ca ben fiaua por Deus
et pola Uírgen sa Madre
que sempr' acorr' aos seus.
Diss' ele:—Ca eu ben cuido
aýda [7] ueer d' estes meus,
se estos [8] que me sacaron
podedes dentro tornar.
Non uos é gran marauilla
de lum' ao cego dar.....

Enton o celorgião
tornou-ll'-os, et logu' enton
él sse uolueu contra Salas
rogando de coraçon
á Uírgen Santa María
que o sãasse et non
catass' aos seus pecados.
Et ela o fez sãar
Non uos é gran marauilla
de lum' ao cego dar.....

---

[1] T. j. 1.: Esta é como santa maria sáou a un ome que sacaran os ollos porque ss' acomendou a ela.
[2] En el texto se escribieron solamente las palabras *Non uos é*, con las correspondientes notas musicales.
[3] Falta el estribillo en los dos códices. La estrofa termina en ambos en fin de columna.
[4] En el cod. T. j. 1. está escrito sobre el renglon el verbo *é* que el amanuense omitió por olvido.
[5] T. j. 1.: E pois llos ollos.
[6] T. j. 1.: pediu os.
[7] Así esta palabra en los dos códices, tal vez en lugar de *aýda* (aýnda), que es la forma en que se halla escrita en otros lugares.
[8] Así en el cód. T. j. 1., aunque la *s* final se escribió sobre el renglon por distinta pluma. El texto: *se esto;* con lo cual queda imperfecto el sentido.

Digitized by Google

Logo, que non parecía
du ll' os tiraran sinal,
ante cuidauan ben todos
que non ouuera én mal.
Porén loaron a Uírgen
que aos seus nunca fal;
et él omágen de cera
pos' log' ant' o seu altar.
Non uos é gran marauilla
de lum' ao cego dar
a que con Deus, que é lume,
sé no cëo par a par. [1]

CLXXVIII.

Esta é d' un menýnno de Alcaraz a que seu padre dera [2] hũa muleta, et morreu-lle et encomendou-a [3] a Santa Maria de Salas et leuantou-sse sãa.

A que faz o ome morto
resurgir sen nulla falla,
ben pode fazer que uiua
outra morta animalla.

D' esto mostrou un miragre
a Madre do Saluador,
mui grande, por un menýnno
que fillo d' un laurador
era; et poil-o oýrdes,
aueredes én sabor
et loaredes a Uírgen
que senpre [4] por nós traballa.
A que faz o ome morto
resorgir sen nulla falla.....

Ao laurador [6] nacera
muleta, com' aprix' eu,
en ssa casa, fremosýnna,
que log' a seu fillo deu
et faagándo-o muito,
dizendo:—Este don teu
seia d' aquesta muleta
et dar-te-ll'-ei org' e palla.— [7]
A que faz o ome morto
resorgir sen nulla falla.....

CLXXVIII

O moço creeu aquesto
et prougue-lle d' aquel don,
et penssou ben da muleta
quanto pude des enton;
mas hũa noite morreu-lle,
et por aquesta razon
leuou o padre seu fillo
por non saber nemigalla
A que faz o ome morto
resorgir sen nulla falla.....

Ao ero v̊ lauraua.
Mas la madre, que ficou
na casa, aquela múa [8]
morta logo a fillou,
et chamou un seu colaço
et esfolal-a mandou,
cuidando auer do coiro
cinco soldos et mealla.
A que faz o ome morto
resorgir sen nulla falla.....

Eles en esto estando,
o laurador foi chegar
do ero, et o menýnno
uiú ssa múa esfolar
et diss' a mui grandes uozes:
—Leixad' a múa estar,
ca eu a dei iá a Salas
et ben tenno que me ualla.—
A que faz o ome morto
resorgir sen nulla falla.....

A muleta iá auía
ambol-os pées de tras
esfolados; et a madre
diss' a seu fillo:—Ben as
sen de menýnno, que cousa
morta aa Uírgen das;
ca tant' é aquesto como
non lle dares nemigalla.—
A que faz o ome morto
resorgir sen nulla falla.....

---

[1] Falta aquí el estribillo en ambos códices. En el texto se dejó espacio rayado para escribirlo: en el T. j. 1. termina la estrofa con la plana.

[2] T. j. 1.: deu.

[3] T. j. 1.: encomendoa.

[4] La silaba *pre*, que el copiante del texto omitió por olvido, se escribió con tinta clara fuera de la línea que forma la columna.

[5] En el cód. T. j. 1. están reducidos á uno cada dos versos de esta Cantiga.

[6] Así el cod. T. j. 1.—El texto, equivocadamente, *Oo* laurador.

[7] Este verso y parte del anterior están escritos sobre raspado en el cód. T. j. 1.

[8] Así el cód. T. j. 1.—El texto: *mũa*. Es yerro.

Digitized by Google

Por quanto ela dizía
o menÿnno non deu ren,
mas decingeu log' a cinta
et a múa mediú ben,
et fez estadal per ela [1]
que ardess' ant' a que ten
uoz ante Deus dos culpados
et con o demo baralla. [2]
A que faz o ome morto
resorgir sen nulla falla.....

O estadal enuiado
et a muleta uiueo.
Quand' esto uiú o menÿnno,
gran prazer én recebeo
et deu-ll' enton que comesse
et a muleta comeo;
loando todos a Uírgen
a que Deus deu auantalla
A que faz o ome morto
resorgir sen nulla falla.....

Sobre todos outros santos.
Porén roguemos-ll' atal
que nos guard' [3] en este mundo
d' ocaion et d' outro mal
et que nos dé en o outro
a vida esperital,
et que brite o diabo
que sempr' é nossa contralla.
A que faz o ome morto
resorgir sen nulla falla,
ben pode fazer que uiua
outra morta animalla.

CLXXIX.

Como hùa moller que era contreÿta de todo o corpo se fez leuar a Santa Maria de Salas et foi logo guarida. [4]

Ben sab' a que pod' e ual
física celestial. [5]

Ca de seu Fill' á sabuda
física muit' asconduda
con que nos sempre aiuda
et nos tolle todo mal.
Ben sab' a que pod' e ual.....

Esta [6] Sennor de mesura
física sobre natura
mostrou et quis auer cura
d' ũa moller, direi quál,
Ben sab' a que pod' e ual.....

Que era toda tolleita
et das pernas encolleita;
mas ela a fez dereita, [7]
ca ssa física non fal.
Ben sab' a que pod' e ual.....

Esta tijnna premudos
os talões et metudos
nas rẽes, et aprendudos
ben como pedra con cal.
Ben sab' a que pod' e ual.....

Con este mal que sofría
a Salas en romaría
de Molina sse fazía
leuar, ca d' í natural
Ben sab' a que pod' e ual..... [8]

Era. Et pois na eigreia
foi da que bẽeita seia,
gran marauilla sobeia
mostrou a Sennor leal.
Ben sab' a que pod' e ual.....

Ca mentr' a missa cantauan
en que a Vírgen loauan,
os neruios ll' assí sõauan
como carr' en pedregal.
Ben sab' a que pod' e ual.....

Assí que sse ll' estendendo
foron et desencollendo,
et leuantou-sse correndo

[1] T. j. 1.: por ela.
[2] En el cód. T. j. 1., tal vez por no salirse de la linea, no concluyó el amanuense esta última palabra, escribiendo sólo *baral*.
[3] T. j. 1.: guarde.
[4] T. j. 1.: Esta é como hùa moller de Molina que tijnna apresos os talões aas rées, et fez-se leuar a santa Maria de salas et foi logo saa.
[5] T. j. 1.: celestia (*sic*).
[6] Así el cód. T. j. 1.—El texto, equivocadamente, *Desta*.
[7] T. j. 1.: mais a faz dereÿta.
Sobre esta equivocacion se llamó la atencion al márgen con la señal acostumbrada.
[8] En el texto se omitió el estribillo por falta de espacio en la columna.

Digitized by Google

et saÿú-ss' ao portal
Ben sab' a que pod' e ual..... [1]

Loando a Groriosa
que é Sennor poderosa,
que lle foi tan piadosa
con saber esperital. [2]
Ben sab' a que pod' e ual
física celestïal.

CLXXX.

Esta é de loor de Santa María.

Uella et minÿnna,
madr' e donzela,
pobre et Reÿnna,
don' e anzela.

D' esta guisa deue Santa María
seer loada, ca Deus lle quis dar
todas estas cousas por melloría,
porque lle nunca iá achassen par;
et por aquesto assí a loar
deuíamos senpre, ca por nós uela.
Uella et minÿnna,
madr' e donzela..... [3]

Ca uella é, segund' a profecía
que Salamon foi d' ela profetar,
que ánte do mundo foi todauía
criada, et que nunc' á de minguar [4]
o seu gran ben; et porend' encarnar
quis Deus en ela, que todo caudela.
Uella et minÿnna, [5]
madr' e donzela.....

E tod' ome menÿnna a deuía
en todo tempo per razon chamar;
pois en bondade crece cada día
et en beldade, de que sse pagar
foi tanto Deus, que per ela saluar
deceu no mundo da sa alta sela.
Uella et minÿnna,
madr' e donzela.....

CLXXX

Con razon nossa madr' é que nos cria
et sempre punna de mal nos guardar,
et criou Deus que a criad' auía,
que foi seu fill' e ouue de criar,
que por nós foi o jferno britar
et o dem' e toda ssa alcauela.
Uella et minÿnna,
madr' e donzela.....

De como é donzela, Ysaÿa
en sas profecías o foi mostrar,
ú disse que uírgen concebería
et parría om' e Deus sen dultar,
o que nos fez paraíso cobrar
que perdemos per Eua a mesela.
Uella et minÿnna,
madr' e donzela.....

Como foi pobre ¿quén o osmaría
a que seu fillo Deus ÿa deitar
no preseue, ca auer non podía
un pano en que o enuurullar
senon sa touca, ca en o logar
sol non acharon ÿ hun' almocela?
Uella et minÿnna,
madr' e donzela.....

Por Rëÿnna tod' ome a terría
que a uisse a seu Fillo leuar
d' aqueste mund', e sigo a sobía [6]
ao cëo ú ssé [7] con él a par,
et guía-nos com' estrela do mar;
porén dizemos «*Aue maris stela.*»
Uella et menÿnna,
madr' e donzela.....

Ovtra dona seer non podería
atal com' esta; ca Deus foi iuntar
en ela prez et sen et cortesía
et santidade, ú mercée achar
pode tod' ome que a demandar';
et con tod' esto, nunca nos reuela.
Uella et minÿnna,
madr' e donzela.....

---

[1] T. j. 1.: *Ben a que pod' e ual.*—Así, sin que el amanuense echara de ver la omision del verbo *sab'*.
[2] T. j. 1.: espirital.
[3] En los dos códices escurialenses se escribieron en este lugar únicamente las dos primeras palabras, *Uella et.*
[4] T. j. 1.: menguar.
[5] T. j. 1.: *menÿnna*, y así en la repeticion del estribillo en toda la Cantiga.
[6] T. j. 1.: subía.
[7] T. j. 1.: ú see.

Digitized by Google

Ancela se chamou ú lle dizía
o ángeo Gabriel que fillar
Deus en ela carne d' ome uerría,
et como serua se foi omildar
ú lle disse: «Farei quant' él mandar'.»
Et log' alí d' ela fez Deus ssa cela.
Vella et minÿnna,
madr' e donzela.....

Porén lle rogo que quer' amparar
a mí de mal, et Leon et Castela.
Vella et menÿnna,
madr' e donzela,
pobr' e Reÿnna,
don' e ancela. [1]

CLXXXI.

Esta é como Aboÿuçaf foÿ desbaratado en Marrocos pela [2] sina de Santa Maria.

Pero que scia a gente
d' outra lei descreuda,
os que a Uírgen máis aman
a csses ela aiuda.

Fremoso miragre d' esto
fez a Uírgen groriosa
na cidade de Marrocos
que é mui grand' e fremosa,
a un rei que era ende
sennor, que perijgosa [3]
guerra con outro auía,
per que gran mester aiuda
Pero que scia a gente
d' outra lei descreuda.....

Auía de quen ll' a desse;
ca assí com' él cercado
iazía dentr' en Marrocos;
ca o outro iá passado
era per un gran rio [4]
que Morabe é chamado
con muitos de caualeiros
et mui gran gente [5] miuda.
Pero que scia a gente
d' outra lei descreuda.....

E corrían pelas portas
da uila, et quant' achauan
que fosse fóra dos muros
todo per força fillauan;
et porend' os de Marrocos
al rei tal conssello dauan
que saísse da cidade
con bõa gent' esleuda [6]
Pero que scia a gente
d' outra lei descreuda..... [7]

D' armas, et que mantenente
con o outro rei lidasse
et logo fóra da vila
a sina sacar mandasse
da Uírgen Santa María,
et que per ren non dultasse
que os logo non uencesse
pois la ouuesse tenduda.
Pero que scia a gente
d' outra lei descreuda.....

Demáis, que sair fezesse
dos crischãos o concello [8]
con as cruzes da eigreia.
Et él creeu seu consello;
et poil-a sina sacaron
d' aquela que é espello
dos ángeos et dos santos,
et dos mouros foi uiuda,
Pero que scia a gente
d' outra lei descreuda.....

Que eran da [9] outra parte,
atal espant' én colleron,
que, pero gran poder era,

---

[1] Falta el estribillo en el texto, aunque el amanuense dejó para escribirlo una linea rayada entre el último verso de la Cantiga y el epígrafe de la siguiente.

[2] T. j. 1.: pola.

[3] Así el texto.—T. j. 1.: perigosa.—En muchos lugares se halla escrita esta palabra *perigoosa*.

[4] Así en los dos códices escurialenses. Tal vez debiera decir: era per un grande rio. De este modo resulta perfecto el octosilabo.

[5] Así el cód. T. j. 1.—El texto *gete* por *gẽte*.

[6] T. j. 1.: gente leuda.

[7] Omitese aqui el estribillo en el cód. T. j. 1. porque termina la estrofa en fin de columna. Por la misma causa lo suprimió tambien el amanuense en la estrofa final.

[8] T. j. 1.: a concello.

[9] T. j. 1.: de.

Digitized by Google

logo todos se uenceron,
et as tendas que trouxeran
et o ál todo perderon,
et morreu ý muita gente
d' essa fea et baruuda.
Pero que seia a gente
d' outra lei descreuda.....

E per Morabe passaron
que ánte passad' ouueran;
et sen que perdud' auían
todo quant' ali trouxeran,
atan gran medo da sina
et das cruzes ý preseran,
que fogindo, non auía
nïun redẽa tẽuda.
Pero que seia a gente
d' outra lei descreuda.....

E assí Santa María
aiudou a seus amigos,
pero que d' outra lei eran,
a britar seus enemigos
que, macar que eran muitos,
non os preçaron dous figos
et assí foi ssa mercée
de todos mui connoçuda.
Pero que seia a gente
d' outra lẽi descreuda,
os que a Uírgen máis aman
a esses ela aiuda.

CLXXXII.

Como Santa María liurou uun ladron da mão dos diaboos que o leuauan. [1]

Deus, que mui ben barata
quen pola Uírgen cata.

D' est' un marauilloso [2]
miragr' e mui fremoso
uos direi saboroso
et d' oýr sen rauata
Deus, que mui ben barata..... [3]

Que fez Santa María
d' un ome que fazía
muito mal cada dia
andand' en hũa mata.
Deus, que mui ben barata.....

Ca britaua camýnnos,
demáes pães et uýnnos
roubaua dos mesqýnnos
et o our' e a prata [4]
Deus, que mui ben barata.....

E o ál que achaua,
que nada non leixaua;
pero muito fiaua
na que o mal desata,
Deus, que mui ben barata.....

Assí que ssas vigías
guardaua dos seus dias;
des í malfeitorías
nen sol d' ũa çapata
Deus, que mui ben barata.....

De null' ome [5] fillasse;
demáis, quen o rogasse
pola [6] Uírgen, contasse
que feit' era o data, [7]
Deus, que mui ben barata.....

E dar o que tijnna [8]
por amor da Rëýnna.
Mais hũa mort' agýnna
sobetanna [9] que mata
Deus, que mui ben barata.....

Muitos, mató-o [10] toste;
et de demões oste [11]

---

[1] T. j. 1.: Como Santa María ressucitou un ome que mataron os demões.

[2] El amanuense del texto dejó incompleta esta palabra, escribiendo solamente *marauillo*. La última sílaba *so* se añadió despues sobre el renglon por distinta mano.

[3] En este parage del texto falta el estribillo, para el cual se dejaron escritas la *D* inicial y las notas musicales.

[4] T. j. 1.: et o ouré prata.

[5] T. j. 1.: A null ome.

[6] T. j. 1.: pela.

[7] T. j. 1.: a data.

[8] Falta en el cód. T. j. 1. la *E* inicial de este verso. El amanuense la apuntó al márgen para servir de guia al que habia de dibujarla.

[9] T. j. 1.: sobitanna.

[10] T. j. 1.: o matou.

[11] T. j. 1.: et demões oste, omitiendo, sin duda por olvido, la preposicion *de*.

Digitized by Google

per cima d' un recoste
mui máis ca Damiata
Deus, que mui ben barata.....

Máis longe o leuaron
et mal o doitẽaron,
et atal o pararon
com' hũa escarlata.
Deus, que mui ben barata.....

Mais ssa madre coitada
ouue muito rogada
á Uírgen coroada
que os demões ata,
Deus, que mui ben barata.....

Que seu fillo lle desse
et uiuer ll' o fezesse
et o demo presesse
que á rosto de gata.
Deus, que mui ben barata.....

Sa oraçon oýda
foi da Uírgen conprida
et deu-lle logo uida:
des í da muit' enata
Deus, que mui ben barata.....

Morte guardou priuado
d' infern, é seu mandado [1]
da Uírgen fez de grado
que os máes remata.
Deus, que mui ben barata
quen pola Uírgen cata.

CLXXXIII.

Esta é d' un miragre que mostrou Santa Maria en Faaron quando [2] era de mouros.

Pesar á Santa María
de quen por desonrra faz
d' ela mal [3] *a ssa omágen,*
et caómia-ll'-o assaz.

D' esto direi un miragre
que fezo en Faaron
a Uírgen Santa María
en tenpo d' Aben Mafon
que o reino do Algarue
tijnn' aquela sazon,
a guisa d' om' esforçado
quer en guerra, quer en paz.
Pesar á Santa María
de quen por desonrra faz.....

En aquel castel' auía
omágen, com' apres' ei,
da Uírgen mui groriosa
feita como uos direi
de pedra ben fegurada;
et, com' eu de cert' achei,
na riba do mar estaua
escontra ele de faz.
Pesar á Santa María
de quen por desonrra faz.....

Ben do tempo dos crischãos
a sabían ý estar,
et porende os catiuos
a ýan sempr' aorar;
et Santa María uila
de Faaron nomẽar [4]
por aquesta razon foron.
Mas o poboo maluaz
Pesar á Santa María
de quen por desonrra faz.....

Dos mouros que ý auía
ouueron gran pesar én,
et en o mar a deitaron
sannudos [5] con gran desden;
mas gran miragre sobr' esto
mostrou a Uírgen que ten
o mund' en seu mandamento,
a que soberuia [6] despraz.
Pesar á Santa María
de quen por desonrra faz.....

Ca fez que niun pescado
nunca poderon prender

---

[1] En el texto está escrito:
dinfern e a seu mandado;
pero marcada con un punto por debajo la preposicion *a*, con lo cual se entiende suprimida. Esta preposicion no existe en el cód. T. j. 1.

[2] T. j. 1.: quand.

[3] En el texto se escribió distraidamente *mal mal:* pero advertido el error, se tachó la primera de estas palabras, poniendo debajo con pluma más delgada *d.la.*—Los tres primeros versos de este estribillo están escritos en el cód. T. j. 1. sobre raspado y con tinta más negra.

[4] T. j. 1.: nomear.

[5] T. j. 1.: sanudos.

[6] Así el códice T. j. 1. – El texto, equivocadamente, *soberua.*

Digitized by Google

en quant' aquela omágen
no mar leixaron iazer.
Os mouros, pois uíron esto,
fóron-a d' alí erger
et poséron-a no muro
ontr' [1] as amẽas en az.
Pesar á Santa María
de quen por desonrra faz.....

Des í tan muito pescado
ouueron des enton ý,
que nunca tant' ý ouueran,
per com' a mouros oý
dizer et aos chrischãos
que o contaron a mj.
Porén loemos a Uírgen
en que tanto de ben iaz.
Pesar á Santa María
de quen por desonrra faz
d' ela mal a ssa omágen,
et caómia-ll'-o assaz. [2]

CLXXXIIII.

Esta é como Santa María liurou de morte uun menýnno que iazía no uentre da madre a que deran hũa cuitelada pelo costado. [3]

A Madre de Deus
tant' á en ssí gran uertude,
per que ãos seus
acorre et dá saude.

E de tal razon com' esta
un miragre mui fremoso
uos direi, que fez a Uírgen
Madre do Rei poderoso
en terra de Santïago,
en un logar montannoso
hu [4] hũa moller moraua
que era prenn' ameude
A Madre de Deus
tant' á en sí gran uertude..... [5]

De seu marido; mais ela
polas ssas pecadillas [6]
quantos les [7] nunca nacían,
assí fillos come fillas,
todos lle morrían logo;
maïs das sas marauillas
mostrõu Santa María [8]
que sobre los seus recude.
A Madre de Deus
tant' á en sí gran uertude.....

Ela con pauor d' aquesto,
et de que era prennada [9]
encomendou aa Uírgen,
a Madre de Deus onrrada,
que ela que a guardasse
que non foss' acaionada
dizendo:—Dá-me meu fillo
que ben a uiuer m' aiude.—
A Madre de Deus
tant' á en sí gran uertude.....

Ela aquesto fazendo,
o demo cheo [10] d' enueia
aguisou que seu marido
ouue con outros peleia
et déron-ll' hũa ferida
pelos peitos, tan sobeia,
que morreu; ca assí faze
quen non á quen o scude. [11]
A Madre de Deus
tant' á en sí gran uertude.....

---

[1] T. j. 1.: entr.

[2] Falta aqui el estribillo, así en el texto como en el T. j. 1., por terminar con la plana la última estrofa.

[3] T. j. 1.: Esta é como santa Maria guardou un menýno que ll' encomendou sa madre quando o tragia no uentre, et mataron á * madre, et saýú o moço pela ferida.

[4] Tanto en el texto como en el T. j. 1., el adverbio *hu* (que por lo comun se halla escrito *ú*) se intercaló sobre el renglon con pluma más delgada.

[5] Asi el cód. T. j. 1.—En el texto se escribió solamente:

A madre de Deus
tant a en si gran.

* El amanuense repitió aqui distraidamente la palabra «mataron,» que trató de borrar después.

[6] Así en los dos códices escurialenses. Tal vez se debiera haber escrito:

polas *suas* pecadillas.

De este modo es perfecto el octosilabo.

[7] T. j. 1.: lles.

[8] T. j. 1.:

mais das suas marauillas
mostrou ý santa Maria.

Mejor que la del texto es sin duda la leccion de este códice, en ambos versos, porque con ella se evita el desabrimiento de las diéresis.

[9] T. j. 1.:

o de que era prennada.

[10] T. j. 1.: chéo.

[11] T. j. 1.: escude.

Digitized by Google

Ela que uiú o marido
que chagauan de morte, [1]
foi-sse-lle [2] deitar de suso,
et deron-ll' enton tan forte
ferida pelo costado,
que morreu, tal foi sa sorte;
mail-o fillo [3] pela chaga
sayú, que [4] mester engrude
A Madre de Deus
tant' á en sí gran uertude.....

Auía pera sa chaga
que na face lle ficara
que ll' o cuitelo fezera
que a ssa madre matara.
Mais quiso Santa María,
á que o encomendara [5]
sa madre, que non morresse
nen foss' él en ataude. [6]
A Madre de Deus
tant' á en sí gran uertude.....

Ante quiso que uiuesse
et crecess' e sse criasse,
et sempre reconnocesse [7]
a Uírgen et a loasse,
et o sinal parecesse
da chaga, per que prouasse
este feito, que sempre
om' en ssa loor stude. [8]
A Madre de Deus
tant' á en sí gran uertude,
perque aos seus
acorre et dá saude. [9]

CLXXXV.

Como Santa María amparou o castelo que chaman Chincoya aos mouros que o querían fillar. [10]

Poder á Santa María
grande dos seus acorrer
en qual logar quer que seian,
et os de mal defender.

E d' aquest' un gram miragre [11]
que aũo pouc' á ý
en Chincoya, un castelo,
per quant' end' eu aprendí,
que fezo Santa María;
et aos que o oý
atáes ómees eran
a que deuemos creer.
Poder á Santa María
grande dos seus acorrer..... [12]

Aqueste castelo est'
en o reino de Geén;
et un alcaid' ý auía
que o guardaua mui ben;
mais de guardal-o á cima
lle mengou muito o sen,
assí que per pouc' un dia
o ouuera de perder.
Poder á Santa María
grande dos seus acorrer.....

Éste grand' amor auía
con un mouro de Belmez
que do castel' alcaid' era;

---

[1] Así en los dos códices. Falta una sílaba en el verso, que acaso debiera decir:

que *o* chagauan de morte.

[2] T. j. 1.: fosselle.

[3] T. j. 1.: mais o fillo.

[4] En el texto se omitió el relativo *que*, el cual se escribió despues sobre el renglon por diversa mano y con tinta diferente.

[5] Así el cód. T. j. 1.—El texto:

a que o comendara;

leccion imperfecta, pues queda incompleta la medida del verso.

[6] Así el cód. T. j. 1.—El texto: *taude*, con lo cual queda incompleta la medida del verso.

[7] T. j. 1.: connocesse.

[8] T. j. 1.: estude.

[9] En el cód. T. j. 1. termina la estrofa con la plana, por cuya razon se omitió el estribillo.

[10] En el códice T. j. 1. está indicada esta Cantiga con el número CLXXXVII, y dice así el epígrafe: Esta é como santa María guardou o castelo de Chincoya dos mouros que o non poderon tomar pola omagen de santa María que poseron os de dentro nas ameas.

[11] Este verso está escrito en el texto sobre raspado, y además corregido, pues el amanuense habia omitido la palabra *gram*.

T. j. 1.:

E dest oý un miragre.

En esta leccion resulta perfecto el sentido de la estrofa.

[12] En el cód. T. j. 1. se escribieron solamente las dos primeras palabras *Poder á*, y sobre ellas las notas musicales, para completar el renglon.

Digitized by Google

mas o träedor [1] ¿qué fez?
Falou con Rei de Granada [2]
et dísse-lle:—D' esta uez
uos darei eu o castelo
de Chincoya en poder.—
Poder á Santa María
grande dos seus acorrer..... [3]

Diss' él:—¿Cómo?—Respos'-ll' ele:
—Se eu uosso poder ei,
mia fala con o alcaide
pera [4] un dia porrei;
et estando en a fala,
ben alí o prenderei,
et d' esta maneira tenno
que o podedes auer.—
Poder á Santa María
grande dos seus acorrer.....

E diss' el Rei de Granada:
—Eu por mí, ú ál non á, [5]
quero alá yr contigo
et ucrei o que será;
mais se me tú d' esto mentes,
log' ý ál non auerá,
che mandarei a cabeça
d' antr' os teus ombros toller.—
Poder á Santa María
grande dos seus acorrer.....

D' esta maneira gran medo
a aquel mouro meteu
el Rei, et da outra parte
grand' auer lle prometeu
se lle desse o castelo.
Et logo con él moueu, [6]
et o mouro o alcayde
de Chincoya foi ueer.
Poder á Santa María
grande dos seus acorrer.....

E dísse-lle que saísse
con él seu preito firmar
ante crichãos et mouros
dos que eran no logar
que o guardasse, [7] ca ele
quería a él guardar,
et sobr' esto fossen ambos
sas iuras grandes fazer.
Poder á Santa María
grande dos seus acorrer.....

O alcaide de Chincoya,
que non cuidaua que mal
d' esto se ll' aleuantasse, [8]
foi alá logo sen ál,
et leuou dous escudeiros
que lle disseron atal:
que med' auían do mouro
que o quería trager.
Poder á Santa María
grande dos seus acorrer.....

—Demáis, non leuades arma
et ydes assí en cos,
et com' os mouros son falssos,
quiçá trauarán de uós;
et porend' ao castelo
nos queremos tornar nós.—
Et tornáron-sse correndo
et fóron-se en él meter.
Poder á Santa María
grande dos seus acorrer.....

O alcaide por tod' esto
sol cabeça non tornou,
mas por chegar ao mouro
logo o rio passou;
et pois a él foi chegado,
log' él prendel-o mandou;
des í al Rei de Granada [9]
o fezo preso [10] trager,
Poder á Santa María
grande dos seus acorrer.....

Que estaua na cïada,

---

[1] T. j. 1.: mais o tëedor.
[2] Así el códice T. j. 1.—El texto *grááda*. Más adelante se escribió en este mismo códice *Gràada*.
[3] Omítese aquí el estribillo en el cód. T. j. 1. porque termina la estrofa en fin de plana. Por la misma razon se dejó de escribir en las estrofas 8.ª, 13.ª y última de la Cantiga.
[4] T. j. 1.: pora.
[5] Así el cód. T. j. 1.—El texto *ú á non á;* leccion viciosa sin duda, pues no forma sentido.
[6] Así el cód. T. j. 1.—El texto *moueo*, lo cual, atendida la rima, es equivocacion manifiesta.
[7] La *r* de este verbo, omitida por el copiante del texto, se escribió despues sobre el renglon, de letra y tinta diferentes.
[8] T. j. 1.: se lle leuantasse.
[9] T. j. 1.: Grááda.
[10] T. j. 1.: fezo preso—omitiendo el pronombre *o*. En su lugar hay un pequeño espacio raspado, en que se habia escrito por equivocacion la conjuncion *et*.

Digitized by Google

et dísse-ll' esta razon:
que lle dissess' a uerdade
do castelo, et se non,
escabeçal-o faría.
Diss' él:—Se Deus me perdon,
no castelo [1] á quinz' omes,
mais non tẽen que comer.—
Poder á Santa María
grande dos seus acorrer.....

Tan tost' el Rei de Granada
ssa cïada fez sair,
et dereit' ao castelo
logo começou-sse d' ir;
et mandou ao alcaide
que sse o castelo pedir
fosse [2] aos que ý leixara
senon quería morrer.
Poder á Santa María
grande dos seus acorrer.....

Él com [3] medo de morte [4]
log' o castelo pediú,
et dos que dentro estauan
atal resposta oÿú
que per fé non ll' o darían.
Quand' el Rei aquesto uiú, [5]
fez log' a toda ssa gente
o castelo combater
Poder á Santa María
grande dos seus acorrer.....

A pedras et a saetas
mui de rrig' en derredor;
et os que dentro iazían
ouueron tan gran pauor,
que fillaron a omágen
da Madre do Saluador
que estaua na capela,
et fóron-a a põer [6]
Poder á Santa María
grande dos seus acorrer.....

Ontr' as amẽas, [7] dizendo:
—Se tú es Madre de Deus,
deffend' aqueste castelo
et a nós que somos teus,
et guarda a ta capela
que non seia dos encreus
mouros en poder, nen façan
a ta omágen arder.—
Poder á Santa María
grande dos seus acorrer.....

E leixáron-a, dizendo:
—Uerémol-o que farás.—
Entonç' [8] os conbatedores
tornaron todos atrás;
et tres mouros que entraran,
chus negros que Satanás,
no castelo, os de dentro
os fezeron én caer
Poder á Santa María
grande dos seus acorrer.....

Mortos de cima do muro.
Et diss' el Rei:—Nulla prol
non ei de máis conbatermos,
et tẽer-m'-ía por fol
sse contra María fosse
que os seus defender sol.—
Et mandou tanger as tronbas
et fez ssa oste mouer.
Poder á Santa María
grande dos seus acorrer.....

E d' esta guisa Chincoÿa
guardou a que todos dan
loores por ssa bondade,
ca mui gran dereit' ý an,
porque os seus mui ben guarda
et aos outros affan
dá, que contra ela uẽen,
et faz uençudos seer.
Poder á Santa María
grande dos seus acorrer
en qual logar quer que scian,
et os de mal defender.

---

[1] Así el cód. T. j. 1.—El texto, equivocadamente, *castalo*.
[2] T. j. 1.: foss.
[3] T. j. 1.: con.
[4] Así este verso en los dos códices. Falta en él una sílaba. Acaso deba decir:
E él con medo de morte.
[5] Así el cód. T. j. 1.—El texto *oÿú*: pero notada sin duda la repeticion, se tachó esta palabra con una raya apenas perceptible, y se llamó la atencion al márgen con la señal de costumbre.
[6] T. j. 1.: desi forona põer.
[7] T. j. 1.: ameas.
[8] T. j. 1.: entonz.—En el texto se escribió *ontonç*: pero, advertido el yerro, fué convertida la *o* en *e*.

Digitized by Google

CLXXXVI. [1]

Esta é como Santa Maria guardou hũa moller do fogo, que a quirían (*sic*) queimar. [2]

Quen na Uírgen santa muito fiará,
se o uir en coita, acorrel-o-á.

E d' est' [3] un miragre quero retraer
que Santa María fez por acorrer
a hũa dona que ouuera d' arder
se lle non ualesse la que poder á.
Quen na Uírgen santa muito fiará.....

Aquesta dona casada era ben
con marido que amaua máis d' ál ren,
et en Santa María todo seu sen
auía en a seruir por sempre iá.
Quen na Uírgen santa muito fiará.....

O marido a amaua mui máis d' ál;
mais [4] ssa sogra lle quería tan gran mal,
per que lle buscou morte descomunal,
como uos per mí ora dito será.
Quen na Uírgen santa muito fiará.....

E un dia que dormindo a achou
sóa, a un seu mouro logo mandou
deitar-sse con ela; et pois se deitou,
foi a seu fillo et disse:—Uen acá: [5]
Quen na Uírgen santa muito fiará.....

A ta moller que amauas máis ca tí
se a uisses como a ora eu uí
tẽer un mour' en seu leito cabo sí,
ben tenno que muito ch' ende pesará.—
Quen na Uírgen [6] *santa muito fiará.....*

Quand' él est' oyú, ouu' én mui gran pesar;
et a madre pela mão o fillar
foi, et des í leuó-o ao logar
et dísse-lle:—Ues ta moller cóm' está.—
Quen na Uírgen santa muito fiará.....

E él matal-a quisera log' enton; [7]
mais la madre lle disse:—Non faças, non;

---

[1] Es la CLXXXV en el códice T. j. 1.
[2] T. j. 1.: Esta é como santa Maria liurou hũa dona que querian quemar.
[3] T. j. 1.: E daquest.
[4] T. j. 1.: mas.
[5] T. j. 1.: foi a seu fill e disse lle ven acá.
[6] Así el códice T. j. 1.—En el texto se escribió equivocadamente *uigen*.
[7] T. j. 1.: loguenton.

Digitized by Google

mais [1] aa iostiça mostra ta razon
et ueerás que dereito che dará.—
Quen na Uírgen santa muito fiará..... [2]

Él foi et a jostiça fezo vĩjr
et outros muitos con ele sen mentir,
et uíron a dona no leito dormir
et o mouro, et disseron:—¿Qué será
Quen na Uírgen santa muito fiará.....

D' aquesta moller que tan gran torto fez,
que desconnoceu Deus et o mund' e prez,
que fez feito máo, uil et tan rafez,
et por aquesto no fogo arderá,
Quen na Uírgen santa muito fiará.....

Ca dereit' é?—Et, per com' end' aprix' eu,
fillaron a dona, que lle foi mui greu
quando se uiú presa con aquel encreu,
et diss':—¡Ai, Sennor! ual-me, ca mester m' á.
Quen na Uírgen santa muito fiará.....

Santa María Uírgen, se te prouguer,
ca en mayor coita nunca foi moller;
et porén tenno que quen en tí creuer
que nunca en ta mercée falirá.—
Quen na Uírgen santa muito fiará.....

E dizend' aquesto, logo manamán
leuaron a don' a hũa praça gran,
outrossí o mouro que era ben tan
negro come pez; et as gentes alá
Quen na Uírgen santa muito fiará.....

Foron mui correnḍ'; e tod' en derredor
lles poseron fogo, non uistes mayor,
et ardeu o mouro falsso traëdor,
mais [3] ficou a dona como quen está
Quen na Uírgen santa muito fiará.....

Dentr' en hũa casa, que nunca sentiú
ren d' aquele fogo. Et a gente uiú
cabo d' ela outra, et falar oyú,
que depóis non uíron alá nen acá. [4]
Quen na Uírgen santa muito fiará.....

---

[1] T. j. 1 : mas.
[2] Falta aqui el estribillo en el cód. T. j. 1. La estrofa termina en fin de plana.
[3] T. j. 1.: mas.
[4] T. j. 1.: aca nen aca.

Digitized by Google

CLXXXVII

E d' aquesta guisa o mouro ardeu
que nïun sinal sol d' él [1] non pareceu;
et a dona do fogo remaneceu
salua per aquela que nos saluará.
Quen na Uírgen santa muito fiará.....

E pois foi d' él fóra a dona fïel,
contou que a Madre de Deus Manüel
a liurara d' ele, [2] et miragre bel
fez aquela que muitos outros fará.
Quen na Uírgen santa [3] *muito fiará,*
se o uir en coita, acorrel-o-á.

CLXXXVII. [4]

Esta cantiga é do moesteiro de Iherusalem, como lles deu Santa María muito trigo en un anno caro, et depóis muito ouro. [5]

Gran fé deuía
om' auer en Santa María.

E d' est', amigos, un miragre direi
que fez a Uírgen, Madre do alto Rei,
en un moesteiro [6] de Jerusalem, com' achei,
que fazer mandou aquesta Sennor que nos guía,
Gran fé deuía.....

Que sinagoga primeiro de judeus
foi, et uendéron-a os máos encreus
aos santos Apóstolos muit' amigos de Deus:
esta foi a primeira eigreia de Suría.
Gran fé deuía.....

Santa María en aquela sazon
moraua na uila en Monte Syon,
et mandara aquela eigreia fazer enton,
que foi depóis de monges mui grande abadía.
Gran fé deuía..... [7]

Mas un tenpo foi que ouueran d' ermar
com fam' os monges aquel santo logar;
mas o seu abade lles disse:—Uaámos rogar
ant' aa Uírgen que acorra a ssa mongía.—
Gran fé deuía.....

---

[1] T. j. 1.: del sol.
[2] T. j. 1.: del.
[3] Así el códice T. j. 1.—En el texto se omitió por olvido la palabra *santa*.
[4] Es la CLXXXVI en el códice T. j. 1.
[5] T. j. 1.: Esta é dun móesteiro de Jerusalem como lles deu santa maria muito trijgo en un ano caro, et de pois muito ouro.
[6] T. j. 1.: móesteiro.
[7] Omitido el estribillo en el cód. T. j. 1. por falta de espacio en la columna.

Digitized by Google

Logo o fezeron sen tardar de ren
et choraron muit' ant' a que nos manten,
et toda aquela noite [1] arrezaron des én
ýnos et cantigos todos a mui gran perfía.
Gran fé deuía.....

E outro dia acharon tanto pan,
que os orreos foron chẽos de pran,
que lles deu Santa María sen prender ý afan;
ond' o conuent' ouue quanto én mester auía.
Gran fé deuía.....

Mas [2] depois a tempo lles aucõ mal,
que ouue na terra gran fame mortal,
assí que todos enton cuidaran morrer sen ál;
et o abade, muito chorando, lles dizía:
Gran fé deuía.....

—Nénbre-uos, amigos, en com' outra uez
a gran mercée que uol-a Uírgen fez
do trijgo que sabedes que tornou tan rafez,
que toda a gente do que nos deu guarecía.
Gran fé deuía.....

Porén lle roguemos que o Fillo seu
rogue, que aquel pan tan muito nos deu,
que nos acorrer queira en est' ano tan greu;
ca muito máis ca esto por ela nos faría.
Gran fé deuía.....

E os monges todos fezeron assí
et oraron muito, per com' aprendí,
toda aquela noit'; e na luz acharon alý
mui gran cousa d' ouro no altar que reluzía.
Gran fé deuía.....

O abade muito sse marauillou,
et ao tesoureiro empreguntou
se uir' algũa gente que na eigreia entrou
que tan gran tesouro com' aquel sigo tragía.
Gran fé deuía.....

Él lle iurou muito par nostro Sennor
que nunca d' aquelo fora sabedor.
Enton o conuento deu end' aa Uírgen loor,
porque lle atan ben deu quanto mester auía.
Gran fe deuía
om' auer en Santa María. [3]

[1] T. j. 1.: et aquela noite toda.
[2] T. j. 1.: Mais.
[3] Se omitió el estribillo en este lugar del cód. T. j. 1. por falta de espacio en la plana.

Digitized by Google

CLXXXVIII.

Esta é d' ũa donzela que amaua a Santa María de todo seu coraçon, et quando morreu, féze-a seu padre abrir porque póýa a mão no coraçon, et acháron-lle fegurada a omage de Santa María. [1]

Coraçon d' om' ou de moller
que á Uírgen muit' amar',
macal-o encobrir queiran, [2]
ela o faz pois mostrar.

D' esto ela un miragre
mostrou, que uos eu direj,
a que fix' [3] bon son et cobras
porque me d' ele paguej;
et desque o [4] ben ouuerdes
oído, de certo sei
que auerédes na Uírgen
porén mui máis a fiar.
Coraçon d' om' ou de moller
que á Uírgen muit' amar'.....

Esto por hũa donzela
mostrou a Sennor de prez
que mui de coraçon senpre
a amou des menýnnez [5]
et seruía de bon grado;
porén tal amor lle fez,
que o ben que lle quería
non ll' o quis per ren negar.
Coraçon d' om' ou de moller
que á Uírgen muit' amar'..... [6]

Esta donzela tan muito
Santa María amou,
que, macar no mund' estaua,
por ela o despreçou
tanto, que per asteença [7]
que fazía enfermou,
et un mes enteiro iouue
que non pode ren gostar
Coraçon d' om' ou de moller
que á Uírgen muit' amar'.....

Do que a comer lle dauan
et a beuer outrossý;
et pero que non falaua,
segundo com' aprendí, [8]
se lle de Santa María
falauan, en com' oý,
ao coraçon a mão
ýa tan toste leuar.
Coraçon d' om' ou de moller
que á Uírgen muit' amar'.....

A madre, que ben cuidaua
que era döente mal
et que o põer da mão
era ben come sinal
que d' aquel logar morría,
et quis Deus non ouu' ý ál
que a ssa Madre bẽeita
a fosse sigo leuar.
Coraçon d' om' ou de moller
que á Uírgen muit' amar'.....

O padr' e a madre d' ela
quando a uíron fijr,
cuidaron que poçon fora,
et fezéron-a abrir
et en o coraçon dentro
ll' acharon ý sen mentir
omágen da Groriosa
qual x' ela foi fegurar.
Coraçon d' om' ou de moller
que á Uírgen muit' amar'.....

E d' est' a Santa María
deron porén gran loor

---

[1] T. j. 1.: Esta é dũa donzela que auía grand amor con santa María, et quando morreu cuidauan que morria de poçon, et abrirona et acharonlle no coraçon fegurada a ssa Maiestade.

[2] La *i* de esta palabra, omitida por el amanuense, está escrita sobre el renglon.

[3] T. j. 1.: fiz.

[4] La *o* escrita sobre el renglon, por haberla omitido el amanuense.

[5] T. j. 1.: meninez.

[6] Falta aquí el estribillo en el cód. T. j. 1., en el cual termina la estrofa en fin de columna. Por la misma razon dejó de escribirse tambien el correspondiente á la última estrofa de la Cantiga.

[7] T. j. 1.: astéença.

[8] Así, acertadamente, en el códice T. j. 1.—El texto:

segund com aprendí,

leccion que deja incompleta la medida del verso.

Digitized by Google

eles et todalas gentes
que eran en derredor,
dizendo:—Bẽeita seias,
Madre de nostro Sennor,
que a ta gran lealdade
non á nen auerá par.—
Coraçon d' om' ou de moller
que á Uírgen muit' amar',
macal-o encobrir quciran,
ela o faz pois mostrar.

CLXXXIX.

Esta é como un ome [1] que ýa a Santa María de Salas et achou un dragon na [2] carreira et mató-o, et él ficou gafo do poçon [3] et pois saou-o [4] Santa María.

Ben pode Santa María
guarir de toda poçon,
pois Madr' é do que trillou
o basilisqu' e o dragon.

D' est' auẽo un miragre
a un ome de Ualença
que ýa en romaría
a Salas sóo senlleiro,
ca muit' ele confiaua
na Uírgen Santa María;
mas foi errar o camýnno,
et anoiteceu-ll' enton [5]
per ú ýa en un monte,
et uiú d' estranna [6] faiçon
Ben pode Santa María
guarir de toda poçon.....

A ssí vijr hũa bescha
come dragon toda feita,
de que foi muit' espantado;
pero non fugiú ant' ela,
ca med' ouue se fogisse
que sería acalçado;
et aa Vírgen bẽeita
fez logo ssa oraçon
que o guardasse de morte
et de dan' e d' ocaion.
Ben pode Santa María
guarir de toda poçon.....

A oraçon acabada,
colleu en ssí grand' esforço,
et foi aa bescha logo
et deu-ll' hũa espadada
con seu espadarron uello
que a tallou per meogo,
assí que en duas partes
lle fendeu o coraçon;
mas [7] ficou enpoçõado
d' ela des essa saçon.
Ben pode Santa María
guarir de toda poçon.....

Ca o poçon saltou d' ela
et feriú-o [8] en o rosto,
et outrossí fez o bafo
que lle saýa da boca,
assí que a poucos dias
tornou atal come gafo;
et pos' en ssa uoontade
de non fazer ál, senon
ýr log' a Santa María
romeiro con seu bordon.
Ben pode Santa María
guarir de toda poçon.....

Aquesto fez él muý cedo
et meteu-ss' ao camýnno
con seu bordon en a mão;
et desque chegou a Salas,
chorou ant' o altar muito
et tan toste tornou são.
Et logo os da eigreia
loaron con procisson
a Uírgen que aquel ome
guariú de tan gran lijon.
Ben pode Santa María
guarir de toda poçon,
pois Madr' é do que trillou
o basilisqu' e o dragon.

---

[1] T. j. 1.: Esta é dun ome.—En esta leccion queda perfecto el sentido gramatical, que es vicioso en el texto.
[2] El artículo *na*, omitido por olvido en el cód. T. j. 1., está escrito sobre el renglon.
[3] En el códice T. j. 1. se omiten las palabras *do poçon*.
[4] Así el cód. T. j. 1.—El texto *saou*, omitiendo, acaso por olvido del amanuense, el pronombre *o*.
[5] T. j. 1.: et a noite colleull enton.
[6] T. j. 1.: d' estranýa.
[7] T. j. 1.: mais.
[8] T. j. 1.: firiuo.

Digitized by Google

CLXXXX.

Esta é de loor.[1]

Pouco deuemos preçar
o demo, se Deus m' anpar;
pois nos a Uírgen guardar
que nos caudela.
Pouco deuemos preçar.....[2]

Muito faremos mal sen
se o temermos de ren,
pois nol-a Uírgen manten[3]
que nos caudela.
Pouco deuemos preçar.....[4]

Ca seu poder pouco ual,
pois nos guarda de seu mal
a Uírgen espirital[5]
que nos caudela.
Pouco deuemos preçar.....[6]

Seu saber pouco nos nuz,
pois é nossa lum' e luz
a que uiú seu[7] Fill' en cruz
que nos caudela.
Pouco deuemos preçar.....[8]

Non o deuemos creer
nen por ele mal fazer,
pois nos a Uírgen[9] ualer
que nos caudela.
Pouco deuemos preçar.....[10]

Seu engano nada é,
pois por nós ante Deus sé
a en que ficou a fé
que nos caudela.
Pouco deuemos preçar.....[11]

CLXXXXI.

Como a alcaydessa caeu de cima da pena de Roenas d' Aluarracin, et chamou Santa María et non se feriú.

O que de Santa María
sa mercée ben gaanna,[12]
de tod' ocaion o guarda
iá non será tan estranna.

D' est' auẽo gran miragre,
per com' a mí foi mostrado,[13]
a hũa moller que era
d' un castelo que chamado
é Roenas, que en término
d' Aluarrazin é poblado,
encima d' ũa gran pena,
ben en cabo da montanna.
O que de Santa María
sa mercée ben gaanna.....

O alcaide[14] do castelo
era un pobr' escudeiro
que fora por ssa soldada,
cuidand' end' algun dinneiro
auer; mais[15] polo castelo
non ficar assí senlleiro,
ficou ý a alcaydessa
et que fillar foi por manna
O que de Santa María
sa mercée ben gaanna.....

D' ir cada dia por agua
mui longe a hũa fonte
que nacía en un vale
iuso a pé d' esse monte,
yndo per un semedeiro.
Et mui ben que uos eu conte

---

[1] Así en el cód. T. j. 1.—En el texto se omitió el epígrafe de esta Cantiga.

[2] En el cód. T. j. 1. se modifica, en la presente Cantiga, el sistema seguido en las demás con respecto á los estribillos. En ella se repite despues de cada estrofa el verso tercero ó penúltimo de la misma, segun se irá anotando. En este lugar dice: *Pois nol-a uirgen guardar.*

[3] Así el cód. T. j. 1.—El texto *maten* por *màten.*

[4] En el texto se omite aquí el estribillo, por terminar la estrofa en fin de columna.—T. j. 1.: *Pois nol-a uirgen manten.*

[5] T. j. 1.: esperital.

[6] T. j. 1.: *A uirgen esperital.*

[7] En el texto se halla raspada la *e* de la palabra *seu.* El amanuense escribió al parecer *sou*, y trató de corregir este yerro; pero no llegó á hacerlo.

[8] T. j. 1.: *A que uiu seu fill en cruz.*

[9] T. j. 1.: nol-a uirgen.

[10] T. j. 1.: *Pois nos a uirgen ualer.*

[11] El copiante del códice T. j. 1. omitió el estribillo correspondiente á esta última estrofa, sin embargo de haber suficiente espacio y de estar rayado el pentagrama en que habia de anotarse la música que le corresponde.

[12] T. j. 1.: guaanna.

[13] T. j. 1.: contado.

[14] Falta en el texto la *O* inicial. El amanuense la apuntó al márgen con tinta clara para servir de guia al dibujante.

[15] T. j. 1.: mas.

Digitized by Google

cómo ll' auẽo ú ýa,
pera fillardes façanÿa [1]
O que de Santa María
sa mercée ben gaanna.....

De seruirdes ben a Uírgen
que ésta muito seruía.
Et quand' en cima da pena
foi, de que decer quería
contra a fonte por agua,
un tal uento a fería, [2]
que a espennou [3] de cima,
chamand' a Uírgen sen sanna
O que de Santa María
sa mercée ben gaanna.....

Que lle ualuess'. E tan toste
foi ssa oraçon oýda;
ca pero caeu mui d' alte
non foi morta nen ferida,
mas ergeuss' e deu loores
aa Uírgen mui conprida [4]
de ben; et este miragre
souberon per tod' Espanna.
O que de Santa María
sa mercée ben gaanna,
de tod' ocaion o guarda
iá non será tan estranna. [5]

CLXXXXII.

Como Santa Maria liurou uun mouro a que queria fillar o demo, et féze-o tornar crischão. [6]

Muitas uegadas o dem' enganados
ten os omes por que lles [7] *faz creer*
muitas sandeces, et táes pecados
desfaz a Uírgen por seu gran saber.

E d' esto contado
uos será per mí
miragr' e mostrado
quant' end' aprendí
fremos' aficado;
et ben ascuitado
será, per meu grado,
et deu' a seer,
que o [8] muit' onrrado
Deus [9] et acabado
pola de que nado
foi quiso fazer.
Muitas uegadas o dem' enganados
ten os omes por que lles faz creer..... [10]

En Conssogr' auía
un bon om' atal
que Santa María
amaua máis d' ál;
et mui gran perfía
por ela prendía
sempre cada día,
com' oý dizer,
con un d' Almaría
mouro que dizía
que ren non ualía
o seu gran poder.
Muitas uegadas o dem' enganados
ten os omes por que lles faz creer.....

Aqueste mour' era
d' aquel ome seu
catiuo, et fera-
ment' era encreu;
et iá o quisera
de grad' e fezera
crischão et déra-
lle de seu auer;
mäis non podera,
macar lo dissera,
con él, ca teuera
sempr' en descreer
Muitas uegadas o dem' enganados
ten os omes por que lles faz creer.....

En a Groriosa,
et a razõar
mal et soberuiosa-

---

[1] T. j. 1.: façana en lugar de *façàna*.
[2] T. j. 1.: firia.
[3] T. j. 1.: espenou.
[4] Asi el códice T. j. 1.—El texto:

a uirgen mui conprida,

con lo cual, para que resultase cabal la medida del verso, seria forzoso hacer en la palabra *mui* una diéresis violenta y completamente inusitada en estos códices.
[5] En el texto se omite el estribillo en este lugar.
[6] T. j. 1.: Como santa maria tirou un mouro que era catiuo en Conssogra de poder do demo.
[7] Asi el códice T. j. 1.—El texto: per que *lle*. Es evidente yerro de copia.
[8] La *o*, omitida por el copiante del cód. T. j. 1., se escribió sobre el renglon con pluma y tinta diferentes.
[9] En el cód. T. j. 1. se escribió *de uos*; pero se señaló la *o* con un punto para indicar que debe suprimirse.
[10] El copiante del texto omitió el estribillo en este lugar: el del T. j. 1. escribió únicamente la palabra *Muitas*.

Digitized by Google

ment' e desdennar
que era engannosa [1]
muit' e mentirosa
sa fe et dultosa
et sen prol tẽer;
et tal reuoltosa
cous' e enbargosa
et d' oir noiosa
non é de caber.
Muitas uegadas o dem' enganados
ten os omes por que lles faz creer.....

O om' entendudo
foi et de bon sen,
et apercebudo
de guardar mui ben
o mouro baruudo
falss' e descreudo;
et come sisudo [2]
o mandou meter
en logar sabudo
d' aliub' ascondudo,
et dentr' estendudo
o fezo iazer.
Muitas uegadas o dem' enganados
ten os omes por que lles faz creer.....

Él alí iazendo,
o demo chegou
et logo correndo
en ele entrou;
mäis defendendo-
ss' o mour' e tremendo
muit' e contendendo,
ll' o dedo coller
na boqu' e gemendo
et fort' estrengendo,
tod' e desfazendo,
ll' o fezo perder.
Muitas uegadas o dem' enganados
ten os omes por que lles faz creer.....

D' aquesta maneira
duas noites fez;
mais aa terceira
a Sennor de prez,
a mui uerdadeira
et Uírgen enteira,
come lumeeira [3]
sse lle fez ueer,
et deu-lle carreira
per que na fogueira
d' inferno que cheira
non podess' arder.
Muitas uegadas o dem' enganados
ten os omes por que lles faz creer.....

E disse:—Pagão,
sse queres guarir,
do demo de chão
t' as a departir
et do falsso uão
mui louco vilão
Mafomete cão
que te non ualer
pode, et crischão
te faz et jrmão
nosso, et loução
sei et sen temer.—
Muitas uegadas o dem' enganados
ten os omes por que lles faz creer.....

Poil-o castigara,
él lle respondeo [4]
que en quant' andara
todo falleceo, [5]
et que mal mercara
de que non fillara
bautism', e errara [6]
en seu connocer
por quanto uiltara
a fij tan cara.
—Mais mannáá [7] crara
querrei receber
Muitas uegadas o dem' enganados
ten os omes por que lles faz creer.....

A fe dos romãos;
ca connosco ben
(diss' él) que pagãos

---

[1] Así en el cód. T. j. 1.—El texto: *que erangosa*. Es, sin duda alguna, equivocacion del amanuense.
[2] T. j. 1.: sesudo.
[3] T. j. 1.: lumeeyra.
[4] T. j. 1.: respondeu.
[5] T. j. 1.: falleceu.
[6] T. j. 1.: et que mal errara
de que non fillara
baptism e mercara.....
[7] T. j. 1.: mannaa.

Digitized by Google

andan con mal sen
a guisa de uãos;
ca non son certãos
da lee dos crischãos
per ren mantẽer,
nen [1] come louçãos,
mais com' antiuãos
contra Meca mãos [2]
punnan de tender.—
Muitas uegadas o dem' enganados
ten os omes por que lles faz creer.....

Quando foi mannãa,
d' alý o sacou
seu dono, et chãa-
mente lle contou
que uiú da louçãa
Uírgen que nos sãa
et nos da maçãa
fez perdon auer.
—Porend' a crischãa,
comprida, certãa
lée et non vãa
quero mantẽer.—
Muitas uegadas o dem' enganados
ten os omes por que lles faz creer.....

Sa razon fiida,
fez-lo bautizar [3]
seu don' e conprida-
ment' e muit' onrrar.
Et de bõa vida
foi póis, et seruida
d' él a que conuida-
nos a gran prazer
de dar sen falida
qual non foi oýda
d' auermos guarida
sen nunca morrer.
Muitas uegadas o dem' enganados
ten os omes per que lles faz creer
muitas sandeces, et táes pecados
desfaz a Uírgen por seu gran saber. [4]

CLXLIII.

Como Santa María guardou de morte uun mercadeiro que deitaron no mar. [5]

Sobe los fondos do mar
et nas alturas da terra
á poder Santa María,
Madre do que tod' ensserra.

E d' aquest' un gran miragre
uos direi et uerdadeiro
que fezo Santa María,
Madre do Rei iosticeiro,
quando rei Lõís de França
a Túnez passou primeiro
con gran gente per nauío
por fazer a mouros guerra.
Sobe los fondos do mar
et nas alturas da terra.....

En hũa naue da oste
ú gran gente máa ýa,
un mercador ý andaua
que mui grand' auer tragía;
et porque sóo entrara
ontr' aquela [6] conpanía,
penssaron que o matassen
pera despender na guerra
Sobe los fondos do mar
et nas alturas da terra.....

O auer que él leuaua;
et tal conssello preseron [7]
que en o mar o deitassen;
et un canto lle poseron
odeito aa garganta
et dentro con ele deron;
mais acorreu-ll' a Uírgen
que nunca errou nen erra,
Sobe los fondos do mar
et nas alturas da terra.....

[1] T. j. 1.: non.
[2] Así en los dos códices. En la Cantiga CCCXCVII, que es repeticion de ésta misma, está mejor expresada la frase de este modo:

contra Mec' as mãos.

[3] T. j. 1.: fez llo batiçar.
[4] En el códice T. j. 1. se omitió el estribillo en este lugar por caer en fin de plana.
[5] T. j. 1.: Como santa maría liurou un mercador que deitaron no mar por lle fillaren seu auer.
[6] T. j. 1.: entr aquela.
[7] Así en el códice T. j. 1.—El texto:

et consello preseron.

En esta leccion queda incompleta la medida del verso.
[8] Falta una sílaba á este verso, no haciendo diéresis en las palabras *mais* ó *acorreu* que no la admiten, segun es regla constante. Acaso debiera haberse escrito *acorreu-lle*.

Digitized by Google

Que alý ú u deitaron [1]
tan tost' ela foi chegada,
et guardou-o [2] de tal guisa,
que sol non [3] lli noziú nada
o mar nen chegou a ele,
esto foi cousa prouada;
ca o que en ela ſiar'
en ssa mercée non erra.
Sobe los fondos do mar
et nas alturas da terra.....

E ele alí jazendo
ú u a Uírgen guardaua,
a cabo de tercer dia
outra nau' ý aportaua,
et un ome parou mentes
da nau' e uyú cóm' estaua
aquel [4] ome so a agua,
et diz:—¡Mal aia tal guerra
Sobe los fondos do mar
et nas alturas da terra.....

Ú assí os omes matan
en com' a éste mataron!—
Et dando mui grandes uozes,
os da naue ss' ý iuntaron,
et mostrou-lles aquel ome
et logo por él entraron
et sacáron-o én uiuo
en paz et sen outra guerra.
Sobe los fondos do mar
et nas alturas da terra.....

E poil-o om' [5] a cabeça
ouue da agua ben fóra,
catou logo os da naue
et falou-lles essa ora
et dísse-lles:—¡Ai, amigos!
tiráde-me sen demora
d' aquí ú me deitou gente
máa que ameud' erra.—
Sobe los fondos do mar
et nas alturas da terra..... [6]

Quando os da nau' oýron
falar, espanto prenderon,
ca tijnnan que mort' era;
mais pois lo ben connoceron
et lles él ouue contado
cómo o no mar meteron,
disseron:—¡Mal aia gente
que contra Deus tan muit' erra!—
Sobe los fondos do mar
et nas alturas da terra.....

E depóis lles ar contaua
cómo sempre as uigías
él iaiũaua da Vírgen
et guardaua os seus dias;
et porend' [7] o guardou ela
et féze-lle no mar uías
que o non tangess' a agua
et lle non fezesse guerra.
Sobe los fondos do mar
et nas alturas da terra.....

—E porque entendeu [8] ela
que prendera eu engano,
log' entre mí et as aguas
pos' com' en guisa de pano
branco que me guardou senpre,
per que non recebí dano.
Porén por seruir a ela
seerei en esta guerra.—
Sobe los fondos do mar
et nas alturas da terra.....

Quando os da nau' oýron
esto, mui grandes loores
deron a Santa María
que é Sennor das Sennores;
et pois foron en o porto,
acharon os träedores
et fezeron justiçal-os [9]
como quen atan muit' erra.
Sobe los fondos do mar
et nas alturas da terra.....

---

[1] T. j. 1.: ú o deýtaron.
[2] T. j. 1.: et guardó-o.
[3] T. j. 1.: que no non.—Es yerro, y tal debió parecer al amanuense, pues hizo la señal acostumbrada para corregirlo.
[4] T. j. 1.: aque.—Es yerro.
[5] T. j. 1.: E pois o om.
[6] Falta en el cód. T. j. 1. el estribillo, así en este lugar como en el correspondiente á la última estrofa, por terminar ambas en fin de columna.
[7] T. j. 1.: et poren.
[8] T. j. 1.: entendeo.
[9] T. j. 1.: iosticialos.

Digitized by Google

Poil-a jostiça fezeron,
o mercador entregado
foi de quanto lle fillaran
quando foi no mar deitado;
et él d' alí adeante
sempre seruiú [1] de grado
á Uírgen Santa María
sen falliment' e sen erra.
Sobe los fondos do mar
et nas alturas da terra
á poder Santa María,
Madre do que tod' enserra. [2]

CLXLIIII.

Como Santa María liurou uun iograr d' uuns que o querían matar et lle querían fillar o que tragía. [3]

Como o nome da Uírgen
é aos bõos fremoso,
assí é contra os máos
mui fort' e mui temeroso. [4]

D' est' auẽo un miragre
en terra de Catalonna
d' un iograr que ben cantaua
et apost' e sen uergonna;
et andando pelas córtes
fazendo ben ssa besonna,
a casa d' un caualeiro
foi pousar, cobijçoso,
Como o nome da Uírgen
é aos bõos fremoso.....

Que lle deu aquela noite
ben quanto mester auía;
mais da besta et dos panos
que aquel iograr tragía
aquel cuteif auarento
tal cobijça ll' én crecía,
que mandou a un seu ome
máo et mui soberuioso
Como o nome da Uírgen
é aos bõos fremoso.....

Que lle teuess' a carreira
con outro de ssa companna
en un logar enculberto
dentr' en algũa montanna;
et esto fez él de grado,
ca x' o auía por manna;
ca en fazer máos feitos
non uos era uagaroso.
Como o nome da Uírgen
é aos bõos fremoso.....

E d' essa natura misma
leuou sig' un companneiro.
Et o iograr espediú-sse
mannáa do caualeiro;
et desque foi no camýnno
et o uíron ýr senlleiro,
aqueles dous o prenderon
en un logar mui fragoso.
Como o nome da Uírgen
é aos bõos fremoso.....

E logo d' aquel camýnno
mui longe o alongaron,
et do que sigo tragía
nulla ren non lle leixaron;
des í que o degolassen
ontre ssí o acordaron,
mais non o sofreu [5] a Uírgen
nen seu Fillo groriioso.
Como o nome da Uírgen
é aos bõos fremoso.....

E estando en perfía
de quál d' eles o matasse,
deitaron ontre ssí sortes
quén primeiro começase;
mas [6] non quis' Santa María
que tal feito s' encimasse,
ca él diss' a grandes uozes:
—Madre do Rei pïadoso,
Como o nome da Uírgen
é aos bõos fremoso.....

---

[1] T. j. 1.: seruiço.—Las últimas palabras de este verso están escritas en el texto sobre raspado.
[2] Falta el estribillo en los dos códices.
[3] T. j. 1.: Como santa maria guariu de morte un iograr por que enmentou o seu nome.
[4] En el códice T. j. 1. están reducidos á uno cada dos versos de esta Cantiga.
[5] T. j. 1.: sofreo.
[6] T. j. 1.: mais.

Digitized by Google

E ualm' [1] e que me non maten
me defende sen demora.—
Eles, quand' aquest' oýron,
tiráron-sse log' afora,
et os sentidos perderon
dos corpos en essa ora,
que sol falar non poderon.
Et o jograr perdidoso
Como o nome da Uírgen
é aos bõos fremoso.....

De quanto alí trouxera,
pois uiú que assí estauan
catándo-sse uun [2] con outro
et que non se falauan, [3]
fillou todo o seu logo
et foi-ss', e eles ficauan
con mui gran pauor de morte.
Feito tan marauilloso
Como o nome da Uírgen
é aos bõos fremoso.....

Se foi nunca nïun ome
que d' ele falar oísse,
que por ementar o nome
da Uírgen ren non sentisse
ome do corpo; mais esto
ánt' a profeta o disse,
que come azes paradas
era seu nom' espantoso.
Como o nome da Uírgen
é aos bõos fremoso.....

O iograr sse foi sa vía,
dando mui grandes loores
aa Vírgen groriosa,
acorro dos peccadores;
et quantos aquesto oýron,
os grandes et os menores,
teueron este miragre
por nobr' e por piadoso.
Como o nome da Uírgen
é aos bõos fremoso,
assí é contra os máos
mui fort' e mui temeroso. [4]

CLXXXXV.

Como Santa María fez que onrrassen o caualeiro que morreu no torneamento, [5] porque guardou a sa festa.

Quen a festa et o dia
da mui Groriosa
quiser guardar, todauía
seer-ll'-á piadosa.

E d' esto contado
per mí mui de grado
será et mostrado
que a que nos guía,
a mui preciosa,
fez miragre sinaado,
come poderosa,
Quen a festa et o dia
da mui Groriosa.....

D' un bon caualeiro
d' armas que senlleiro
con seu escudeiro
a vn tornei ýa
et uiú mui fremosa
menýnna en un terreiro
et muit' amorosa.
Quen a festa et o dia
da mui Groriosa.....

Él nunca quisera
casar, más mui fera-
mente garçon era;
porén lle fazía
ssa luxuriosa [6]
uoontade que ouuera
sempr' e boliçosa,
Quen a festa et o dia
da mui Groriosa.....

Qve a cobijçasse
et a demandasse
et sigo leuasse,
et que auería
noite mui viçosa

---

[1] T. j. 1.: Ualm'.—Sin la conjuncion *E* queda incompleta la medida del verso, que debe ser octosílabo.
[2] T. j. 1.: un.
[3] Así en los dos códices. Falta una sílaba a verso.
[4] Omitióse el estribillo en este lugar del texto, por falta de espacio.
[5] Hasta aquí el epígrafe en el códice T. j. 1.
[6] T. j. 1.: Sa lussuriosa.

Digitized by Google

se con ela albergasse,
et mui saborosa.
Quen a festa et o dia
da mui Groriosa.....

A seu padr' agýnna
mandou da menýnna,
d' essa fremosýnna,
que él lle daría
per que menguadosa
nunca fosse nen mesqýnna,
mais sempr' auondosa.....
Quen a festa et o dia
da mui Groriosa.....

E él con pobreza,
por gannar requeza
fez grand' auoleza,
disse que querría;
et mui vergonnosa-
mente ll' a deu con uileza,
ca non por esposa.
Quen a festa et o dia
da mui Groriosa.....

Pois ll' a outorgada
ouue et leuada [1]
dentr' a ssa pousada,
ela sse changía
dizend':—¡Ai, coitosa!
Nunca máis serei chamada
uírgen omildosa.—
Quen a festa et o dia
da mui Groriosa.....

Ú ela choraua,
él lle demandaua
cómo sse chamaua.
Diss' ela:—María
a malauegosa,
que en quant' eu receaua
caý com' astrosa.
Quen a festa et o dia
da mui Groriosa.....

Ca sempr' eu guardara,
pois sábad' entrara,
ssa noit', e punnara
de tẽer vigía
pola deseiosa
uida gannar que achara
certa, non dultosa.—
Quen a festa et o dia
da mui Groriosa.....

Quand' él est' oýdo
ouue, esmarrido [2]
foi et mui partido
do que cometía;
et ant' a chorosa
se connoceu por falido,
pois religïosa
Quen a festa et o dia
da mui Groriosa.....

Era ben na mente.
Porén mantenente
a un seu sergente
diz:—Á abadía
que é en Tolosa
mi leua, de San Clemente,
esta querelosa.
Quen a festa et o dia
da mui Groriosa.....

E dí log' a essa [3]
que é abadessa
que nunca condessa
sigo collería
que máis proueitosa
lle seia; ca, mia promessa,
non é reuoltosa.—
Quen a festa et o dia
da mui Groriosa.....

Eý-la no conuento,
et él non con cento
no tornëamento,
ú morte prendía

---

[1] Así el cód. T. j. 1.—El texto:

ouu e leuada.

En esta leccion falta al verso una silaba.

[2] T. j. 1.: esmorrido.

[3] Así en el cód. T. j. 1.—En el texto se omitió este verso, empezando la estrofa con el segundo:

que é abadessa.

El amanuense, que sin duda echó de ver la omision, hizo al márgen la señal de advertencia.

Digitized by Google

mui perigoosa,
et ý ouu' enterramento [1]
na praça eruosa.
Quen a festa et o dia
da mui Groriosa.....

O conuent' estando
a él asperando [2]
muit' e preguntando
quándo chegaría;
mais lá mui queixosa
a moça foi por él, quando
ouue sospeytosa
Quen a festa et o dia
da mui Groriosa.....

Sa vida, et forte
temeu d' él sa morte;
mas deu-ll' én conorte
de noit' ú durmía
a mui Graciosa
dizendo:—D' aquel ssa sorte
non é temerosa,
Quen a festa et o dia [3]
da mui Groriosa.....

Ca iá é na vida
santa et comprida;
mas tú sen falida
mia messagería
faz com' aguçosa
a abadessa, que ida
faça mui trigosa
Quen a festa et o dia
da mui Groriosa.....

Alí ú lidaron,
ca ben ý mataron
et ar enterraron
aquel que t' auía
por muit' enganosa-
mente, et a él tiraron
d' aquest' amargosa
Quen a festa et o dia
da mui Groriosa.....

Uida et deserta;
de que será certa
quando uir' abertamente que nascía
hũa deleytosa
rosa: porén sen referta
váa ý goyosa.—
Quen a festa et o dia
da mui Groriosa.....

A moça, que sage
foi, aquel uiage
fez com' é vsage:
foi quant' ýr podía
aa mui briosa
abadess' e seu message
contou mederosa-
Quen a festa et o dia
da mui Groriosa.....

Ment', e ela disse:
—Non foi quen oýsse
nunca nen o visse
est'; e eu sandía
et mui reuatosa
sería sse ý saísse
por tí mentirosa.—
Quen a festa et o dia
da mui Groriosa.....

A moç' esperduda
sse foi, et viuda
a Uírgen sannuda
ouue que dizía:
—Torn' á orgullosa
abadessa atreuuda

[1] Así el cód. T. j. 1.—En el texto falta una sílaba, segun la combinacion de estas estrofas. Dice así:

et ouu enterramento.

[2] T. j. 1.: esperando.

[3] Hasta aquí el códice T. j. 1., del cual falta el último cuaderno que debía contener el resto de esta Cantiga y las siguientes hasta la CC.

Habiendo de ser de aquí adelante muy corto el número de las Cantigas que requieren confrontacion—ya únicamente con el códice de Toledo,—conviene advertir que las notas sucesivas en que no se haga mencion expresa de este códice, se refieren exclusivamente al texto.

Digitized by Google

et mui desdennosa,
Quen a festa et o dia
da mui Groriosa.....

E dá-lle sýnáes
de pecados táes
que fez mui mortáes,
per que ýr deuía
aa espantosa
perdiçon, porque fez máes
come uil lixosa.—
Quen a festa et o dia
da mui Groriosa.....

A moça mui quedo
ll' o diss' e con medo;
et a dona cedo
meteu-sse na uía
muit' apressurosa-
ment' e non guardou degredo,
et foý affanosa
Quen a festa et o dia
da mui Groriosa.....

En dessoterral-o
et d' alí leual-o
et depois deital-o
como merecía;
ca marauillosa
uertude fez en mostral-o
a mui vertüosa.
Quen a festa et o dia
da mui Groriosa.....

D' alý adëante
foi mui ben andante
a moça, que ánte
muito mal soffría
da mui despeitosa
abadessa, de talante
braua et sannosa.
Quen a festa et o dia
da mui Groriosa
quiser guardar, todauía
seer-ll'-á piadosa.

CLXXXXVI.

Como Santa Maria conuerteu un gentil que lle queria gran mal et fezera hua forma pera deitar hua ýmágen do ýdolo que adorasse et sayú-lle hua ymágen de Santa Maria con seu Fillo en braços.

Sempre punnou muit' a Uirgen
per ú fosse connoçuda
dos que a non connocian,
et sa bondade sabuda. [1]

E d' esto uos contar quero
un miragre mui fremoso
que mostrou Santa María
por un gentil perfioso
que ídolos äoraua
et o nome grorioso
d' ela oýr non quería;
tanto ll' era [2] auorreçuda.
Sempre punnou muit' a Uirgen
per ú fosse connoçuda..... [3]

Nen o feito de seu Fillo
per ren creer non quería,
et sse d' eles lle falaua
alguen, log end' el fugía;
et porén uos direi ora
o que ll' aüeo un dia,
per que póis sa uoontade
foi na Uirgen concebuda.
Sempre punnou muit' a Uirgen
per ú fosse connoçuda.... [3]

Él moraua en Besanço,
que agora é chamada
Costantinopla a grande,
que de Costantin pobrada
foi; mais ánt' en aquel tenpo [4]
a nossa fé começada
era, et ant' os gentíjs
a guardauan asconduda-
Sempre punnou muit' a Uirgen
per ú fosse connoçuda.....

---

[1] Estos cuatro versos y los dos primeros de la estrofa que sigue están escritos sobre raspado.

[2] La *a* de esta palabra está señalada con un punto, tal vez con objeto de suprimirla. Esta idea se patentiza además con no haberse escrito más que una nota musical.

[3] El amanuense no escribió de este estribillo más que la palabra *Sempre*, con sus notas musicales, por falta de espacio en el pentagrama.

[4] Este verso está escrito sobre raspado.

Digitized by Google

Mente; et porend' aqueste
que uos dixi da primeira,
sacerdote dos gentíjs,
quería de gran maneira
compõer hũa omágen
d' ídolo que de certeira
cousa lle desse resposta
faland' e non fosse meuda. [1]
Senpre punnou muit' a Uírgen
per ú fosse connoçuda.....

Él fezera iá as formas,
de que sse muito pagaua,
et pois foron ben caentes,
o metal dentr' a deitaua;
mais non achou ý omágen
na forma que él cuidaua;
ca, par Deus, mellor fegura
lle foi ý appareçuda.
Senpre punnou muit' a Uírgen
per ú fosse connoçuda.....

Ca ú él achar cuidaua
un demo que äorasse
et que lle resposta desse
de quanto-ll' él preguntasse,
achou Dona con seu Fillo
ben como sse o criasse,
tẽendo-ll' a teta 'm boca.
Et pois d' ele ueuda, [2]
Senpre punnou muit' a Uírgen
per ú fosse connoçuda.....

Marauillou-ss' ende muito
et ficou tan espantado,
que a todolos seus tenplos
foi én demandar recado
se tal omágen sabían
d' algun deus, ou fegurado
era, ou d' algua [3] gente
äorada et creuda.
Senpre punnou muit' a Uírgen
per ú fosse connoçuda.....

Mas pois que d' esto recado
non achou en os pagãos,
foi-sse logo mui correndo
a preguntar os crischãos
sse tal fegura auían.
Disseron:—Somos certãos
que tal omágen da Uírgen
é, que Deus oüu' esleuda
Senpre punnou muit' a Uírgen
per ú fosse connoçuda.....

Por ssa madre.—Et tan toste
o meteron na eigreia;
et pois él uiú a omágen
d' aquela que sempre seia
bẽeita, disse:—Conuosco
oý máis non quero peleia;
ca tal com' ésta aquela
é que m' ouu' apareçuda.
Senpre punnou muit' a Uírgen
per ú fosse connoçuda.....

Pois aquesto lles disse, [4]
fézo-sse logo crischão,
et o templo que guardaua
derribou todo de chão
et quebrantou as amages; [5]
ca non quis usar en uão
a ssa uida, et ssa morte [6]
foi-ll' a alma recebuda
Senpre punnou muit' a Uírgen
per ú fosse connoçuda.....

---

[1] El sentido requiere *muda*. El punto con que está señalada la *c* manifiesta el propósito de suprimirla.

[2] No parece aventurado conjeturar que el amanuense omitió aquí por olvido el verbo *foi*

(et pois *foi* d' ele ueuda),

con lo cual quedarian perfectos el sentido y la medida del verso.

[3] Omitida la tilde sobre la *u*, quizá por olvido.

[4] La *E* en pequeño tamaño puesta en el códice para servir de indicacion, segun costumbre, al dibujante de las letras de adorno, manifiesta que debió empezar el verso con aquella conjuncion, que requieren á una el sentido y la medida.

[5] Parece yerro evidente. La leccion constante de los códices es *ymages* ú *omages*.

[6] Este verso, de oscuro sentido, está señalado al márgen, sin duda con objeto de corregirlo. Acaso la falta consista en no estar colocada la preposicion *a* en su verdadero lugar. Si se escribiera el verso de este modo:

ssa uida, et a ssa morte,

quedarian correcta la frase y claro el sentido.

Digitized by Google

En o paraýso santo
ú estan todolos santos
a nostro Sennor loando
con mui saborosos cantos.
Esto fez a Uírgen Madre
que faz de miragres quantos
ome contar non podía;
ca sempre en ben estuda.
Sempre punnou muit' a Uírgen
per ú fosse connoçuda
dos que a non connocian,
et sa bondade sabuda.

CLXXXXVII.

Como Santa María [1] de Terena ressocitou uun menýnno a que matara o demo.

Como quer que gran poder
á o dem' [2] en fazer mal,
maýor l' á en ben fazer
a Reýnna spiritál.

Ca sse él algun poder
á nos ómees matar
pelos pecados que fazen,
et o quer Deus endurar, [3]
mui maýor poder sa Madre [4]
á en os ressucitar:
et porend' un gran miragre
uos direi de razon tal.
Como quer que gran poder
á o dem' en fazer mal.....

En un logar que os Conbre
chamad' é, que preto iaz
de Xerez de Badallouço,
ouu' ý un ome de paz
mui rico, que seus gannados
auía et pan assaz,
et ést' un seu fill' auía
que amaua mui máis d' ál. [5]
Como quer que gran poder
á o dem' en fazer mal.....

E porque aquel seu fillo
amaua máis d' outra ren,
mandou-lle que seus gannados
fillasse et guardasse ben.
Et con despeito d' aquesto
fillou-o demo porén;
mais d' est' a madr' e o padre
auían coita mortal.
Como quer que gran poder
á o dem' en fazer mal.....

Ca tan forte o fillaua
o demo, com' aprendí,
cinc' ou seis uezes no dia
ou sete, per cona oý;
mais hũa uez atan forte
o fillou, que ben alý
ú estaua afogou-o
et morreu, ú non ouu' ál.
Como quer que gran poder
á o dem' en fazer mal.....

Mas seu padr' e seus parentes
fezeron dóo enton
por él mui grand' e mui fero,
chorando de coraçon;
et un seu irmão disse:
—Oýde-m' hũa razon,
ca tenno que o terredes
por conssello mui leal.
Como quer que gran poder
á o dem' en fazer mal.....

Meu ýrmão prometera
por en romaría ýr
a Terena, mais non quiso
Deus que o fosse conprir;
mais eu, porque ele seia
perdõado, sen falir
ýrei alá de bon grado
et fareý este iornal.
Como quer que gran poder
á o dem' en fazer mal.....

---

[1] Así en el Sumario. Aquí se omitió por olvido la palabra *María*. El copiante hizo al márgen la señal acostumbrada, que indica necesidad de correccion.

[2] El artículo *o*, omitido por distraccion del amanuense, se escribió despues sobre el renglon con pluma y tinta diferentes.

[3] Escrita en abreviatura sobre el renglon la palabra *deus*, omitida por el amanuense.

[4] El copiante escribió *sa madr*. La misma pluma que corrigió las omisiones anteriores, añadió aquí sobre el renglon la *e* final de esta palabra.

[5] Escrito este verso sobre raspado.

Digitized by Google

Mais ficad' ánt' os gẽollos
et a Madre de Deus [1]
rogade que lle perdõe
de todolos pecados seus; [2]
et eu promet' a sa obra
dez d' aquestes porcos meus
en tal que por ele rogue
a Sennor que pod' e ual.
Como quer que gran poder
á o dem' en fazer mal.....

Por rogo da Uírgen Madre
Deus ssa oraçon oýú,
et o que iazía morto
atan toste resurgiú:
et des alí adeante
d' aquel mal ren non sentia. [3]
Esto fez Santa María
que aas coitas non fal.
Como quer que gran poder
á o dem' en fazer mal.....

Ovtro día madurgada
pera Terena filiou
o camýnn', e seu irmão
nunca sse d' ele quitou:
et pois foi en a eigreia,
aqueste feito contou
todo como ll' aũera,
et seu don deron ý, qual
Como quer que gran poder
á o dem' en fazer mal.....

Ánte prometud' auian.
Et porén todos loor
deron a Santa María,
Madre de nostro Sennor,
porque resurgiú de morte
o que o demo mayor
matou et deffez seu feito
como a agua o sal.
Como quer que gran poder
á o dem' en fazer mal,
mayor l' á en ben fazer
a Rẽynna spirital.

CLXXXXVIII.

Esta é como Santa Maria fez fazer paz et que sse perdõassen uuns omees que sse querian matar uuns con outros ant' a sa eigreia en Terena.

Muitas uezes uolu' o demo
as gentes por seus pecados,
que non quer Santa María
pois lle son acomendados.

D' est' aucõ en Terena
un miragre mui fremoso
que mostrou Santa María,
et d' oýr mui saboroso;
et poil-o oýren, creo
que por mui marauilloso
o terrán, et que metudo
deu' a seer ontr' os preçados.
Muitas uezes uolu' o demo
as gentes por seus pecados.....

En aquel logar s' aiuntaron [4]
d' ómees mui gran conpanna
que luitauan et fazían
gran festa, a for d' Espanna;
mais o demo, de mal chẽo,
meteu ontr' eles tal sanna,
que por sse mataren todos
foron mui correnḍ' armados
Muitas uezes uolu' o demo
as gentes por seus pecados.....

E a lidar começaron
feríndo-ss' a desmesura;
durou o máis da noite [5]
aquesta malauentura,
cuidando que sse matauan;
mais a nobre Uírgen pura
non quis, cuios romeus eran,
que mortos nen sol chagados
Muitas uezes uolu' o demo
as gentes por seus pecados.....

Fossen da lid' a ssa casa,

[1] Falta una sílaba al verso. Tal vez omitió el amanuense el artículo *a*.
[2] Sobra indudablemente la preposicion *de*, como lo demuestra la medida del verso.
[3] Debe decir *sentiú*. La *a* está marcada con un punto, y además se hizo al márgen la señal de correccion. La rima demuestra, por otra parte, que se cometió una equivocacion material.
[4] Sobra una sílaba en el verso.
[5] Al principio de este verso parece olvidada la conjuncion *e*, sin la cual queda incompleta la medida.

Digitized by Google

mais en meogo d' un chão
ú lidaron ben des quando
começara o serão;
et ú sse matar cuidauan,
ben assí de cabo são
fez que fossen uuns d' outros
muit' amigos et pagados.
Muitas [1] uolu' o demo
as gentes por seus pecados.....

E ú andauan buscando
os mortos que soterrassen
et os outros mal chagados
de que ben penssar mandasen,
non quiso Santa María
que neuun tal achassen;
mas perpontos et escudos
acharon muitos colpados.
Muitas uezes uolu' o demo
as gentes por seus pecados.....

Ca non foi neuun d' eles
que non teuesse ferida;
mas sol non tangeu en carne,
ca non quis a mui conprida
Rẽyna [2] Santa María;
ca ela nunca obrida
de ualer aos que ama
nen aos que son cuitados.
Muitas uezes uolu' o demo
as gentes por seus pecados.....

Porend' aqueste miragre
por mui grande o teueron
todos quantos lo oýron,
et porende graças deron [3]
grandes a Santa María;
et pois ssa festa fezeron,
deron ý de seus dýnneiros
et d' eles de seus gannados.
Muitas uezes uolu' o demo
as gentes por seus pecados,
que non quer Santa María
pois lle son acomendados.

CLXXXXVIIII.

Como un peliteiro que non guardaua as festas de Santa María et começou a laurar no seu dia de Março, et trauessousse-lle a agulla na garganta, que a non podia deitar; et foi a Santa María de Terena et foi logo guarido.

Com' é o mund' auondado
de máes et d' ocaiões,
assí é Santa María
de graças et de perdões.

Ca sse Deus soffr' ao demo
que polos nossos pecados
nos dé coitas et doores
et traballos et coidados,
logo quer que por sa Madre
scian todos perdõados
por creenças, por iaiuuns,
por rogos, por orações.
Com' é o mund' auondado
de máes et d' ocaiões.....

Porén direi un miragre
que fez por un peliteiro
que moraua na fronteira
en un castelo guerreiro
que Búrgos este chamado
et demáis está fronteiro
de Xerez de Badallouce
ú sóen andar ladrões.
Com' é o mund' auondado
de máes et d' ocaiões.....

E en aqueste castelo
o peliteiro moraua
que da Madre de Deus Santa
nunca as festas guardaua,
et pola festa de Março
ú él sas peles lauraua;
et do mal que ll' end' auẽo
por Deus oýde, uarões.
Com' é o mund' auondado
de máes et d' ocaiões.....

[1] El copiante omitió aquí por olvido la palabra *uezes*, que forma parte del estribillo.
[2] *Reỹna* en otros lugares.
[3] Las palabras *graças deron* están escritas sobre raspado.

Digitized by Google

Ca ú meteu a agulla
na boqu' e enderençando
as peles pera laural-as,
non catou ál senon quando
a trociú et na garganta
se lle foi atrauessando;
ca os que o demo seruen
an d' él táes galardões.
Com' é o mund' auondado
de máes et d' ocaiões.....

E d' aquesta guisa seue
muitos dias, que deital-a
per nunlla [1] ren non podía
nen outrossí traspassal-a;
demáis inchou-ll' a garganta, [2]
assí que perdeu a fala
et tornou-ll' o rosto negro
muito máis que os caruões.
Com' é o mund' auondado
de máes et d' ocaiões.....

E pöis él parou mentes
et uiú que assí morría,
et física que fezesse
nulla prol non lle fazía;
mandou-sse leuar tan toste
dereit' a Santa María
de Terena, prometendo-
lle sas offertas et dões.
Com' é o mund' auondado
de máes et d' ocaiões.....

E quando foi na eigreia,
ant' o altar o deitaron
et log' a Santa María
muito por ele rogaron;
et él, chorand' e gemendo,
dormeceu, et non cataron
senon quando ll' a agulla [3]
saÿú sen grandes mixões
Com' é o mund' auondado
de máes et d' ocaiões.....

Que fezesse por sacal-a;
ca ú iazía dormindo,
a Uírgen mui groriosa
ll' a fez deitar et tossindo
enuolta en hũa peça
de carn'. E esto oÿndo
as gentes que ý estauan,
deron grandes bẽeições
Com' é o mund' auondado
de máes et d' ocaiões.....

Aa bẽeita Rẽÿnna
que en cẽo et en terra
acorre aos coitados
et perdõa a quen ll' erra
et pera auer mercée
nunca ss' a ssa porta serra,
et que os guarda do dem' e
de sas máas tentações.
Com' é o mund' auondado
de máes et d' ocaiões,
assí é Santa María
de graças et de perdões.

CC.

Esta é de loor de Santa Maria.

Santa María loci
et lóo et loarei.

Ca ontr' os que oge nados
son d' ómees muit' onrrados,
a mí á ela mostrados
máis bẽes que contarej.
Santa María loci.....

Ca a mí de bõa gente
fez uïjr dereitamente
et quis que mui chãamente
reinass' e que fosse rei.
Santa María loci.....

E con as sas pïadades
nas grandes enfermidades
m' acorreu; por que sabiádes
que porén a seruirey.
Santa María loci.....

E dos que me mal querían
et buscauan et ordían

[1] *Nulla* en otros lugares. Véase el cuarto verso de la estrofa siguiente.

[2] Este verso está escrito sobre raspado.

[3] Escrito este verso sobre raspado.

Digitized by Google

deu-lles o que merecían,
assí como prouarei.
Santa María loci.....

A mí de grandes pobrezas
sacou et deu-me requezas;
por que sas grandes nobrezas
quantas máis poder direi.
Santa María loci.....

Ca mi fez de bõa terra
sennor, et en toda guerra
m' aiudou a que non erra
nen errou, ú a chamei.
Santa María loci.....

A mí liurou d' oqueijões,
de mortes et de lijões;
por que sabiádes, uarões,
que por ela morrerei.
Santa María loci.....

Porén todos m' aiudade
a rogar de voontade
que con ssa gran pïadade
mi acorra, que mester ei.
Santa María loci.....

E quando quiser que seia,
que me quite de peleia
d' aqueste mund', e que ueia
a ela que sempr' amej.
Santa María loci
et lóo et loarei.

CCI.

Como Santa María liurou de morte hũa donsela [1] que prometera de guardar sa uirgijdade. [2]

Muit' é máis a piadade
de Santa María
que quantos pecados ome
fazer podería.

E porén, meus amigos,
agora m' ascuitade
un fremoso miragre,
com' aprix' en uerdade
que fez Santa María
de mui gran pïadade, [3]
que sempre por nós roga
a Deus a noit' e dia.
Muit' é máis a piadade
de Santa María.....

E aqueste miragre
por hũa donzela [4]
que era de gran guisa
et aposta et bela,
et que lle prometera
de seer sa ancela
et de guardar seu corpo
ben de toda folía.
Muit' é máis a piadade
de Santa María.....

Assí o fez gran tempo;
mas o dïabr' antigo,
que de virgijndade
é sempre enemigo,
a tentou en tal guisa,
que lle fez por amigo
fillar un seu padrýnno
con que fez drudaría,
Muit' é máis a piadade
de Santa María.....

De guisa que foi prenne
per ssa malauentura,
et ouue d' él un fillo,
niui bela creatura;
et pois que o uiú nado,
creceu-lle tal tristura,
que o matou mui toste
como moller sandía.
Muit' é máis a piadade
de Santa María.....

Pois que o ouue morto,

[1] *Donzela* en el Sumario. Así tambien en esta misma Cantiga (estrofa 2.ª) y en otros lugares de los códices.

[2] Debió haberse escrito *uirgijdade*, segun se halla en otros parages.

[3] Como se ve, la medida de estos dos versos corresponde á la de los demas de la estrofa. Posteriormente se añadió sobre el renglon una *o* al verbo *fez* y se señaló con puntos la palabra *mui*, acaso para suprimirla. Ambas correcciones son inadmisibles, porque alteran el número requerido de sílabas métricas; á no ser que el amanuense, como hace en otros casos, dividiera los versos de esta Cantiga, debiendo ser de catorce sílabas.

[4] La falta de una sílaba en este verso y de sentido en la estrofa hace creer que el amanuense omitió la palabra *fez*, con que parece que debia principiar.

Digitized by Google

non soub' auer recado
de parti-sse do feito;
mas tornou no pecado
et ar fez outro fillo,
et logo que foi nado,
mató-o. Ar fez outro
que pos' per esta uía.
Muit' é máis a piadade
de Santa María.....

Pois seus tres fillos ouue
mortos a malfadada
per conssello do demo,
foi ben desasperada
que per reu que fezesse
nunca iá perdõada
de Deus nen de sa Madre
seer non podería.
Muit' é máis a piadade
de Santa María.....

E creceu-ll' én tal coita,
que ouue tal despeito
de ssí, que d' un cuitelo
se feriú en o peito;
et non morreu do colbe,
ca non foi a dereito,
pero caeu en terra,
ca mui mal lle doýa.
Muit' é máis a piadade
de Santa María.....

E que morress' agýnna
fez cousa muit' estranýa:
ergeu-sse mui correndo
et pres' hũa aranna
et comeu-a tan toste;
mas non era tamanna
nen tan enpoçõada
en com' ela quería.
Muit' é máis a piadade
de Santa María.....

E pois uiú que por esto
iá morte non presera,
ar foi comer outra grand'
empoçõad' e fera
con que inchou tan muito
que a morrer ouuera.
Et iazend' en tal coita
muito sse repentía
Muit' é máis a piadade
de Santa María.....

Do mal que feit' ouuera,
et diss':—¡Ai, Groriosa!
non cates com' eu soon
pecador et astrosa
nen sofras que me perça,
mas sei-me piadosa
et guárda-me do demo
et da ssa gran perfía.
Muit' é máis a piadade
de Santa María..... [1]

Enton a Uírgen santa
ll' apareceu de chão
et polo corpo todo
foi-lle tragend' a mão,
et tornou-ll'-o tan fresco,
tan fremos' et tan são
como nunca máis fora.
Et assí a guaría,
Muit' é máis a piadade
de Santa María.....

Dizend':—¿E non te nenbra
que prometud' ouueste
de tẽer castidade,
mas póis non a teueste?
Mais se te ben partires
d' este mal que fezeste,
perdõar-ch'-á meu Fillo,
ca eu t' aiudaría.—
Muit' é máis a piadade
de Santa María.....

Quando ll' est' ouue dito,
foi-sse; et mui guarida
ficou assí a dona,
et tan toste saýda
fez d' alí et pres' órden,

[1]. Omitido el estribillo en este lugar, por caer el último verso de la estrofa en fin de columna.

Digitized by Google

ú acimou ssa uida
tan ben, por que dos santos
foi en ssa conpanía.
Muit' é máis a piadade
de Santa María
que quantos pecados ome
fazer podería. [1]

CCII.

Esta é como un clérigo en Paris fazia hũa prosa a Santa María et non podia achar [2] hũa rima, et foi rogar a Santa [3] María que o aiudasse ý, e achó-a logo et a Magestade lle disse: «Muitas graças.»

Muito á Santa María,
Madre de Deus, gran sabor
d' aiudar quen lle cantares
ou prosas faz de loor.

D' aquest' ora un miragre
oý pouc' á retraer
que a un arcidiago
aũco, que gran prazer
auía en fazer prosas
de ssa loor, et dizer
sa bondad' e ssa mesura
et seu prez et ssa ualor.
Muito á Santa María,
Madre de Deus, gran sabor.....

Él hũa prosa fazía
que era feita mui ben,
senon fosse hũa rima
sóa que minguaua én
et achar non a podía,
et cuidaua que por ren
per él iá non ss' acharía
nen por outro sabedor.
Muito á Santa María,
Madre de Deus, gran sabor.....

Él iá por desasperado
de ss' aquela rim' achar
per ome d' aqueste mundo,
foi-ss' enton a un altar
da Uírgen Santa María,
et começou-ll' a rogar
de ss' acabar esta prosa
que lle foss' aiudador;
Muito á Santa María,
Madre de Deus, gran sabor.....

Ca ela era ben feita
de ssa loor et de Deus
et de com' a Trijndade
entendessen os encreus,
et él dar non lle podía
nẽun cabo; mas os seus
gẽollos ficou que ela
foss' end' acabador. [4]
Muito á Santa María,
Madre de Deus, gran sabor.....

Estand' él assí en prezes,
uẽo-lle a coraçon
a rima que lle minguaua,
que era de tal razon
en latin et que mostraua
Nobile Triclinium,
et non auía palaura
que ý fezesse mellor.
Muito á Santa María,
Madre de Deus, gran sabor.....

Esta rima que ũos digo
é que quer dizer assí:
Nobre Casa de morada,
tres moradas á en tí:
Deus Padre et o seu Fillo
et o Sant Espirit' ý
uẽeron morar sen falla
por nos fazeren amor.
Muito á Santa María,
Madre de Deus, gran sabor.....

Pois ouu' a pros' acabada,
Santa María loou

---

[1] Falta el estribillo en este lugar.

[2] Así en el Sumario. El amanuense omitió aquí, por distraccion sin duda, el verbo *achar*, necesario para el sentido de la frase.

[3] El copiante escribió aquí *que o:* pero tachó estas palabras, advirtiendo sin duda que estaban fuera de su lugar.

[4] Así este verso, tal vez en lugar de:

foss' ende acabador.

De este modo queda el octosilabo completo, no haciendo sinalefa, que es lo comun en estos cantares.

Digitized by Google

que ll' a tan ben acabara,
et con gran prazer chorou;
mais a cabo d' ũa peça,
a omage s' enclinou
d' ela et mui passo disse:
«Muitas graças, meu sennor.»
Muito á Santa María,
Madre de Deus, gran sabor.....

Este miragre que Santa
María demostrar quis
conteceu, non á gran tenpo,
na cidade de París;
et ueredes a omágen,
por seerdes én máis fis,
oge dia enclinada
estar dentr' en San Vitor.
Muito á Santa María,
Madre de Deus, gran sabor
d' aiudar quen lle cantares
ou prosas faz de loor.

CCIII.

Como Santa Maria acrecentou a farỳnna a hũa bõa moller, porque a daua de grado por seu amor.

Qven polo amor de Santa
María do seu fezer
algun ben, dar-uo-ll'-á ela
que dé, se o non teuer. [1]

Por esto deu' ome sempre
a seruir et a guardar
a Uírgen Santa María
et no seu ben confiar;
ca uos direi un miragre
que quis pouqu' í á mostrar
a hũa sua amiga
que era santa moller.
Quen polo amor de Santa
María do seu fezer.....

E seruir Deus et os santos
auía mui gran sabor,
et seu tempo despendía
en seruir nostro Sennor,
et se ll' os pobres pedian
esmolna polo amor
da Uírgen Santa María,
logo lles daua que quer
Quen polo amor de Santa
María do seu fezer.....

Que teuess'. E en ssa casa
un dia estand' assí,
muitos pobres uergonnosos
pedir vẽeron alí,
et deu-lles hũa grand' arca
de farỳnna chẽa ý.
Disseron:—Santa María
uos dé ben, se ll' aprouguer.—
Quen polo amor de Santa
María do seu fezer.....

A cabo d' ũa gran peça
outra conpanna chegou
de pobres, et ouue dóo
d'eles grande et chamou [2]
ante ssí hũa ssa filla
et disso:—Sse ý ficou
iá que pouca de farỳnna,
dáde-ll' a que ý ouuer.—
Quen polo amor de Santa
María do seu fezer.....

A filla enton lle disso:
—Con mia mão uarrí iá
a arca.—Et diss' a madre:
—Ar ýde pero alá.—
Et foi et achou-a chẽa
de farỳnna ben atá
na cima, et deu-lles d' ela
quanto lles ouue mester.
Quen polo amor de Santa
María do seu fezer
algun ben, dar-uo-ll'-á ela
que dé, se o non teuer.

[1] En el texto se escribió primero este verso lo mismo que está en el Sumario:

que de seu non teuer.

Posteriormente se raspó la *u* de *seu*, convirtiéndola en *o*. De este modo resulta la leccion perfecta.

[2] Las palabras *grande et chamou* están tachadas con una raya sutil. Se hizo además sobre las dos últimas letras la señal de correccion; pero no se ve ninguna, ni parece necesaria.

Digitized by Google

CCIIII.

Como Santa Maria guariú un frade por rogo de San Domingo.

Aquel que á Uirgen Santa
María quiser seruir,
quand' ouuer coita de morte
ben o pod' ela guarir.

D' aquesto a San Domingo
un miragre conteceu:
él un bõn arcediago
en ssa órdem recebeu,
que era mui leterado,
et por aquest' entendeo [1]
que podía en começo
por ele mui máis comprir.
Aquel que á Uirgen Santa
María quiser seruir.....

Él d' aquel arcediago
auía mui gran sabor,
ca con ele preegaua
o ben de nostro Sennor;
et andando preegando,
ueo-lle [2] mui gran door,
et San Domingo coitado
foi de ll' aquel mal uijr.
Aquel que á Uirgen Santa
María quiser seruir.....

Ca él era tan coitado
que non auía en ssý
nen sol un sinal de uida;
et os físicos d' alý
dizían que podería
d' aquela guarir, assý
como podería morto
de sso terra resorgir.
Aquel que á Uirgen Santa
María quiser seruir.....

Él iazend' [3] assí por morto,
Santo Domingo rogou
á Uirgen Santa María
que lle ualuess'; e entrou
ela ú ele iazía
et mui ben o confortou;
et o doente mercée
começou-lle de pedir.
Aquel que á Uirgen Santa
María quiser seruir.....

Pos ela uírgẽes muitas
entraron et a dizer
fillaron sass orações
et per seus liuros leer;
et des í ar começaron
elas de mui gran lezer
a cabeça et o corpo
et os pées a ongir.
Aquel que á Uirgen Santa
María quiser seruir.....

A cabeça log' ungíron
por lle Deus ý siso dar,
et o corpo por iá senpre
de forniço sse quitar,
et os pées por con eles
ýr no mundo preegar
et que fezesse as gentes
que errauan repentir.
Aquel que á Uirgen Santa
María quiser seruir.....

San Domingu' en outra casa
iazía long', e uiú ben
cóm' entrou Santa María,
et muito lle per proug' én;
et uiú cóm' era ongido,
et deu-lle graças porén
et disso:—Tan piadosa
Sennor deu' om' a seruir.—
Aquel que á Uirgen Santa
María quiser seruir.....

Pois que foi mui ben ongido,
Santa María saýú-
sse d' alí con ssas uirgẽes
et aos cẽos sobiú,
et log' o arcediago

---

[1] Es yerro evidente, porque la rima exige que diga *entendeu*.

[2] En vez de *uéo*-lle, segun se halla constantemente.

[3] La *d*, olvidada por el amanuense, está escrita sobre el renglon por distinta pluma.

Digitized by Google

a essa ora guaŕý.
Por esto de seu seruiço
non sse deu' om' a partir.
Aquel que á Uírgen Santa
María quiser seruir,
quand' ouuer coita de morte
ben o pod' ela guarir.

CCV.

Como Santa Maria quis guardar hũa moura que tijnna seu fillo en braços ú sija en hũa torre ontre duas amẽas, et caeu a torre et non [1] morreu nen seu fillo, nen lles enpeçeu ren: et esto foi per oraçon dos creschãos. [2]

Oraçon con piadade
öe a Uírgen de grado,
et guarda de mal por ela
o que ll' é encomendado.

Ca aquestas duas cousas
fazen mui conpridamente
gaannar amor et graça
d' ela, se deuotamente
se fazen et como deuen:
et assí abertamente
parece a ssa uertude
sobre tod' ome coitado.
Oraçon con piadade
öe a Uírgen de grado.....

E sobr' aquest' un miragre
uos rogo que m' öuçades
que fezo Santa María;
et se ý mentes parades,
öiredes marauilla
mui grand', e certos seiades
que per oraçon mostrada
foi ante muit' om' onrrado.
Oraçon con piadade
öe a Uírgen de grado.....

Na fronteira un castelo
de mouros mui fort' auía
que combateron crischãos
que saýan d' açaría
d' Ucrés et de Calatraua
con muita caualaría;
et era ý Don Affonsso
Telez, ric' om' e preçado
Oraçon con piadade
öe a Uírgen de grado.....

Que tragía gran conpanna
de mui bõos caualeiros
ardidos et arrizados,
et demáis bõos guerreiros
et almogauares muitos,
peões et baesteiros;
per que o castelo todo
muit' agýnna foi entrado.
Oraçon con piadade
öe a Uírgen de grado.....

O castelo fortemente
foi derredor combatudo
et os muros desfezeron,
ond' en gran medo metudo
foi o poblo que dentr' era;
et pois que sse uiú uençudo,
colleu-sse a hũa torre
mui forte de cada lado.
Oraçon con piadade
öe a Uírgen de grado.....

Na torre meteron cauas
et fogo pola queimaren;
et os mouros que dentr' eran,
por sse mellor apararen [4]
do fogo, ontr' as amẽas
punnauan de sse deitaren;
et assí morreron muitos
d' aquel poblo malfadado.
Oraçon con piadade
öe a Uírgen de grado.....

Con esta coita tan grande
do fogo [5] que os cegaua
et d' outra parte do fogo
que os mui forte queimaua,

[1] Así en el Sumario.—Aquí se repitió equivocadamente la palabra *non*.
[2] Esta palabra se halla escrita por lo comun *crischãos*.
[3] Falta la *Q* inicial de este verso.
[4] Así; tal vez en lugar de *ápararen*.
[5] Tal vez sea yerro del amanuense. Parece indudable que debiera haberse escrito *fumo*.

Digitized by Google

hũa moura con seu fillo
que mui máis ca sí amaua,
sobiú-sse con él encima
que lle non foss' afogado.
Oraçon con piadade
öe a Uirgen de grado.....

E ontre duas amẽas
se foi sentar a mesqýnna
con seu fillo pequenýnno
que en seus braços tijnna;
et pero que mui gran fogo
de todas partes uiýnna,
a moura non foi queimada
nen seu fillo chamuscado.
Oraçon con piadade
öe a Uirgen de grado.....

O maestre, Don Gonçaluo
Eanes, de Calatraua,
que en seruir Deus en mouros
guerreiar se traballaua
et porend' aquela torre
muito conbater mandaua,
et outrossí don Alffonsso
Telez, de que ei falado,
Oraçon con piadade
öe a Uirgen de grado.....

E quando uíron a torre
que era toda cauda [1]
et víron ontr' as amẽas
aquela mour' assentada,
semellou-lles a omágen
de com' está fegurada
a Uirgen Santa María
que ten seu Fill' abraçado.
Oraçon con piadade [2]
öe a Uirgen de grado.....

E ouueron piadade
eles et quantos crischãos
a uíron, et con gran dóo
alçaron a Deus as mãos
que os de morte guardasse
pero que eran pagãos;
et d' esto quis Deus que fosse
un gran miragre mostrado.
Oraçon con piadade
öe a Uirgen de grado.....

E d' aquela part' a torre,
ú eles eran tan passo,
se leixou uijr a terra
sobr' un gran chão de uasso
que neuun d' eles morto
non foi, ferido nen lasso,
nen a madre nen o fillo;
mas pousou-os en un prado
Oraçon con piadade
öe a Uirgen de grado.....

A Uirgen Santa María,
a que por ela rogauan
os crischãos. Porén todos
muito sse marauillauan;
a ela et a seu Fillo
mui grandes loores dauan,
et a moura foi crischãa
et seu fillo batiçado.
Oraçon con piadade
öe a Uirgen de grado,
et guarda de mal por ela
o que ll' é encomendado.

CCVI.

Como o papa Leon cortou-s' a mão porque era tentado d' amor d' ũa moller que ll' a beijara, et pois sãó-o Santa María.

Oren soubor Santa María
ben de coraçon amar,
pero o tent' o diabo,
nunca o fará errar.

E d' aquesto un miragre
conteo, non á gran sazon,
d' un Papa que ouu' en Roma,
que nom' auía Leon,
a que punnou o diabo
de meter en tentaçon

[1] Teniendo en cuenta la rima y el sentido, puede inferirse que esta palabra debe ser *cauada*.

[2] La *i* de esta palabra, omitida por descuido del copiante, se escribió despues sobre el renglon.

Digitized by Google

CCVI

porque en Santa María
era todo seu cuidar.
Quen souber Santa María
ben de coraçon amar.....

Porque era Padre santo,
o diabo traballou
per cómo o enganasse;
et tanto pos él andou,
que por mui gran fremosura [1]
de moller o enganou
que ll' amostrou ú sa missa
dizía sobr' un altar.
Quen souber Santa María
ben de coraçon amar.....

Él a dona máis fremosa
d' outra ren uiú, et meteo
mentes en as sas feituras,
ca o demo o venceo;
et depois do Auangeo,
ssa offerta ll' ofereo
a dona et en gẽollos
lle foi a mão beijar.
Quen souber Santa María
ben de coraçon amar.....

Pois que lle beijou a mão,
ouu' él tal coita des ý,
que nuncas ar parou mentes
en a missa, nen de ssí
non sabía qué fezese,
et disso:—Mal dia uí
beldade d' aquesta dona
que me fez Deus obridar
Quen souber Santa María
ben de coraçon amar.....

Desque me beijou á mão,
ca de mí parte non sei;
et porque me d' este beijo
ora tan muito paguei,
a mia mão por aquesto
con a outra cortarei.—

Et fillou log' un cuitelo
et foi a mão cortar.
Quen souber Santa María
ben de coraçon amar.....

O póboo parou mentes,
que foss' ú soýa yr
preegar et dizer missa;
et poil-o uíron partir
de preegar en as festas
et de cantar, referir-
ll' o foron muito ás gentes
et porend' en él trauar.
Quen souber Santa María
ben de coraçon amar.....

Pois que ouu' a mão corta,
non podía iá dizer
missa de Santa María,
et fillou-ss' end' a doer,
et de coraçon rogou-a
que lle dess' algun poder
per que iá quándo podesse
a sua missa cantar.
Quen souber Santa María
ben de coraçon amar.....

E pois uiú Santa María
que auía tal sabor
de a seruir, seu engüento
aduss' a bõa Sennor
et untou-lle ben a chaga,
et perdeu log' a door,
et pósse-l' a sua mão
ben firme en seu logar.
Quen souber Santa María
ben de coraçon amar.....

E tan toste foi guarido
da mão apost' e ben
pola Uírgen groriosa,
Madre do que nos manten;
et contou est' aas gentes
que lles non leixou én ren,

---

[1] Este verso y el 7.º de la estrofa están escritos sobre raspado.

Digitized by Google

et porque o máis creuessen
foi-lles a mão mostrar.
Quen souber Santa María
ben de coraçon amar,
pero o tent' o diabo,
nunca o fará errar.

CCVII.

Esta é como un caualeiro poderoso leuaua a mal outro por un fillo que lle matara, et soltó-o en hũa eigreia de Santa Maria, et disse-lle a Magestade: «Gracias [1] porén.»

Se ome fezer de grado
pola Uírgen algun ben,
demostrar ll' auerá ela
sináes que lle praz én.

D' esto uos direi miragre
ond' aueredes sabor,
que mostrou Santa María
con mercé' e con amor
a un mui bon caualeiro
et seu quito seruidor
que en a seruir metía
seu coraçon et seu sen.
Se ome fezer de grado
pola Uírgen algun ben.....

Él auía un seu fillo
que sabía máis amar
ca ssí, et un caualeiro
matou-ll'-o; et con pesar
do fillo, foi él prendel-o
et quiséra-o matar
ú él seu fillo matara,
que lle non ualuesse [2] ren.
Se ome fezer de grado
pola Uírgen algun ben.....

E él leuándo-o preso,
en hũa eigreia 'ntrou,
et o prest' entrou pos ele
et él d' él non sse nenbrou;
et pois que uiú a eigreia
da Uírgen, ý soltou, [3]
et omildou-ss' a omágen
et disso: «Graças porén.»
Se ome fezer de grado
pola Uírgen algun ben,
demostrar ll' auerá ela
sináes que lle praz én.

CCVIII.

Como uun erege de Tolosa meteu o Corpo de Deus na colméa et deu-o aas abellas que o comessen.

Aquele que en a Uírgen
carne por seer ueudo
fillou, iá per ren non pode
seer nenllur ascondudo.

Ca assí como dos ceos
deceu et que foi fillar
carne da Uírgen mui santa
por sse nos ben amostrar
de cóm' era Deus et ome,
esto non é de negar,
ca macar seia o seu Corpo
en qualquer logar metudo.
Aquele que en a Uírgen
carne por seer ueudo.....

Ond' auẽo en Tolosa,
en que soýa auer
ereges de muitas guisas,
que non querian creer
en Deus nen en sa Madre,
ante de chão dizer
ýan que quen os creýa
que o dauan por perdudo.
Aquele que en a Uírgen
carne por seer ueudo..... [4]

E macar esto dizian,
as missas ýan oýr

---

[1] En el Sumario *graças*, y es la forma en que constantemente se halla escrita esta palabra. Véase el último verso de la Cantiga.

[2] La *l* de esta palabra, omitida por olvido, se escribió despues sobre el renglon.

[3] Falta una sílaba á este verso. Se infiere, además, del sentido que debe decir *ý o soltou.*

[4] El amanuense omitió el estribillo en este lugar, por terminar la estrofa en fin de plana.

Digitized by Google

et as oras en as festas,
segond' oý departir;
et demáis ar comungauan
por sse mellor encobrir;
et o que assí fazía
tijnnan-o por sisudo.
Aquele que na[1] *Uírgen*
carne por seer ueudo.....

Onde foi en hũa Pascoa
que un d' eles comungou
et fillou o Corpus Cristi,
mais per ren non o passou,
et tod' enteiro com' era
en a boque o leuou;
et esto fez mui coberto
que lle non fosse sabudo.
Aquele que na Uírgen
carne por seer ueudo.....

E pois chegou a ssa casa,
foi atal ssa entençon
de deita-l' en algun logo
máo; et como felon
foi correndo muit' agỳnna
a un seu orto, et[2] non
coidou que nengun uisse[3]
nen én foss' apercebudo.
Aquele que na Uírgen
carne por seer ueudo.....

E en hũa ssa colmẽa
o deitou et diss' assí:
—Abellas, comed' aquesto,
ca eu o vinno beuj;
et se uós obrar sabedes
uerei qué faredes ý.—
Et des í foi-sse mui ledo
o träedor descreudo.
Aquele que na Uírgen
carne por seer ueudo.....

E quando chegou o tenpo
que aas colmẽas uan
por fillar o fruito d' elas,
foi él log' alá de pran
ueer as suas, et disse:
—Uerei qué obra feit' an
na Ostïa as abellas.—
Et enton com' atreuudo
Aquele que na Uírgen
carne por seer ueudo.....

Abriú mui tost' a colmẽa
et hũa capela uiú
con seu altar estar dentro,
et a omágen cousiú
da Uírgen con o seu Fillo
sobr' ele, et ar sentiú
un odor tan saboroso,
que logo foi conuertudo.
Aqueile[4] *que na Uírgen*
carne por seer ueudo.....

E foi correnḍ' ao bispo
et conffessou-sse-lle ben,
et contou-ll' este miragre,
que sol non ll' én leixou ren,
ant' a crerezía toda
et o bisp' e fez bon sen
et mandou assũar toste
o poblo grand' e mẽudo.
Aquele que na Uírgen
carne por seer ueudo.....

E con grandes preçissões
foron et dando loor
aa Uírgen groriosa,
Madre de nostro Sennor;
et cataron a colmẽa
et pois uíron o lauor,
deitou-ss' o poblo en terra
a prezes tod' estendudo.
Aquele que na Uírgen
carne por seer ueudo.....

E repentíron-sse muito
et ar choraron assaz,
loando Santa María
que muitos miragres faz

[1] Así en este lugar y en las repeticiones siguientes del estribillo, en vez de *en a*, como está escrito al principio y requiere la medida.

[2] La conjuncion ⁊ está señalada con un punto encima y hecha al márgen la señal de advertencia. Tal vez se pensara sustituirrla con el adverbio *ú*.

[3] Falta, al parecer, el pronombre *o*—que nengun o uisse.—Así se completa la medida del verso.

[4] Debe ser *Aquele*, como se ve en la repeticion despues de todas las estrofas. La supresion de la *i* está indicada con la señal de costumbre.

Digitized by Google

con seu Fillo Ihesù-Christo;
et adusseron en paz
aa Sée a capela
porque fosse máis sabudo.
Aquele que en a Uírgen
carne por seer ueudo
fillou, iá per ren non pode
seer neullur ascondudo. [1]

CCIX.

Como el reý Don Affonso de Castella adoeçeu en Bitoria e ouu' hũa door tan grande, que coidaron que morresse ende; e posséron-lle de suso o Liuro das CANTIGAS DE SANTA MARÍA et foi guardo.

Muito faz grand' erro, et en torto iaz,
a Deus, quen lle nega o ben que lle faz.

Mas en este torto per ren non iarei
que non cont' o ben que d' él recebud' ei
per ssa Madre Uírgen a que sempr' amei,
et de a loar máis d' outra ren me praz.
Muito faz grand' erro et en torto iaz.....

E ¿cómo non deuo auer gran sabor
en loar os feitos d' aquesta Sennor
que me ual nas coitas et tolle door
et faz-m' outras mercées muitas assaz?
Muito faz grand' erro et en torto iaz.....

Porén uos direi o que passou per mí
iazend' en Bitoira [2] enfermo, assí
que todos cuidauan que morress' alí
et non atendian de mí bon solaz.
Muito faz grand' erro et en torto iaz.....

Ca hũa door me fillou atal,
que eu ben cuidaua que era mortal,
et braadaua «Santa María, ual
»et por ta uertud' aqueste mal desfaz.»
Muito faz grand' erro et en torto iaz.....

E os físicos mandáuan-me põer
panos caentes; mas non o quix' fazer;
mas mandei o Liuro d' ela aduzer,
et poséron-mi-o et logo iouu' en paz,
Muito faz grand' erro et en torto iaz.....

Que non braadei nen sentí nulla ren
da door, mas sentí-me logo mui ben;
et dei ende graças a ela porén,
ca tenno ben que de meu mal lle despraz.
Muito faz grand' erro et en torto iaz.....

Quand' esto foi, muitos eran no logar
que mostrauan que auían gran pesar
de mia door, et filláuan-s' a chorar
estand' ante mí todos come en az.
Muito faz grand' erro et en torto iaz.....

E pois uíron a mercée que me fez
esta Uírgen santa, Sennor de gran prez,
loáron-a muito todos d' essa uez,
cada uun põendo en terra sa faz.
Muito faz grand' erro, et en torto iaz,
a Deus, quen lle nega o ben que lle faz.

CCX.

De loor de Santa Maria. [3]

Muito foi noss' amigo
Gabriel, quando disse:
«María, Deus é tigo.»

Muito foi noss' amigo
ú diss' «*Ave Maria*»
aa Uírgen bẽeita,
et que Deus prendería
en elà nossa carne
con que póis britaría
o jnferno antigo.
Muito foi noss' amigo.....

E nunqua nos podía
iá mayor amizade
mostrar que quand' adusse
mandado con uerdade
que Deus ome sería
pola grand' omildade
que ouu' a Uírgen sigo.
Muito foi noss' amigo.....

¿Quén uiú nunc' amizade
que ésta semellasse

[1] Omitido aqui el estribillo por falta de espacio.
[2] Así.—*Bitoria* en el epígrafe.
[3] Véase la VI de las *Cantigas d'is cinco festis de Santa Maria*, que es repeticion de la presente.

Digitized by Google

en dizer tal mandado
per que Deus s' ensserrasse
en o corpo da Vírgen,
et que nos amparasse
do mortal enemigo?
Muito foi noss' amigo.....

E esto non fezera
Deus, sse ánte non uisse
a bondade da Uírgen,
que per ela comprisse
quanto nos prometera,
segund' él ánte disse;
gran uerdade uos digo.
Muito foi noss' amigo.....

E Gabrïel por esto,
o ángeo, deuemos
amar et onrrar muito;
ca perque nos saluemos
éste troux' o mandado,
et porque sol non demos
pelo demo [1] un figo.
Muito foi noss' amigo
Gabrïel quando disse:
«*María, Deus é tigo.*» [2]

CCXI.

Como [3] Santa María fez aas abellas que comprissen de cera un ciro [4] pasqual que sse queimara da ũa parte. [5]

Apostos miragres faz todauía
por nós, et fremosos, Santa María.

Faz-los muit' apostos porque aiamos
sabor de sabel-os et os creamos,
et faz-los fremosos porque queramos
cobijçar d' auer a ssa companýa.
Apostos miragres faz todauía..... [6]

Porend' a Rëynna de pïadade
fez un gran miragr' en ũa cidade
a que dizen Elche, com' en uerdade
achei de gran gente que ý auía.
Apostos miragres faz todauía.....

Esto foi un dia de Pentecoste,
que a ssa eigreia uẽeron toste
d' omes et molleres come grand' oste
por oýr a missa que ss' ý dizía
Apostos miragres faz todauía.....

Mui cantada come en atal festa,
et durou atén en a mui gran sesta;
enton uíron cousa mui maenfesta
ond' aa gente muito desprazía.
Apostos miragres faz todauía.....

Ca [7] uíron o ciro pasqual queimado
muito d' ũa parte, et mui menguado;
et d' esto o poblo [8] foi tan coitado,
que cada un d' eles entrestecía.
Apostos miragres faz todauía.....

Eles en aquesto assí cuidando,
uíron un eixame uijr uoando
d' abellas mui brancas, que entrou quando
o crerig' a sagra dizer quería.
Apostos miragres faz todauía.....

E tanto que as abellas chegaron,
en un furado da paret [9] entraron
et ben d' alí o ciro [10] lauraron
d' aquela cera que én falecía.
Apostos miragres faz todauía.....

Quand' aquesto uíron todalas gentes
et en o miragre meteron mentes,
loaron a Uírgen, et máis creentes
quis cada un foi que ánte creýa [11]
Apostos miragres faz todauía.....

E aquel eixam' estar ý leixaron,
que per ren tanger sol non o ousaron,

---

[1] Así en la repeticion. Aquí, equivocadamente, *domo*.
[2] Omitido aquí el estribillo por falta de espacio.
[3] *Tol.*: Esta .vij.ª é como. (De las del apéndice en este códice.)
[4] *Tol.*: cirio.
[5] *Tol.*: que se queimára todo da hũa parte. et esto foi en elche.
a terr' e o mõesteiro se somýú,
que nulla ren d' él non poderon achar.
Assí pod' a Uírgen so terra guardar.....

E log' assí todo so terra entrou,
que ninhũa ren de fóra non ficou;
mais Santa María alá o guardou
que nihũa ren non pode d' él minguar.
Assí pod' a Uírgen so terra guardar..... [5]

Eigreia nen claustra nen o dormidor
nen o cabídoo nen o refertor
nen a cozýnna et nen o parlador
nen enfermería cuidauan sïar.
Assí pod' a Uírgen so terra guardar.....

Adega et uýnnas con todo o seu,
ortas et moýnnos, com' aprendí eu,
guardou ben a Uírgen, et demáis lles deu
todo quant' eles souberon demandar.
Assí pod' a Uírgen so terra guardar.....

Assý uijan alá dentr' o sol
como sobre terra, et toda sa prol
fazer lles fazía; et triste nen fol
non foi niun d' eles, nen sol enfermar
Assí pod' a Uírgen so terra guardar.....

Per ren non leixou mentre forum alá,
nen ar que morressen come os d' acá
morrían de fóra; ca poder end' á
de fazer tod' esto et máis sen dultar.
Assí pod' a Uírgen so terra guardar.....

---

[1] *Unna* en otros lugares.
[2] Deberia decir *guardou-a*, para rimar con los versos segundo y sexto.
[3] *Luxurioso* se lee generalmente.
[4] Véase en el Sumario la observacion hecha sobre este epígrafe.
[5] Omitido el estribillo en este lugar por falta de espacio en la columna.

Digitized by Google

Un grand' an' enteiro assí os tẽer
foi Santa María; mais póis foi fazer
que d' alý saíssen, polo gran poder
que lle deu seu Fillo pola muit' onrrar.
Assí pod' a Uírgen so terra guardar.....

Ca dia de Pasqua, en que resorgir
Deus quis, foron todos a missa oýr;
enton fez a Uírgen o logar saýr
todo sobre terra, como x' ánt' estar
Assí pod' a Uírgen so terra guardar.....

Soýa, que sol non én menguaua ren.
Et a gente toda foi alá porén,
et o conuento lles contou o gran ben
que lles fez a Uírgen, et todos loar
Assí pod' a Uírgen so terra guardar.....

A foron porén, como Madre de Deus
que manten et guarda aos que son seus.
Porén a loemos sempr', amigos meus;
ca ésta nos cëos nos fará entrar.
Assí pod' a Uírgen so terra guardar
o seu, com' encima d' ela ou no mar.

CCXXVII.

Como Santa Maria sacou un escudeiro de catiuo, de guisa que o non uíron os que guardauan o cárçer en que iazía.

Quen os peccadores guia
et aduz a saluaçon,
ben pode guiar os presos,
pois o saca[1] de prijon.

Ésta é Santa María,
Madre do Rei de uertude,
que fez un mui gran miragre
que creo, se Deus m' aiude,
et que sacou un catiuo
de prijon et deu saude,
a que muito mal fezeran
os mouros por sa razon.
Quen aos[2] pecadores guia
et aduz a saluaçon.....

Esto[3] foi un escudeiro
de Quintanela d' Osonna
que ýa a Uila-Sirga
cada ano sen uergonna
tẽer a festa d' Agosto;
mais pois foi por sa besonna[4]
a Seuilla en a guerra,
caeu en catiu' enton.
Quen aos peccadores guia
et aduz a saluaçon.....

E en gran coita iazendo,
cada noit' e cada dia
mui de coraçon rogaua
á Uírgen Santa María
de Vila-Sirga, ú ele
ýa sempr' en romaría,
que o tirass' de catiuo
sen dano et sen lijon.
Quen aos peccadores guia
et aduz a saluaçon.....

E él aquesto fazendo,
chegou d' Agosto a festa
da Uírgen mui groríosa
que äos cuitados presta,
et él neubrou-ss'[5] end' e logo
chorou baixando a testa:
et os mouros que o uíron
preguntáron-o enton
Quen aos pecadores guia
et aduz a saluaçon.....

Por qué siýa tan triste
tan muit' et assí choraua.[6]
Et él respondeu-lles logo
de cómo xe lle nenbraua
da gran festa que fazian
na terra ú él moraua
en tal dia, et porende
quebraua-ll' o coraçon.
Quen aos peccadores guia
et aduz a saluaçon.....

Quand' oýú esto seu dono,

---

[1] El sentido requiere *os saca*, por referirse á los presos.
[2] *Os* dice al principio de la Cantiga.
[3] Falta la E inicial. Esta palabra parece debiera ser *Este*.
[4] Las cuatro últimas palabras de este verso están escritas en una tirita de pergamino cuidadosamente pegada sobre lo anteriormente escrito. El resto del verso y la palabra final del anterior, sobre raspado.
[5] Es yerro manifiesto. Debe decir *nenbrou-ss'*.
[6] Tal vez debió escribirse: *et tan muit' assi choraua.*

Digitized by Google

foi tan brau' e tan ẏrado,
que logo a un seu mouro
o fez açoutar priuado,
que lle deu d' açoutes tantos,
que non ficou no costado
nen o corpo coiro são
ata en o vargallon. [1]
Quen aos peccadores guia
et aduz a saluaçon.....

Pois mandó-o en un cárcer
deitar fond' e teneuroso;
mas él rogou aa Uírgen,
Madre do Reẏ groriioso,
que d' ele s' amercẽasse;
ca por ela tan astroso
o fezeran a açoutes
os mouros, et por ál non.
Quen aos peccadores guia
et aduz a saluaçon.....

E él aquesto dizendo,
pareceu-ll a Groriosa
que alumẽou a cárcer,
¡tan muito uẽo fremosa!
et disse-ll':—Oẏ ta coita,
et non fuí mui uagarosa
en uijr pera liurar-te
d' aquesta perseguçon.—
Quen aos peccadores guia
et aduz a saluaçon.....

E quand' esto [2] ouue dito,
logo ss' os ferros partíron
et caeu-ll' a mëadade
d' eles, que o non oẏron;
et passou per ant' os mouros
et uiú-os, mas non o uíron,
que estauan assũados,
por fazer sa oraçon.
Quen aos peccadores guia
et aduz a saluaçon.....

E pois d' eles foi partido,
fillou en seu col' agẏnna
a meade [3] dos ferros
que en a perna tiẏnna,
et a Vila-Sirga logo,
a cas da santa Rëẏnna
os adus' en testimonẏa,
que é preto de Carron.
Quen aos peccadores guia
et aduz a saluaçon.....

E entrou pela ẏgreia
dando mui grandes braados,
dizend': '—Ẽsto fez a Uírgen
que acorr' aos coitados.—
Et pois que contou seu feito
a quantos ý uiú juntados,
loaron Santa María
chorando con deuoçon.
Quen aos peccadores guia
et aduz a saluaçon,
ben pode guiar os presos,
pois o saca de prijon.

CCXXVIII.

Como un ome bòo que auía un múu tolleito de todolos pées, et o ome boo mandáua-o esfolar a un seu mancebo, et mentre que o mancebo se guisaua, leuantou-s' [5] o múu são et foi pera a eigreia.

Tant' é grand' a sa mercée
da Uírgen et sa bondade,
que, sse quer, nas beschas [6] mudas
demostra sa piadade.

E d' esto fez en Terena
a Uírgen Santa María
gran miragre por un ome
que un seu múu auía
tolleito d' ambol-os pées
que atrás tortos tragía,
que sãou por sa uertude.
Et porén ben m' ascoitade.
Tant' é grand' a sa mercée
da Uírgen et sa bondade..... [7]

Este mal a aquel múu

---

[1] Se escribió *valgallon* y se corrigió despues.
[2] La *o* final de esta palabra se escribió posteriormente sobre el renglon.
[3] Es yerro evidente, en lugar de *meadade*.
[4] *dicendo* y raspada la *o*.
[5] La *s*, omitida por el copiante, se añadió posteriormente sobre la *u*.
[6] Se escribió primero *bechas*, y luego se añadió la *s* sobre el renglon.
[7] Falta el estribillo en este lugar.

Digitized by Google

per gran door lle uẽera
de gota que aas pernas
et aos pées ouuera;
et porende no estabro
un muj gran tenpo jouuera
que sol andar non podia:
esto uos dig' en uerdade
Tant' é grand' a sa mercée
da Uírgen, et sa bondade.....

Qvand' aquesto uiú seu dono,
atan muito lle pesaua,
que por deliurar-sse d' ele
log' esfolar o mandaua
a un seu om'; e en quanto
o manceb' ánt' emorçaua,
foi-ss' o múu leuantando
con sua enfermjdade.
Tant' é grand' a sa mercée
da Uírgen, et sa bondade.....

E sayú passo da casa
et foi contra a eigreia,
jndo fraqu' e muj canssado;
mas a que bẽejta seia,
tanto que foi preto d' ela,
fez marauilla sobeja,
ca o fezo logo são
sen door et sen maldade.
Tant' é grand' a sa mercée
da Uírgen, et sa bondade.....

O manceb', a que seu dono
iá esfolar o mandara,
poil-o non uiú, foi pos ele
per alý per ú passara,
et uiú-o par da eigreia,
mas non tál qual o leixara;
et foi én marauillado
et diss á gent':—Uuiade [1]
Tant' é grand' a sa mercée
da Uírgen, et sa bondade.....

E uerédes marauilla
estranna con gran proueito
d' este múu que ánt' era
d' ambol-os pées tolleito,
cómo o uei' ora são
andar et muit' escorreito;
et ueiamos sse é esse,
et comigo o catade.
Tant' é grand' a sa mercée
da Uírgen, et sa bondade.....

E logo foron veel-o
todos quantos ý estauan,
et adur o connoscian
pero o muito catauan,
se non pola coor d' ele
en que sse ben acordauan;
mas sacó-os d' esta dulta
a Uírgen par caridade.
Tant' é grand' a sa mercée
da Uírgen, et sa bondade.....

Qve alý ú u catauan
andou ele muit' agÿnna
tres uegadas a eigreia
da Uírgen santa Reÿnna
a derredor; et a gente
que lle ben mentes tijnna
uíron-o cómo entrou dentro
mostrando grand' omildade.
Tant' é grand' a sa mercée
da Uírgen, et sa bondade.....

E ben ant' o altar logo
ouu' os gẽollos ficados,
et póis foi-ss' a cas seu dono,
unde [2] mui marauillados
eran quantos ý estauan;
et muitos loores dados
foron a Santa María
comprida de santidade.
Tant' é grand' a sa mercée
da Uírgen, et sa bondade,
que, sse quer, nas beschas mudas
demostra sa piadade.

---

[1] Falta una sílaba á este verso. La palabra *uuiade* se encuentra siempre sin diéresis. Tal vez debiera decir *aa gent.*

[2] *Onde* en otros lugares.

Digitized by Google

CCXXVIIII.

Como Santa María guardou a ssa eigreia en Vila-Sirga dos mouros que a querian derribar, et fez que fossen ende todos cegos et contreitos.

Razon é grand' e dereito
que defenda ben a ssí
a que deffend' outros muitos,
per com' eu sei et oý.

E d' est' un mui gran miragre
auẽo, tempo á iá,
quando el rey Don Alffonso
de Leon aduss'[1] acá
mouros por roubar Castela,
et chegaron ben alá
ú ora é Vila-Sirga,
segundo que aprendí.
Razon é grand' e dereito
que defenda ben a ssí.....

E foron aa eigreia
en que laurauan enton
ómees muitos da terra
por auer de Deus perdon;
et quando uíron as ostes
dos mouros, log' a Carron
fogíron et a ygreia
desanpararon assí.
Razon é grand' e dereito
que defenda ben a ssí.....

E os mouros dentr' entraron
et quiseron derribar
toda a ygreia logo
e destroýr et queimar;
mas per poder que ouuessen,
non poderon acabar
d' arrancar a menor pedra
de quantas estauan ý.
Razon é grand' e dereito
que defenda ben a ssí.....

Demáis, a força dos nenbros
lles fez a Uírgen perder,
assí que per nulla guisa
non poderon mal fazer;
et, sen aquesto, dos ollos
non poderon ren ueer;
assí cegos et contreitos
os leuaron ben d' alý.
Razon é grand' e dereito
que defenda ben a ssí.....

D' esta guisa amparada
a eigrenton[2] ficou
pola uertude da Uírgen
santa en que encarnou
Jheso-Cristo et foi ome
et en a cruz nos saluou,
per que do poder do demo
ficamos liures des í.
Razon é grand' e dereito
que defenda ben a ssí.....

Pois souberon os da terra
esto, deron gran loor
aa Uírgen groriosa,
Madre de nostro Sennor,
porque o seu ben guardara
et fora defendedor.
Porén merecée lle peço
que queira defender mí.
Razon é grand' e dereito
que defenda ben a ssí
a que deffend' outros muitos,
per com' eu sei et oý.

CCXXX.

Esta é de loor de Santa María.

Tod' ome deue dar loor
aa Madre do Saluador.

Dereit' é de loores dar
a aquela que sempre dá
seu ben que nunca falirá;
et porend', a se Deus m' anpar,
Tod' ome deue dar loor
aa Madre do Saluador.

---

[1] La palabra *aduss* está escrita en parte sobre otra. Al parecer, el amanuense había rejetido inadvertidamente *aduz*.
[2] Se escribió *á eigrenton*. Pero se raspó después la *á* so-brante.
[3] Es evidente que manifiesta del copiante. Debió haberse escrito *eigrenton* (*eigrei' enton*), como se ve en otros lugares.

Digitized by Google

E pois nos dá tan nobre don
que nos faz o amor de Deus
auer, et que sejamos seus,
porend', assí Deus me perdon,
Tod' ome deue dar loor
aa Madre do Saluador.

E pois tan poderosa é
et con Deus á tan gran poder
que quanto quer pode fazer,
por aquesto, per bõa fé,
Tod' ome deue dar loor
aa Madre do Saluador.

CCXXXI.

Como [1] Santa María fez que tres minýnnos [2] alçassen os mármores [3] que non podían alçar toda a gente que sse ý aiuntaua. [4]

Uertud' e sabedoría
de ben [5] *á Santa María.*

Mui gran uertude prouada
Deus, seu Fillo, ll' ouue dada,
ú pres' ssa carne sagrada
por nós que saluar quería.
Uirtud' e sabeduría [6]
da ben á Santa María.

Ar mui gran sen ll' ouue dado
ú en ela ensserrado
foi; ca ben alí mostrado
ll' ouue do ben que sabía.
Vertud' e sabeduría.....

Porén Costantin' eigreja
d' ésta que bẽeita seia
fazía grande sobeja, [7]
en que gran custa prendía. [8]
Vertud' e sabeduría.....

E daua muýtos dinneiros
aos maestres pedreiros
que lle trouxessen enteiros
mármores de Romanía,
Vertud' e sabedoría.....

Os uuns pera altares
et outros pera piares;
porén de muitos logares
alí tragel-os fazía.
Vertud' e sabeduría.....

E tan grandel-os trouxeron,
que depois, quando quiseron
alçal-os, nunca poderon
per nihũa maestría. [9]
Vertud' [10] *e sabedoría.....*

Ca macar ss' í aiuntaua
toda a gente [11] e prouaua
d' alçal-os, sol non alçaua
o menor que ý auía.
Vertud' e sabeduría.....

Ond' o maestre coitado
era én muit' aficado
por que sol dar ý recado
per nulla ren non podía.
Vertud' e sabeduría.....

Mail-a da gran pïedade, [12]
mui sag' e de gran bondade,
mostrou-sse con claridade
ao maestr' ú durmía [13]
Vertud' e sabeduría.....

E disse:—Se me creueres
et meu mandado fezeres
e as pedras alçar queres,
porrei-t' end' eu en a uía.
Vertud' e sabeduría.....

---

[1] *Tol.:* Esta .mj.ª é como. (De las escritas por apéndice al final de este códice.)

[2] *Tol.:* menýnnos.

[3] *Tol.:* alçasen en costantinobre os marmoles. Las palabras *en costantinobre* están escritas sobre el renglon, de letra y tinta diferentes.

[4] *Tol.:* que ss ý iuntaua.

[5] En el códice de Toledo se escribió: *mui grand*. Estas palabras se tacharon posteriormente, sustituyéndolas al márgen con las del texto *de ben*.

[6] Tol.: *Vertud e sabedoria*, y lo mismo en toda la Cantiga.

[7] Tol.: Poren costantin eigreia
fazia grande sobeia
desta que bẽeita seia.

[8] La *n* de esta palabra, omitida en el códice de *Tol.*, está escrita allí sobre el renglon. Al márgen, la señal de advertencia.

[9] En el cód. de *Tol.* están escritas sobre raspado, con pluma distinta, las dos últimas letras de esta palabra.

[10] *Tol.*, equivocadamente, *Vetud*.

[11] *Tol.:* gent.

[12] *Tol.:* piadade. La *a* primera escrita sobre raspado.

[13] *Tol.:* dormia, escrita la *o* sobre raspado.—La *e* de la palabra *maestr*, omitida en este códice, se escribió despues sobre el renglon.

Digitized by Google

Esto é que filles cedo
tres menỳnos mui sen medo,
et farei-lles alçar quedo
as pedras, sen gemetría.
Vertud' e sabeduría.....

O maestre s' espertaua
et os minỳnos [1] fillaua,
et ben com' ela mandaua,
aquelas pedras ergía
Vertud' e sabeduría.....

Sen aiuda de conpanna
nen d' engenỳo nen de manna,
senon per uertud' estranna
da' bẽeita que nos guỳa,
Vertud' e sabeduría.....

Que faz miragres fremosos
muitos et marauillosos
por nos fazer desejosos
d' auermos sa conpanía [2]
Vertud' e sabeduría
de ben á Santa María.

CCXXXII.

Como un caualeiro que andaua a caça perdeu o açor, et quando uiú que o non podia achar, leuou uun açor de cera a Vila-Sirga, et achó-o.

En todalas grandes coitas
á forcia grand' e poder
a Madre de Iheso-Cristo
de quen a chama ualer.

Ca en as enfermidades
á ela poder atal,
que as tolle, et guarece
a quen quer de todo mal,
et outrossí en as perdas
ao que a chama ual.
Et d' aquest' un gran miragre
uos quer' eu ora dizer.
En todalas grandes coitas
á força grand' e poder.....

En Treuỳn' un caualeiro
foi, que era caçador,
et perdeu, andand' a caça
hũa uez, un seu açor
que era fremos' e bõo,
demáis era sabedor
de fillar ben toda aue
que açor deu' a prender.
En todalas grandes coitas
á força grand' e poder.....

Des ỳ era mui fremoso
et ar sabía uoar [4]
tan apost' et tan agỳnna,
que non ll' achauan seu par
en o reỳno de Castela;
et un dia, pois jantar,
foi con él fillar perdizes
et óuue-o de perder.
En todalas grandes coitas
á força grand' e poder.....

Tod' aquel dia buscó-o,
mais per ren non o achou;
et foi-sse pera ssa terra
et seus ómees enuiou
buscal-o a muitas partes;
et por él tanto chorou,
pois uiú que o non achauan,
que cuidou enssandecer.
En todalas grandes coitas
á força grand' e poder.....

Assí passou quatro meses,
segund' eu aprendí,
que o buscou; mais ach [5]
non pode, per com' oý;
et con coita, mandou cera
fillar et disso assỳ:
—Faça-m' un açor d' aquesta;
ca o quer ỳr offerer
En todalas grandes coitas
á força grand' e poder.....

Aa Uírgen groriosa
de Vila-Sirga; ca seỳ

---

[1] El texto *minỳos*.—El cód. de *Tol. minỳos*.
[2] Así el cód. de Toledo.—El texto, equivocadamente, *de.* [illegible]engion.
[3] *Tol.:* conpannia.—La *r* de *auermos*, escrita sobre el
[4] Este verso está escrito sobre raspado. En igual caso se hallan varios versos y palabras sueltas de esta Cantiga.
[5] Sigue un pequeño espacio raspado, en el cual, segun es de creer, debió haberse escrito *alo* (achal-o).

Digitized by Google

que sse eu aquesto fazo,
que meu açor acharei.—
Et esto foi logo feito,
et foi-ss' e, com' apres ei,
foi aquel açor de cera
sobelo altar põer.
En todalas grandes coitas
á força grand' e poder.....

E rogou Santa María,
chorando dos ollos seus,
chamándo-lle:—Pïadosa
Uírgen et [1] Madre de Deus,
Sennor santa et bẽeita,
mostra dos miragres teus
porque meu açor non perça;
ca ben o podes fazer.—
En todalas grandes coitas
á força grand' e poder.....

Pois que sa oraçon feita
ouue, ar tornou-ss' enton
a ssa casa ú moraua,
chorando de coraçon;
et pois entrou pela porta,
catou contra un rancon
et uiú seu açor na uara
ú xe soýa põer.
En todalas grandes coitas
á força grand' e poder.....

Quand' esto uiú, os gẽollos
pos' en terra, et a faz,
loando Santa María
que táes miragres faz;
et aa uara foi logo
fillar seu açor en paz
en a mão, et á Vírgen
começeu [2] a bẽeizer.
En todalas grandes coitas
á força grand' e poder
a Madre de Iheso-Cristo
de quen a chama ualer.

CCXXXIII.

Como Santa María defendeu un caualeiro que se colleu a hũa eigreia sua d' uuns caualeiros que o querian matar.

Os que bõa morte morren
et son quitos de peccados,
son con Deus et con ssa Madr' e
senpre fazen seus mandados.

D' esto direi un miragre
que mostrou Santa María
por un mui bon caualeiro
que en ela ben creýa,
et a que seus enemigos
quiseran matar un dia,
se ll' ela 'nton non ualesse,
que ual sempr' aos coitados.
Os que bõa morte morren
et son quitos de peccados.....

Él muit' omezïad' era
et senpr' a pos él andauan
aqueles seus enemigos,
porque matal-o cuidauan;
mas un dia que o sóo
en o camýnno achauan,
a él correr se leixaron
dando muj grandes braados,
Os que bõa morte morren
et son quitos de peccados.....

Dizéndo-lle:—¡Morrerédes!—
Mas él non os asperaua;
ca tragía bon caualo
que o d' eles alongaua;
et log' a hũa hermida
foi da Uírgen, ú entraua,
que é cabo Pena-coua,
ú iazían soterrados
Os que bõa morte morren
et son quitos de peccados.....

[1] La conjuncion ⁊ se escribió posteriormente sobre el renglon.

[2] Es yerro evidente. Debe decir *começou*.

Digitized by Google

Omees bõos do tempo
que sse perdera a terra
que os mouros gaannaran
et os mataran na guerra:
et alí Santa María
o anparou, que non erra,
en com' agor' oyrédes
se esteuerdes calados.
Os que bõa morte morren
et son quitos de peccados.....

Ele de Santo Domingo
de Silos enton saýra;
et quando foi na carreýra
et, como uos dixe, uíra
seus enemigos pos ele
uijr et que lles fugíra,
entrou n' aquela ermida
dizendo:—Os meus pecados,
Os que bõa morte morren
et son quitos de peccados.....

Madre de Deus, son tan muitos,
que se me non perdõares
tú que o fazer podes, [1]
ou sse me non anparares
d' estes que me matar queren,
par Deus, muitos de pesares
te farán os [2] mal creentes
que andan desasperados.—
Os que bõa morte morren
et son quitos de peccados.....

En quant' él esto dizía,
os caualeiros muj toste
chegaron polo matáren;
mas uíron estar grand' oste
ant' a porta da eigreja,
que era en un recoste;
et tod' aquel logar chẽo
era d' ómees armados
Os que bõa morte morren
et son quitos de peccados..... [3]

Que ll' o defender querian
se ss' eles a él chegassen.

Et quand' eles esto uíron,
med' ouueron que ss' achassen
mal de Deus et de sa Madre
se ý máis fazer prouassen,
et afastáron-s' [4] afora,
ca foron muit' espantados.
Os que bõa morte morren
et son quitos de peccados.....

Ca ben uíron que aqueles
que o aiudar uẽeran,
en como toste chegaron,
que d' este mundo non eran;
et porende, repentidos
foron de quanto fezeran
et perdõáron-lle logo
et foron d' él perd'ados.
Os que bõa morte morren
et son quitos de peccados.....

E dess huun se tornaron;
et pois as gentes souberon
da terra este miragre,
mui gran prazer end' ouueron;
et todos comunalmente
a Santa María deron
loores, porque son sempre
os seus por ela guardados.
Os que bõa morte morren
et son quitos de peccados,
son con Deus et con ssa Madr' e
sempre fazen seus mandados.

CCXXXIIII.

Esta é como Santa María de Vila-Sirga fez oýr et falar un moço que era sordo et mudo, porque teue uigia hũa noit' ant' o seu altar.

A que fas [5] *os peccadores*
dos peccados repentir,
ben pod' os mudos et sordos
fazer falar et oýr.

Ca macar é mui gran cousa
de fazer mudo falar
et oýr o que for sordo,

---

[1] Falta una sílaba á este verso.
[2] Escrito *nos*, pero raspada la *n*.
[3] Omitido el estribillo por falta de espacio en la plana.
[4] *Afastaronse* y raspada la *e*.
[5] En el Sumario *faz*. Lo mismo en la repeticion del estribillo en toda la Cantiga.

Digitized by Google

muj mayor, se Deus m' anpar,
é de perdõar peccados;
ca se de Deus non gannar [1]
uertude pera fazel-o,
non pod' aquesto comprir.
A que [2] faz os peccadores
dos peccados repentir.....

E porend' a groriosa
Uírgen que o troux' en sý
enserrado no seu corpo,
fez, per' com' eu aprendj, [3]
falar hũa uez un mudo
que era sord' outrossí,
et d' estas duas doores
o foi muy toste guarir.
A que faz os peccadores
dos peccados repentir.....

Este moço de Saldanna
era, per com' apres' eẏ,
natural, et Don Rodrigo
o criou, per quant' eu sei,
que tijnn' aquela terra,
ca ric-om' era del Reẏ,
et que con seus caualeiros
ll'a auía de seruir.
A que faz os pecadores
dos peccados repentir.....

Onde ll' auẽo un dia
que en coraçon ll' entrou
que sse foss' a Uila-Sirga;
et foi ý, et pois chegou,
aquel moço sord' e mudo
alá consigo leuou
et féze-o essa noite
ben ant' o altar dormir.
A que faz os pecadores
dos peccados repentir.....

Outro dia na mannãa
a missa mandou dizer
da Uírgen Santa María
de que Deus quisso naçer;
et quando foi en a sagra,
começou-ss' a correger
a linga [4] d' aquele moço
et as orellas d' abrir.
A que faz os pecadores
dos peccados repentir.....

E quand' a missa foi dita,
que non falliú ende ren,
falou log' aquele moço
et outrossí oẏú ben;
et quantos alí estauan
loaron muito porén
a Uírgen Santa Maríà,
et fóron-ll' alg' offerir.
A que faz os pecadores
dos peccados repentir,
ben pod' os mudos et sordos
fazer falar et oẏr.

CCXXXV.

Esta é como Santa Maria deu saude al reẏ Don Affonso quando foi en Ualadolide enfermo, que foi iuẏgado por morto.

Como gradecer ben feito
é cousa que muito ual,
assí quen non o gradece
faz falssidad' e gran mal.

E d' aquest' un gran miragre
uos direi d' esta razon
que aũo a Don Affonsso,
de Castel' e de Leon
rei, et da Andaluzía
dos máis reinos que ý son.
Et, por Deus, parad' ý mentes
et non cuidedes en ál.
Como gradecer ben feito
é cousa que muito ual.....

Aquéste Santa María
muj de coraçon de pran

---

[1] Se escribió *gaannar;* pero despues se tachó la segunda *a*, señalándola además con un punto.
[2] Faltan las dos primeras letras de este estribillo *A q.*
[3] Este verso está escrito sobre raspado. Tambien lo están el octavo de las estrofas tercera y quinta y el nombre *Rodrigo* en la tercera.
[4] En otros pasages *lingoa* y *lingua.*

Digitized by Google

loaua máis d' outra cousa,
et non prendía affan
en seruil-a noit' e dia
rogando seu bon talan
que morres' en seu seruiço,
poil-o seu ben nunca fal.
Como gradeçer ben feito
é cousa que muito ual.....

E d' esto que lle pedía
tan muito a afficou
por esto, que hũa noite
en sonnos [1] ll' o outorgou,
ond' ele foi muit' alegre
tanto que ss' él espertou,
et loou porén a Uírgen,
a Sennor espirital.
Como gradeçer ben feito
é cousa que muito ual.....

Pois passou per muitas coitas
et d' elas vos contarei:
Hũa uez dos ricos omes
que, segundo que eu sei,
se iuraron contra ele
todos que non fosse Reÿ,
seend' os máis seus parentes
que diuid' é natural.
Como gradecer ben feito
é cousa que muito ual.....

E demáis, sen tod' aquesto,
fazéndo-lles muito ben,
o que lle pouco graçían
et non tiÿan [2] en ren;
mais conortou-o a Uírgen
dizendo:—Non dés porén
nulla cousa; ca seu feito
d' estes é mui desleal.
Com [3] *gradeçer ben feito*
é cousa que muito ual.....

Mas eu o desfarei todo
o que eles van ordir,
que aquelo que desejan
nunca o possan conprir;
ca meu Fillo Ihesu-Christo
sabor á de sse seruir;
et d' oi máis mui ben te guarda
de gran pecado mortal.—
Como gradecer ben feito
é cousa que muito ual.....

Tod' aquesto fez a Uírgen,
ca d' eles ben o uingou;
et depois, quand' en Requena
este Reÿ mal enfermou,
ú cuidauan que morresse,
d' aquel mal ben o sãou:
fez por él este miragre
que foi começ' e sinal
Como gradecer ben feito
é cousa que muito ual.....

Dos bẽes que lle fezera
et lle quería fazer.
Et depois, quando da terra
saÿú et que foi ueer
o Papa que enton era,
foi tan mal adoecer,
que o teueron per morto
d' est' anfermidad' atal.
Como gradecer ben feito
é cousa que muito ual.....

E póis a Monpisler uẽo
et tan mal adoeceu,
que quantos físicos eran,
cada huun ben creeu
que sen dúuida mort' era;
mas ben o perguareceu
a Uírgen Santa María,
como Sennor muj leal.
Como gradecer ben feito
é cousa que muito ual.....

E féze-ll' en poucos dias
que podesse caualgar
et que tornass' a ssa terra
por en ela ben sãar;
et passou per Catalonna,
en que ouue de fillar

---

[1] Se escribió primero *sonos*. Despues se corrigió sobre raspado.

[2] En lugar de *tiÿan* (tiénnan).

[3] Es yerro, en lugar de *Como*.

Digitized by Google

jornadas grandes no dia
como quen anda jornal.
Como gradecer ben feito
é cousa que muito ual..... [1]

E pois entrou en Castela;
vẽeron todos alý,
todalas gentes da terra
que lle dizían assý:
«Sennor, tan bon dia uosco.»
Mas depois, creed' a mý,
nunca assý foi uendudo
reỳ Don Sanch' en Portugal.
Como gradecer ben feito
é cousa que muito ual.....

Ca os máis dos ricos omes
se juraron, per com' eu
sej, por deitaren do reỳno
et que ficasse por seu,
que x' o entre ssí partíssen;
mas de fazer lles foi greu;
ca Deus lo alçou na cima
et eles baixou no val'.
Como gradecer ben feito
é cousa que muito ual.....

E depois, quand' en Bitoira
morou un an' et un mes
iazendo mui mal doente,
contra él o Rey francés
se moueu con mui gran gente;
mas depois foi máis cortés;
ca Deus desfez o seu feito
com' agua desfaz o sal.
Como gradecer ben feito
é cousa que muito ual.....

E depóis de muitos máes [2]
o sãou grandes et greus
que ouue póis en Castela,
ú quis o Fillo de Deus
que fillasse gran uingança
d' aqueles que eran seus
enemigos, et pois d' ele.
Et ben com' ard' estadal,
Como gradecer ben feito
é cousa que muito ual.....

Ardeu a carne d' aqueles
que non querian moller;
os outros pera o demo
foron, et sse Deus quiser,
assí yrá tod' aquele
que atal feito fezer;
et do mal que lles én uenna
a mí mui pouco m' incal.
Como gradecer ben feito
é cousa que muito ual.....

E pois saỳr de Castela
el Reỳ, con mui gran sabor
ouue d' ir aa fronteira;
mas a mui bõa Sennor
non quis que enton ý fosse
se non sãasse mellor;
porend' en todo o corpo
lle deu febre gẽeral.
Como gradecer ben feito
é cousa que muito ual.....

E con est' anfermidade
das outras sãar o fez;
et ú cuidauan que morto
era, foi-sse d' essa uez
dereit' a Valedolide,
ú a Sennor mui de prez
o guariú do que ficara;
mas ánte quis que en tal
Como gradecer ben feito
é cousa que muito ual.....

Ponto uẽess' a seu feito,
que non ouuess' ý iöỳz
que de uida o iulgasse.
Et a sant' Anperadriz
lle fez ben sentir a morte;
mais en o dia fijz

[1] Falta el estribillo, por terminar la estrofa con la columna.

[2] Parte de este verso está escrita sobre raspado, y hecha al márgen la señal de correccion.

Digitized by Google

de Pasqua quis que uiuesse,
ú fazen o ciro pasqual. [1]
Como gradecer ben feito
é cousa que muito ual.....

E ar foy-o conortando,
ca maltreit' era assaz,
et de todas sas doores
o liurou ben et en paz,
tragendo per él sas mãos;
et non tijnna enfaz,
et parecia más crara
que é rubí nen crestal.
Como gradecer ben feito
é cousa que muito ual..... [2]

E tod' aquesto foi feito
dia de Pascua aluz
per ela et per seu Fillo
aquel que seue na cruz,
que tragía nos seus braços,
que pera nós sempr' aduz
a ssa mercé e ssa graça
no perigo temporal.
Como gradecer ben feito
é cousa que muito ual.....

Tod' aquesto faz a Uírgen.
de certo creed' a min,
pera dar-nos bõa uida
aquí et póis bõa fin.
Et porende a loemos
que nos meta no iardin
de seu Fill' e que nos guarde
do mui gran fog' yfernal.
Como gradecer ben feito
é cousa que muito ual,
assí quen non o gradece
faz falssidad' e gran mal.

CCXXXVI.

Como hũa moller que perigoou no mar et tragía un fillo pequeno nos braços, et feze-a Santa María per cima das aguas andar de pé, assi como yría per un mui bon chão.

A santa Madre d' aquele
que a pé sobelo mar
andou, guaannar d' él pode
por fazer ý outr' andar.

E d' est' un mui gran miragre
Santa María mostrou
por hũa moller mesquýnna
que no mar morrer cuidou
con seu fillo que tragía;
mas a Uírgen a liurou,
com' agora öýredes
se quiserdes ascoitar.
A santa Madre d' aquele
que a pé sobelo mar.....

Ésta en hũa galéa
andaua, com' aprendí,
de Marssella, d' un cassairo [3]
que dizian, com' oý,
Pero Bonifaz per nome;
mas un dia foi assí
que sse foi en un penedo
a galéa espeçar.
A santa Madre d' aquele
que a pé sobelo mar.....

E pereçeu a galéa,
et morreron log' enton
quantos en ela andauan,
que non escapou baron
nen moller das [4] que ý eran,
se aquela sóa non,

[1] Sobra una sílaba á este verso. Tal vez sea el artículo *o*.
[2] Omitido aquí el estribillo por falta de espacio en la columna.
[3] En lugar de *cossairo*.
[4] Escrito sobre raspado.

Digitized by Google

pero foi hũa vegada
ben äo fondo do mar.
A santa Madre d' aquele
que a pé sobelo mar.....

E tragendo en os braços
enton aquel fillo seu,
en o coraçon á Uírgen
rogou, com' aprendí eu,
dizendo:—Sennor mui santa,
por amor do Fillo teu
que sempre muito guardasti,
queiras este meu guardar.—
A santa Madre d' aquele
que a pé sobelo mar.....

Ela aquesto rogando,
foi-lle log' apareçer
a Uírgen Santa María,
et foi-a logo prender
pela mão et da agua
a começou a erger,
dizendo:—Non aias medo,
ca eu te venn' aiudar.—
A santa Madre d' aquele
que a pé sobelo mar.....

E ben assí pela mão [1]
a leuou ben sen afan
tan quedo sobela agua,
assí come per un pran;
et póse-a en o porto
de Marssela, ú están
muitas gentes cada dia
a que log' ela contar
A santa Madre d' aquele
que a pé sobelo mar.....

Foi de como ll' aučera.
Et todos logo sen ál
loaron Sancta María,
Rëỳnna esperital,
porque senpr' aos coitados
en as grandes cuitas ual:
et log' a aquela pobre
foron porén algo dar.
A santa Madre d' aquele
que a pé sobelo mar
andou, guaannar d' él pode
por fazer ỳ outr' andar.

CCXXXVII.

Como Santa María fez en Portugal, na uila de Santaren, a hũa moller peccador que non morresse ta que fosse ben confessada, porque auía gran fiança en ela et iaiũaua [2] os sábados et as sas festas a pan et agua.

Se ben en a Uírgen fiar' [3]
o peccador sabudo,
querrá-o na morte guardar
que non seia perdudo.

E d' esta confiança tal
uos direi, se quiserdes, [4]
que ouue grand' hũa moller;
et pois que o souberdes,
loarédes a Madr' enton
de Deus, se me creuerdes.
et auerédes des alí
o dem' auorreçudo.
Se ben en a Uírgen fiar'
o peccador sabudo.....

Esta moller en Santaren,
com' aprendí, moraua;
e pero sa fazenda mal
fazía, confiaua
na Madre do mantẽedor
do mund', e iaiũaua
o dia da Encarnaçon
que é stabeliçudo.
Se ben en a Uírgen fiar'
o peccador sabudo.....

As cinque festas da Sennor
Rëỳnna corõada
jaiũaua esta moller
et non comia nada

[1] La *E* inicial de este verso, que debia haberse dibujado en lugar de la *B*, está escrita al márgen en pequeño tamaño.
[2] Así en el Sumario.—En el texto se escribió equivocadamente *iaiũaua*; pero se señaló con un punto encima la *u* primera, para indicar que habia de corregirse.
[3] Así en el Sumario.—En el texto está raspada la letra final de esta palabra. No debió ser una *r*, que es la terminacion verdadera, como se ve en el estribillo despues de todas las estrofas. Sin duda el amanuense olvidó reemplazar la letra borrada.
[4] Las palabras *se quiserdes* y los dos versos que siguen están escritos sobre raspado.

Digitized by Google

senon pan et agua, pero
seendo denodada
muit' en seu corp' abaldonar;
est' era connoçudo.
Se ben en a Uirgen fiar'
o peccador sabudo.....

Outro costum' esta moller
uos direi que auía:
missa cada sábad' oýr
da Madre de Deus ýa,
et en aquel dia fazer
maldade non quería
por auer nen por outra ren;
assí eý aprendudo.
Se ben en a Uirgen fiar'
o peccador sabudo.....

Uiuend' esta moller assí,
estand' en tal estado
como uos retraý ánt' eu,
teu' assí por guýsado
d' ir a ssa terra; et enton
uestiú-sse ben prouado
et ssayú-ss' enton [1] d' alý
e non muit' ascondudo.
Se ben en a Uirgen fiar'
o peccador sabudo.....

Mais aquel dia que saýr
auía, sábad' era,
et foi missa oýr enton,
ca tal costum' ouuera
senpre tal dí; e un garçon
seu ouu' én coita fera,
et con outros pos ela foý
como louc' atreuudo.
Se ben en a Uirgen fiar'
o peccador sabudo.....

E foý-a enton acalçar
camino de Leirẽa;
pelos cabelos a tirou
do camyn' a gran pẽa;
ela começou uozes dar:
—¡Ai eu en terr' allẽa!
¡A qué mal tenpo me chegou
meu feýto decebudo!—
Se ben en a Uirgen fiar'
o peccador sabudo.....

Quis aquel uilão conprir
sa uoontade logo
con ela; mais disse-ll' assí
ela:—Por Deus te rogo
que non seja; ca sábad' é,
se quer a un moogo
meu abade o prometí.—
Mais él foý demouudo
Se ben en a Uirgen fiar'
o peccador sabudo.....

Contra ela o trãedor,
et diz:—Se non fezeres
ora quant' eu quiser aquí,
o corp' e quant' ouueres
perdud' ás;—Et ela respos':
—Podes quanto quiseres
fazer; mas ánt' eu morrer ei,
vilão, falsso, rudo.—
Se ben en a Uirgen fiar'
o peccador sabudo.....

Él con gran despeito trauou
d' ela, et ameude
chamou ela:—Madre de Deus,
uálla-m' a ta uertude;
a meu mal non queiras catar,
mais o teu ben m' aiude
et os grandes miragres teus
que o dem' an uençudo.
Se ben en a Uirgen fiar'
o peccador sabudo..... [2]

Sennor, Sennor de gran poder
uálla-m' a ta bondade:
non me leixes perder assí
pola ta pïadade;
guárda-me polo prazer teu
do dem' e de sa grade,

[1] Escrito sobre raspado. Tal vez debiera decir *saýú-sse*, con lo cual se completaría la medida de este verso.

[2] Omitido el estribillo por falta de espacio en la plana.

Digitized by Google

so que él muitos meter uai,
e do seu dent' agudo.
Se ben en a Uírgen fiar'
o peccador sabudo.....

Sennor, senpr' en tí confieẏ,
como quer que peccasse,
que dos grandes erros que fiz
a emenda chegasse;
e non ei ¡mal pecado! iá
temp' en que os chorasse;
mas tú, Madre do alto Rej,
sei ege [1] meu escudo.—
Se ben en a Uírgen fiar'
o peccador sabudo.....

D' aquesta guisa se queixou,
feramente chorando,
e non se maenfestou; mais
fóron-a desnuando
de quanto tragía enton,
et ela braadando,
muito lle mostrou falss' amor
aquel que foẏ seu drudo.
Se ben en a Uírgen fiar'
o peccador sabudo.....

Esbullou-a aquel ladron
falsso con gran loucura;
des í degolou-a log' ý
sen dóo et sen mesura.
Mais a de qu' el rei Salomon
falou, santa et pura,
a ssa oraçon ben oẏú
que sãa cegu' e mudo.
Se ben en a Uírgen fiar'
o peccador sabudo.....

Pois que a assí degolou,
mui longe da carreẏra
fogió-ss' [2] e leẏxó-a jazer
so hũa gẽesteẏra.
Chegou logo ben alý
a Santa uerdadeẏra,
que lle diss' enton:—Erge-te;
ca de pran eu t' aiudo.—
Se ben en a Uírgen fiar'
o peccador sabudo.....

Pela mão a foẏ fillar,
a Uírgen groriosa,
ão camino a leuou;
des' í mui saborosa-
mente a cofortou; [3] enton
diz:—Non seias queixosa;
ca serás salua, porque é
iá o demo batudo.—
Se ben en a Uírgen fiar'
o peccador sabudo.....

Pois dísse-lle:—Seẏ aquí,
non temas nemigalla,
et pornán que d' aquí a cras
maenfestes ta falla
quanta as feita contra Deus;
e creẏ ben que te ualla
meu Fill' e uiuirás con él,
pero te uaẏ sannudo.
Se ben en a Uírgen fiar'
o peccador sabudo.....

E uas [4] un caualleiro uen
per aquel recoste, [5]
que teu mandado leuará
a Santaren mui toste;
e do concello saẏrá
contra tí mui grand' oste,
e muẏ longe este feẏto
teu será retraudo.
Se ben en a Uírgen fiar'
o peccador sabudo.....

Chegou-ss' o caualeir' [6] enton,
ca andaua agẏnna,
e pois que uiú assí seer
esta moller mesquinna,

---

[1] Es error manifiesto. Debe decir *oge*.
[2] *Fogiu-ss'* y *fugiu-ss'* en otros lugares.
[3] En lugar de *cõfortou*.
[4] Debe ser error de copia, en lugar de *nes*.—La palabra *caualleiro* de este mismo verso está escrita generalmente *cauaeiro*. Puede verse en las estrofas siguientes.
[5] Falta una silaba en este verso. Tal vez debió escribirse:
per aquele recoste.
[6] Se habia escrito *Chegousse caualeiro*. Despues se corrigió, raspando la letra final de ambos vocablos y convirtiendo en *o* la *e* del primero.

Digitized by Google

sinou-ss' enton e diss' assí:
—¡Santa Uírgen Reỳnna!
Quen foỳ o que t' assí matou,
seia él cofondudo.—
Se ben en a Uírgen fiar'
o peccador sabudo..... [1]

—Caualeiro (díssel-l' enton),
¿e por qué uos sinades?
A mia Sennor, Madre de Deus,
faz esto, ben creades,
que quer que me confess' ánt' eu [2]
que moỳra; entendades
que sobre los santos tal don
á ela recebudo.
Se ben en a Uírgen fiar'
o peccador sabudo.....

Ca porque a muito chamei
ú m' assí degolaron
ómees a que nunca fiz
mal, et que me roubaron;
porque fieỳ no seu amor,
sol que m' elos leixaron
por morta, uẽo log' a mí
que m' á ben acorrudo.
Se ben en a Uírgen fiar'
o peccador sabudo.....

Mais maenfest' aia por Deus,
se ben fazer queredes,
a que possa dizer meu mal,
et depois saberedes
da Uírgen o gran poder seu,
et iá o ben ueedes,
que non lle praz de me perder
com' algun descreudo.
Se ben en a Uírgen fiar'
o peccador sabudo.....

O caualeir' a Santaren
se foi dereỳtamente,
et tod' aqueste feit' enton
diss' a toda a gente.
E a clerizía d' alí
saỳó mantenente; [3]
do concello ren non ficou
nen grande nen meudo.
Se ben en a Uírgen fiar'
o peccador sabudo.....

Adusséron-a ben d' alý
ú a o caualeỳro
achou, et foi mui ben enton
confessada primeỳro
e comungou-ss'; e a Madre
do Fillo verdadeỳro
log' a alma d' ela leuou
que ll' ouue prometudo.
Se ben en a Uírgen fiar'
o peccador sabudo,
querrá-o na morte guardar
que non seia perdudo.

CCXXXVIII.

Como Deus se uingou d' un iograr tafur que iogaua os dados et porque perdera descreeu en Deus et en Santa Maria.

O que uiltar quer a Uírgen
de que Deus carne fillou,
se fois á él filla uingança, [4]
maraúilla non o dou. [5]

A Sennor que nos adusse
saluaçon e lum' e luz,
et que uiú por nós seu Fillo
morte prender en a cruz,
des i ten-nos amparados
do demo que nos non nuz,
en boo [6] dia foi nado
quen a seruiú et onrrou.
O que uiltar quer a Uírgen
de que Deus carne fillou.....

E d' esto uos direỳ ora
una [7] uengança que fez
Jhesu-Christo en Guimarães
d' un iograr máo rafez

---

[1] Falta aquí el estribillo. La estrofa termina con la plana.
[2] Este verso está escrito sobre raspado. Tambien lo está el segundo de la estrofa siguiente y la *A* inicial de la última.
[3] Saỳá en otros lugares.—Falta una sílaba al verso.
[4] La sílaba *ça* está escrita sobre el renglon con diferente tinta.
[5] Este verso y los seis siguientes están escritos sobre raspado.
[6] Escrito primero *bon*. Se tachó la *n* con puntos y se añadió sobre el renglon la *o* final.
[7] En otros lugares *hũa*, *ũa* y *ûa*.

Digitized by Google

que él e ssa Uírgen Madre
santa e o seu bon prez
per que o mundo foi saluo,
ante todos dẽostou.
O que uiltar quer a Uírgen
de que Deus carne fillou.....

Aqueste iograr [1] iogaua
os dados, com' aprendí,
et descreeýa tan muýto,
que quantos seýan ý
foron én tan espantados,
que sse foron os máis d' ý;
mais él de uiltar [2] a Uírgen
et Deus sol non ss' enfadou.
O que uiltar quer a Uírgen
de que Deus carne fillou.....

Non quis catar o maldito
commo prendeu carne Deus
na Uírgen et póis prendeu
por él morte dos iudeos; [3]
mais o coraçon proposo
et todos los sisos seus
en uiltar Santa María
de que Deus carne fillou.
O que uiltar quer a Uírgen
de que Deus carne fillou.....

E dezía [4] que non era
Deus nada nen o seu ben,
et que o da Uírgen fora
chuffa, ca non outra ren;
et él est' e máis dizendo,
ei-uos un capelan uen
que leuaua *Corpus Christi*
a un que ý enfermou
O que uiltar quer a Uírgen
de que Deus carne fillou.....

Na vila; os gẽollos [5]
ficaron todos enton
ant' aquel que da cadẽa
nos foi tirar do dragon;
e o iograr mal andante
cospiú et disse que non
uíra gente tan baueca;
et muý mal os dẽostou.
O que uiltar quer a Uírgen
de que Deus carne fillou.....

O capelan, quand' oýú
dizer mal do Saluador
do mund' e [6] mui gran despeito
ouue d' aquel träedor;
et pois se tornou d' ú ýa,
diss' enton:—¡Aý, pecador
d' ome! ¿por qué denostauas [7]
ora o que te formou,
O que uiltar quer a Uírgen
de que Deus carne fillou.....

O que te fez de nïente
et póis á-t' a desfazer,
et en o dia do joýzo
estarás a sseu poder
catiu'? ¿E non sabes esto,
nen t' ar queres connoscer
a aquel que do dïabo
per seu sangui te liurou?
O que uiltar quer a Uírgen
de que Deus carne fillou.....

E da Uírgen Groríosa
te nenbra et ben farás,
e filla ta pẽedença
por aquesto que dit' ás.—
Él respondeu escarnindo:
—Crérigo, ¡qué torp' estás!
O ben, de Deus et da Uírgen
renegu', e aquí me dou
O que uiltar quer a Uírgen
de que Deus carne fillou.....

Que non aian en min parte
e que xe me fazam mal
e me metan, sse poderen,
dentro no fog' infernal.—

---

[1] *Ioglar* se escribió primero. Despues se corrigió raspando la *l*.
[2] Escrito sobre raspado. El amanuense trató, al parecer, de escribir aqui *da uirgen*.
[3] *Iudeus* en otros lugares. Así lo requiere tambien la rima.
[4] *Dizia* en otros lugares.
[5] Parece que debe decir *e os géollos*. De este modo se completan el sentido y la medida del verso.
[6] El sentido requiere *do mundo*.—Este verso está escrito sobre raspado.
[7] *Dẽostauas* en otros lugares.

Digitized by Google

Quand' est' o crérigo oý ú,
diss:—¡Aý, Groriosa, val!
Deus fille de tí uingança,
assí como sse uingou
O que uiltar quer a Uírgen
de que Deus carne fillou.....

Do träedor Simon magos
encantador, que uiltar
foi assý Santa María
e seu Fillo desdennar.—
Esto diss' o prest' e foi-ss', e
o demo uẽo trauar
en o iograr que uos dixe;
et assí o apertou,
O que uiltar quer a Uírgen
de que Deus carne fillou.....

Que o torceo enton todo.
E assí uingar-sse quis
Deus por ssí et por sa Madre,
et d' esto seéde fis,
que nunca máis falou nada;
et porén, pa Ssan [1] Dinis,
atanto o teu' o demo
ta que ll' a alma sacou
O que uiltar quer a Uírgen
de que Deus carne fillou.....

Do corpo, e no inferno
a foý logo sobolir; [2]
ca assí ýr deueria
quen quer que foss' escarnir
da Uírgen et do seu Fillo
que nos uẽo remijr.
Qual sennor ele seruiú,
assí ll'-o gualardõou.
O que uiltar quer a Uírgen
de que Deus carne fillou,
se pois d' él filla uingança,
marauilla non o dou. [3]

CCXXXVIII.

Esta é d' un miragre de Santa María que fez en Murçia [4] por un ome que deu seu auer a guardar a outro et negou-ll'-o, et iurou-lle por él ant' a Magestade.

Guardar-se deue tod' ome
de jurar gran falssidade
ant' a omágen da Uírgen
que é Sennor da uerdade.

E d' esto uos quero falar
d' un gran miragre, et contar,
que Santa María mostrar
foi en Murça na cidade,
por un' que auer a guardar
deu a outr' en fialdade,
Guardar-se deue tod' ome [5]
de jurar gran falssidade.....

Que ll' o teuesse por ll' o dar
quando ll' o fosse demandar;
mas aquele foi-ll'-o negar,
dezendo: [6]—Gran torpidade
fezestes sol d' esto cuidar,
et allur o demandade.
Guardar-se deue tod' ome
de jurar gran falssidade..... [7]

Ca eu non tenno uoss' auer
nen nunca foi en meu poder;
¿et cóm' ides ora dizer
tal mentira? Et calade.—
Diss' o outro:—Ide fazer
iura ant' a Maiestade
Guarda-sse [8] *deue tod' omme*
de jurar gran falssidade.....

Da Uírgen, de que Deus prender
quis carne por nós et nacer.—
Dísso-ll' aquel:—Sol detẽer

[1] *Passan*, en lugar de *par san*.
[2] Tal vez en lugar de la palabra *sabullir*, usada en otros lugares.
[3] Falta el estribillo en este lugar, aunque quedó espacio para escribirlo.
[4] *Murça* en el Sumario. Así tambien en otros lugares. V. la estrofa primera de esta Cantiga.
[5] Falta la *G* inicial de este verso.
[6] Del mismo modo se repite esta palabra en la estrofa 8.ª En otros lugares *dizendo*.
[7] Falta aquí el estribillo: el amanuense señaló el lugar que debia ocupar con una linea de tinta encarnada.
[8] En lugar de *Guardar-sse*.

Digitized by Google

non me quero; pois andade
a iura ende receber,
et pois do ál uos quitade.—
Guardar-sse tod' ome deue [1]
de jurar gran falssidade.....

D' aquesto iurar non dultou;
et pois que a iura iurou,
da eigreja ir-se cuỳdou;
mas esto ffoi uãỳdade,
ca o queixo [2] lle derribou
Deus con gran enfermidade.
Guardar-sse deue tod' omme
de jurar gran falssidade.....

E quis falar, mas non falou,
et pero a irse fillou;
et ú a ssa casa chegou,
muit' adur disse:—Chamade
un prest', a quen sse confessou,
d' estes menores un frade.
Guardar-sse deue tod' omme
de jurar gran falssidade.....

E começou-ss' a repentir
de seus pecados et sentir;
mas aquel non quis descobrir,
de que fez grand' ẽidade,
ca outra door lo ferir
foi porén par caridade.
Guardar-sse deue tod' ome
de jurar gran falssidade....

E tan muito o foi seguir,
que iá non pude máis mentir;
et o frade [3] fez vijr,
dezendo:—Por Deus uuiade;
ca a alma mi quer saỳr
porque mentí: et uós dade
Guardar-se deue tod' ome
de jurar gran falssidade.....

Mí consello, ca fiz gran mal;
ca iurei come desleal
per Deus gran mentira mortal:
et a Deus por mí rogade,
et ao que foi mentiral
o sseu do meu ll' o pagade.
Guardar-sse deue tod' ome
de jurar gran falssidade.....

E á Uírgen que pod' e ual,
Madre do Reỳ espirital,
por mí rogad' en guisa tal
que non cate mia maldade.—
Et a tercer dia sen ál
foi mort'. E porén loade
Guardar-sse deue tod' ome
de jurar gran falssidade..... [4]

A Uírgen mui de coraçon
todos con gran deuoçon,
que sempre d' err' e d' ocaion
nos guarde por sa bondade,
et que de seu Fillo perdon
nos dé por sa pïadade,
Guardar-sse deue tod' ome
de jurar gran falssidade.....

Assí que do demo felon
non entremos en sa priion,
nen caiamos en cofoion
mentindo por liuialdade: [5]
et pois él pres por nós paxon,
dé-nos no seu reỳn' erdade.
Guardar-sse deue tod' ome
de jurar gran falssidade
ant' a omágen da Uírgen
que é Seunor da uerdade.....

CCXXXX.

Esta é de loor [6] de Santa María.

Os pecadores todos loarán
Santa María; ca dereit' ý an

En a loar et dizer o seu ben
et non cuidar nunca en outra ren;

---

[1] Variado el órden de las palabras en este verso del estribillo.

[2] *Queixou* se escribió en un principio; pero se raspó despues la *u* final.

[3] Tal vez en lugar de *et ũo frade*, con lo cual se completa la medida.

[4] Falta aquí el estribillo. La estrofa termina con la plana.

[5] *Liuiandade* en otros lugares.

[6] Así en el Sumario, y es la forma constante de estos epígrafes. El amanuense omitió aquí, por olvido quizá, la preposicion *de*.

Digitized by Google

ca, pois que peccan per seu máo sen,
roga por eles a do [1] bon talan.
Os peccadores todos loarán.....

En a loar, et senpr' eu loarei
os seus feitos, ca outro ben non ei;
et por aquesto dereito farei,
et os cuitados dereito farán.
Os peccadores todos loarán.....

En a loar et senpr' esto fazer
polas sas coitas, de que faz lezer
quando Deus uée irado seer
polos pesares que lle fazer uan.
Os peccadores todos loarán.....

En a loar et nunca fazer ál;
ca ú a chaman, senpr' ela ý ual,
et per ela somos liures de mal
e do pecado que fezo Adan.
Os peccadores todos loarán.....

En a loar et dizer o seu prez
et quanto ben ela no mundo fez
et cómo roga por nós cada uez
que pecamos, por nos saluar de pran.
Os peccadores todos loarán.....

En a loar, et dereito será;
ca muito ben nos fez senpr' e fará,
et se non foss' ela, fóramos iá
todos con Abirón et con Datán.
Os peccadores todos loarán.....

En a loar, et farán gran razon;
ca ela ped' a seu Fillo perdon
quand' eles erran, et outro padron
nunca ouueron nen o auerán.
Os peccadores todos loarán.....

En a loar; et quen esto fezer,
fará dereito, pois senpr' ela quer
rogar por nós ú nos á máis mester
por nos tirar de coitas et defan. [2]
Os peccadores todos loarán.....

En a loar, ca Deus non lle fez par;
et porén deuemos a confiar
d' ela que por nós Deus uerrá rogar
alí ú todos muito temerán.
Os peccadores todos loarán.....

En a loar, ca ú nostro Sennor
en o iüỳzo máis ỳrado for,
perdõa-lles á polo seu amor,
et os crischãos non se perderán.
Os peccadores todos loarán
Santa María, ca dereit' ý an.

CCXXXXI.

Esta é como un menỳnno que era esposado con hua menỳna caeu de cima d' ua muit' alta pena en fondo et quebrou per todo o corpo et morreu; et sa madre começó-o de pedir a Santa María, et deu-ll'-o uiu' e sao; et entr' o moço et sa esposa metéron-ss' en órden.

Parade mentes ora
cómo Santa María
d' acorrer non demora
a quen por ela fía.

E se m' oỳr quiserdes
et parardes femença,
direi-uos un miragre
en que ei gran creença,
que fez a Groriosa
en terra de Proença
por hũa dona uiuua
que un seu fill' auía.
Parade mentes ora
cómo Santa María.....

Outra dona par d' esta
moraua sa uezỳnna,
uiuu', e hũa filla
auía fremosỳnna:
e o fillo da outra
pagou-sse da menỳnna,
et, com' é de costume,
por moller a pedía.
Parade [3] *mentes ora*
cómo Santa María.....

---

[1] Escrito *don*, y tachada la *n*.

[2] Parece yerro del copiante, que probablemente deberia haber escrito *dafan* (d' afan).

[3] Escrito *Parades*, pero señalada la *s* con un punto por debajo para indicar que debe suprimirse.

Digitized by Google

Assí foy̓ que ás donas
prougue-lles d' este feyto,
esposaron [1] os moços
enton pelo congeito
d' un clérigo muj santo
que iuntou este preito,
prazend' [2] aos parentes
muyto da preitesía.
Parade mentes ora
cómo Santa María.....

Log' a madre do moço
conuidou de bon grado
á moça e ssa madre,
et porend' a tal Sennor
deuemos máis d' outra cousa
senpre seruir et loar.
Marauillosos miragres
Santa María mostrar..... [2]

E de tal razon, miragre
uos contarei que oý
mui grande, que fez a Uírgen
en Roma, com' aprendí,
en hũa eigreia nobre
de Leteran que á ý,
por hũa moller errada
que ss' ý foi maenfestar.
Marauillosos miragres
Santa María mostrar..... [3]

Esta moller que uos digo,
com' este miragre diz,
tan muit' auía errado
et era tan peccadriz,
que en non se fiaua [4]
senon na Emperadriz
dos cëos, ca ben cuidaua
por ela perdon ganar.
Marauillosos miragres
Santa María mostrar.....

E assí a adussera
o demo a cofoion,
que sol nunca a leixaua
que prendesse confisson;
mas a Uírgen, de Deus Madre,
ll' amolgou o coraçon,
per que entrou na eigreia
et começou de chorar.
Marauillosos miragres
Santa María mostrar.....

E confessou seus peccados
a un preste que achou;
et pois que ll' os ouu' oýdos,
muito sse marauillou
de tanto mal que fezera,
et sobr' aquesto cuidou;
et ela foi mui coitada
et começou-ll' a falar.
Marauillosos miragres
Santa María mostrar.....

E disse-ll':—¡Ai, sennor preste!
¡Se pode ýnda seer [5]
que d' aquestes meus pecados
podess' eu perdon auer!—
Diss' él:—Quand' esta omágen
que eu ueio se mouer'
d' esta pared' a est' outra
e ss' alá toda mudar',
Marauillosos miragres
Santa María mostrar.....

Que este da groriosa
Uírgen et Madre de Deus;
enton serás perdõada,
cuid' eu, dos pecados teus.—
Quand' a moller oýú esto,
chorou tan muito os seus
peccados, que hũa peça
de terra ant' o altar
Marauillosos miragres
Santa María mostrar.....

---

[1] Señaladas con puntos la *e* final de la palabra *mercee* y la conjuncion *e*. Sin duda se intentó corregirlas poniendo *mercéé amor* (mercé' e amor), con lo cual resulta más cadencioso el verso.

[2] No se escribió más que la palabra *Marauillosos*, por falta de espacio en el pentagrama.

[3] Falta el estribillo por terminar la estrofa en fin de columna.

[4] Falta una sílaba. Acaso debiera decir *que en ál*.

[5] Es de creer que el amanuense omitiera por olvido una *s* en el verbo *pode*, pues sería más correcta la frase habiendo escrito *podes* (podés').

Digitized by Google

Mollou, et muito rogando
aquela que Deus pariú
que mercé ouuesse d' ela,
et a Uirgen a oÿú.
Et o preste parou mentes
et log' a omágen uiú
estar na outra pared'; e
foi-sse log' agẽollar
Marauillosos miragres
Santa María mostrar.....

Ant' a moller, et rogou-lle
que muito ll' era mester
que a Deus por él rogasse;
ca nunca iá per moller
maÿor miragre mostrara
sa Madr'.—E pois ela quer
que tú perdõada seias,
quéras-me tú perdõar
Marauillosos miragres
Santa María mostrar.....

Do grand' erro que te dixe
come ome de mal sen;
ca en mudar-ss' a omágen
por tí, mostrou que te ben
de coraçon t' á parcida
a Sennor que nos manten.
Et porén por mí lle roga
que me non queira culpar
Marauillosos miragres
Santa María mostrar.....

D' aquest' erro que ei feito.—
Et fillou-ss' a repentir;
et pois que foi repentido,
começou-sse logo d' ir
braadando pelas ruas,
et as gentes fez uijr
et mostrou-lles o miragre
que fez a Uírgen sen par.
Marauillosos miragres
Santa María mostrar..... [1]

E todos enton chorando,
segund' eu escrit' achej,
loaron Santa María,
a Madre do alto Rej;
et a moller depois senpre
a seruiú, et porén sej
que lle foi gualardõado
ú nunqua uerá pesar.
Marauillosos miragres
Santa María mostrar
uai por nós que nol-o demo
non faça desasperar.

CCLXXIII.

Esta CC.LXXiij. é como Santa María en Ayamonte, riba d' Aguadiana, fez apareçer dous fios con que cossessen os panos do seu altar. [2]

A Madre de Deus que este
do mundo lum' e espello,
sempre nas cousas minguadas
acorre et dá conssello.

D' esta razon un miragre
direÿ, apost' e fremoso,
que fezo Santa María,
et d' oÿr mui saboroso.
Esto foi en Ayamonte,
logar iá quanto fragoso,
pero terra auondada
de perdiz et de cõello.
A Madre de Deus que este
do mundo lum' e espello.....

Ali á hũa eigreia
d' esta Uírgen groriosa,
que é dentro no castelo,
nen ben feita nen fremosa,
mas pequena et mui pobre
et de todo menguadosa;
et campãa á tamanna
qual conuen äo concello.
A Madre de Deus que este
do mundo lum' e espello.....

E os panos con que era
ende o altar coberto
eran ricos et mui nobres,
esto sabemos por certo;
et per cima da eigreia

[1] Omitido aquí el estribillo por falta de espacio en la columna. Tambien se omitió despues de la estrofa siguiente.

[2] Asi este epígrafe en el Sumario. En el texto se omitio, aunque quedó espacio rayado para escribirlo.

Digitized by Google

era o teito coberto;
et ostïas ý menguauan
et uýnno branqu' e uermello.
A Madre de Deus que este
do mundo lum' e espello.....

Ond' auẽo na gran festa
d' esta Uírgen en Agosto
que entrou uun ome bõo
et uiú estar desaposto
o altar, et disse logo:
—Par Deus, muit' e gran dẽosto
do feito da Uírgen santa
seer metud' a trebello.
A Madre de Deus que este
do mundo lum' e espello.....

E pero ora non tenno
pera dar ý offerenda,
coserei aquestes panos
d' aquest' altar sen contenda,
se poder' achar agulla
ou fíos ou quen mi-os uenda;
pois que mal parado ueio
iazer aqueste zarello.
A Madre de Deus que este
do mundo lum' e espello.....

E máa uentura uenna
quen altar assí desbulla;
et porén buscade fíos,
amigos, ca eu agulla
tenno, que non á tan bõa
d' aquí ata Riba-Dulla
pera cosel-os mui toste,
pero que uello semello.—
A Madre de Deus que este
do mundo lum' e espello.....

Per cousa que él fezesse
nen dissesse nen rogasse
a todos, non foi en preito
que sol uun fío achasse,
nen aýnda en os panos
do altar, pero prouasse
de sacar end' uun enteiro,
nen quen lle dissesse d' ello.
A Madre de Deus que este
do mundo lum' e espello.....

Estand' assí aquel ome
por estes fíos coitado,
que os auer non podía,
catou et uiú a seu lado
pender de cima do onbro
dous fíos; et espantado
foi én muit' a marauilla
dizendo:—Non é anello
A Madre de Deus que este
do mundo lum' e espello.....

Este miragre, mais nouo:
et por aquesto, uarões,
en a Uírgen groriosa
ben tẽed' os corações.—
Et log' ant' o altar todos
fezeron sas orações,
et máis lágrimas choraron
ca chẽo un gran botello.
A Madre de Deus que este
do mundo lum' e espello.....

E leuantáron-sse logo
dando grandes adïanos
todos a Santa María;
et él coseu os panos [1]
mui ben con aqueles fíos
et encobriú os danos,
a pesar do dem' astroso
que é peor que golpello.
A Madre de Deus que este
do mundo lum' e espello,
sempre nas cousas minguadas
acorre et dá conssello.

---

[1] Falta una sílaba á este verso, no haciendo diéresis en la palabra *coseu*. Lo mismo sucede en el verso sexto con la voz *encobriu*. Ambas se encuentran, por lo general, formando diptongo.

Digitized by Google

CCLXXIIII.

Esta é do frade qua fazía a garnacha d' orações a Santa María.

Poil-o pecador punnar'
en seruir Santa María,
non temades que perder
se possa per sa folía.

Por uos prouar ora esto,
miragre quero dizer
que pouc' á conteu en Burgos,
d' un frade que quis fazer
aa Uírgen ssa garnacha
d' orações, et poder
seu meteu en acabal-a,
assí noite come dia.
Poil-o pecador punnar'
en seruir Santa María.....

Por fazer esta garnacha
esteu' ũa gran sazon,
que non foi dia nen noite
que non foss' en oraçon;
et estándo-a fazendo,
o demo en coraçon
lle meteu que sse sayísse
da órden, ca ben sería.
Poil-o pecador punnar'
en seruir Santa María.....

Estando él en seruiço
da Uírgen, foý-o tentar
atan muito o diabo,
que o ouue de forçar
que lle fez que a garnacha
leixasse por acabar,
et fez-lle leixar a órden
et foi-ss' ende sua uía.
Poil-o pecador punnar'
en seruir Santa María.....

Él yndo per un camýnno,
a Uírgen ll' apareçeu,
et ficou-ss' [1] él en gẽollos
et muý ben per entendeu
que Santa María era
et logo a connoceu.
Et ela en sua mão
hũa garnacha [2] tragía
Poil-o pecador punnar'
en seruir Santa María.....

Que además era bela
et de mui rico lauor,
senon que era mui curta
comme d' algũa pastor
pequena. Et diss' o frade:
—Seería muý mellor
esta garnacha, se fosse
comprida como deuía.—
Poil-o pecador punnar'
en seruir Santa María.....

Diss' enton Santa María:
—Esta garnacha per sý
est' a que me tú fazías
et leixás-che-m'-a assí
por acabar; mais agýnna
te torna logo d' aquí
ao moesteyr', et se mi-a
comprisses, gracir-ch'-o-ýa.—
Poil-o pecador punnar'
en seruir Santa María.....

Depois que ll' a Uírgen santa
esto disso, foý-lle mal
et dísso-lle:—Sennor, Madre
d' aquel que pod' e que ual,
se mi aquesto perdõasses,
ýr-m'-ía logo sen ál
âo moesteyr' e esta
garnacha acabaría.—
Poil-o pecador punnar'
en seruir Santa María.....

---

[1] Se escribió *ficousse*, pero despues se raspó la *e*.
[2] Escrito *guarnacha*, y tachada la *u*.

Digitized by Google

Enton diss' a Groriosa:
—Meu Fillo perdõará
a tí quanto tú cuÿdasche,
pois que t' en mal achas iá;
et tórna-t' a tua órden;
ca mui cedo ch' auerá
mester de t' alá tornares,
ca eu teu mal non querría.
Poil-o pecador punnar'
en seruir Santa María.....

Aÿnda de ta fazenda
máÿs te desenganareÿ:
d' este dia a vn ano
serás morto, eu o seÿ;
et a esto pára mentes,
ca eu ánt' [1] a tí verreÿ
que moiras; et no meu Fillo
que te fez, sempre confía.—
Poil-o pecador punnar'
en seruir Santa María.....

Qvando ll' esto diss' [2] a Uírgen,
logo xe ll' espedÿú; [3]
et foi-ss' hu eran os frades
et seu ábito pediú:
et contou-lles quanto uíra,
et cada vn escriuiú
o dia en que dissera
a Uírgen que morrería.
Poil-o pecador punnar'
en seruir Santa María..... [4].

Él enton no mõesteÿro
ssa pẽedença fillou,
et na obra que leixara
por fazer ar começou;
et mui ben ontre seus frades
tod' aquel tenpo passou,
et cada uun parou mentes
en a Uírgen se uerría.
Poil-o peccador punnar'
en seruir Santa María.....

En uéspera d' aquel dia
aqué-uol-a Uírgen uen,
et pareceu äo frade
et disso-ll':—Amigo, ben
acabasch' a mia garnacha,
mas mui ben t' acharás én,
ca säirás cras do mundo;
et prend' én grand' alegría.—
Poil-o peccador punnar'
en seruir Santa María.....

Enton uẽo-ss' äos frades
et disso:—Sennores meus,
aquí ú ora oraua
uẽo a Madre de Deus
et disso que eu salrría
cras do mundo; et os seus
feitos sempre uós loade
de tal Sennor todauía,
Poil-o peccador punnar'
en seruir Santa María.....

Que quiso que dos pecados
me podesse repentir,
et porén me diss' a morte
que me podess' én sentir.—
Et estando sempr' en prezes,
en outro dia saÿr
lle foi a alma do corpo,
pero que lle non doÿa.
Poil-o peccador punnar'
en seruir Santa María,
non temades que perder,
se possa per sa folía.

---

[1] Escrito *ante*, y raspada la *e*.
[2] *Disso* se escribió primero; pero se raspó la *o*.
[3] Falta una silaba á este verso, no haciendo diéresis en la palabra *espedÿú*, que comunmente se pronuńcia sin ella. Así puede verse en *pediú*, terminacion del cuarto verso en esta misma estrofa.
[4] Omitido el estribillo porque termina la estrofa con la plana.

Digitized by Google

CCLXXV.

Como Santa Maria de Terena guariú dos [1] freyres do Espital que rauiauam.

A que nos guarda do gran fog' infernal
sãar nos pode de gran rauia mortal.

D' est' en Terena fez, per [2] com' aprendí,
miragr' a Úrgen, segundo [3] que oý
dizer a muitos que ss' acertaron ý,
de dous rauiosos freires do Espital
A que nos guarda do gran fog' infernal..... [4]

Que no conuento soýan a seer
de Moura; mas foi-lles atal mal prender
de rauia, que sse fillauan a morder
come can brauo que guarda seu curral.
A que nos guarda do gran fog' infernal.....

Assí rauiando, filláuan-ss' a trauar
de ssí ou d' outros que podian tomar;
et por aquesto fóron-os ben liar
de liadura fort' e descomunal.
A que nos guarda do gran fog' infernal.....

E a Terena os leuaron enton,
que logar este de mui gran deuoçon,
que os guariss' a Úrgen; ca iá non [5]
lles sabían ý outro conssello tal.
A que nos guarda do gran fog' infernal.....

E leuándo-os ambos a grand' affan,
que cada uun mordía come can,
passaron con eles un rio muý gran
d' Aguadïana, entrant' a Portogal.
A que nos guarda do gran fog' infernal.....

E o primeiro d' eles mentes parou
de cima d' un outeiro ú assomou;
des í mui longe ante ssí deuisou
a Terena, que iaz en meo d' un ual.
A que nos guarda do gran fog' infernal.....

---

[1] Constantemente *dous*. Véase el cuarto verso de la estrofa primera.

[2] La palabra *per*, omitida por olvido, se escribió en abreviatura sobre el renglon.

[3] Escrito primero *segund*. La *o* se añadió posteriormente uniéndola á la *d*.

[4] Este verso, escrito al final de la plana, está repetido al principio de la siguiente.

[5] Falta una sílaba, á no hacer diéresis en la palabra *guariss'*. Este verbo se emplea sin ella, como puede verse en varios versos de la misma Cantiga.

Digitized by Google

E disse logo como uos eu direỳ:
—Soltáde-me, ca iá eu rauia non eỳ;
ca ueio Santa María, et ben seỳ
que ela me guariú mui ben d' este mal.
A que nos guarda do gran fog' infernal.....

Mais agua me dade que beua, por Deus;
ca a Uírgen, que sempr' acorr' äos seus, [1]
me guariú ora, non catand' äos meus
pecados que fiz come mui desleal.—
A que nos guarda do gran fog' infernal.....

O outro diss' esto meesmo pois uiú
a eigreia; ca logo sse ben sentiú
da rrauia são, et agua lles pediú,
et déron-ll'-a d' ũa fonte peranal.
A que nos guarda do gran fog' infernal.....

E pois beueron, ar filláron-s' a ir
dereitament' a Terena, por conprir
ssa romaría; et porque os guarir
fora a Uírgen, deron ý por sinal
A que nos guarda do gran fog' infernal.....

Cada un d' eles d' esso que ss' atreueu
de seu auer que en o logar meteu;
et des í cada un d' eles acendeu
ant' o altar da Uírgen seu estadal.
A que nos guarda do gran fog' infernal.....

Este miragre mostrou aquela uez
Santa María, que muitos outros fez
commo Sennor mui nobr' e de mui gran prez [2]
que senpr' acorre con seu ben et non fal.
A que nos guarda do gran fog' infernal
sãar nos pode de gran rauia mortal. [3]

---

[1] La *a* del articulo *aos* está escrita sobre el renglon con pluma y tinta diferentes.

[2] Este verso está escrito sobre raspado.

[3] Omitido el estribillo por falta de espacio.

Digitized by Google

CCLXXVI.

Esta .cc.lxxvi é como Santa Maria do Prado, cabo Segobia, guariú un monteiro del Reỳ d' un badalo da canpana que lle dera na cabeça. [1]

Quen a Uírgen por Sennor
teuer, de todo mal guarrá.

Ond' un miragre que fez
uos direi saboroso
en Prad' a Sennor de prez
en un logar uiçoso,
ú á'
Quen a Uírgen por Sennor
teuer, de todo mal guarrá.

Hũa ssa eigrei' alý,
mui fremosa capela,
en que fez, com' aprendí,
esta que nos caudela
et dá
Quen a Uírgen por Sennor
teuer, de todo mal guarrá.

Saude et saluaçon,
que deu a un monteiro
que na ssa eigreia 'nton [3]
entrou mui deanteiro
alá
Quen a Uírgen por Sennor
teuer, de todo mal guarrá.

Ú uiú os sỳnos estar,
et foi que os tangesse;
mais un d' eles se britar
foi et caeu sobr' esse.
—¡Ahá!
Quen a Uírgen por Sennor
teuer, de todo mal guarrá.

(Disseron todos) Par Deus,
mort' é sen nulla falla;
porend' a que ual os seus
mester á que lle ualla
iá;
Quen a Uírgen por Sennor
teuer, de todo mal guarrá.

Ca de guisa ferid' é
que non á osso são
na cabeça, a la ffe,
nen pod' andar per chão;
ca
Quen a Uírgen por Sennor
teuer, de todo mal guarrá.

Máis mol' a cabeça ten
ca non é pera fole
nen manteiga; et porén,
pois que a ten tan mole,
alá
Quen a Uírgen por Sennor
teuer, de todo mal guarrá.

Ant' o seu altar põer
da Uírgen o uaámos.—
Et foron assí fazer,
com' en uerdat achamos;
et á
Quen a Uírgen por Sennor
teuer, de todo mal guarrá.

Nõit' ant' essa Sennor
iouue tal come morto;
mais ant' a luz gran sabor
lle deu a que conforto
dá
Quen a Uírgen por Sennor
teuer, de todo mal guarrá.

Que ss' ergesse pera ỳr
con os outros monteiros;
et tan toste foi sentir
os ossos muit' enteiros
da
Quen a Uírgen por Sennor
teuer, de todo mal guarrá.

Testa. Et porén loou
muito a Groriosa,
porque en ele mostrou
sa uertude fremosa
et ssa
Quen a Uírgen por Sennor
teuer, de todo mal guarrá.

[1] Así este epígrafe en el Sumario. Aquí se omitió por falta de espacio.

[2] Las sílabas que forman el quinto verso en estas estrofas están escritas á continuacion del cuarto; pero se indica su separacion con un punto, segun es costumbre en semejantes casos.

[3] Escrito en el texto: *eigreiánton*.

Digitized by Google

Mercée, que nunca fal,
de que é mui granada:
porén de todos sen ál
senpre é mui loada
et será.
Quen a Uírgen por Sennor
teuer, de todo mal guarrá.

CCLXXVII.

Como Santa Maria guardou oito almograues [1] en hũa fazenda que ouueron con mouros, porque non comeron carn' en sábado.

Marauíllo-m' eu cóm' ousa
á Uírgen rogar per ren
aquele que as sas festas
non guarda et en pouco ten.

E d' est' un mui gran miragre
demostrou Santa María
en dezeseis almograues
que foron en azaría
aa terra que chamada
est' Algaru', ú soýa [2]
auer gran gente de mouros
que ss' én foron, et foi ben.
Marauíllo-m' eu cóm' ousa
á Uírgen rogar per ren..... [3]

Eles de Lisbõa eran,
et atal preito poseron
ontre ssí que correr fossen
o Algaru' e sí fezeron;
et porén dess uun todos
foron correr, et ouueron
d' achar un ceruo no monte
mui máis groso ca de bren,
Marauíllo-m' eu cóm' ousa
á Uírgen rogar per ren..... [4]

Que punnou de fogir d' eles;
mas toste o acalçaron
et matáron-o agýnna;
des í logo o assaron,
et desque foi ben assado
log' a comer s' assentaron;
ca de tod' outra uianda
eles non tijnnan ren.
Marauíllo-m' eu cóm' ousa
á Uírgen rogar per ren.....

Sábad' era aquel dia
quand' a comer s' assentauan
d' aquel ceruo; mas os oito
que o sábado guardauan
por onrra da Uírgen santa,
sol de comer non penssauan
d' aquel ceruo, mas comian
pan, qual en guerra conuen.
Marauíllo-m' eu cóm' ousa
á Uírgen rogar per ren.....

Os outros oito disseron
que da carne comerian
quanta máis d' ela podesen,
et que a non leixarian:
et ben assí o fezeron,
et fartos d' alí s' ergian
aqueles oito da carne,
dizendo:—Non uai nen uen
Marauíllo-m' eu cóm' ousa
á Uírgen rogar per ren.....

De iaiũar en tal terra
et andand' en caualgada;
porén que quer comeremos
que non leixaremos nada.—
Et tan toste começaron
d' andar per ess' ancontrada
et acháron-sse con mouros;
mas a todos non proug' én;
Marauíllo-m' eu cóm' ousa
á Uírgen rogar per ren.....

Ca os que ý iaiũauan
foron sãos et guaridos,
et os que comeron carne
maltreitos et mal feridos;
et macar que sse preçauan
de fortes muit' e d' ardidos,

---

[1] En el Sumario *almogauares*.
[2] Falta una sílaba. Tal vez debiera decir *este* ó *Algarue*.
[3] Se escribió solamente *Marau*, por no dejar más espacio el pentagrama.
[4] Omitido el estribillo por falta de espacio en la columna.

Digitized by Google

non foi tal que non dissesse:
«¡Quén foss' og' en Santaren!»
Marauíllo-m' eu cóm' ousa
á Uírgen rogar per ren.....

Ca assí como lles dauan
lançadas pelos costados,
per cada hũa ferida
saýan grandes bocados
d' aquel ceruo que comeran:
et d' esto marauillados
foron end' os outros oito
que fezeran mellor sen
Marauíllo-m' eu cóm' ousa
á Uírgen rogar per ren.....

Porque iaiũad auian.
Porend' os mouros uenceron,
et correron de pos eles
et mataron et prenderon
todos con quantos lidaron,
et chaga non receberon.
Porén disseron:—¡Ai, Uírgen!
bẽeita seian, [1] amen.—
Marauíllo-m' eu cóm' ousa
á Uírgen rogar per ren.....

Os outros, quand' esto uíron,
prometeron que leixassen
d' en sábado comer carne,
et que o muito guardassen
por onrra da Uírgen santa,
et sempre o iaiũassen
por tal miragre que fezo
a Sennor que nos manten.
Marauíllo-m' eu cóm' ousa
á Uírgen rogar per ren
aquele que as sas festas
non guarda et en pouco ten.

CCLXXVIII.

Como hũa bõa dona de França, [2] que era cega, uẽo a Vila-Sirga et teue ý uigia, et foi logo guarida et cobrou seu lume; et ela ýndo-se pera sa terra, achou un cego que ýa en romaria [3] a Santiago, et ela conssellou-lle que fosse per Vila-Sirga et guareztrie.

Como sofre muj gran coita
o om' en cego seer,
assí faz gran piadade
a Uírgen en ll' acorrer.

E d' esto contar uos quero
miragre fremos' e bel
que mostrou en Vila-Sirga
a Madre de Manüel,
ú faz ameude muitos
que son máis doces ca mel
pera quen en ela fia
de gran sabor ý auer.
Como soffe [4] mui gran coita
o om' en cego seer.....

Esto foi en aquel tenpo
que a Uírgen começou
a fazer en Vila-Sirga
miragres, por que sãou
a muitos d' enfermidades
et mortos ressocitou;
et porend' as gentes algo
começauan d' í fazer.
Como soffre mui gran coita
o om' en cego seer.....

E de muitas terras eran
os que uijnnan alý;
mas hũa dona de França,
cega, per quant' aprendí,
romýnna a Santïago

[1] La *n* está señalada con un punto. Debe decir *seias*.
[2] Así en el Sumario. El texto *fraça* por *fr ça*.
[3] Es, sin duda alguna, yerro de copia. *Romaría* se lee siempre.
[4] En lugar de *soffre* como en todas las estrofas. El amanuense no continuó el estribillo, por terminar allí el pentagrama.

Digitized by Google

foi; mas auẽ-ll' assý [1]
que non sãou de sa ida
que sol podesse ueer.
Como soffre mui gran coita
o om' en cego seer.....

E depóis aa tornada,
quando chegou a Carron,
hũa sa filla lle disse:
—Treides, se Deus uos perdon',
albergar máis adeante
a hũas choças que son
preto de nosso camýnno,
et ý podemos iazer.
Como soffre mui gran coita
o om' en cego seer.....

E pois saíron da vila,
mui preto d' aquel logar
fillou-ss' a chouer mui forte
et ouueron a entrar
con coita en a eigreia,
et des í ant' o altar
se deitaron et a cega
foi ssa oraçon fazer,
Como soffre mui gran coita
o om' en cego seer.....

Rogando Santa María,
a Sennor esperital,
que ss' amercẽasse d' ela
et lle tolless' aquel mal
perque ouuesse seu lume.
Et log' a que pod' e ual
fez que foi logo guarida,
et fillou-ss' a bẽeizer
Como soffre mui gran coita
o om' en cego seer.....

A Uírgen Santa María;
et outro dia fillou
seu camýnn', e assí ýndo,
un ome cego achou
que a Santïago ýa;
mas ela ll' aconssellou
que fosse por Vila-Sirga
se quisesse lum' auer.
Como soffre mui gran coita
o om' en cego seer.....

E contou todo seu feito
cómo fora con romeus
muitos pera Santïago,
mas pero nunca dos seus
ollos o lum' ý cobrara;
mas póis a Madre de Deus
ll'-o dera en Vila-Sirga
pelo seu mui gran poder.
Como soffre mui gran coita
o om' en cego seer.....

O cego creeu á dona,
et tan toste sse partiú
d' ela et foi ssa carreira
tanto que ss' él espediú:
et pois foi en Vila-Sirga
fez ssa oraçon et uýú;
ca non quis Santa María
en o saar [2] detẽer.
Como soffre mui gran coita
o om' en cego seer.....

Quantos aquesto souberon,
todos logo manaman
loaron Santa María,
a Sennor do bon talan,
por tan aposto miragre
que fez, et tan sen affan,
como en fazer dous cegos
tan agýnna guarecer.
Como soffre mui gran coita
o om' en cego seer,
assí faz gran ïadade
a Uírgen en ll' acorrer. [3]

---

[1] Se ve claramente que el amanuense cometió una equivocacion, debiendo haber escrito *auẽo-ll'*. Tal como lo hizo, resulta una sílaba ménos en el verso, á no cometer diéresis en *foi*, que constantemente se lee sin ella.

[2] En lugar de *sãar*, como se lee constantemente en los códices.

[3] Omitióse aquí el estribillo, á pesar de haber quedado espacio para escribirlo.

Digitized by Google

CCLXXIX. [1]

Como el Rei pidiú [2] mercée a Santa María que o guarecesse d' ũa grand' enfermidade que auía; et ela, commo Sennor poderosa, guarecé-o. [3]

Santa María, ualed' ¡ai, Sennor!
et acorred' a uosso trobador,
que ma-lle uai.

Atan gran mal e atan gran door
—Santa María, ualed' ¡ai, Sennor!—
como soffr' este uosso loador;
—Santa María, ualed' ¡ai, Sennor!—
et sãe iá, se uos en prazer for,
do que diz «¡Ai!»
Santa María, ualed' ¡ai, Sennor!.....

Pois uos Deus fez d' outra cousa mellor
et uos deu por nossa rezõador,
seéde-mi ora bõa 'iudador
en est' enssaẏ. [4]
Santa María, ualed' ¡ai, Sennor!.....

Que me faz a mort', ond' ei gran pauor,
et o mal que me ten tod' en redor,
que me fez [5] máis uerde mia coor
que d' un canbrai.
Santa María, ualed' ¡ai, Sennor!.....

¿Qvé fez enton a galardõador [6]
de todo ben et do mal sãador?.....
Tolleu-ll' a féuer et aquel umor
máo et lai.
Santa María, ualed' ¡ai, Sennor!
et acorred' a uosso trobador,
que ma-lle uai. [7]

CCLXXX.

Esta é de loor de Santa María.

Santa María bẽeita seia,
ca espell' é de santa Eigreia.

Ca en ela os santos se catan, [8]
et pelo seu rogo se desatan
os peccados dos que ben baratan,
de que o dem' á mui grand' enueia.
Santa María bẽeita seia.....

Per ela sse corregen os tortos,
et ar faz ressocital-os mortos
et ãos coitados dá conortos
et con o demo por nós peleia.
Santa María bẽeita seia.....

Ela é lume dos confessores
et auogada dos peccadores
et a mellor das santas mellores;
demáis nosso ben senpre deseia.
Santa María bẽeita seia.....

Dos mártires é lum' e corõa
et das uírgeens ar é padrõa,
et os grandes pecados perdõa:
atant' é ssa mercée sobeia.
Santa María bẽeita seia.....

Porén lle rogo que por ben tenna
que quando for que mia morte uenna,
que a mia alma non se detenna
d' ir a logar ú a senpre ueia.
Santa María bẽeita seia,
ca espell' é de santa Eigreia.

---

[1] En el códice de Toledo es la décima de las escritas al final por apéndice.

[2] *Tol.:* Esta .x.ª é como el Reỳ pediú.

[3] *Tol.:* como sennor piadosa oỳulle seu rogo et deulle sãde.

[4] Así están divididos los versos de cada estrofa en el códice de Toledo. En el texto se divide en dos cada uno de los tres primeros, en esta forma:

Pois uos Deus fez
doutra cousa mellor,
et uos deu por
nossa Rezõador,
seede mi ora
boá iudador
en est enssaỳ.

[5] *Tol.:* fezo.

[6] En el códice de *Tol.* falta la *Q* inicial de este verso.

[7] Falta el estribillo en el texto.

[8] Se escribió equivocadamente *catatan;* pero está tachada y sin nota musical la sílaba *ta.*

Digitized by Google

CCLXXXI.

Como un caualeiro, uasalo do demo, non quis negar Santa Maria, et ela o liurou do seu poder.

Ú alguen a Ihesu-Cristo
por seus pecados negar',
se ben fiar' en ssa Madre,
fará-ll' ela perdõar.

D' est' auẽo un miragre
en França a un francés
que non auía no reino
duc' nen conde nen marqués
que fosse de maẏor guisa;
et tal astragueza pres,
que quanto por ben fazía
en mal xe ll' ýa tornar.
Ú alguen a Ihesu-Cristo
por seus pecados negar'..... [1]

Él non era de mal siso
nen deserrado en ál,
senon que quanto fazía
por ben, saýa-ll' a mal;
et passand' assi seu tenpo
con esta uentura tal,
de grand' algo que ouuera
non ll' ouu' én ren a ficar.
V alguen a Ihesu-Christo
por seus pecados negar'.....

Poýs que sse uiú en pobreza,
diss' un dia entre ssí:
—Mesqýno desanparado,
¿qué será agora de mý?.....
A requeza que auía
non seý por qué mi-a perdí;
mais se a cobrar non posso,
ýr-m'-ei algur esterrar.—
V alguen a Ihesu-Christo
por seus pecados negar'.....

Él estand' assí coýdando,
un ome ll' apareceu,
et aquel era o demo,
et assí o cometeu:
—¡Cuidas tú no que perdische!
Iá outr' ome máis perdeu
ca tú, et fez meu mandado
et fiz-ll'-o todo cobrar.
V alguen a Ihesu-Christo
por seus pecados negar'.....

E se tú assí fezeres
todo ch'-o eu cobrareý.—
Diss' él:—Dí-me qué che faça
et logo ch'-o eu fareý.—
Diss' o demo:—Por uassalo
meu t' outorga, et dar-ch'-ei
mui máis ca o que perdische.—
Et él foý-ll'-o outorgar.
V alguen a Ihesu-Christo
por seus pecados negar'.....

Pois que lle beijou a mão,
diss' o demo:—Un amor
me farás, pois meu uassalo
es: nega nostro Sennor
et nega todos seus santos.—
Et fillou-xe-lle pauor
de os negar, et negó-os;
tanto ll' ouu' a preegar.
V alguen a Ihesu-Cristo
por seus pecados negar'.....

Despos [2] esto, disso:—Santa
María renegarás.—
Diss' enton o caualeiro:
—Este poder non o ás
que me faças que a negue,
nen tanto non me darás
que negue tan bõa dona;
ánte m' iría matar.—
V alguen a Ihesu-Cristo
por seus pecados negar'.....

Diss' o demo:—Pois negaste
Deus, non mi á ren que fazer
de ssa Madre non negares;
mais dou-che mui grand' auer:

---

[1] Omitido el estribillo por falta de espacio en la columna.

[2] *Depos* y *depois* se lee en otros lugares.

Digitized by Google

CCLXXXI

demáis negasch' os seus santos;
mais ál mi as de prometer
que non entres en eigreia.—
Et iurou d' í non entrar.
V' alguen a Ihesu-Cristo
por seus pecados negar'.....

Él andado [1] por do demo
passou ũa gran sazon,
et foy con el Reÿ de França
un dia a un sermon:
et el Rei en a eigreia
entrou, et él con él non
entrou et ouue uergonna
de sse d' él assí quitar.
V alguen a Ihesu-Christo
por seus pecados negar'.....

A magestade de Santa
María uiú ú ficou
de fóra o caualeiro,
et a ssa mão leuou
contra él et sinal fizo
que entrass'; e espantou-
s' a gente, por neun omme
a Magestade chamar.
V alguen a Ihesu-Cristo
por seus pecados negar'.....

Diss' enton el Reÿ:—Amigos,
algun sant' entre nós á
et non entrou na eigreia;
mais algur de fóra 'stá.—
Et fezo catar de fóra
quáes estauan alá,
et uíron o caualeiro
sóo senlleiro estar.
V alguen a Ihesu-Christo
por seus pecados negar'.....

Diss' el [2] Rey:—Sancta María
muÿ pagada de uós é;
ca a sua Magestade
uos chamou, que aquí sé.—
Disso él:—Máis é-m' irada [3]
con dereito, a la fé,
et fez sinal que ant' ela
sol non m' oussase parar.
V alguen a Ihesu-Christo
por seus pecados negar'.....

Ca eu fiz tan máo feyto,
que nunca uiú omme quen
tan máo feito fezesse
por algo, nen tan mal sen;
ca porque pobre tornara
uassalo torney porén
do dem', e Deus et os santos
negueÿ por m' enrrequentar.
V alguen a Ihesu-Christo
por seus pecados negar'.....

Mais des oie máis do demo
m' espeço, et nego eu
él et todas suas obras,
et leixo quanto m' él deu'
et tórno-m' a Ihesu-Christo
et outórgo-me por seu,
et péço-lle que sse queira
de mí, peccador, ẽnbrar.—
V alguen a Ihesu-Christo
por seus pecados negar'.....

Poil-o uiú el Reÿ queyxar-se
et muy ben se repentir,
preguntou-lle se iá quando
traballara en seruir
á Vírgen Santa María;
et él disso:—Consintir
nunca quix' ão diabo
que mi-a fezesse negar.—
V alguen a Ihesu-Cristo
por seus pecados negar'.....

Diss' enton el Reÿ:—Amigo,
eu fuí errado, par Deus,
de uós auerdes pobreza
en meu reyn' e ontr' os meus.—
Et deu-ll' enton por herdade
muy máis ca ouueran seus

---

[1] Debe ser yerro de copia, en lugar de *andádo* (andando).

[2] Se escribió *Dissol*. Despues se corrigió raspando la *o*.

[3] Escrito *cimiraca* y corregido sobre raspado.

Digitized by Google

auóos, et ficou rico
com' ome do seu logar.
V alguen a Ihesu-Cristo
por seus pecados negar',
se ben fiar' en ssa Madre,
fará-ll' ela perdõar.

CCLXXXII.

Como Santa María acorreu a un moço de Segobia que caeu d' un sobrado mui alto, e non se feriú porque disse «¡Santa María, ual-me!»

Par Deus, muit' á gran uertude
na paraula comunal
ú dizen todos nas coitas:
«¡Ai, Santa María, ual!»

Ca muito é [1] gran uertude
et pïadad' e mercée
d' acorrer sol por un ueruo
a quen en ela ben crée;
ca estando con seu Fillo,
todo sab' e todo uée,
pero quen a aquí chama
sa mercée non lle fal.
Par Deus, muit' á gran uertude
na paraula comunal.....

E d' aquest' un seu miragre
muj fremoso contarey
que mostrou grand' en Segouia
com' eu en uerdad' achey,
un fillo de Dïag' Sanchez,
caualeiro que sey [2]
que na cidade moraua
et era én natural.
Par Deus, muit' á gran uertude
na paraula comunal.....

Est' auía un seu fillo
que amaua máis ca ssí;
et un dia trebellando
andaua, com' aprendí,
encima d' uun sobrado
muit' alt' e caeu d' aly
de costas, cabeça iuso,
et foi caer en a cal.
Par Deus, muit' á gran uertude
na paraula comunal.....

A ama que o criaua
foi correnḍ' a aquel son
do menyno que caera,
et o padre log' enton;
et outrossí fez a madre,
que o muj de coraçon
amaua máis d' outra cousa,
como seu fillo carnal,
Par Deus, muit' á gran uertude
na paraula comunal.....

Coidando que morto era.
Et foron polo fillar,
et quando pararon mentes
uíron-o en pé estar
trebellando et rijndo;
et fóron-o preguntar
se era iá que ferido
ou sse ssentía mal. [3]
Par Deus, muit' á gran uertude
na paraula comunal.....

Diss' él: —Non; ca en caendo
chameý a Madre de Deus
que me fillou atan toste
logo en os braços seus;
ca sse aquesto non fosse,
iúro-uos par San Mateus
que todo fora desfeito
quando caý, come sal.—
Par Deus, muit' á gran uertude
na paraula comunal.....

Quand' est' oýú o padre [4]
et a madre, gran loor
deron a Santa María,
Madre de nostro Sennor;

---

[1] Se escribió *Ca muité* (muit' é); pero despues se corrigió tachando la *t* y entrerenglonando la sílaba *to*.

[2] Falta una sílaba, no haciendo diéresis en *caualeiro*. Tal vez debiera decir *un caualeiro*.

[3] Falta una sílaba. Quizá debiera decir:
ou se sse sentia mal.

[4] Acaso en lugar de: quand' *esto* oýú, ó quand' est' *oýron*. Así se completaría la medida del verso.

Digitized by Google

et log' o moço leuaron
aa eigreia mayor
con muitas candeas outras
et con un seu estadal.
Par Deus, muit' á gran uertude
na paraula comunal
ú dizen todos nas coitas:
«¡Ai, Santa María, ual!»

CCLXXXIII.

Como Santa María de Terena saiou un clérigo da boca que se lle torçera [1] mui feramente.

Qven uai contra Santa María
con soberuia, faz mal a ssí.

Ca soberuia non deu' auer
ome contra a que uencer
foi äo demo per saber
ser omildosa et fazer
per que Deus quis d' ela nacer;
ca d' outra guisa non querría
ser Deus ome nen sí nen sí.
Quen uai contra Santa María
con soberuia, faz mal a ssí. [2]

E por esto uos contarey
un gran miragre que acheý
que fez a Madre do gran Reý
en Terena, et muj ben seý
que outros ý, com' apres' eý,
fez muitos et faz cada dia
äos que os uan buscar ý.
Quen uai contra Santa María
con soberuia, faz mal a ssí.

Muj pret' uun clérigo morar
fora d' aquel santo logar
d' esta Groriosa sen par;
et uun dia quis peegar [3]
en ssa eigreia et mostrar
aas gentes que gran folía
—será (diss' él), creed' a mj,
Quen uai contra Santa María
con soberuia, faz mal a ssí.

De quantos uos fordes partir
de uossas eigreias et ir
a Terena por ý seruir
nen dar do uoss' e offerir:
et júro-uos eu sen mentir
que por est' escomungaría
quantos alá fossen d' aquí.
Quen uai contra Santa María
con soberuia, faz mal a ssí.

Et se per uentura auen
que en esta festa que uen
d' Agosto per uosso mal sen
fordes ý per nehũa ren,
escomungar-uos-ei porén.—
Et ú él esto dizer quería
torceu-xe-ll' a boca, assj
Quen uai contra Santa María
con soberuia, faz mal a ssí.

Que nulla cousa non falou
nen a missa non ar cantou;
et de guisa torto ficou
que pé nen mão non mudou
per poder da que despreçou
por aquelo que dit' auía;
et foi tolleito log' alý,
Quen uai contra Santa María
con soberuia, faz mal a ssí.

Que ú quis descomungaçon
dizer, non disse ssí nen non,
nen ar pode mostrar razon;
mais braadou come cabron.
Enton todos de coraçon
loaron muit' a que nos guía
et teméron-a máis des ý.
Quen uai contra Santa María
con soberuia, faz mal a ssí.

Mas quando ss' atal sentiú [4]
que tolleit' era et sse uiú
tan maltreito, ben sse partiú
d' aquel err' e sse repentiú;
assí que logo ben guariú

---

[1] Asi en el Sumario. Aquí se omitió por olvido la palabra *torçera*.
[2] Falta el estribillo en este lugar.
[3] Es equivocacion manifiesta. Debe decir *pregar*.
[4] Falta una sílaba, á no hacer diéresis en *quando* ó *sentiú*. Tal vez debiera decir *sse* atal sentiú.

Digitized by Google

et fez assí que todauía
deu ý do seu, com' aprendj.
Quen uai contra Santa María
con soberuia, faz mal a ssí.

CCLXXXIIII.

Esta é como Santa María liurou un monge do poder do demo que o tentaua.

Qven ben fiar' na Uírgen
de todo coraçon,
guardal-o-á do demo
et de sa tentaçon.

E d' aquest' un miragre
mui fremoso direi
que fez Santa María,
per com' escrit' achei
en un liur' e d' ontr' outros
traladar o mandei,
et un cantar én fige
segund' esta razon.
Quen ben fiar' na Uírgen
de todo coraçon.....

Un frade foi doente
d' un mõesteiro mal,
et todos ben cuidauan [1]
que mort' era sen ál;
et se non foss' a Uírgen,
Reÿnna esperital,
a ssa alma leuara
a dem' [2] a perdiçon.
Quen ben fiar' na Uírgen
de todo coraçon.....

Ca ánte que morresse
un sinal lle mostrou
que contra hũa porta
mui de rrijo catou;
mas un frad' ý estaua
que o en preguntou
por qué esto fazía,
que ll' o dissess' enton.
Quen ben fiar' na Uírgen
de todo coraçon.....

E aquel frad' enfermo
enton non respondeu; [3]
mas muita de paraula
sobeia lle creceu,
com' en desasperando,
et todo sse torceu;
et aa cima disse
mui trist' e [4] en mal son
Quen ben fiar' na Uírgen
de todo coraçon.....

Que quantos bẽes feitos
auía, nulla ren
prestar non lle podían,
et tal era seu sen;
et tan gran prol ll' auía
fazer mal come ben.
Et quand' est' ouue dito,
dísse-lle [5] compannon
Quen ben fiar' na Uírgen
de todo coraçon.....

Que aquesto o demo
fazía, sen dultar,
que lle metía medo
polo desasperar;
mas sse ele quisesse
uun uesso rezar
da Uírgen groriosa,
log' o demo felon
Quen ben fiar' na Uírgen
de todo coraçon.....

Se partiría d' ele.
Et o frade rezou
o uesso muit' agÿnna
que ll' o frad' enssinou:
et atan tost' o demo
se foi et o leixou,
que o non uiú pois nunqua,
et uedes por qué non:
Quen ben fiar' na Uírgen
de todo coraçon.....

Porque en aquel uesso
aa Vírgen assý

---

[1] Estos tres versos están escritos sobre raspado.
[2] La *a* está señalada con un punto. El sentido requiere *o dem'*.
[3] Escrito este verso sobre raspado.
[4] Se escribió *mui tristé* ⁊. Esta conjuncion está tachada.
[5] Tal vez en lugar de *dissello:*
disse-ll' o compannon.
Así sería perfecto el sentido.

Digitized by Google

dizía: «Con ta graça,
»Sennor, acorr' a mj,
»ca tú de pïadade
»Madr' es; porend' aquí
»me guarda do diabo
»chẽo de träiçon.»
Quen ben fiar' na Uírgen
de todo coraçon.....

E quand' est' ouue dito,
começou de rijr
et disso äos frades:
—¿Non uedes uijr
a Uírgen groriosa?.....
Con ela me quer' ỳr.—
Et logo ante todos
fezo ssa confissson.
Quen ben fiar' na Uírgen
de todo coraçon.....

E repentiú-sse muito
do que foi descreer,
et comungou, et logo
começou a dizer
que o do leit' ergessen,
et mandou-sse põer
en terra, et a alma
foi dar a Deus en don.
Quen ben fiar' na Uírgen
de todo coraçon,
guardal-o-á do demo
et de sa tentaçon.

CCLXXXV.

Como [1] Santa Maria fez aa monia que non quis por ela leixar de ss' ir con o caualeiro, [2] que sse tornass' a sua órdin, [3] et ao caualeiro fez outrossi que fillasse religion.

Do dem' a perfía
non a toll' outra cousa
come Santa María.

D' est' un fremoso miragre
uos quer eu ora contar
que por hũa monia fazer
quis a santa Rëỳnna,
que, per com' eu aprendí,
era de mui bon semellar,
et de fremoso parecer
et aposta minỳnna;
et gran crerizía [4]
et grand' ordinamento
esta dona auía,
et demáis sabía
amar máis d' outra cousa
a Uírgen que nos guía.
Do dem' a perfía..... [5]

Sen tod' esto, de linnage [6]
mui [7] alt' era, et mellor
falaua d' outra moller;
et por aquesto a essa
fillou por ssa companneira
et por ssa aguardador,
porque muito a preçaua
de sen, a abadessa:
et ú quer que ỳa
iá máis aquela monia
nunca de ssí partía;
ante a metỳa
en todolos seus feitos
cada que os fazía.
Do dem' a perfía.....

Un sobrỳnn' est' abadessa
auía, que mui gran ben
quería, que era menỳnn' e
apost' e fremoso; [8]
este, desque uiú a monia,
quis-lle mellor d' outra ren,
et en guisar que a ouuesse
foi tan aguçoso,
que non era dia
que ll' él muitas uegadas
sa coita non dizía,
et lle prometía
que sse con él sse fosse,
con ela casaría.
Do dem' a perfía.....

---

[1] *Tol.:* Esta .ix'. é como. (De las del apéndice en este códice.)
[2] *Tol.:* con un caualeiro.
[3] *Tol.:* a sa orden.
[4] *Tol.:* crerezia.
[5] En el texto se omitió el estribillo por terminar la estrofa en el último renglon de la columna.
[6] *Tol.:* *Een* todesto de *linage.*
El amanuense hizo al margen una *s* para indicar que debe sustituir á la *E* inicial escrita equivocadamente.
[7] *Tol.:* muit.
[8] En el códice de Toledo forman un solo verso éste y el anterior, sin que haya motivo que lo justifique.

Digitized by Google

E demáis que grand' herdade [1]
lle daría et auer
et a terría senpr' onrrada
rica et viçosa,
et que nunca d' él pesar
recebería, mais prazer.
Et tanto lle diss' aquesto,
que ela saborosa
foi, et d' alegría
lle iurou en sas mãos
que con ele s' irýa
et que leixaría
log' aquel mõesteiro,
ú ál non auería.
Do dem' a perfía.....

Essa noit' aquela monia
todas sas cousas guisou
por se con seu amigo ỳr;
mais [2] en hũa capela
da Uírgen Santa Marí' ant'
o altar ss' agẽollou [3]
chorand' ant' hũa sa omágen
que era mui bela,
et sse ll' espedía;
mas quando foi na porta
per ela non podía
saỳr; ca viía
deant' a Magestade [4]
que ll' a porta choýa.
Do dem' a perfía.....

D' esto foi tan espantada
et ouue pauor atal,
que sse foi quanto [5] ir máis pode
äo dormidoiro;
mail-a Uírgen groriosa,
Rẽỳnna esperital, [6]
fezo que a él essa noite
enganou agoiro,
et foi-sse ssa vía,
maldizendo quen nunca [7]
por moller creería.
Et ela iazía
coitada en seu leito,
que per ren non durmía.
Do dem' a perfía.....

Outro dia, gran mannãa, [8]
atanto que a luz uiú,
a abadessa sse leuou
et a monia con ela;
et log' aquel seu amigo
uẽo, que ll' arreferýú
cómo non saỳú a ele,
de que mui gran querela
sempr' auer deuía.
Mas ela lle iuraua
que mui mal se sentía;
pero todavía,
quando uẽes' a noite,
que pera él ir-ss'-ýa.
Do dem' a perfía.....

Pois uẽo a outra noite,
como na primeira fez,
et por ir-ss' ende sa carreira
foi aa eigreia;
et quando ss' én quis sair
a Uírgen santa do bon prez
parou-sse-ll' [9] en cruz en a porta,
et disse:—Non seia
que tan gran folía
faças contra meu Fillo
nen tan grand' ousadía;
ca eu non sería
tẽuda de rogar-lle [10]
por tí nen m' öỳrýa.—
Do dem' a perfía.....

A monia, con mui gran coita
de con seu amigo s' ir,
macar de noit', aa igreia [11]
foi; na Magestade
sol mentes non quis tẽer,
ante foi a porta abrir [12]
et saỳú per ela et foi-sse;
et fez ý maldade;

---

[1] *Tol.:* erdade.
[2] *Tol.:* mas.
[3] Escritos así estos versos:
Texto: da uirgen santa mariãt
ó altar ssagẽollou.
Tol.: da uirgen santa Marianto
altar sagẽollou.
[4] *Tol.:* maiestade,—y así tambien más adelante.
[5] *Tol.:* quant.
[6] *Tol.:* espiritual.
[7] *Tol.:* que nunca.
[8] *Tol.:* mannáá.
[9] *Tol.:* parousel.
[10] *Tol.:* rogalle.
[11] *Tol.:* eigreia.
[12] *Tol.:* a portábrir (a port' abrir).

Digitized by Google

mais [1] muit én prazía
a aquel seu amigo
et ben a recebía,
et logo tragýa
un palafren mui branco
en que a él subía.
Do dem' a perfía.....

Poil-a leuou a ssa terra
et con ela iuras pres,
mui ben ll' ouue conprid' aquelo
que lle conuẽera;
aýnda mui máis lle deu,
que ánte que passas' un mes
a fez sennor de ssa herdade
máis ca ll' él dissera;
et ela viuía
a máis uiçosa dona [2]
que uiuer podería,
et quanto quería
tod' aquel seu amigo
lle daua et compría.
Do dem' a perfía.....

Assí ambos esteueron
uiçosos a seu talan,
et Deus sofreu que ouuessen
fillos muitos et fillas
mui grandes et mui fremosos;
mas a Uírgen, que mui gran
pesar ouue d' aqueste feito,
fez ý marauillas;
que apparecía
a ela en dormindo [3]
et mal a reprendía
dizendo:—Sandía,
¿et cómo começaste
atan gran bauequía [4]
Do dem' a perfía.....

En leixar teu mõesteiro
ú uiuías, com' eu sei,
mui ben et muit' onrradamente,
et ýr ta carreira
et desdennares a mí
et a meu Fillo santo Reý,
et non aueres uergonna [5]
en nihũa maneira? [6]
Por est' eu terría
por ben que te tornasses
pera a ta mongía,
et eu guisaría
logo con Deus meu Fillo
que te perdõaría.—
Do dem' a perfía.....

A dona d' aqueste sonno
foi espantada assí
que tremendo muit' e chorando
diss' a seu marido
toda a uison que uira;
et, per quant' eu aprendí,
quiso Deus que da sa graça
foss' ele ben conprido,
et o que ll' oýa
todo ll' o outorgaua;
et d' ela sse partía,
et d' outr' abadía
religïon fillaua
en que a Deus seruía.
Do dem' a perfía
non a toll' outra cousa
come Santa María.

CCLXXXVI.

Esta é como caeu o portal sobre dous judeus que escarnecian a un ome bõo.

Tanto quer Santa María
os que ama deffender,
que non soffr' en nulla guisa
leixal-os escarnecer.

Ca, sen que lles dá sa graça
con que possan fazer ben,
guárda-os nas grandes coitas

---

[1] *Tol.*: mas.
[2] Esta frase está repetida y tachada en el códice de Toledo.
[3] Así el cód. de Tol. El texto, equivocadamente, *domindo*.
[4] Así en el códice de Toledo. El texto, equivocadamente, *beuequia*.
[5] La *r* de esta palabra, omitida por olvido en el texto, se escribió despues sobre el renglon.
[6] Así el códice de Tol. El texto *meneira*. Es yerro.

Digitized by Google

CCLXXXVI

que sse non perçan per ren,
et non soffre que maltreitos
ar seian nen en desden
tẽudos nen outras gentes
non lles possan mal dizer.
Tanto quer Santa María
os que ama deffender..... [1]

E mui fremoso miragre [2]
uos direi d' esta razon
que mostrou Santa María,
que nunca faz se ben non,
por un ome que senpr' ýa
rogar-lle de coraçon
que en o seu paraýso
o quisesse receber.
Tanto quer Santa María
os que ama deffender.....

Este fóra da eigreia
fazía en o portal
oraçon, iazend' en prezes,
que o guardasse de mal
a Uírgen Santa María,
a Sennor esperital;
et iazend' assí un dia,
óuue-lle de contecer
Tanto quer Santa María
os que ama deffender.....

Que él fazendo sas prezes,
un gran can per ý passou
et chegou-sse muit' a ele
et atal o adobou,
que ouu' a leixar sas prezes
et logo sse leuantou;
ca, pois se sentiú maltreito,
non quis máis alá iazer.
Tanto quer Santa María
os que ama deffender.....

E fillou log' hũa pedra
pera esse can ferir,
et uiú dos [3] judeus que logo
se fillaron a rijr
do que o can lle fezera
et muito o escarnir;
et él foi én tan coitado,
que non soub' én qué fazer.
Tanto quer Santa María
os que ama deffender.....

Mas diss' a Santa María:
—¡Ai, Sennor! d' estes judeus
me dá, se te praz, dereito,
ca son enemigos teus
que mataron a teu Fillo
que era ome et Deus,
et por tí me escarnecen
como tú podes ueer.—
Tanto quer Santa María
os que ama deffender.....

Des quand' aquest' ouue dito,
äo can ss' arremeteu
por dar-lle con hũa pedra;
mais uiú de como caeu
sobr' aqueles judeus logo
un portal; mas non tangeu
a outro, se non a eles
que foi todos desfazer.
Tanto quer Santa María
os que ama deffender.....

Todos quantos esto uíron
deron logo gran loor
aa Uírgen groriosa,
Madre de nostro Sennor,
que tan grand' é sa bondade
que senpre faz o mellor:
et o ome que uingara
fillou-a a bẽeizer.
Tanto quer Santa María
os que ama deffender,
que non soffr' en nulla guisa
leixal-os escarnecer.

---

[1] Omitido el estribillo por falta de espacio en la columna.

[2] Falta la *E* inicial de esta estrofa. El amanuense la escribió al márgen con tinta clara, para servir de indicacion al dibujante.

[3] En lugar de *dous*, que es la forma en que esta palabra se encuentra generalmente. Asi se lee tambien en el epígrafe.

Digitized by Google

CCLXXXVII.

Como Santa María de Scala, que he [1] a par de Iénua, liurou hũa moller de morte, [2] que ýa alá per mar en romaría.

O que en Santa María
todo seu coraçon ten,
que quer que lle por mal façan
todo ll'-o torna en ben.

E d' aquest' un gran miragre
uos direi, se uos prouguer,
que mostrou Santa María
por hũa bõa moller
que en Génüa moraua;
et quen o logar quiser
saber, foi en a hermida
de Scala, que pret' é én.
O que en Santa María
todo seu coraçon ten..... [3]

Aquésta casada era
con un ome que peor
lle quería d' outra cousa
do mund'; e a peccador
d' aquesto non se guardaua;
et o falsso träedor
buscou cómo a matasse,
et fez en elo mal sen.
O que en Santa María
todo seu coraçon ten.....

Esta en Santa María
fiaua, per com' oý,
máis d' outra cousa que fosse,
et aueo-ll' end' assí
que a guareceu de morte,
com' öyredes per mj;
et de cómo foi aquesto
non uos én negarei ren.
O que en Santa María
todo seu coraçon ten.....

O marido por matal-a
mostrou aquesta razon:
—¡Ai, moller! por Deus uaámos
ambos fazer oraçon
aa hermida de Scala
per mar, ca per terra non;
et aqueste meu conssello
non tennades en desden.—
O que en Santa María
todo seu coraçon ten.....

Ela creé-o et foi-sse
con él a aquel logar;
mais o falsso, que auía
gran sabor de a matar,
fillou-a, ýndo na barca,
et deitou-a en o mar;
mas sãa a pos' na riba
a Sennor que nos manten.
O que en Santa María
todo seu coraçon ten.....

Quand' esto uiú o marido,
de coraçon lle pesou,
et foi logo pera alá [4]
et tan muito a rogou,
que entrou con él na barca;
et tan toste a fillou
et meteu-a en un saco
porque nunca sayss' én.
O que en Santa María
todo seu coraçon ten.....

E atou-a ben no saco
aquel falsso desleal
et deitou-a no mar logo,
ca lle quería gran mal;
mais tan toste foi con ela
a Rëýnna sperital
et pos-la en saluo fóra.
Et aqué o falsso uen,
O que en Santa María
todo seu coraçon ten.....

Cuidando que era morta,
et foi da barca decer
et dereit' aa hermida
foi por oraçon fazer;

---

[1] En otros lugares *é*.
[2] Así en el Sumario. El texto *demor*, omitiéndose por olvido la sílaba final *te*.
[3] Escritas únicamente las tres primeras palabras *O que en*, con sus correspondientes notas musicales, por no dar más de sí el pentagrama.
[4] La *a* primera de esta palabra está señalada con un punto encima. Parece que debiera decir *cia*.

Digitized by Google

et quando foi aa porta
uiú sa moller ý seer
con seu saco en a mão,
dizendo:—Non te conuen
O que en Santa María
todo seu coraçon ten.....

Que oi máis comigo seias;
ca a Uírgen me guariú
quando me no mar deitaste,
et mia oraçon oýú
et ben en o mar mui fondo
aqueste saco abrýú,
ca non quis que ý morresse:
bẽeita seia, amén.—
O que en Santa María
todo seu coraçon ten.....

Quand' esto uiú o marido,
äos pées lle caeu
et perdon pediú chorando
por aquele que naceu
da Uírgen Santa María:
et ela o recebeu,
et ambos en romaría
foron a Jerusalen.
O que en Santa María
todo seu coraçon ten,
que quer que lle por mal façan
todo ll'-o torna en ben. [1]

CCLXXXVIII.

¶ Como un ome bóo de religion [2] foý ueer a ýgreia ú iazia o corpo de Sant Agostin, et uiú ý de noite Santa María e grandes coros d' ángeos que cantauan ant' ela.

A Madre de Ihesu-Cristo
uedes a quén apparece:
a quen o ben de seu Fillo
et d' ela auer merece.

E d' est' un mui gran miragre
uos contarei mui fremoso

CCLXXXVIII

que mostrou Santa María
a un bon religïoso
que de lle fazer seruiço
sempr' era muit' aguçoso,
et era de bõa uid' e
quite de toda sandece.
A Madre de Ihesu-Cristo
uedes a quén apparece.....

Ele natural d' ũa terra [3]
foi que ora é chamada
Cantaaria per nome,
uiçosa et auondada;
et alí sempre fazía
sa uida et ssa morada,
seruind' a Groriosa [4]
que aos seus non falece.
A Madre de Ihesu-Cristo
uedes a quén apparece.....

Onde foi hũa uegada
que sse meteu en camýnno
pora ueer o sepulcro
en que iaz Sant Agostýnno;
et pois foi en a eigreia,
deitou-sse logo festýnno
ant' a capela da Uírgen
que os cëos escrarece.
A Madre de Ihesu-Cristo
uedes a quén apparece.....

E él de noite jazendo,
chegaron ý muitos santos
con a Uírgen groriosa,
cantando mui dulces [5] cantos;
et tantos santos cantauan
que uos non sei dizer quántos,
loand' a Santa María,
seu ben e ssa granadece.
A Madre de Ihesu-Cristo
uedes a quén apparece.....

E ar cantauan un uesso
en que diz de cóm' onrradas

---

[1] Se omitió el estribillo por falta de espacio en la plana.
[2] Así en el Sumario. Aquí *relijon*, omitiéndose la *g*, sin duda por olvido.
[3] Sobra una sílaba á este verso. Tal vez debiera decir *Él* en lugar de *Ele*.
[4] Acaso en lugar de *aa Groriosa*. Así se completaria la medida.
[5] *Doces* es la forma en que por lo general se encuentra este adjetivo.

Digitized by Google

son as almas en os ceos
dos santos, et corõadas,
aqueles que as carreiras
de Deus ouueron andadas
et por él prenderon morte
que äo dem' auorrece.
A Madre de Ihesu-Christo
uedes a quén apparece.....

E as uírgeens cantauan
ben ante Santa María;
et hũa d' essas donzelas
contra as outras dizía:
—Amigas, mui ben cantemos
ant' aquesta que nos guía,
que a ssa gran fremosura
máis ca o sol esprandece. [1]
A Madre de Ihesu-Christo
uedes a quén apparece.....

O ome bõo tod' esto
uiú, et deu porén loores
a Deus et póis a ssa Madre
que é Sennor das Sennores;
et se ben costumad' era,
outros costumes mellores
fillou d' alí adeante,
et en mui bõa uellece
A Madre de Ihesu-Cristo
uedes a quén apparece.....

Morreu, et foi a ssa alma
pera Deus dereitamente
segund' disse Ihesu-Christo,
que nunca mentiú nen mente,
que äos que o seruíren
nunca lles falrrá nïente
do gran ben do paraíso,
ca a eles pertẽece.
A Madre de Ihesu-Cristo
uedes a quén apparece:
a quen o ben de seu Fillo
et d' ela auer merece.

CCLXXXIX.

Como Santa María de Tocha guariú un laurador que andaua segando en dia de San Quirez, que se lle çerraron os punos ambos.

Pero que os outros santos
a uezes prenden uingança
dos que lles erran, a Madre
de Deus lles ual sen dultança.

D' esto direi un miragre
grande que cabo Madride
fez, na eigreia de Tocha,
a Uírgen; porén m' oýde
todos mui de uoontade,
et mercée lle pedide
que uos gaanne de seu Fillo
dos peccados perdoança. [2]
Pero que os outros santos
a uezes prenden uingança.....

Onde foi assí un dia
que un laurador na festa
de San Quireze segaua
hũa messe per gran sesta,
teendo sa fouç' en mão
et un sombreir' en sa testa
de pallas, per que cuidaua
do sol auer amparança.
Pero que os outros santos
a uezes prenden uingança.....

E porque en aquel dia
de san Quireze segaua,
Deus, por onrra d' aquel santo,
a mão con que cuidaua
o mãoll' alçar de terra
con ele se ll' apertaua
de guisa que non podía
auer ende deliurança.
Pero que os outros santos
a uezes prenden uingança.....

---

[1] Escrito primero *esplandece*.
[2] *Perdoança* en otros lugares. V. la Cantiga CCCXCVI, que es repeticion de ésta.

Digitized by Google

Outrossí a mão destra
con a fouçe apertada
foi, assí como se fosse
con fort' engrud' engrudada;
et ben assí o leuaron
tolleito a ssa pousada
os outros, et aquel dia
sol non ouueron ousança
Pero que os outros santos
a uezes prenden uingança.....

De segáren; mais tan toste
aquel laurador leuaron
como x' estaua a Tocha,
et muito por él rogaron
á Uírgen Santa María,
et ant' o altar choraron
d' ela, que lle perdõasse
aquela mui grand' errança
Pero que os outros santos
a uezes prenden uingança.....

Que fezera, et chorando
él muit' e de uoontade,
rogando Santa María
que pela ssa pïadade
lle ualess' e non catasse
aa ssa gran neicidade
et que d' aquela gran coita
o tirasse sen tardança.
Pero que os outros santos
a uezes prenden uingança.....

Pois assí ouue chorado,
log' a Sennor das Sennores
lle ualeu, que sempr' acorre
de grad' äos peccadores;
et desaprendeu-ll' as mãos
et tolleu-ll' end' as doores;
por que todos ben deuemos
auer en ela fiança.—
Pero que[1] *os outros santos*
a uezes prenden uingança
dos que lles erran, a Madre
de Deus lles ual sen dultança.

CCXC

CCLXXXX.

Esta é de loor de Santa Maria.

Maldito seia quen non loará
a que en sí todas bondades á.

Maldito seia o que non loar'
a que de bondades non ouue par
nen auerá mentr' o mundo durar';
ca[2] Deus non fez outra tal nen fará.
Maldito seia o que non loará.....

Bẽeito seia sempr' o loador
de tan nobr' e tan onrrada Sennor
de que naceu Deus om' e Saluador;
ca póis gualardõado lle será.
Bẽeito seia o que loará.....

Maldito seia quen non disser ben
d' aquela en que non falece ren
de quant' a bondad' e a prez conuen;
et esto iá máis non lle falirá.
Maldito seia que[3] *non loará.....*

Bẽeita[4] seia quen senpre seruir'
a Madre de Deus, Uírgen sen falir;
ca pois d' este mundo se partir',
ant' o seu Fillo o presentará.
Bẽeito seia o que loará.....

Maldito seia quen ben non disser
da mellor das bõas, et non quiser
auer seu amor en quanto poder',
ca por aquest' o de Deus auerá.
Maldito seia quen non loará.....

Bẽeito seia o que gran prazer
á de loar tal Sennor que auer
nos fez amor de Deus et connocer
ela que por nós todos rogará.
Bẽeito seia o que loará
a que en sí todas bondades á.

---

[1] Así en todas las estrofas y en la repeticion de la Cantiga. El amanuense escribió aquí equivocadamente *Por que*.
[2] Esta palabra está escrita sobre el renglon con distinta pluma.
[3] En lugar de *quen* ú *o que*, segun se ve en las demás estrofas.
[4] Debe ser yerro del copiante, en lugar de *Bẽeito*, como se halla repetido.

Digitized by Google

CCLXXXXI.

Como Deus pres uingança d' un iograr en Guimaraẽs porque deostaua Santa Maria ú sija iogando os dados. [1]

Cantand' e en muitas guisas
deu' om' [2] a Uirgen loar;
ca ú ouuer mayor coita,
ualer-ll'-á se a chamar'.

Ca loada de tod' ome
deuía sempr' a seer,
et assí connocería
iá quanto do seu poder;
ca lle pode nas sas coitas
toste conssello põer.
Et sobr' aquesto uos quero
un seu miragre contar.
Cantand' e en muitas guisas
deu' om' a Uirgen loar.....

Aquele que o miragre
sabía, díss-m' assí:
que uun scolar liía
en Salamanca, et ý
ouu' hũa moller per força
et con medo fugiú d' í
et foi-ss' enton pera Touro
ú cuidou a escapar
Cantand' e en muitas guisas
deu' om' a Uirgen loar.....

Dos parentes da manceba
et das iustiças; ca non
guaríra se o collessen
na mão per razon; [3]
mas pero fugiú a Touro,
foron pos él et enton
disseron aa jostiça
que o fosse recadar.
Cantand' e en muitas guisas
deu' om' a Uirgen loar.....

O escolar recadado
foi logo, non ouu' ý ál,
et deron con él no cárcer
ú suffría [4] muito mal
da prijon, que era forte;
et ele, iazendo tal,
ouue gran medo de morte,
et começou-ss' a nenbrar
Cantand' e en muitas guisas
deu' om' a Uirgen loar.....

De quanto pesar fezera
a Deus et cómo pecou
en o mundo mui sen guisa;
et conssello non achou
a que sse tornass', e logo
Santa María chamou,
chorando muito dos ollos,
et começou-ll' a rogar:
Cantand' e en muitas guisas
deu' om' a Uirgen loar.....

«Uirgen santa, de Deus Madre,
que font' es de todo ben,
non cates a meus pecados
nen ão meu máo sen;
mas tá que nunca faliste
a quen te chamou de ren,
non me queiras en tal coita,
mia Sennor, desanparar;
Cantand' e en muitas guisas
deu' om' a Uirgen loar.....

»Mais pola ta pïadade
que senpr' ão peccador
acorreu en a gran coita,
por mercée, mia Sennor,
te peço que tú mi acorras;
et en [5] quant' eu uiuo for,
nunca me de teu seruiço,
Sennor, querrei alongar.»
Cantand' e en muitas guisas
deu' om' a Uirgen loar.....

[1] El asunto de esta Cantiga no está conforme con el epígrafe. Éste expresa el asunto de la Cantiga CCXXXVIII.
[2] Se escribió *ome* y se tachó la *e*. Asi tambien despues de la estrofa primera, única en que se repite el segundo verso del estribillo.
[3] Falta una sílaba. Tal vez debiera haberse escrito *na sa mao*.
[4] *Suffría* es la forma comun.
[5] Escrito *et en en*, y tachado *en*.

Digitized by Google

CCXCII

Enton, no cárcer iazendo,
a esta Sennor de prez
fez uun cantar que disse
a gran mercée que fez
Deus por ela äo mundo;
et pois log' aquela uez
que o cantar ouue feito,
o começou de cantar.
Cantand' e en muitas guisas
deu' om' a Uírgen loar.....

E en a prijon cantando
o cantar, chorand' assaz,
appareceu-ll' a Uírgen [1]
á que de todo ben praz,
et filló-o pelo braço
et diz:—Quéro-t' eu en paz
põer d' esta prijon fóra,
pois que por meu ás d' andar.—
Cantand' e en muitas guisas
deu' om' a Uírgen loar.....

E logo aquela ora,
assí com' aprendí eu,
do cárcer en que iazía
et da vila con él deu
fór', e en paz et en saluo
o pos' et diz:—Uai por meu
ome; ca se me seruíres,
sempre ý podes ganar.—
Cantand' e en muitas guisas
deu' om' a Uírgen loar.....

Él, pois que sse uiú en saluo
pela Madre do gran Rei,
deu-lle loores et graças;
et, assí com' apres' eỳ,
seruiú ben Santa María
sempr'. E porén uos contei
este feito, que aiades
gran sabor de a onrrar.
Cantand' e en muitas guisas
deu' om' a Uírgen loar;
ca ú ouuer mayor coita,
ualer-ll'-á se a chamar'.

CCLXXXXII.

Como el reỳ Don Fernando uéo en uision ao Tesoureiro de Seuilla e a maestre Gorge, [2] que tirassen o anel [3] do seu dedo e o metessen no dedo da omágen de Santa María.

Muito demostra a Uírgen,
a Sennor esperital,
sa lealdad' a aquele
que acha sempre leal.

E de tal razon com' esta
uos direi com' hũa uez
a Uírgen Santa María
un mui gran miragre fez
polo bon rei Don Fernando
que foi comprido de prez,
d' esforç' e de granadeza
et de todo ben, sen mal.
Muito demostra a Uírgen,
a Sennor esperital.....

De mannas et de costumes,
per quant' eu d' él aprendí,
non as pod' auer mellores
outre que él ouu' en ssí;
et sobre tod' outra cousa,
assí com' eu d' él oý,
amaua Santa María,
a Sennor que pod' e ual.
Muito demostra a Uírgen,
a Sennor esperital.....

Se él leal contra ela
foi, tan leal a achou,
que en todolos seus feitos
atan ben o aiudou,
que quanto começar quiso
et acabar, acabou;
et se ben obrou por ela,
ben ll' ar pagou seu ior [4]
Muito demostra a Uírgen,
a Sennor esperital.....

---

[1] Falta una sílaba, á no cometer diéresis. Acaso debiera decir *appareceu-lle*.
[2] En la Cantiga *Jorge*.
[3] Así en el Sumario. Aquí *ael* por *âel*.
[4] El amanuense, por no salir de la columna, dejó sin concluir esta palabra, que debe ser *iornal*.

Digitized by Google

Assí que en este mundo
fez-ll' acabar o que quis
et morrer onrradamente
et morrendo seer fis
que a Paraís' ýría,
ben ú este San Denís,
ú ueería seu Fillo
et a ela outro tal.
Muito demostra a Uírgen,
a Sennor esperital.....

Assí estes dous leäes
lëaldade fez amar,
ca él sempre a seruía
et a sabía loar;
et quand' algũa cidade
de mouros ýa ganar,
ssa omágen na mezquita
põýa en o portal.
Muito demostra a Uírgen,
a Sennor esperital.....

E ar fezo-ll' a ssa morte
que polo mellor morreu
rei que en seu logar fosse,
et fez per que o meteu
el Rei seu fill' en Seuilla
que Mafomete perdeu
per este reý Don Ffernando,
que é cidade cabdal.
Muito demostra a Uírgen,
a Sennor esperital.....

E pois lo ouu' ý metudo,
segundo com' aquí diz,
muitos miragres o Fillo
da santa Emperadriz
mostrou por él senpr' e mostra;
et ssa moller Beatriz
aduss' ý depois seu fillo
non passand' a Muradal.
Muito demostra a Uírgen,
a Sennor esperital.....

Ond' auẽo que seu fillo,
rei Don Affonso, fazer
fez mui rica sepoltura
que costou mui grand' auer,
feita en fegura d' ele,
polos ossos ý meter
se o achassen desfeito;
mas tornou-xe-lle en ál;
Muito demostra a Uírgen,
a Sennor esperital.....

Ca o achou tod' enteiro
et a ssa madre; ca Deus
non quis que sse desfezessen,
ca ambos eran ben seus
quites, que nunca máis forum
San Marcos et San Mateus,
outrossí da santa Uírgen
que do mund' é estadal.
Muito demostra a Uírgen,
a Sennor esperital.....

Esto quando o corpo [1]
de ssa madre fez uijr
de Burgos pera Seuilla
que iaz cabo d' Alquiuir,
et en ricos moimentos [2]
os fez ambos sepelir,
obrados mui ricamente
cada uun a seu sinal.
Muito demostra a Uírgen,
a Sennor esperital..... [3]

Depois que esto foi feito,
el Reý apost' e mui ben
a omágen de seu padre
fez põer como conuen
de seer rei en cadeira
et que ssa espada ten
na mão, con que deu colbe
a Mafomete mortal.
Muito demostra [4] *a Uírgen,*
a Sennor esperital.....

[1] Falta una sílaba á este verso. Acaso deba empezar con la conjuncion *E*.

[2] En otros lugares *mõimentos* y *monimentos*.

[3] Omitido el estribillo por falta de espacio en la columna. Por la misma razon se omitió tambien despues de la estrofa antepenúltima.

[4] El amanuense escribió equivocamente *destra*. Las letras que omitió se añadieron posteriormente sobre el renglon.

Digitized by Google

CCXCII

O logar ú a omágen
del rei Don Fernando sé
tan rico et tan fremoso
et atan aposto é,
que tod' ome que o ueia
ben dirá, per bõa ffé,
que o ten per mui máis nobre
ca sse fosse de cristal.
Muito demostra a Uírgen,
a Sennor esperital.....

No dedo d' esta omágen
metera seu fill' el Rei
uun anel d' ouro con pedra
mui fremosa, com' achei
per uerdad'; e marauilla
mui grande uos én direi
que mostrou en este feito
o que naceu por Nadal.
Muito demostra a Uírgen,
a Sennor esperital.....

Ca o bon rei Don Fernando
se foi mostrar en uijon
a aquele que fezera
o anel, et disse:—Non
quer est' anel tẽer migo,
mas dá-lo en offreçon
aa omágen da Uírgen
que ten uestid' o cendal
Muito demostra a Uírgen,
a Sennor esperital.....

Con que uin ben des Toledo;
et logo cras manaman
dí a meu fillo que ponna
esta omágen de San-
ta María ú a mynna
está; ca non é de pran
guisado de seer tan alte
com' ela, nen ẏgüal.
Muito demostra a Uírgen,
a Sennor esperital.....

Mas pónnan-mi en gẽollos,
et que lle deu' o anel;
ca d' ela tiu' eu o reẏno
et de seu Fillo mui bel,
et soon seu quitamente,
pois fuí caualeir' nouel
na ssa eigreia de Burgos
do mõesteiro Reẏal.—
Muito demostra a Uírgen,
a Sennor esperital.....

Maestre Jorge auía
nom' o que aquesto uẏú
en sonnos; et mantenente
fóra do leito saẏú
et foi logo á eigreia
et fez tanto, que ll' abriú
o tesoureiro as portas
d' our' e non d' outro metal.
Muito demostra a Uírgen,
a Sennor esperital.....

E en catar a omágen
auía mui gran sabor;
et uiú-ll' a sortella fóra
do dedo, onde pauor
ouue grand' a marauilla,
et diss':—¡Ai, nostro Sennor!
¿Quén m' adubaría este
anel? Soubess' ora quál
Muito demostra a Uírgen,
a Sennor esperital.....

Sería que o fezesse.—
Maestre Jorge diss':—Eu;
ca eu fix aquesta obra
toda et est' anel seu
del Rei.—Et o tesoureiro
logo o anel lle deu
dizend':—É gran marauilla
cómo do dedo lle sal.—
Muito demostra a Uírgen,
a Sennor esperital.....

Disse:—Non faz—o maestre—;
mas direi, et non uos pes',
que esta noit' ei sonnado
uel duas uezes ou tres.—
Enton lle contou o sonno,
ben de tal guisa medés
com' a uós ei iá contado,
et non foi én mentiral.
Muito demostra a Uírgen,
a Sennor esperital.....

Enton ambos o contaron
al Reẏ, a que proug' assaz;
des í ãa Arcebispo,

Digitized by Google

a que con tal feito praz:
et al rei muito loaron
don Ffernando, porque faz
Deus mui fremosos miragres,
que äos seus nunca fal.
Muito demostra a Uírgen,
a Sennor esperital,
sa lealdad' a aquele
que acha sempre leal.

CCLXXXXIII.

Como un iograr que [1] quis remedar cómo sija a omágen de Santa María, e torçeu-se-lle a boca e o braço.

Par Deus, muit' é gran dereito
de prender muy [2] *gran ocaion*
o que contrafazer cuida
aquele [3] *de que á faiçon.*

Ca, segund' escrit' achamos,
Deus aa [4] fegura de ssí
fez' o ome, et porende
deue amar muj máis ca ssí [5]
o om' a Deus. Et d' aquesto, [6]
segundo que [7] eu aprendí,
aũo mui gran miragre,
onde fiz eu cobras et son. [8]
Par Deus, muit' é gran dereito
de prender muy gran ocaion.....

Esto foi en Lonbardía
d' un iograr remedador
que atan ben remedaua,
que auían én sabor
todos quantos lo uijan,
et dáuan-lle con amor
panos et selas et frẽos
et outro muito bon don.
Par Deus, muit' é gran dereito
de prender muy gran ocaion.....

E él, con sabor d' aquesto,
ia máis non fazía ál
senon remedar a todos,
uuns ben et outros mal;
mas o dem', a que crija
de consello, fez-ll' atal
remedillo fazer end', e
recebeu mui gran lijon.
Par Deus, muit' é gran dereito
de prender muy gran ocaion.....

E assí foi que un dia
per hũa porta entrar
da uila foi, mui ben feita,
et uiú sobr' ela estar
hũa mui bela omágen
da Uírgen que non á par,
tẽendo seu Fill' en braço;
mas non fez ý oraçon,
Par Deus, muit' é gran dereito
de prender muy gran ocaion.....

Mas parou-lle muito mentes,
et pois que a ben catou,
con gran sandez o astroso
arremedar a cuidou;
mas pesou a Ihesu-Christo,
et atal o adobou,
que ben cabo da orella
pos'-ll' a boqu' e o grannon.
Par Deus, muit' é gran dereito
de prender muy gran ocaion.....

E o colo con o braço
tan forte se ll' estorceu,
que en pees estar non pode
et log' en terra caeu;
mas a gente que uiú esto,
o fillou et o ergeu
et correndo á eigreia
o leuaron de randon.
Par Deus, muit' é gran dereito
de prender muy gran ocaion.....

E teueron ý vigía
et rogaron muit' a Deus

---

[1] Sobra este relativo, atendiendo al sentido del epígrafe.
[2] El adverbio *muy* está escrito al márgen con pluma y tinta diferentes.
[3] La *e* final de esta palabra se añadió posteriormente.
[4] Añadida por distinta pluma la primera de las dos *aes*.
[5] Este verso se escribió así equivocadamente:
deuamar muj mais *mais*.
[6] Las correcciones son de la misma mano que hizo las que se advierten en el estribillo y en esta primera estrofa.
[7] Escrito *daqueste* y corregido despues.
[8] Añadido este relativo sobre el renglon.
[8] Intercalada la palabra *eu*.—Todas las silabas añadidas en esta primera estrofa corresponden á las respectivas notas musicales.

Digitized by Google

que mostrasse por ssa Madre
alí dos miragres seus;
et o iograr lle rogaua
dizend':—Os pecados meus
foi [1] tan muitos, que aquesto
mi aũo con gran razon.
Par Deus, muit' é gran dereito
de prender muy gran ocaion.....

Outro dia, quand' a missa
começaron a dizer,
a Uírgen Santa María
quis d' ele mercée auer,
et o rosto et o braço
lle fez logo correger
et tornó-o mui ben são;
por que mui gran deuoçon
Par Deus, muit' é gran dereito
de prender muy gran ocaion.....

Ouueron quantos ý eran,
loand' a Sennor de prez
que tan fremoso miragre
assí ante todos fez;
et o bispo da cidade
que o oyú, d' essa uez
ũo log' aa eigreia
et fez ende gran sermon.
Par Deus, muit' é gran dereito
de prender muy gran ocaion
o que contrafazer cuida
aquele de que á faiçon. [2]

CCLXXXXIIII.

Como hũa moller que iogaba os dados en Pulla lançou hũa pedra aa omágen de Santa María, porque perdera, et parou un ángeo de pedra, que ý estaua, a mão et reçibiú o colpe. [3]

Non é mui gran marauilla
seeren obedientes
os ángeos aa Madre
d' aquel cuios son sergentes.

Onde uos rogo, amigos,
que un gran miragr' ouçades
que fezo Santa María
en Pulla; et ben sabiádes
que desque o ben oyrdes
certo soon que tennades
máis o coraçon en ela
et seiades chus creentes.
Non é mui gran marauilla
seeren obedientes.....

Esto foi a hũa festa
d' esta Uírgen groriosa,
que ant' hũa ssa eigreia
mui ben feita et fremosa
fillou-ss' a iogar os dados
hũa moller muit' astrosa
con outros tafures muitos
que non eran seus parentes.
Non é mui gran marauilla
seeren obedientes.....

Aquesta moller catiua
foi de terra d' Alemanna;
et perdendo äos dados,
creceu-ll' én tan gran sanna,
que fez hũa gran sandece,
et oyd' ora quamanna
porque guardados seiades
de seerdes descreentes.
Non é mui gran marauilla
seeren obedientes.....

Hũa omágen fremosa
da Uírgen Santa María,
de pedra mui ben laurada,
sobre la porta siía
et dous ángeos ant' ela,
et qualquer d' eles auía
senllas mãos en os peitos
et en as outras tẽentes
Non é mui gran marauilla
seeren obedientes.....

Eran come senllos liuros
de mui gran sinificança,
por que todolos saberes

---

[1] Esta palabra está tachada, pero no sustituida por otra. Debe ser *son*.

[2] Falta el estribillo, para el cual no dejó espacio el amanuense.

[3] En el Sumario dice, con más propiedad, *et recebeo o colbe*.

[4] Falta una sílaba, á no formar diéresis en *creceu*. Tal vez debiera decir *creceu-lle*.

Digitized by Google

saben eles sen dultança;
as outras mãos nos peitos
tijnnan por semellança
que en Deus sas uoontades
tẽen sempre mui feruentes.
Non é mui gran marauilla
seeren obedïentes.....

Ond' esta moller sandía
uiú hũa pedr' e fillou-a,
et catou aa omágen
da Uírgen et dẽostou-a
et lançou aquela pedra
por feril-a, mas errou-a;
ca os ángeos que eran
ant' ela foron presentes
Non é mui gran marauilla
seeren obedientes.....

Por a ssennor guardáren: [1]
un d' eles alçou a mão
et recebeu a ferida,
mas ficou-ll' o braço são;
et quantos aquesto uíron
fillaron logo de chão
a moller et dar con ela
foron nas chamas ardentes.
Non é mui gran marauilla
seeren obedientes.....

O ángeo teue sempre
depois a mão tenduda
que parou ant' a omágen
pera seer deffenduda;
onde aquela omágen
foi depois en car tẽuda
mui máis ca ánte non era
de todas aquelas gentes.
Non é mui gran marauilla
seeren obedientes
os ángeos aa Madre
d' aquel cuios son sergentes.

CCLXXXXV.

Como Santa María apareçeu en uision a un Rey que a seruía en todas aquellas [2] cousas que él sabía et podía, et semelláua-lle que se omildaua contra él en galardon do seruiço que lle fezera.

Que por ál non deuess' om'
a Santa María seruir, [3]
déue-o fazer por quan ben
sabe seruiço gracir.

E d' aquest' un gran miragre
uos quer ora retraer
que mostrou Santa María,
per com' eu pud' aprender,
per un Rei que sas figuras
mandaua sempre fazer
muit' apostas et fremosas,
et fazía-as uestir
Que por ál non deuess' om'
a Santa María seruir.....

De mui ricos panos d' ouro
et de mui nobre lauor,
et põýa-lles nas testas
pera parecer mellor
corõas con muitas pedras
ricas, que grand' esprandor
dauan senpr' aa omágen
et fazían-a luzir.
Que por ál non deuess' om'
a Santa María seruir.....

E outrossí nas sas festas
ar fazía-lle mudar
senpr' outros panos máis ricos [4]
pola festa máis onrrar;
et ben assí as fazía
põer sobelo altar;
demáis trobaua per ela,
segund' oý departir.
Que por ál non deuess' om'
a Santa María seruir.....

---

[1] Falta una silaba. Tal vez debiera decir *por a ssa Sennor.*

[2] *Aquelas* se lee constantemente.

[3] En la Cantiga CCCLXXXVIII, que es repeticion de ésta, y en el Sumario, están escritos así estos dos versos:

Que por al non deuess ome
Santa Maria seruir.

[4] Este verso está escrito sobre raspado. En el anterior se raspó tambien una *s* que se habia puesto al final de la palabra *fazialle.*

Digitized by Google

Des í aqueles cantares
eran dos miragres seus
muitos et marauillosos
que mostra por ela Deus,
et faz ý mui gran dereito;
ca, segun diz San Mateus
et San Yöan e San Marcos,
sa Madr' este sen falir.
Que por ál non deuess' om'
a Santa María seruir.....

Onde por estas razões
a seruía aquel Reÿ
et loaua et dizía
muito ben, com' apres' ei,
d' ela: et porén ll' auẽo
o que uos ora direÿ,
onde uos rog' ¡ai, amigos!
que o queirades oÿr.
Que por ál non deuess' om'
a Santa María seruir.....

Onde foi a hũa Pasqua
maÿor, que Deus resorgiú,
que el Reÿ fez sa omágen
da Uírgen; et poil-a uiú
ben feita et ben fremosa,
ricamente a uestiú
et sobr' o altar a pose,
et fez monias ý uijr
Que por ál non deuess' om'
a Santa María seruir.....

Que a uíssen cóm' estaua
et ouuessen deuoçon
en ela, et que rogassen
por el Rei de coraçon.
Et elas assí fezeron;
et a Uírgen en uijon
lles diss':—O que me rogades [1]
fareÿ-o, se el Rei uir.—
Que por ál non deuess' om'
a Santa María seruir.....

Hũa d' elas mantenente
foi al Rei et o chamou,
et el Rei uẽo tan toste,
et logo que ý chegou,
a omágen os gẽollos
ant' él en terra ficou
et as mãos que beijasse
lle começou a pedir.
Que por ál non deuess' om'
a Santa María seruir.....

Mas el Rei deitou-ss' en terra
ant' ela, tendud' en cruz,
chorando muit' e dizendo:
—A tí, Sennor, que es luz,
beijarei pées et mãos;
ca ta uertude m' aduz
sempre saud' e me guarda
dos que me queren nozir.—
Que por ál non deuess' om'
a Santa María seruir.....

—Non (diss' ela); mais as uossas
mãos uos beijarei eu
por quanta onrra fazedes
a mí sempr' e ão meu
Fillo, que é Deus et ome;
et porén no reino seu
uos meterei pois morrerdes:
esto será sen mentir.—
Que por ál non deuess' om'
a Santa María seruir.....

Pois s' as monias espertaron
d' esta uison, foi-lles ben,
et al Rei en outro dia
ll' o contaron et de ren
nada non lle faleceron;
et ele logo porén
chorou muit' ant' a omágen
et fez tod' est' escreuir.
Que por ál uon deuess' om'
a Santa María seruir.....

E des alí adeante
seruiú máis, com' aprendí,
aa Uírgen groriosa,
et loou-a máis des í;

---

[1] Así este verso en la repeticion de la Cantiga. Aquí se escribió equivocadamente: lles disse que me rogades.

Digitized by Google

et ela fez-lle mercées
grandes, segund' eu oý,
et de muitas de maneiras,
a quen o ben comedir'.
Que por ál non deuess' om'
a Santa María seruir,
déue-o fazer por quan ben
sabe seruiço gracir.

CCLXXXXVI.

Como Santa María apareçeu a un monie na çibdade de Conturbel, et mostrou-lle cómo a seruisse.

Quen aa Uirgen santa
mui ben seruir quiser,
conuen-lle que a séruia
com' a ela prouguer.

Ca seruir non a pode
ben quen a non amar',
nen amar nunca muito
o que a non onrrar';
et fazendo tod' esto,
ar déue-a loar
por muitos de miragres
que faz quand' ela quer.
Quen aa Uirgen santa
mui ben seruir quiser.....

E d' est' un gran miragre
ora uos contarey
que en Conturbe [1] fezo,
per com' escrit' acheý,
por un monge, sant' ome;
et soon cert' e seý
que senpre fará est' a
quen a seruir souber.
Quen aa Uirgen santa
mui ben seruir quiser.....

Éste muit' ameude
fazía oraçon
sempr' ant' o altar d' ela
con mui gran deuoçon,
os gẽollos ficados,
et mui de coraçon
pedía que lle desse,
ca ll' era mui mester,
Quen aa Uirgen santa
mui ben seruir quiser.....

Siso per que podesse
a saber ben seruir;
et outra cousa nunca
lle quería pedir.
Et a Uírgen non quiso
que en seu don falir
foss', e apparecer-lle
foi, como uos disser,
Quen aa Uirgen santa
mui ben seruir quiser.....

Máis fremosa et crara
que lũa nen sol é,
et disse-ll':—O que pedes
praz-me, per bõa fé,
et eu dizer-ch'-o quero
ca meu Fill', ú él ssé,
ten por ben que ch'-o diga,
et direi-ch'-o, senner.
Quen aa Uirgen santa
mui ben seruir quiser.....

Se ben queres seruir-me,
primeiro amar-m'-ás
muit' en a uoontade:
outrossí onrrar-m'-ás;
et sobre tod' aquesto
sempre me loarás,
pois me fillou por madre
Deus, seend' eu moller.—
Quen aa Uirgen santa
mui ben seruir quiser.....

Quanto a Uírgen disse
todo o ascoitou
aquel frade de grado,
et quanto lle mandou
fazer, todo foi feito;
et depois lle leuou
a os cẽos a alma.
Porén quen a creuer
Quen aa Uirgen santa
mui ben seruir quiser.....

[1] *Conturbel*, segun el epígrafe.

Digitized by Google

Sempr' en aqueste mundo
bõa vida fará,
et quen seruir' a ela,
seu Fillo seruirá;
et pois que d' él for fóra,
Paraýso verá;
demáis ualrrá-lle senpre
ú a mester ouuer.
Quen aa Uírgen santa
mui ben seruir quiser,
conuen-lle que a sérua
com' a cla prouguer.

CCLXXXXVII.

Como Santa María mostrou uertude na sa omágen, porque dizía un frade que non auía uertude no madeir' entallado.

Com' é mui bõa creença
do que non uee om' e cree,
ben assí é mal creente
de non creer o que uee.

E d' est' un fremoso miragre [1]
uos rog' ora que ouçades,
et desque o entenderdes
fará-uos que ben creades
en Deus et en a ssa Madre [2],
perque seu amor aiades,
o que nunca auer pude
quen en eles ben non cree.
Com' é mui bõa creença
do que non uee om' e cree.....

E porén creer deuemos
que Deus conprida uertude
est', e que d' él os santos [3]
la an per que den saude
a aqueles que o creen;
et porén, se Deus m' aiude,
mui cegu' é d' entendimento
o que aquesto non uee.
Com' é mui bõa creença
do que non uee om' e cree.....

E pois a ssa gran uertude
assí est' apparellada
d' obrar en aquela cousa
que acha enderençada
pera a receber logo,
esto razon é prouada
que na omágen uertude
acha o que ben cree. [4]
Com' é mui bõa creença
do que non uee om' e cree.....

Ca ben com' a cousa uiua
recebe por asperança
uertude, sol que a creen,
ben assí por semellança
a recebe a omágen
mantenente sen tardança
d' aquel de que é fegura,
macar om' a él non uee.
Com' é mui bõa creença
do que non uee om' e cree.....

Onde foi hũa uegada
que un Rei sigo tragía
hũa omágen mui bela
da Uírgen Santa María
por que Deus muitos miragres
demostra cada dia, [5]
en que foi trauar un falsso
frade que en Deus non cree,
Com' é mui bõa creença
do que non uee om' e cree.....

Dizendo:—Muito per tenno
que om' é sen recado [6]
o que cree que uertude
á no madeir' entallado
que non fala nen se moue;
est' é ben sandeu prouado,
et tenno que é mui cego
o que aquesto non uee.—
Com' é mui bõa creença
do que non uee om' e cree.....

---

[1] Sobra una sílaba: debe ser la conjuncion *E* con que principia el verso.
[2] El artículo *a* está escrito sobre el renglon por distinta pluma.
[3] Falta una sílaba. Tal vez debiera haberse escrito *este* en lugar de *est'*.
[4] Falta una sílaba. Acaso en lugar de *o* debiera decir *aquel*.
[5] Parece que se debiera haber escrito *demostraua*. Así se completaría la medida del verso.
[6] Falta una sílaba. Quizá debiera decir *ome* donde se lee *om'*.

Digitized by Google

Quand' él diss' esta paraula
mui preto del Rei estaua
que todas estas sandeces
que dizía ascuitaua;
et demáis contra un frade
seu conpannon se tornaua
dizendo:—Este rei tenno
que en os ídolos cree.—
Com' é mui bõa creença
do que non uee om' e cree.....

Quand' o frad' aquesto disse,
tornou'-ss' el Rei mui sannudo
et diss' äos que estauan
ant' él:—Muit' é atreuudo
et sandeu aqueste frade,
et ténno-o por perdudo;
ca non uée ben dos ollos,
mas pelo toutiço uee.
Com' é mui bõa creença
do que non uee om' e cree.....

E des oÿ máis sa fazenda
nunca irá adeante,
ante tornará a redr' e
sempre será malandante,
et a Uírgen groriosa
non querrá que ss' auante [1]
d' aquesto que él dito, [2]
pois que en ela descree.—
Com' é mui bõa creença
do que non uee om' e cree.....

Tod' aquest' assí auẽo;
ca senpre fez sa fazenda
mui mal aquel frade falsso;
ca foi louco sen contenda
sempre d' alí adeante;
et Deus quis fillar emenda
d' él por sí et por sa Madre
come d' ome que non cree.
Com' é mui bõa creença
do que non uee om' e cree,
ben assí é mal creente
de non creer o que uee. [3]

CCLXXXXVIII.

Como Santa María de Seixon guariú úa moller de demonio.

Graça et uertude mui grand' e amor
mostra Santa María no peccador.

Gran uertude faz en doentes sãar,
et graça de nol-os erros perdõar;
amor nos ar mostra de por nós rogar
sempr' äo seu Fillo, nosso Saluador.—
Graça et uertude muj grand' e amor..... [4]

E porend' ora un miragre direj
que en Seixon fez a Madre do gran Rei:
quant' end' aprendí ren non uos negarei
et de o oÿr aueredes sabor.
Graça et uertude mui grand' e amor.....

Hũa moller bõa, por uos non mentir,
demonio auía et per ren guarir
d' ele non podía, et prometeu d' ir
a Seixon que lle tolles' esta door.
Graça et uertude mui grand' e amor.....

E Santa María teu' assí por ben
de non tardar muit'; e guisou porén
candeas et cera et ál que conuen
a tod' aquel que en romaría for.
Graça et uertude mui grand' e amor.....

Des í confessou-sse ben, com' aprendí,
et saÿú-ss' enton esta moller assí
et foi-ss' a Seixon; et depois que foi ý,
entrou na eigreia, et con gran pauor
Graça et uertude mui grand' e amor.....

Que do dem' auía, fez ssa oraçon
ben ant' o altar da Uírgen; enton [5]
a fillou mui fort' ó dïabo felon
que ouueron todos én mui gran temor.
Graça et uertude mui grand' e amor.....

E poil-a assí ant' o altar fillou,
gran peça a teu'; e pois se leuantou

---

[1] Tal vez en lugar de *que sse auante*. Así se completaría la medida.

[2] Es equivocacion manifiesta. Debe decir *que él á dito*, segun requieren el sentido y la medida.

[3] Falta aquí el estribillo.

[4] Faltan las notas musicales correspondientes al estribillo y á esta primera estrofa, aunque están rayados los pentagramas.

[5] Falta una sílaba á este verso. Tal vez debiera decir *et enton*.

Digitized by Google

a moller, d' aquesta guisa começou
sa oraçon quant' ela pode mellor,
Graça et uertude mui grand' e amor.....

E diz:—Groriosa Uírgen, que nacer
Ihesú de tí quiso, se for teu prazer,
de mí t' amercẽa et o teu poder
aquí mostra sobr' aqueste träedor
Graça et uertude mui grand' e amor.....

Que me fillou ora ante tí tan mal
et non quis catar ta eigreia nen ál;
mas, Uírgen Rëÿnna santa sperital,
guárda-me d'aqueste falss'enganador.
Graça et uertude mui grand' e amor.....

Sennor, os pecados non cates que fiz
assí como faz moller mui pecadriz;
mas tú, que dos cëos es Emperadriz,
rog' a teu Fillo, nosso Remijdor,
Graça et uertude mui grand' e amor.....

Que me dé säude polo teu amor; [1]
et pois él tal onrr' aas molleres deu
que de tí pres carne, Uírgen, rogo-t' eu
que t' amercẽes de mí que soffredor
Graça et uertude mui grand' e amor.....

Soon de gran coita que mi o demo dá
qual nunca moller ouue nen auerá.
¡Ai, Madre de Deus, Sennor, tólle-mi-o iá
et seerei sempre tua seruidor.—
Graça et uertude mui grand' e amor.....

A Uírgen María log' aquela uez
äo demo máo, negro chus ca pez,
d' aquela moller que sse quitasse fez,
et des alí non foi d' ela tomador.
Graça et uertude mui grand' e amor.....

E a bõa dona, pois sse uiú de pran
fóra do poder d' aquel peor que can,
deu loor a Deus, et á do bon talan,
sa Madre, seruiú et foi esmolnador.
Graça et uertude mui grand' e amor
mostra Santa María no peccador.

CCLXXXXIX.

Como Santa María uëo en uision a un freire et mandou-lle que desse ùa ssa omágen que tragía a un Reÿ.

De muitas maneiras Santa María [2]
mercées faz äos que por seus ten.

D' est' un miragre mostrar uos querría,
et de mi-o oýrdes uos rogaría
de bõa ment', e por él uos faría
saber seruir á comprida de ben.
De muitas maneiras Santa María
mercées faz äos que por seus ten. [3]

Est' auẽo a un Reÿ que seruía
esta Sennor quant' ele máis podía,
et en loal-a gran sabor prendía;
et direi-uos qué ll' auẽo porén.
De muitas maneiras Santa María
mercées faz äos que por seus ten.

Un freire dos da Estrela tragía
a seu colo en que muito crija
hũa omágen d' esta que nos guía,
d' almafí, que seu Fill' en braços ten.
De muitas maneiras Santa María
mercées faz äos que por seus ten.

E hũa noit' en seu leito iazía,
nen era ben esperto nen dormía,
uiú a Madre de Deus que lle dizía:
—Essa omágen non tragas per ren
De muitas maneiras a Uírgen [4]
mercées faz äos que por seus ten.

Que trages, ca fazes ý gran folía
en a trager assí; mais uai ta uía
al Rei et dá-ll'-a; ca me prazería
se ll'-a desses, et farías bon sen.—
De muitas maneiras Santa María
mercées faz äos que por seus ten.

Quand' esto ll' ouue dito, logo ss' ía;
et o freir' a outros freires dizía

---

[1] Equivocacion visible. La rima requiere *polo amor teu.*

[2] Las palabras *Santa María*, omitidas por olvido, se escribieron posteriormente, fuera del pentagrama, de letra distinta.

[3] Por falta de espacio, no se escribieron en este lugar más que las tres primeras palabras del estribillo.

[4] En lugar de *Santa María*, segun se repite en todas las estrofas.

Digitized by Google

est', e cada uun d' eles respondía:
—Aquest' é sono que non uai nen uen. —
De muitas maneiras Santa María
mercées faz äos que por seus ten.

E o freire, quand' aquesto oýa,
de a non dar al Rei fillou perfía;
mas depois ben tres uegadas uija
que lle diss' assí en mui gran desden:
De muitas maneiras Santa María
mercées faz äos que por seus ten.

—¿E cómo fillaste tal ousadía
de non dar o que te mandad' auía
que desses al Rei et gracir-ch'-o-ýa?
Mas dá-ll'-a; se non, mal te uerrá én.—
De muitas maneiras Santa María
mercées faz äos que por seus ten.

E freire [1] log' ánte de tercer dia
a seu maestr' aquesto descobría,
que lle respos':—Fezestes bauequía
en o tardar; et a uós non conuen
De muitas maneiras Santa María
mercées faz äos que por seus ten.

Tal omágen, mas al Rei conuerría:
et por aquesto uos conssellaría
que ll'-a déssedes, ca él sabería
onrral-a muit'; e uós buscad' alguen
De muitas maneiras Santa María
mercées faz äos que por seus ten.

Que uáa uosqu'.—E ele logo s' ýa,
et achou el Rei que missa oýa
et deu-ll' a omágen, que alegría
ouue con ela grande ueramen.
De muitas maneiras Santa María
mercées faz äos que por seus ten.

E con as mãos ambas a ergía,
et graças por aquesto lle rendía
et o santo nome bẽeizía
dizendo:—Bẽeita seias, amén.—
De muitas maneiras Santa María
mercées faz äos que por seus ten. [2]

CCC.

Esta é de loor de Santa Maria.

Mvito deuería
ome sempr' a loar
a Santa María
et seu ben rezõar.

Ca ben deue razõada
seer a que Deus por Madre
quis et seend' él seu Padre
et ela filla et criada,
et onrrada
et amada
a fez tanto, que sen par
é preçada
et loada
et será quant' él durar'. [3]
Mvito deuería
ome sempr' a loar.....

Ovtrossí [4] loar deuemos
a porque somos onrrados
de Deus et ar perdõados
dos pecados que fazemos;
ca tẽemos
que deuemos
por aquesto lacerar;
mas creemos
et sabemos
que nos pod' ela guardar.
Muito deuería
ome sempr' a loar.....

Razõal-a ben sen falla
deuemos; ca nos razõa
ben ante Deus, et padrõa
é noss' e por nós traballa;
et baralla
et contralla
o dem', e faz-lo estar
que non ualla
nemigalla
nen nos possa mal buscar.
Muito deuería
ome sempr' a loar.....

---

[1] Tal vez en lugar de *O freire*, como requiere el sentido.
[2] Se omitió aquí el estribillo, aunque quedó espacio para escribirlo.
[3] La segunda parte de las estrofas está escrita en cuatro versos octosílabos, como la primera, pero indicada con puntos la division.
[4] No llegó á dibujarse la *O* inicial de este verso. Está apuntada al márgen para servir de guía al dibujante.

Digitized by Google

E por esto lle mando [1]
que lle non uenna emente
do que diz a máa gente
porque soon de seu bando,
et que ando
a loando
et por ela uou trobar,
et cuidando
et buscando
cómo a possa onrrar.
Muito deuería
ome sempr' a loar.....

Mas que lles dé galardões
ben quaes eles merecen
porque me tan mal gradecen
meus cantares et meus sões
et razões
et tenções
que por ela uou fillar;
ca felões
corações
me uan porende mostrar.
Muito deuería
ome sempr' a loar.....

E ar aia pïadade
de cómo perdí meus dias
carreiras buscand' e uías
por dar auer et herdade
ú uerdad' e
lealdade
per ren nunca puid' [2] achar,
mais maldad' e
falssidade
con que me cuidan matar.
Muito deuería
ome sempr' a loar
a Santa María
et seu ben rezõar. [3]

CCCI.

Como Santa María de Uila-Sirga tirou un escudeiro de prijon que o tijnnan en Carrion [4] pera matar.

Macar faz Santa María
miragres d' ũa natura,
muitas uezes ý os cambia
por mostrar ssa apostura.

E d' aquest' un gran miragre
demostrou hũa uegada
a Uírgen en Vila-Sirga,
na sa eigreia onrrada,
por un escudeiro preso
que en a prijon rogada
a ouue que o liurasse
d' aquela prijon tan dura. [5]
Macar faz Santa María
miragres d' ũa natura..... [6]

Ca él en mui grandes ferros
et en cadẽas iazía
pres' en Carron, ca fezera
por que a morrer deuía;
pero sempre iaiũaua
dias de Sancta María,
na ssa mercée fiando,
mui conprida de mesura.
Macar faz Santa María
miragres d' ũa natura.....

Quando soube que iulgado
era que lle dessen morte,
chorou muito dos seus ollos
et fez o chanto mui forte,
dizend':—¡Ay, Santa María!,
tú que es lum' e conorte

---

[1] Falta una sílaba. Parece indudable que debe decir *lle demando*.
[2] *Pud* en otros lugares.
[3] Omitido el estribillo. El amanuense no dejó espacio para él ántes del epígrafe siguiente.
[4] En la Cantiga *Carron*, y así se encuentra escrito este nombre en varios lugares.
[5] Los versos de esta estrofa y del estribillo con que principia la Cantiga están escritos sobre raspado.
[6] Omitido el estribillo por falta de espacio en la plana.

Digitized by Google

dos coitados, tú me guarda
de tan gran malauentura
Macar faz Santa María
miragres d' ũa natura.....

Que en tal priion non moira
oi e ar seia iustiçado;
mas ta mercée me ualla
et non cates meu peccado,
et sse t' algun pesar fige,
que seia eu perdõado,
et des oi máis te prometo
que me guarde de loucura.—
Macar faz Santa María
miragres d' ũa natura.....

Des quand' aquest' ouue dito,
appareceu-ll' a Reỳnna
dos cẽos con gran conpanna
d' ángeos que sigo uijnna,
et fillou-o pela mão
et soltó-o muit' agỳnna
dos ferros, et disse logo:
—Sal d' esta prijon escura.—
Macar faz Santa María
miragres d' ũa natura.....

E logo sse sentiú liure
da priion o escudeiro
ú iazía, et aquesto
foi ão sono primeiro;
et achou-s' en Vila-Sirga,
et foi ende ben certeiro
que o fezera a Úirgen
cuio ben por senpr' atura.
Macar faz Santa María
miragres d' ũa natura.....

E quantos en a eigreia
achou fezo ben ceitãos [1]
d' este feito, pois lle uíron
tẽer os ferros nas mãos
ant' o altar a desora
et todos seus nenbros sãos;
et porén loaron todos
a Uírgen santa et pura.
Macar faz Santa María
miragres d' ũa natura,
muitas uezes ý os cambia
por mostrar ssa apostura.

CCCII.

Como Santa Maria de Monsarrat descobriú un furto que se fez na sa ỳgreia.

A Madre de Ihesu-Cristo,
que é Sennor de nobrezas,
non soffre que en sa casa
façan [2] *furtos nen uilezas.*

E d' est' un mui gran miragre
uos direi, que me iuraron
ómees de bõa uida
et por uerdade mostraron
que fezo Santa María
de Monssarrat, et contaron
do que fez un auol ome
por mostrar sas auolezas.
A Madre de Ihesu-Cristo
que é Sennor de nobrezas.....

Este con outra gran gente
uẽo ý en romaría,
et acolleu-sse a un ome
con que fillou conpanía;
et quando chegou a noite,
os dinneiros que tragía
lle furtou da esmolneira
por crecer en sas requezas.
A Madre de Ihesu-Christo
que é Sennor de nobrezas.....

Outro dia de mannãa
desque as missas oýron,
os que alí albergaron
da eigreia sse saíron;
mas él én sair non pode,

[1] Es yerro evidente. Debe decir *certãos*. Se hizo al márgen la señal de correccion.

[2] Esta palabra, escrita en fin de columna, se repitió al principio de la columna siguiente; pero aquí está tachada.

Digitized by Google

et esto muitos o uíron;
ca non quis Santa María
que é con Deus nas altezas,
A Madre de Ihesu-Christo
que é Sennor de nobrezas.....

Ata que ben repentido
foss' e ben maenfestado
et todo quanto furtara
ouuess' äo outro dado,
et que dissess' ante todos
de cóm' auía errado
et saýss' én con uergonna
por sas máas astruguezas. [1]
A Madre de Ihesu-Christo
que é Sennor de nobrezas.....

Tod' aquest' assí fuý [2] feito,
ca o quis a uerdadeira
Madre de Deus piadosa,
santa et mui iusticeira,
que non quis que en ssa casa
fossen per nulla maneira
feitas cousas desguisadas
nen cobijças per pobrezas.
A Madre de Ihesu-Christo
que é Sennor de nobrezas,
non soffre que en sa casa
façan furtos nen uilezas.

CCCIII.

Como hũa omágen de Santa María falou nas Olgas de Búrgos a ũa moça que ouue medo.

Por fol tenno quen na Uírgen
non á mui grand' asperança;
ca noss' esforç' é nos medos
et nas coitas amparança.

D' esto direi un miragre
que conteu no mõesteiro
de Búrgos, et se m' oírdes,
direi-uol-o tod' enteiro,
que mostrou Santa María
por toller med' e fazfeiro
d' ũa moça que auía
tod' esto sen douidança.
Por fol tenno quen na Uírgen
non á mui grand' asperança.....

Costum' é que as menýnas
que en a órden criadas
son, que grandes trauessuras
fazen algũas uegadas;
porén freiras que as guardan
lles dan, per que castigadas
seian et non façan cousas
per que caian en errança.
Por fol tenno quen na Uírgen
non á mui grand' asperança.....

Onde d' aquesto auẽo
que hũa moça fazía
amïud' í trauessuras
que pesauan [3] a ssa tia;
et castigáua-a ende,
ca mayor ben lle quería
ca ssí nen a outra cousa;
et porende, sen dultança,
Por fol tenno quen na Uírgen
non á mui grand' asperança.....

E tan [4] gran medo auía
d' ela, que sol non ousaua
apparecer ú a uisse
quand' algũa uez erraua.
Et a ffreira d' ũa parte
a ferí' e castigaua,
et da outra lle fazía
muit' algu' e muita criança.
Por fol tenno quen na Uírgen
non á mui grand' asperança.....

Onde un dia ll' auẽo
que fez mui gran trauessura
por que aquela sa tia
ouue d' ela gran rancura,

---

[1] *Astraguezas* se repite en diferentes lugares de estos códices.

[2] *Foi* es la forma en que comunmente se halla escrito este pretérito.

[3] Se escribió equivocadamente *fesauauan*. Las dos letras sobrantes están tachadas.

[4] Parece equivocacion, en lugar de *Atan*, segun requiere el enlace de sentido con la estrofa anterior.

Digitized by Google

et buscou-a por feril-a;
mas ela, por sa uentura
bõa, foi-ss' aa omágen
da Uírgen sen demorança.
Por fol tenno quen na Uírgen
non á mui grand' asperança.....

E chorando et tremendo
diss':—¡Ai, Uírgen groriosa!
acórre-m' a esta coita
tú que es tan piadosa
que acorrel-os coitados;
porén, Sennor preciosa,
fais que est' erro que fige
que caia en obridança
Por fol tenno quen na Uírgen
non á mui grand' asperança.....

De mia tia, que aquesto
nunca lle uenna emente.—
Respos'-ll' enton a omágen
manss' e en bon contenente:
—Aquesto que me tú rogas
farei eu de bõa mente,
tanto que oi máis teu feito
non metas en balança.— [1]
Por fol tenno quen na Uírgen
non á mui grand' asperança.....

D' esto que diss' a omágen
foi a moça espantada,
pero recebeu esforço
de que foi mui conortada;
et pois uẽo outro dia,
ssa tia a ouu' achada,
et depois que soub' o feito,
ouue na Uírgen fiança.
Por fol tenno quen na Uírgen
non á mui grand' asperança.....

E a sobrỳnna logo [2]
pera ssa casa leuou-a,
et des alí adeante
amou-a muit' e onrrou-a;
et en logar de com' ánte
a ería, faagou-a
et do que sabor auía
fez-ll' end' amor et pitança.
Por fol tenno quen na Uírgen
non á mui grand' asperança;
ca noss' esforç' é nos medos
et nas coitas amparança.

CCCIIII.

Esta é como Santa María de Ribela non quer que arça outr' oỳo ant' o seu altar senon d' oliuas, que seia ben claro et muit' esmerado.

Aquela en que Deus carne
prendeu et nos deu por lume,
das cousas limpias se paga
sempre; tal é seu costume.

E d' esto mostrou miragre
a Uírgen Santa María,
grand', en hũa ssa eigreia,
et demostra cada dia,
en un aldea que nome
á Ribela, ú soỳa
auer ben d' antiguedade
un mõesteir' a costume
Aquela en que Deus carne
prendeu et nos deu por lume.....

D' órdin de San Beenito;
et ora chus da eigreia
non ficou, que é da Uírgen
que sempre bẽeita seia,
en que á ben cinc' altares,
ú gran uertude sobeia
mostra Deus no que é d' ela;
ca non pod' ý arder lume
Aquela en que Deus carne
prendeu et nos deu por lume.....

D' outr' oỳo senon d' oliuas
mui linpi' e muit' esmerado;
ca macar ard' ant' os outros
de linaça, sol penssado
non é que ant' o da Uírgen
arça; et este prouado

---

[1] Acaso en lugar de *en a balança*, con lo cual se completaría la medida.

[2] Falta una sílaba á este verso. Acaso debiera decir *E a ssa sobrỳnna.*

Digitized by Google

muitas uezes en o ano;
et an-o iá por costume.
Aquela en que Deus carne
prendeu et nos deu por lume.....

Ca o prouan ameude
caualeiros, lauradores,
clérigos, monges et frades
descalços, preegadores;
ca pero ý acenderon
outros oyos ardedores,
atan toste se matauan,
que sol non deitauan lume.
Aquela en que Deus carne
prendeu et nos deu por lume.....

E porend' os d' essa terra
non ousan seer ousados
d' outr' oyo alí quemáren, [1]
ca sáen por denodados
ende cada que o prouan;
et por esto son tornados
a queimar oyo d' oliua
nas lámpadas por costume.
Aquela en que Deus carne
prendeu et nos deu por lume,
das cousas limpias se paga
sempre; tal é seu costume.

CCCV.

Como Santa María fez ũa carta de pẽedença que tragia ũa moller, pesar máis en ũa balança que quant' auer posseron na outra.

Senpre deuemos na Uírgen
a tẽer os corações;
ca per ela guaannamos
de Deus mui grandes perdões. [2]

E porén dizer uos quero,
se me mui ben ascuitardes,
un mui fremoso miragre;
et se ý mentes parardes,
gran prol de uossa fazenda
uos terrá, se uos guardardes
de fazer per que perçamos
d' auer de Deus galardões.
Sempre deuemos na Uírgen
a tẽer os corações.....

Esto foi d' ũa mesqynna
moller que pecador era,
et confessou-s' a un frade
dos pecados que fezera;
et por auer perdon d' eles
auía coita tan fera,
que do perdon pediú carta,
mostrando muitas razões
Senpre deuemos na Uírgen
a tẽer os corações.....

Por que a auer deuía
ao frade que ll' a desse.
Et él deu-ll'-a de tal guisa,
mandándo-lle que fezesse
seruiç' a Santa María
per que sa mercée ouuesse,
et iauas' [3] as sas festas
et oysse seus sermões.
Sempre deuemos na Uírgen
a tẽer os corações.....

Tod' esto lle pos' en carta,
et des í ar seelou-a;
et a moller mui de grado
a fillou et pois guardó-a [4]
en seu sẽo et tan toste
pera ssa casa leuou-a;
mas atan muit' era pobre,
que pidía as rações.
Sempre deuemos na Uírgen
a tẽer os corações.....

E ú quer que ela ýa,
sempre sa carta leuaua
dentr' en hũa seeleira
en que a mui ben guardaua;
mas pola Uírgen bẽeita
as rações demandaua,

---

[1] *Queimáren* en otros lugares. Véase el penúltimo verso de esta estrofa.

[2] Se escribió *dões*. La sílaba *per* se añadió posteriormente sobre el renglon.

[3] Debe decir *iaiũas'*. El amanuense hizo al márgen la señal de correccion, y dejó espacio para escribir la letra omitida.

[4] En lugar de *guardou-a*, segun requiere la rima.

Digitized by Google

sofrendo frio et fame
et muitas trebolações.
Sempre deuemos na Uírgen
a tẽer os corações.....

E ela assí andando,
chegou a hũa cidade
et uiú seer na rua, [1]
com' eu achei por uerdade,
un canbiador que canbiaua
d' auer mui gran quantidade,
esterlijns et toneses, [2]
burgaleses, pepiões,
Senpre deuemos na Uirgen
a tẽer os corações.....

E ýnda d' aquestes nouos
et dos pretos et da guerra.
Et ela pediú-lle algo
por aquela que non erra,
et disse:—Fazel-o quero
sobre pennor; ca na terra
ú somos non é costume
de dar d' outra guisa dões.—
Senpre deuemos na Uírgen
a tẽer os corações.....

Ela respondeu-lle logo:
—Iúro-uos per mia creença
que non trag' erg' esta carta
que é de mia pẽedença.—
Et diss' él.—Ueel-a quero,
et meterei femença [3]
se é carta de soltura
ou se é de petições.
Senpre deuemos na Uírgen
a tẽer os corações.....

Él enton leeu a carta,
et ánte que ll'-a tornasse
dísse-lle que lle daría
sobr' ela quanto pesasse,
et que esto lle faría
et d' ál non sse traballasse
per ren; ca él non amaua
trüães nen arlotões.
Senpre deuemos na Uírgen
a tẽer os corações.....

Ela, auendo na Uírgen
Madre de Deus gran fiança,
outorgou-lle que posesse
a carta en a balança;
mas que lle desse o peso
d' ela logo sen tardança,
que non morresse de fame
ascusa polos rancões.
Sempre deuemos na Uírgen
a tẽer os corações.....

Ela meteu na balança
a carta, et tan pesada
se fez logo, que na outra
non pode pois meter nada
que tanto per ren pesasse;
esto foi cousa prouada:
et o canbiador con sanna
depenaua seus grannões.
Senpre deuemos na Uírgen
a tẽer os corações.....

O cambiador fillou outra
balança mayor d' aquela,
et coidou [4] aquela carta
per mayor peso uencel-a;
mas pero non meteu tanto
na balança que mouel-a
per ren podesse de terra.
Enton fillou dous bolssões,
Senpre deuemos na Uírgen
a tẽer os corações.....

Que meteu na balança, [5]
chẽos de prata et d' ouro;
mas mui máis pesou a carta
en que auía tesouro
d' aquel que perdõar pode
crischão, judeu et mouro,

---

[1] Falta una silaba, á no formar diéresis en *uiú*. Tal vez debiera haberse escrito *en a rua*.
[2] Sin duda por *torneses*, moneda de plata del tiempo de Don Alfonso.
[3] Falta una silaba, á no hacer diéresis en *meterei*.
[4] Escrito equivocadamente *couidou*, y tachada la *u*.
[5] Para que el octosilabo sea completo, hay que formar diéresis en *meteu*, que por regla general se pronuncia sin ella. Acaso se debiera haber escrito *en a balança*, como se lee en la estrofa décima.

Digitized by Google

atanto que en Deus aian
ben firmes sas entenções.
Senpre deuemos na Uírgen
a tẽer os corações.....

Quand' o canbiador uiú esto,
pediú por Santa María
mercée que sse leixasse
do peso, et lle daría
quant' ela do seu quisesse,
per que sempre uiuiría
ben e auondadamente.
Et molleres et barões,
Senpre deuemos na Uírgen
a tẽer os corações.....

Quantos este feito uíron,
tan toste lle consellaron
que o fezess', e foi feito;
et log' a Uírgen loaron
por tan fremoso miragre,
et con gran prazer choraron
todos, gẽollos ficados,
con mui grandes deuoções.
Senpre deuemos na Uírgen
a tẽer os corações;
ca per ela guannamos
de Deus mui grandes perdões.

CCCVI.

Como Santa María fez conuerter un erege en Roma que dizía que Santa María non podía seer uírgen et auer fillo.

Por gran marauilla tenno
de null' ome s' atreuer
a dizer que Deus non pode
quanto xe quiser fazer.

E cóm' é om' atreuudo
en querer saber razon
por que fezo Deus as cousas
que non eran ánt' e son
ora, muit' é de mal siso;
ca as obras de Deus non
son pera saber-sse todas,
nen pode per ren seer.
Por gran marauilla tenno
de null' ome s' atreuer..... [1]

E d' aquest' un gran miragre
aũo, per com' oý,
a uun herege en Roma,
et contan que foi assí
d' ũa omágen que era
da Uírgen, com' aprendí,
pintada en a eigreia,
como uos quero dizer.
Por gran marauilla tenno
de null' ome s' atreuer.....

Esta eigrei' é aquela
que chaman de Leteran
que do 'mperador foi casa
que nom' ouu' Octauïan;
mas depois ar foi eigreia
do apóstol San Johan,
mui nobr' e mui ben feita [2]
et que costou grand' auer.
Por gran marauilla tenno
de null' ome s' atreuer.....

Alý est' hũa omágen
da Uírgen que non á par
pintada en a parede
et como a säudar
aũo o ángeo do ceo
per que s' ouue de prennar [3]
ela de Spírito Santo
logo sen neuun lezer.
Por gran marauilla tenno
de null' ome s' atreuer.....

E tan bon maestre era
o pintor que a pintou,
que fezo que semellasse
que quando a säudou
o ángeo, como logo
atan toste s' enprennou;

---

[1] No se escribieron más que las dos primeras palabras *Por gran*, por falta de espacio en la plana.

[2] Falta una sílaba á este verso. Tal vez se escribiera equivocadamente *nobr* por *nobre*.

[3] El amanuense escribió *deprennar*, probablemente en lugar de *dẽprennar* (de enprennar), como se halla en otros lugares. V. el sexto verso de la estrofa siguiente.

Digitized by Google

et porén lle fez o uentre
mui creçudo parecer,
Por gran marauilla tenno
de null' ome s' atreuer.....

E fez que teuesse cinta,
ben como prennada sol
cengir per cima do uentre
quando ll' a prennece dol.
Esta omágen un dia
uiú-a uun herege fol,
et disse äos crischãos:
—Ueede qué ídes creer:
Por gran marauilla tenno
de null' ome s' atreuer.....

Que Santa María uírgen
foi, sol non dizedes ren;
ca uedes que ten a cinta
como moller prenne ten
suso per cima do uentre.
Muito sodes de mal sen
en creer atáes cousas
nen sol ý mentes meter.—
Por gran marauilla tenno
de null' ome s' atreuer.....

Quando aquest' ouue dito
aquel herege sandeu,
log' a aquela omágen
a cinta lle decendeu
iuso como a moller uírgen,
et logo lle descreceu
o uentr', assí come ánte
que foss' ela conceber.
Por gran marauilla tenno
de null' ome s' atreuer.....

Pois esto uiú o herege,
repentíu-sse muit' enton
et aa Uírgen bẽeita
pidiú, chorando, perdon.
Esto fez Deus por sa Madre,
por mostrar que con razon
foi prenne, seendo uírgen
depois que él foi nacer.
Por gran marauilla tenno
de null' ome s' atreuer.....

Esta omágen bẽeita
des enton assí está
con ssa cinta abaixada,
et sempr' assí estará.
Et Deus miragres por ela
mostrou póis et mostrará,
por nos fazer de sa Madre
a uerdade connocer.
Por gran marauilla tenno
de null' ome s' atreuer
a dizer que Deus non pode
quanto xe quiser fazer. [1]

CCCVII.

Como Santa Maria tolleu ũa gran tempestade de fogo en terra de Çeçilla.

Toller pod' a Madre de nostro Sennor
toda tempestade, se ll' en prazer for.

E d' est' en Cezilla mostrou hũa uez
un mui gran miragre a Sennor de prez
que é madr' e filla d' aquel Deus que fez
a terra et pos' os cẽos en redor.
Toller pod' a Madre de nostro Sennor.....

Cezilla é hũa ínssoa de mar
cica [2] et uiçosa, com' oý contar,
de todalas cousas que pod' om' achar
por auer auondo et uiç' e sabor.
Toller pod' a Madre de nostro Sennor.....

En aquesta terra un mui gran mont' á
que ueen de longe os que uan alá,
que Mongibel chaman, et de fogos dá
chamas aas uezes; ond' an gran pauor
Toller pod' a Madre de nostro Sennor.....

Todolos da terra. Onde conteceu
que en aquel monte fogo s' acendeu
mui grande, et toda a terra tremeu,
et choueu tan muito come no mayor
Toller pod' a Madre de nostro Sennor.....

Inuerno do mundo choue, com' oý,
uolta con gran pedra, et ar outrossý

[1] Omitido el estribillo por falta de espacio en la plana.
[2] La c primera de esta palabra está marcada con un punto por debajo, señal de correccion. Debió indudablemente haberse escrito *rica*.

Digitized by Google

caýan coriscos tantos ben alý,
que cuidaron todos morrer a door.
Toller pod' a Madre de nostro Sennor.....

Quaräenta dias aquesto durou
et quarenta noites, que nunca quedou
ata que Santa María se mostrou
a uun bon ome con gran resprandor.
Toller pod' a Madre de nostro Sennor.....

E dísse-ll a Rëÿnna esperital:
—Se tú queres que sse tolla este mal,
un cantar me façan que seia tal [1]
qual a mí conuen, ben feit' a mia loor.—
Toller pod' a Madre de nostro Sennor.....

O ome bõo, que aquesto ueer
foi en uison, muit' ouue gran prazer:
des í começou seu cantar a fazer
rimado segund' él soube mellor. [2]
Toller pod' a Madre de nostro Sennor.....

E segund' as paraulas lle fez o son,
et depois cantó-o con gran deuoçon;
et a tempestade quedou log' enton
et perdeu én logo a gente temor.
Toller pod' a Madre de nostro Sennor
toda tempestade, se ll' en prazer for.

CCCVIII.

Como Santa María guariú en a çibdade de Rara ùa moller ydrôpica.

De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sàar,
sol que am' a Deus, seu Fillo
que soub' ela muit' amar.

E d' est' un muj gran miragre
uos quer eu ora mostrar
—De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sãar—
que mostrou en hũa vila
que Rara söen chamar,
—De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sãar—
qu' é en terra de Sosonna,
et per com oý contar,
por hũa moller a Uírgen
que non ouue nen [3] á par.
De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sàar.....

Aquesta moller punnaua
sempr' en seruir et onrrar
—De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sãar—
á Uírgen Santa María
et más d' ál ren se guardar
—De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sãar—
de lle fazer nulla cousa
que lle iouuess' en pesar;
et porén na ssa eigreia
ýa candéas queimar.
De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sàar.....

E ant' hũa ssa omágen
a prezes ss' ía deitar,
—De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sãar—
rogándo-lle que do demo
a guardass' e de pecar
—De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sãar—
et de caer en grand' erro
et de mui mal enfermar. [4]
Mas Deus, que dá as doores
a muitos polos prouar,
De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sàar.....

E le deu tal enfermidade, [5]
que começou a ynchar
—De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sãar—
mui máis ca d' idropisía

---

[1] Acasó en lugar de *atal*, con lo cual se completaria la medida del verso.
[2] Falta una sílaba, á no cometer diéresis en *soube*. Tal vez debiera haberse escrito *segundo* en lugar de *segund*.
[3] Escrito *non* y corregido despues.
[4] Esta palabra está corregida. Al parecer se habia escrito ántes *ensinar*.
[5] Sobra la conjuncion *E* con que principia el verso. Sin duda el dibujante de las letras de adorno hizo esta *E* en lugar de una *L* (*Lle deu*).

Digitized by Google

nen por razon de prennar; [1]
—De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sãar—
assí que todos cuidauan
que quisesse rebentar:
et comer iá non podía
nen sol a agua passar.
De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sàar.....

Estando en esta coita,
esforçou-sse de falar,
—De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sãar—
et a quantos ý estauan
começou muit' a rogar
—De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sãar—
que por Deus aa eigreia
punnassen de a leuar,
que ant' o altar podesse
o Corpo de Deus fillar.
De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sàar.....

E log' enton a fillaron
et fóron-a ý deitar;
—De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sãar—
et chorando seus peccados,
se fez logo comungar;
—De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sãar—
et desque foi comungada,
manteente [2] sen tardar
deitou tres pedras do corpo
sen sse doer nen queixar.
De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sàar.....

A primeira foi tan grande
(ca as foron mesurar)
—De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sãar—
como d' ánssar un grand' ouo; [3]
a outra, por non chufar,
—De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sãar—
foi com' ouo de galynna;
a terceira, sen dultar
era come de poomba: [4]
muito las foron catar.
De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sàar.....

E log' a moller foi sãa,
et fezo missa cantar
—De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sãar—
a onrra da Uírgen Santa,
et as pedras fez furar
—De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sãar—
et ant' o altar da Uírgen
as fez logo pendurar.
Et quantos aquesto uíron
fillaron muit' a loar
De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sàar.....

Aa Uírgen Santa María [5]
que sse sab' amercèar
—De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sãar—
dos coitados que a chaman,
et sabe galardõar
—De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sãar—
ben seruiç' a quen ll'-o faze,
et póis Paraýso dar
ú é todo ben comprido,
que nunca pode menguar.
De todo mal pod' a Uírgen
a quen a ama sàar,
sol que am' a Deus seu Fillo
que soub' ela muit' amar. [6]

---

[1] Acaso en lugar de *dèprennar*, segun se ha advertido en la Cantiga CCCVI.
[2] En lugar de *mantenente (mantèente)*, que es la forma en que esta palabra se halla escrita siempre.
[3] Escrito este verso sobre raspado.
[4] La segunda *o* de esta palabra se añadió posteriormente sobre el renglon.
[5] Sobra una sílaba. Tal vez debiera decir *A Uírgen*, como en otros lugares.
[6] Falta el estribillo en este lugar.

Digitized by Google

CCCIX.

Esta é como Santa María uẽo en uison en Roma ao Papa et ao Emperador, et disse-lles en quál logar fezessen a eigreia.

Non deuen por marauilla
tẽer en querer Deus Padre
mostrar mui grandes miragres
pola bẽeita sa Madre.

D' est' un fremoso miragre
uos direi, que foy uerdade [1]
que mostrou Santa María
en Rom', a nobre cidade,
en o tempo que iá era
tornada en creschandade,
por acrecentar a lée
de Deus, seu Fill' e seu Padre.
Non deuen por marauilla
tẽer en querer Deus Padre.....

En aquel tenpo en Roma
uun Papa santo auía,
et uun Emperador bõo
per quant' ele máis podía
seruía muit' e amaua
a Uírgen Santa María
en que Deus quis prender carne
et fazer d' ela ssa Madre.
Non deuen por marauilla
tẽer en querer Deus Padre.....

En aquel tempo tan bõo
de que uos eu ora digo,
era o pobro [2] de Roma
todo atan muit' amigo
da Uírgen Santa María,
et auía ben consigo
a creença de seu Fillo
Ihesu-Crist' e de Deus Padre.
Non deuen por marauilla
tẽer en querer Deus Padre.....

E porque en todo Roma
non era enton eigreia
d' esta Uírgen groriosa
que sempre bẽeita seia,
querían fazer end' hũa
mui grand' e nobre sobeia
en que fosse Deus loado
et ela que é ssa Madre.
Non deuen por marauilla
tẽer en querer Deus Padre.....

Mas per ren non ss' acordauan
o logar ú á fezessen;
et porend' un ome bõo
lles disse que sse teuessen
de fazel-a ata quando
de Deus tal sinal ouuessen
do logar ú a farían
a ssa Madr' und' [3] él é Padre.
Non deuen por marauilla [4]
tẽer en querer Deus Padre.....

Onde foi póis hũa noite
que o Papa xe iazía
en seu leito et dormindo,
et en sonnando uija
a ssí uijr hũa dona
mui nobre que lle *prazía* [5].
«Tú amas a Ihesu-Cristo
muito et a mí sa Madre.
Non deuen por marauilla
tẽer en querer Deus Padre.....

»E porén te rogu' e mando
que digas a esta gente
de Roma que mia eigreia
façan logo mantenente
ú uíren, mëant' Agosto,
caer neu' espessamente;
ca alý quer o meu Fillo
Ihesu-Crist' e Deus seu Padre.»
Non deuen por marauilla
tẽer en querer Deus Padre.....

Outra tal uison com' esta
o Emperador, dormindo,
uiú essa mẽesma noite
que o Papa; et sentindo

---

[1] El verbo *foy*, omitido por el amanuense, se escribió posteriormente sobre el renglon.
[2] *Poboo* es la forma en que constantemente se halla escrita esta palabra.
[3] La *u* de esta palabra está señalada con un punto. Probablemente pensarian corregirla diciendo *ond*, que es como se lee en otros lugares.
[4] Escrito *maruuilla*, é indicada la correccion.
[5] Esta palabra está tachada. Al márgen se hizo señal de correccion. Parece indudable que debió haberse escrito *dizia*.

Digitized by Google

que de Deus aquesto era,
foi chorand' e non rijndo
a él, et falou con ele
a onrra da Uírgen Madre,
Non deuen por marauilla
tẽer en querer Deus Padre.....

Contándo-lle tod' afeito
en quál maneira dormira [1]
et en iazendo dormindo
a Santa María uira,
que lle mandou que fezesse
ssa eigreia sen mentira
en que foss' ela loada
et Deus, uerdadeiro Padre.
Non deuen por marauilla
tẽer en querer Deus Padre.....

—E demáis, por sinal deu-me,
porque eu esto creesse,
que na ssa festa d' Agosto,
ú eu uisse que caesse
muita neu', en aquel logo
a ssa eigreia ergesse
en que fosse Ihesu-Christo
load' en ela ssa Madre.—
Non deuen por marauilla
tẽer en querer Deus Padre.....

Enton lle respos' o Papa:
—Outro tal sonn' ei sonnado;
et ben é que atendamos
aquel dia sinaado,
et quando uírmos a neue,
ponnamos logo recado
cómo seia a eigreia
feita, do Fill' e do Padre.—
Non deuen por marauilla
tẽer en querer Deus Padre.....

Enton ambos atenderon,
et quand' aquel dia uẽo,
uíron caer tanta neue,
que tod' un canpo foi chẽo;
et enton conprar mandaron
aquel logar, que allẽo
era, en que og' é [2] feita
eigreia da Uírgen Madre.
Non deuen por marauilla
tẽer en querer Deus Padre.....

Quand' aqueste [3] feito soube
o póboo dos romãos,
uẽeron a aquel [4] logo
muit' a guisa de crischãos,
os uuns dando dinneiros,
outros metend' ý as maõs,
et deitaron os cimentos
ben per ú neuou Deus Padre.
Non deuen por marauilla
tẽer en querer Deus Padre.....

E fezeron ssa eigreia
grand' e rica et fremosa
a onrra da Santa Uírgen,
Filla de Deus et esposa,
de que ele prendeu carne;
que foi mui marauillosa
cousa, da que él criara
fazer póis d' ela sa Madre.
Non deuen por marauilla
tẽer en querer Deus Padre
mostrar mui grandes miragres
pola bẽeita sa Madre.

CCCX.

Esta é [5] de loor de Santa Maria.

Meito per deu' a Reÿnna
dos cẽos seer loada
de nós; ca no munda [6] nada
foi ben come fror d' espÿnna.

Ca sempre santiuigada
foi, desque a fez seu padre
en o corpo de ssa madre,
ú iouue des pequenÿnna.
Muito per deu' a Reÿnna..... [7]

---

[1] Se escribió aquí *dormirà*, y *uiran* en el cuarto verso. Despues se tachó la tilde de la primera palabra y la *n* de la segunda, como requieren el sentido y la rima.

[2] Se escribió *omage*. Despues se tachó la silaba *ma*.

[3] Escrito en un principio *aquesto*, y corregida la *o*.

[4] Esta palabra se escribió primero en abreviatura: despues se completaron sus letras.

[5] Así en el Sumario. Aquí se omitió, quizá por olvido, el verbo *é*.

[6] La *a* de esta palabra está marcada con un punto encima, señal de correccion. Es evidente que debió haberse escrito *mundo*.

[7] Falta el estribillo en este lugar.

Digitized by Google

E ar foi de Deus amada;
ca sempre fez bõa uida,
et de todo ben comprida
ar foi seendo menẏnna.
Muito per deu' a Reẏnna.....

E porende säudada
foi do ángeo atanto
que lle disso: «Deus o santo
de tí nacerá agẏnna.»
Muito per deu' a Reẏnna.....

E depóis ficou prennada
de Deus poderos' e forte
que por nós prendeu morte [1]
et resorgiú mananẏnna.
Muito per deu' a Reẏnna.....

E con Deus é eixalçada,
et el lle deu tal uertude,
que por dar a nós saude
nol-a deu por meezẏnna.
Muito per deu' a Reẏnna.....

E porén, Sennor onrrada,
ta mercée en mí seia,
que me leues ú te ueia
d' aquesta uida mesqẏnna.
Muito per deu' a Reẏnna
dos cëos seer loada
de nós; ca no mundo nada
foi ben come fror d' espẏnna. [2]

CCCXI.

Como Santa Maria de Monsarrat resusçitou un ome que ẏa alá en romaria et morreu na carreira.

O que diz que seruir ome
aa Uírgen ren non é,
aquest' é de mal recado
et ome de máa fé.

Ca se en fazer seruiço
a un bon ome prol ten,
¡quánto máis na Uírgen santa
ond' auemos todo ben!
Et quen aquesto non cree,
sa creença non ual ren;
ca [3] descré en Deus seu Fillo
et en ela que Madr' é.
O que diz que seruir ome [4]
aa Uírgen ren non é.....

E de tal razon, miragre
uos quero ora mostrar,
que d' entender é mui bõo
a quen ẏ mentes parar,
que a Uírgen groriosa
de Monssarraz quis mostrar
por un ome que a senpre
seruía con mui gran fe.
O que diz que seruir ome
aa Uírgen ren non é.....

Él alí en romaría
ẏa dous uezes ou tres
no ano, et amizade
auía con uun borgés, [5]
et rogou-lli que na festa
qu' é en mëogo do mes
d' Agosto dess uun fossen,
dizendo:—Logar sant' é.—
O que diz que seruir ome
aa Uírgen ren non é.....

Enton ambos s' acordaron
por en romaría ẏr
a Monssarraz; *mas pme,* [6]
per quant' end' eu puid' oẏr,
passaron per Barçalona;
et ú quiseron saẏr
da vila, começou logo
mal tempo, per bõa fe.
O que diz que seruir ome
aa Uírgen ren non é.....

E fezo uentos mui grandes

---

[1] *Prendeu* se pronuncia constantemente sin diéresis. Resulta, pues, incompleta la medida de este verso.

[2] Omitido el estribillo por falta de espacio en la columna.

[3] El amanuense repitió distraidamente esta palabra. La que sobra está señalada con puntos y carece además de nota musical.

[4] Falta la *O* inicial de este verso. El espacio en que debía haberse escrito lo ocupa el dibujo de la *E* con que principia la estrofa siguiente.

[5] En otros lugares *burgés.*

[6] Están tachadas las dos palabras aquí subrayadas, que, al parecer, deben decir *mas primeiro.*

Digitized by Google

et começou de chouer
et alampos con toruões,
des í coriscos caer
assí que feriú uun d' eles
aquel ome, que morrer
o fez logo mantenente;
ca do corisc' assí é
O que diz que seruir ome
aa Uírgen ren non é.....

Que en quen fer' log' afoga
ou talla ou queimar faz.
Mais aquel om' afogado
foi, que pera Monssaraz
ýa sempre, com' oístes;
et seu compannon assaz
chorou por él et ar disse
paraulas contra a ffe,
O que diz que seruir ome
aa Uírgen ren non é.....

Dizendo:—Par Deus, amigo,
muito empregasti mal
quanto a Santa María
seruist', e póis te non ual
nen guardou d' esta morte [1]
per que o dem' infernal
leua iá de tí a alma;
et, mal peccad', assí é.—
O que diz que seruir ome
aa Uírgen ren non é.....

E outro dia por ele
hũa missa dizer fez;
des í que o soterrassen,
ca tal era come pez
tornado d' aquel corisco;
et ar disse d' essa uez
parauras [2] contra a Uírgen
onde naceu nossa fe,
O que diz que seruir ome
aa Uírgen ren non é.....

Indo con él aa coua
chorand' e dizend' assí:
—Mal empregasti teu tenpo
na Uírgen, com' aprendí;
demáis perdisti grand' algo
que lle desti; mais a mí
nunca auerrá aquesto;
ca o meu na arca é.—
O que diz que seruir ome
aa Uírgen ren non é.....

Él aquest' assí dizendo,
resorgiú o mort' enton
et assentou-sse no leito
et diss' aquesta razon:
—Mentes a guisa de máo;
ca mia alm' a perdiçon
fora, se non foss' a Uírgen
que chau' é de nossa fe,
O que diz que seruir ome
aa Uírgen ren non é.....

Que me liurou de sas mãos
ú era en podeu [3] seu;
et porend', en quant' eu uiua,
sempre no coraçon meu
a terrei pera seruil-a,
et nunca me será greu
de ren que por ela faça;
ca mui ben enpregad' é.—
O que diz que seruir ome
aa Uírgen ren non é.....

Quand' esto uíron as gentes,
deron todos gran loor
aa Uírgen groriosa,
Madre de nostro Sennor,
que sempre seia loada
en quanto o mundo for;
ca é nossa auogada,
des í padrõa da ffe.
O que diz que seruir ome
aa Uírgen ren non é,
aquest' é de mal recado
et ome de máa fe. [4]

---

[1] Falta una sílaba, no haciendo diéresis en *guardou*. Acaso debiera haberse escrito: nen *te* guardou.

[2] En otros lugares *palauras* y *paraulas*. Así en la estrofa 6.ª de esta misma Cantiga.

[3] La *u* está marcada con un punto encima, señal de corrección. Bien se echa de ver que se trató de escribir *poder*.

[4] Falta el estribillo en este lugar.

Digitized by Google

CCCXII.

Como o caualeiro non pude conprir ssa uoontade con sa amiga na casa en que lauraran a [1].

Non conuen que seia feita
nihũa desapostura
en o logar en que seue
da Uírgen a ssa fegura.

Ca muit' é cousa sen guisa
de fazeren auolezas
os que creen en a Uírgen
que é Sennor de nobrezas,
que máis ama limpidõe
que auarentos [2] requezas,
et pïadad' e mercée
ca judeu dar a usura. [3]
Non conuen que seia feita
niũa desapostura.....

E d' aquest' un gran miragre
fez apost' e ffremoso, [4]
non á muit', en Catalonna
a Madre do poderoso
Deus et Rei, que por tirar-nos
do inferno teneuroso,
deceu dos cëos et carne
fillou en a Uírgen pura.
Non conuen que seia feita
nihũa desapostura.....

Esto foi d' un caualeiro
que apost' e fremos' era
et grand' e muit' arrizado,
et a marauilla fera
amaua Santa María,
et por seu amor fezera
fazer hũa ssa omágen
de mui nobr' entalladura.
Non conuen que seia feita
nihũa desapostura.....

E rogou a uun maestre
que mui ben a entallasse;
et porén dentr' en sa casa
lle deu en que a laurasse
hũa cámara fremosa
et ort' en que s' apartasse
por obrar máis a sa guisa
et non ouuesse d' ál cura.
Non conuen que seia feita
nihũa desapostura.....

Aquel maestr' a omágen
fezo mui ben entallada
en semellança da Uírgen
santa benauenturada,
ben feita d' entallamento
et depois mui ben pintada;
et pois rogou [5] o maestre,
diss':—Yd' a bõa uentura.
Non conuen que seia feita
nihũa desapostura.....

Desque tod' esto foi feito,
o caualeiro fillou-a
et a uun bon mõesteiro
que auía ý leuou-a,
a que a él prometera,
et tan tost' apresentou-a,
porque alý escollera
pera a sa sopoltura. [6]
Non conuen que seia feita
nihũa desapostura.....

Pois alý deu a omágen
et a ssa casa tornado
foi, uiú hũa mui fremosa
donzela, et namorado
ficou d' ela en tal guisa
que sol comer nen bocado
non podía, et por ela
foi coitad' a desmesura.
Non conuen que seia feita
nihũa desapostura.....

E se a beuer lle dauan,
él beuer sol non podía;

---

[1] El amanuense no terminó este epígrafe, por falta de espacio. Por el contexto de la Cantiga se infiere que debia decir *a omágen de Santa Maria*.

[2] La *s*, omitida por el amanuense, acaso con razon, se intercaló por distinta pluma.

[3] La preposicion *a* está escrita sobre el renglon, por la misma pluma que hizo la correccion anterior.

[4] Falta una silaba. Tal vez debiera decir *aposto* donde *apost*.

[5] Las dos primeras letras de esta palabra están señaladas con dos rayitas encima. Acaso se tratara de escribir *pagou*.

[6] Tal vez en lugar de *scpoltura*, como se lee en otros lugares.

Digitized by Google

et pero que sse deitaua
pera dormir, non podía;
et cuidand' en sa amiga
en cómo a auería,
o sen a perder ouuera
et caer en gran loucura.
Non conuen que seia feita
nihũa desapostura.....

Mais entrou-ll' en uoontade
que aquelo non fezesse,
mais que s' esforçasse muito,
o máis que ele podesse,
et que buscasse carreira
per que a mui ced' ouuesse,
et d' esta guisa sería
quite de toda rancura.
Non conuen que seia feita
nihũa desapostura.....

E enton ergeu-sse logo,
et buscou muitas carreiras
per que a auer podesse;
et ar catou mandadeiras
que ll' enuiou, alcayotas
uellas et mui sabedeiras
de fazer moller manceba
sayr toste de cordura.
Non conuen que seia feita
nihũa desapostura.....

Elas con ela falaron
et tanto ben lle disseron
d' él, per que a poucos dias
a uenceron et uẽceron
a él, et fezeron tanto,
que a sa casa ll' a trouxeron.
Et él deitou-sse con ela
en hũa casa escura
Non conuen que seia feita
nihũa desapostura.....

Ú fezeran a omágen
da Sennor mui uerdadeira,
et quis ý iazer con ela;
mas per nehũa maneira
aquesto fazer non pode,
empero que prazenteira
era muit' ende a donzela
et él muito sen mesura.
Non conuen que seia feita
nihũa desapostura.....

Ambos log' en outra noite
d' essa casa se mudaron
et foron iazer a outra;
et logo que sse deitaron
compríron sas uoontades
et seu prazer acabaron.
Mais o logar foi pequeno
et de mui grand' angostura;
Non conuen que seia feita
nihũa desapostura.....

Onde, con noio da casa
que ouue o caualeiro,
tornou-sse log' aa outra
ú iouuera de primeiro;
mais pero seer non soube
tan sabedor nen arteiro
que sol podesse con ela
auer prazer nen folgura.
Non conuen que seia feita
nihũa desapostura.....

Enton aquel caualeiro
entendeu que errara [1]
en querer con sa amiga
iazer ú fazer mandara
omágen da Uírgen santa,
et que a ela pesara
d' aquel feito; et porende
caeu en mui gran tristura.
Non conuen que seia feita
nihũa desapostura.....

E contou aqueste feito
aa dona sen dultança;
et logo en outro dia,
sen nehũa demorança,
fez con ela bẽeições
por emendar a errança

---

[1] Falta una sílaba, á no hacer diéresis en *entendeu* que por regla general se pronuncia sin ella.

Digitized by Google

que aa Uírgen fezera
que con Deus é na altura.
Non conuen que seia feita
nihũa desapostura.....

Demáis fezo fazer logo
hũa lámpada de prata
que pose ant' a omágen
da por que o mundo cata;
et foi póis de bõa vida
et quitou-sse de barata
máa et de máo siso
et de toda trauessura.
Non conuen que seia feita
nihũa desapostura
en o logar en que seue
da Uírgen a ssa fegura.

CCCXIII.

Esta é da naue que andaua en perígoo do mar, et os que andauan en ela chamaron Santa Maria de Uila-Sirga, et quedou logo a tormenta.

Alí ú todolos santos
non an poder de põer
conssello, pon-o a Uírgen
de que Deus quiso nacer.

Ca razon grand' e dereito
é de máis toste prestar
sa graça ca d' outro santo,
pois que Deus quiso fillar
sa carn' e fazer-se ome
por nos per ela saluar,
et féze-a de uertudes
font' e deu-lle seu poder.—
Alí ú todolos santos
non an poder de põer.....

E porén dizer uos quero
d' ela un miragr', e sei
que loaredes seu nome;
aýnda uos máis direi:
connoceredes de certo
que sabença do gran Rei,
seu Fillo, de pran á ela
por tal miragre fazer.
Alí ú todolos santos
non an poder de põer.....

Aqueste miragre fezo,
assí com'aprendí eu,
a Uírgen Santa María
de Vila-Sirga con seu
poder; et parad' ý mentes
et ren non uos seia greu;
ca eu de loar seus feitos
ei sabor et gran prazer.
Alí ú todolos santos
non an poder de põer.....

Hũa naue periguada
andaua, com' aprendí,
pelo mar en gran tormenta,
et quanta gent' era ý
estauan en mui gran coita;
et; assí com' eu oý,
a nau' era iá quebrada:
des í o mar a crecer
Alí ú todolos santos
non an poder de põer.....

Começou tan feramente
et engrossar cada uez,
et uoluéndo-s' as arẽas:
des í a noite sse fez
con a tormenta mui forte
negra ben come o pez:
demáis uiían da naue
muitos a ollo morrer.
Alí ú todolos santos
non an poder de põer.....

E porende braadauan
et chamauan Sennor Deus
et San Pedr' e Santïago,
San Nicolas, San Mateus
et santos muitos et santas,
outorgando que romeus
de grado seus seerían
se lles quisesse ualer.
Alí ú todolos santos
non an poder de põer.....

Todos en perígoo eran
et en gran coita mortal,
et ben cuidauan que fossen
mortos, non ouues' ý ál;
mais uun crérigo que era
ý, pois uiú a coita tal
et oýra dos miragres

Digitized by Google

da santa Uírgen dizer
Alí ú todolos santos
non an poder de põer.....

Que ela en Vila-Sirga
fez et faz a quantos uan
ý mercée et aiuda
pedir das coitas que an,
des í das enfermidades
son ben guaridos de pran;
o seu corp' e os da naue
lle foi logo offrecer.
Alí ú todolos santos
non an poder de põer.....

E diz:—Uarões, chamemos
ora de bon coraçon
a Uírgen Santa María
de Vila-Sirga, et non
se faça end' om' afora,
et peçámos-lle perdon;
ca a ssa uertude santa
no nos á de falecer.—
Alí ú todolos santos
non an poder de põer.....

E os gẽollos ficaron
como poderon mellor,
et o crérigo dizendo:
—Madre de nostro Sennor,
pois guaanas de teu Fillo
perdon äo pecador,
a nossos erros non cates
por mercée; mas doer
Alí ú todolos santos
non an poder de põer.....

Te queras [1] de nós, coitados,
et uálla-nos o teu ben
et a ta virgijndade
per que ss' o mundo manten.
Acórre-nos Sennor bõa,
pois poder ás end' e sen;
ca sen tí no nos podemos
d' esta coita deffender.
Alí ú todolos santos
non an poder de põer.....

Pois que tú en Vila-Sirga
äos cegos lume das
et ressucítal-os mortos
pela uertude que as,
acórre-nos, Uírgen santa,
ca non cuidamos a cras
chegar; mais tú esta coita
nos podes toda toller.—
Alí ú todolos santos
non an poder de põer.....

O crérigo, pois diss' esto,
os ollos a ceo alçou
et logo de mui bon grado
«*Salue Regina*» cantou
a onrra da Uírgen Madre:
hũa poomba entrou
branca en aquela naue,
com' a neue sol caer.
Alí ú todolos santos
non an poder de põer.....

E a nau' alumeada
aquela ora medes
foi toda con craridade;
et cada uun én pres
a fazer sas orações
aa Sennor mui cortés;
des í todos começaron
o seu nom' a bẽeizer.
Alí ú todolos santos
non an poder de põer.....

E o mar tornou mui manso [2]
et a noit' escrareceu,
et a nau' en outro dia
en saluo porto prendeu;
et cada uun dos da naue,
assí como prometeu
offerta a Vila-Sirga,
et non quise falecer.
Alí ú todolos santos
non an poder de põer.....

E da offerta fezeron
uun cález mui grand' assaz
que o crérigo adusse

---

[1] Se dibujó equivocadamente una *D* en lugar de la *T* inicial. Esta está escrita al márgen como indicacion.

[2] La *E* inicial de este verso está escrita en pequeño tamaño en el centro de la *O* de adorno.

Digitized by Google

a Vila-Sirga, ú faz
a Uírgen muitos miragres
assí com' a ela praz.
Et porende lle roguemos
que nos faça ben uiuer.
Alí ú todolos santos
non an poder de põer
conssello, pon-o a Uírgen
de que Deus quiso nacer.

CCCXIIII.

Como Santa María guareceu uun caualeiro de Segouia que auía perdudo o lume dos ollos.

Qven souber Santa María
loar, será de bon sen.

E d' esto uos dizer quero
un miragre que eu sei
que fezo Santa María,
segund' en uerdad' achei;
et de cómo foi o feito
todo uol-o contarei;
pero prazer-m'-ía muito
se m' oýssedes mui ben.
Quen souber Santa María
loar, será de bon sen.

En Segouia est' auẽo,
et non á mui gran sazon,
que hũa dona ý era
que muito de coraçon
amaua Santa María
máis que quantas cousas son;
et do que porén ll' auẽo
non uos én negarei ren.
Quen souber Santa María
loar, será de bon sen.

Ela seu marid' auía
caualeir' e caçador
et de sse tẽer viçoso
auía mui gran sabor;
porén foi ueueer [1] sa fonte
que era end' a mellor
de toda aquella [2] terra,
et diss' a sa moller:—Uen
Quen souber Santa María
loar, será de bon sen.

Logo comig' ¡ai, irmãa!
et amostrar-ch'-ei logar
ú podemos quinze dias
ou tres domáas estar
uiçosos cab' hũa fonte
que eu ei; des í caçar
me ueeredes andando,
et prazer-uos-á muit' én.—
Quen souber Santa María
loar, será de bon sen.

Pois est' acordad' ouueron,
penssaron logo de ss' ir;
et o caualeiro foi-sse
deante et fez ferir
ssa tenda cabo da fonte,
et des ý mandou uijr
sa moller que ý folgasse;
mais a que o mundo ten
Quen souber Santa María
loar, será de bon sen.

En poder et que é Madre
de Deus, fezo que decer
foss' a hũa ssa eigreia
et ý oraçon fazer:
et ela orou tan muito,
que fillou én desprazer
seu marido ú estaua
et disso:—¿Á í alguén
Quen souber Santa María
loar, será de bon sen.

Que a mia moller dissesse
que uẽesse pera mí?—
Et un ome lle respose:
Sennor, per quant' aprendí,
oraçon faz na eigreia,
et semella que á ý
sabor.—Et o caualeiro
disse come en desden:
Quen souber Santa María
loar, será de bon sen.

---

[1] Se escribió *ueu er* y se intercaló despues otra *e*. Acaso se pensara decir *ueer*, no habiendo tachado, por olvido, la primera sílaba.

[2] *Aquela* es la forma en que esta palabra se halla escrita constantemente.

Digitized by Google

—En fazer oraçon longa
muito o tenno por mal,
et demáis que foi fazel-a
en uun auol muradal
ú non á nulla uertude;
et porén, logo sen ál
dizéde-lle que sse uenna
ou que sse uáa d' aquén.—
Quen souber Santa María
loar, será de bon sen.

En quant' él foi pola dona,
o caualeiro perdeu
o lume d' ambol-os ollos,
et en terra sse tendeu
uolcándo-ss' e braadando
come se fosse sandeu,
dizendo:—¡Quén me posesse
ora en Jerussalen!—
Quen souber Santa María
loar, será de bon sen.

E logo chegou a dona
aas uozes que oýú;
et pois deceu na tenda [1]
et tal seu marido uiú,
chorand' a Groriosa [2]
por el mercée pedýú
que seu lume lle tornase,
ca muitas uezes auen
Quen souber Santa María
loar, será de bon sen.

Qve erran por seus pecados
os ómees muit' a Deus;
—mais tú, Uírgen, de Deus Madre,
non cates os erros seus,
et mostr' aquí ta uertude;
ca él et eu somos teus,
et rogar polos coitados
est' a tí muito conuen.—
Quen souber Santa María
loar, será de bon sen.

Pois est' a don' ouue dito,
o caualeiro cobrou
logo o lume dos ollos
et diss':—Este logar dou
todo á Santa María
et outórgo-me por sou:
et bẽeita seia ela
porque nos assí manten.
Quen souber Santa María
loar, será de bon sen.

Quantos derredor estauan
et uíron cómo a luz
cobrou aquel caualeiro
pola Uírgen que aduz
sempr' a nós ben et saude
que guaanna do que na cruz
uiú estar, todos disseron:
—Bẽeita seias, amén.—
Quen souber Santa María
loar, será de bon sen. [3]

CCCXV.

Esta é como Santa María guareceu en Tocha, que é cabo Madride, un menýno que tijnna húa espiga de trijgo no uentre.

Tant' äos peccadores
a Uírgen ual de grado,
per que seu santo nome
deu' a seer mui loado.

E d' aquesto auẽo
miragre mui fremoso
que fez Santa María,
et d' oýr saboroso,
cabo Madrid', en Tocha,
logar religïoso,
que uos contarei ora
se me for ascuitado.
Tant' äos peccadores [4]
a Uírgen ual de grado.....

En hũa aldea preto
de Madride moraua
hũa moller mesqýnna,
et seu fillo criaua
que auía pequeno
que máis ca sý amaua,
que a perder ouuera
se non fosse guardado
Tant' äos peccadores
a Uírgen ual de grado.....

---

[1] Falta una sílaba, no haciendo diéresis en *deceu*.
[2] Tal vez *aa Groriosa*. Así se completaria la medida.
[3] Omitido el estribillo por falta de espacio en la columna.
[4] Falta la *T* inicial de este verso.

Digitized by Google

Pola Uírgen bẽeita,
de como uos diremos;
ca aquela mesqỹnna
foi, en com' aprendemos,
a espigar con outras,
et, com' oỹd' auemos,
seu fill', aquel menỹno,
en braç' ouue leuado.
Tant' äos peccadores
a Uírgen ual de grado.....

E quand' entrou na messe
ú as outras espigauan,
agarimou o moço
a feixes que estauan
feitos d' espigas muitas
que todos apannan, [1]
et a Santa María
o ouu' acomendado
Tant' äos peccadores
a Uírgen ual de grado.....

Que ll'-o guardass'. E logo
o menỹnno achada
ou' [2] ũa grand' espiga
de grãos carregada
de trijgo, que na boca
meteu et que passada
a ouue muit' agỹnna;
onde póis foi coitado
Tant' äos peccadores
a Uírgen ual de grado.....

Tan muito, que o uentre
lle creceu sen mesura.
Quand' esto ú a madre, [3]
ouu' én tan gran rancura,
porque cuidou que era
morto per ssa uentura
máa; et a Madride
o leuou muit' inchado.
Tant' äos peccadores
a Uírgen ual de grado.....

E cuidando que era
de poçoỹ' aquel feito
de coour' [4] ou d' aranna,
ca sol seer tal preito,
téue-o muitos dias
assí atan maltreito,
que sempre sospeitaua
que morress' affogado.
Tant' äos peccadores
a Uírgen ual de grado.....

E mentr' assí estaua,
déron-lle por conssello
que a Santa María,
que este noss' espello,
de Tocha o leuasse,
et esto per concello;
ca Deus ỹ mostraría
miragre sinaado.
Tant' äos peccadores
a Uírgen ual de grado.....

A moller fillou logo
seu fill' e foi correndo
con él, chorando muito,
braadand' e dizendo:
—Uírgen Santa María,
com' eu creo et entendo,
sãar podes meu fillo
sen tempo alongado.—
Tant' äos peccadores
a Uírgen ual de grado.....

Quando foi na eigreia,
o menỹnno fillaron
ela et sas uezỹnnas
et logo o deitaron
ant' o altar, et logo
todo o desnuaron
por ueer se parara
algur bic' ou furado.
Tant' äos peccadores
a Uírgen ual de grado.....

O moço desnuando,
cataron et cousíron
cóm' era tod' inchado;
mais non lle sentíron [5]

---

[1] Es indudable yerro de copia. El sentido y la rima requieren *apannauan*.
[2] En lugar de *ouu'* (ouue), como se encuentra generalmente.
[3] Sin duda se debió haber escrito *uiú a madre*, como lo requiere el sentido.
[4] Entiéndase *coobr'* (culebra).
[5] Falta una sílaba. La palabra *mais* forma diptongo.

Digitized by Google

senon que a espiga
logo ll'-a sayr uíron
tod' enteira et sãa
pelo sẽestro lado.
Tant' äos peccadores
a Uírgen ual de grado.....

Quand' esto uiú a gente,
deron todos loores
a Deus et a ssa Madre,
a Sennor das Sennores
que faz táes miragres
et outros mui mayores.
Et porend' o seu nome
seia grorificado.
Tant' äos peccadores
a Uírgen ual de grado,
per que seu santo nome
deu' a seer mui loado.

CCCXVI.

Como Santa María fillou uingança do crérigo que mandou queimar a hermida, et fez-ll'-a fazer noua.

Par Deus, non é mui sen guisa
de ss' ende mui mal achar
o que a Santa María
s' atreu' a fazer pesar.

E esto [1] direi un miragre
que conteu en Portugal,
en Alanquer, un castelo,
et quéro-uos dizer quál;
et uós punnad' en oyl-o
por aquel que pod' e ual;
ca per ele saberedes
Santa María guardar
Par Deus, non é mui sen guisa
de ss' ende mui mal achar.....

De fazer con que lle pese
nen uos atreuer per ren
de prouar nehũa cousa
per ú perçades seu ben,
nen que tennades en pouco
seus feitos nen en desden;
mais que sempre a sabiádes
seruir, temer et amar.
Par Deus, non é mui sen guisa
de ss' ende mui mal achar.....

En aquela vila ouue
un crérigo trobador
que sas cantigas fazía
d' escarno máis ca d' amor,
et era d' aquela uila
d' ũa eigreia prior
et Martin Aluitez nome
auía, se Deus m' anpar.
Par Deus, non é mui sen guisa
de ss' ende mui mal achar.....

E demáis, sen tod' aquesto,
mui priuad' era del rei
Don Sancho en aquel tenpo;
et, com' en uerdad' achei,
alén do rio da vila,
assí com' eu apres eÿ,
uertudes sse descobríron,
et fezeron ý altar
Par Deus, non é mui sen guisa
de ss' ende mui mal achar.....

A onrra da Groriosa,
a Uírgen Madre de Deus,
assí que de muitas partes
uijnnan alý romeus;
ca alí mostraua ela
muitos dos miragres seus
en guarir çopos et mancos
et cegos alumẽar.
Par Deus, non é mui sen guisa
de ss' ende mui mal achar.....

Quand' esto uiú don Martyno,
pesou-lle de coraçon,
porque da sua eigreia
perdía a oblaçon
por estoutra que uos digo:
et mandou log' un tiçon
fillar et põer-lle fogo,
assí que a fez queimar.
Par Deus, non é mui sen guisa
de ss' ende mui mal achar.....

[1] Debe decir *D' esto*, como en otros lugares. El dibujante se equivocó sin duda al hacer la letra inicial.

Digitized by Google

D' este feito que fez ele
muit' aa Uírgen pesou;
et Ihesu-Cristo seu Fillo
logo ssa Madre uingou,
assí que d' ambol-os ollos
Martin Aluitez cegou
estant' assí ante todos,
et fillou-s' a braadar
Par Deus, non é mui sen guisa
de ss' ende mui mal achar.....

Dizend':—¡Ai, Santa María!
est' eu mi-o fuí merecer,
por quanto na ta hermida
mandei o fogo põer;
mais por emenda d' aquesto
fareẏ-a noua fazer
toda de cal et de pedra.—
Et logo a fez laurar.
Par Deus, non é mui sen guisa
de ss' ende mui mal achar.....

E desque foi toda feita,
fez missa dizer alý
da Uírgen, mui ben cantada,
et mandou-sse leuar ý:
et tan toste que foẏ dita,
per quant' end' eu aprendí,
uiú logu' e foi ben são, [1]
et começou de chorar
Par Deus, non é mui sen guisa
de ss' ende mui mal achar.....

De gran prazer que auía,
ca aquest' auĩjr sol
que ome con prazer chora,
et dísse-l':—Sennor, eu fol
fuí de que trobei por outra
dona, ca nihũa prol
non ouu' ý aa mia coita;
porén te uenno iurar
Par Deus, non é mui sen guisa
de ss' ende mui mal achar.....

Que en quant' eu uiuo seia
nunca por outra moller
trobe nen cantares faça
oẏ máis, ca non mi á mester;
mais por tí direi de grado
quanto ben dizer poder',
et des aquí adeante—
quero iá por tí trobar.
Par Deus, non é mui sen guisa
de ss' ende mui mal achar
o que a Santa María
s' atreu' a fazer pesar.

CCCXVII.

Como [2] Santa María se uingou do escudeiro que deu couce [3] na porta da ssa eigreia. [4]

Mal ss' á end' achar
quen quiser desonrrar Santa María.

Como s' achou, non á ý mui gran sazon,
en Galiza un escudeiraz peon
que quis mui felon
brital-a eigreia [5] con felonía. [6]
Mal ss' á end' achar [7]
quen quiser desonrrar Santa María.

Santa María a hermida [8] nom' á
do Monte, porque en logar [9] alt' está;
et foron [10] alá
de gentes enton mui gran romaría.
Mal ss' á end' achar
quen quiser desonrrar Santa María.

O escudeẏro que uos dixe, [11] chegou
et uiú hũa moça, de que sse pagou,
que forçar cuidou;
mais ela per ren non ll'-o consentía.
Mal ss' á end' achar
quen quiser desonrrar Santa María.

---

[1] Falta una silaba, no haciendo diéresis en las palabras *uiú* ó *foi*, que constantemente se hallan sin ella.
[2] *Tol.*: Esta .Lxxxiiij.ª é como.
[3] *Tol.*: a couce.
[4] *Tol.*: igreia.
[5] *Tol.*: britar la igreia.
[6] Así están divididos estos versos en el códice de Toledo. En el texto se reducen á tres los de cada estrofa, uniendo el segundo y el tercero, bien que indicando con un punto la separacion.
[7] Falta en el texto la *M* inicial, en este lugar y despues de la estrofa siguiente. Quedó espacio para dibujarlas.
[8] *Tol.*: ermida.
[9] *Tol.*: lugar.
[10] *Tol.*: foran.
[11] *Tol.*: que úús dixe.

Digitized by Google

E trauando d' ela, cuidou-a [1] forçar;
mais proug' a Deus non o pod' [2] acabar;
ca foi-ll' escapar,
et fogind', [3] á eigreia sse collýa.
Mal ss' á end' achar
quen quiser desonrrar Santa María.

Aos braados a gente recodýú, [4]
et a minýna mercée lles pediú [5]
que d' aquel que uiú
a quisessen guardar de ssa perfía.
Mal ss' á end' achar
quen quiser desonrrar Santa María.

As gentes, temendo de lles uijr mal,
foron sarral-as portas [6] logo sen ál,
et chamando «Ual,
Madre de Deus, ca mester nos sería.»
Mal ss' á end' achar
quen quiser desonrrar Santa María.

O escudeiro, tanto que uiú fugir
a moça, leixou-sse de pos ela ir,
dizendo:—Guarir
non me podes, rapariga sandía.—
Mal ss' á end' achar
quen quiser desonrrar Santa María.

E quando as portas sarradas achou,
per poucas que de sanna sandeu tornou,
et logo iurou
que a couces todal-as britaría.
Mal ss' á end' achar
quen quiser desonrrar Santa María.

E com' era [7] atreuudo et sandeu,
quis acabar aquelo que prometeu;
et o pé ergeu
et en a porta gran couce dar ýa.
Mal ss' á end' achar
quen quiser desonrrar Santa María.

Mais auẽo-ll' én como uos eu direi:
britou-xe-ll' a perna, segund' apres eỳ,
per prazer do Reỳ
Fillo da Vírgen, a que desprazýa.
Mal ss' á end' achar
quen quiser desonrrar Santa María.

E d' ál ll' auẽo aýnda mui peỳor: [8]
esmoreceu con coita et con door,
et nostro Sennor,
sen tod' aquest', a fala lle tollýa
Mal ss' á end' achar
quen quiser desonrrar Santa María.

En tal guisa, que póis nunca disse ren,
ergo «¡Ai, Santa María!» [9] Et des én
tolleit' e sen sén
uiueu gran temp' e per portas pidía.
Mal ss' á end' achar
quen quiser desonrrar Santa María.

CCCXVIII.

Como Santa Maria sse uingou do crérigo que furtou a prata da cruz.

Qven a Deus et a ssa Madre
escarno fazer quiser,
muito será gran dereito
se ll' ende póis mal uẽer.

E d' esto, se m' ascuitardes,
uos direi, per com' oý,
un miragre muj fremoso,
et creo que foi assj,
que fez a que do linage
deceu do bon rei Dauí:
et tal miragre com' este
de contar é ú xe quer.
Quen a Deus et a sa Madre
escarno fazer quiser.....

En Fita conteceu esto,
en hũa vila que iaz

---

[1] *Tol.:* coidou a.
[2] *Tol.:* et non o pod.
[3] *Tol.:* fugind.
[4] *Tol.:* recudiu.
[5] *Tol.:* pidiu.
[6] *Tol.:* serrar as portas.
[7] Asi el códice de Toledo. En el texto se escribió equivocadamente: O omo era.
[8] *Tol.:* peor.
[9] *Tol.:* erg aỳ a santa maria.

Digitized by Google

en o reino de Toledo
et é logar fort' assaz,
en a eigreia da Madre
de Deus, a que muito praz
con nosso ben et acorre-
nos cada ú é mester.
Quen a Deus et a sa Madre
escarno fazer quiser.....

Alí un crérig' auía
de missa, que deuoçon
mostrau' acá aa gente,
mais non era assí, non:
et bõa paraul' auía;
mas dentro no coraçon
en cóm' era de mal chẽo
uos direi, se uos prouguer.
Quen a Deus et a sa Madre
escarno fazer quiser.....

Éste cada que podía
mui de grad' ýa furtar;
et furtou na sa eigreia,
per com' eu oý contar,
hũa cruz grande coberta
de prata, et esfolar
a foi toda, et a prata
deu a hũa sa moller.
Quen a Deus et a sa Madre
escarno fazer quiser.....

Outro dia á eigreia
foi, como soýa ýr,
et mostrou a cruz a todos
chorando, et enfengir
se foi que ren non sabía
d' aquel feit' e a mentir
se fillou, dizendo muito:
—Om' ou moller que souber
Quen a Deus et a sa Madre
escarno fazer quiser.....

De cómo foi este feito
et o non diz, dé-lle Deus
compridamente sa ýra,
et perça lume dos seus
ollos.—Et diss':—¡Ai, bẽeita
Uírgen! dos miragres teus
mostra sobre quen tal feito
fez; et o que non disser
Quen a Deus et a sa Madre
escarno fazer quiser.....

«*Pater nostro*» por aquesto,
Deus lo cofonda porén.—
Et poil-o todos disseron,
a que o mundo manten
o cegou d' ambol-os ollos,
que d' eles sol non uiú ren,
nen ar ualer non lle pode
física de Monpisler.
Quen a Deus et a sa Madre
escarno fazer quiser.....

E outra lijon mui forte,
sen esto, lle conteceu:
que se lle fez atan grande
o nariz, que lle deceu
sobre la boca, et d' ambas
partes tanto s' estendeu,
que chegou aas orellas;
et quen uerdade quiser
Quen a Deus et a sa Madre
escarno fazer quiser.....

Dizer, per ren non podía
pouco nen muito comer,
se ánt' aquel nariz todo
non ll' alçalssen, [1] nen beuer;
et mil uezes en o dia
deseiaua de morrer.
Porén tenno por mui louco
quen d' esto graças non der
Quen a Deus et a sa Madre
escarno fazer quiser.....

Aa Uírgen groriosa,
Rẽýnna esperital,
que non quis matar aqueste,
mas póse-lle tal sinal
por que quantos lo póis uíssen
leixassen de fazer mal.

[1] *Alçassen* en otros lugares.

Digitized by Google

Et dereit' é que'tal aia
quen a en pouco teuer.
Quen a Deus et a sa Madre
escarnno [1] *fazer quiser,*
muito será gran dereito
se ll' ende póis mal uẽer.

CCCXIX.

Esta é como Santa Maria guariú en Terena hũa manceba rauiosa.

Quen quer muý ben pod'
a Uírgen groriosa
de door guarir,
non será tan coitosa.

Ca tan muitas graças
deu, et piadades,
a ela seu Fillo,
que enfermidades
de muitas maneiras
toll'; e ben creades
que a quen a chama
non é uagarosa.
Quen quer mui ben pod' [2]
a Uírgen groriosa.....

Porén quer' eu d' ela
un miragr' onrrado
dizer, se m' oýrdes;
et poil-o contado
ouuer, saberédes
que faz mui guisado
o que faz seruiço
a esta Piadosa.
Quen quer mui ben pod'
a Uírgen groriosa.....

Riba d' Odian' á
hũa ssa eigreia
d' esta Uírgen santa
que bẽeita seia,
que chaman Teren'; e
quen quer que deseia
säud' en seu corpo
de door dultosa
Quen quer mui ben pod'
a Uírgen groriosa.....

Qve aia de rauia
ou d' outra doença,
logo d' alý são
uai, pela sabença
d' esta Uírgen santa
que nos atreuença
dá que a siruamos
come graciosa.
Quen quer mui ben pod'
a Uírgen groriosa.....

A alén Badallouz
en Xerez moraua
un ome que muito
na Uírgen fiaua;
et hũa ssa filla
a que muit' amaua
döeceu de rauia
et foi tan rauiosa,
Quen quer mui ben pod'
a Uírgen groriosa.....

Qve a non podían
tẽer en prijões,
nen ualían eruas
nen escantacões,
nen aýnda santos
a que orações
fazían por ela:
tant era queixosa.
Quen quer mui ben pod'
a Uírgen groriosa....

Uiuían en coita
con ela mui forte;
non auían d' ela
iá nẽun conorte
nen sabían que lle
ualues', ergo morte;

[1] En lugar de *escarno*, como en las demás estrofas y en otros lugares de los códices.

[2] Esta palabra está repetida al principio del verso siguiente, pero tachada y sin nota musical.

Digitized by Google

seu padr' era 'n coita,
sa madre chorosa
Quen quer mui ben pod'
a Uírgen groriosa.....

Por ela, ca outro
fillo non auían.
Des í prometeron
que a leuarían
a Terena; ca iá
per ál non sabían
que säud' ouuesse.
Et porén trigosa
Quen quer mui ben pod'
a Uírgen groriosa.....

Foi d' esto sa madr' e
leuou-a correndo
d' alý a Terena,
gran dóo fazendo
et pela carreira
ynd' assí dizendo:
—Uírgen de Deus Madre
santa preciosa,
Quen quer mui ben pod'
a Uírgen groriosa.....

Sobr' esta mia filla
mostra ta uertude,
que a ta mercée
santa ý aiude.
Fonte de bondades,
tú lle dá saude;
ca mui ben podes [1]
dar, Uírgen fremosa.—
Quen quer mui ben pod'
a Uírgen groriosa..... [2]

Foi a bõa dona
tanto demandando
a Santa María
mercée, chorando
muito dos seus ollos,
que foron chegando
preto da eigreia
da de Deus esposa.
Quen quer mui ben pod'
a Uírgen groriosa.....

Tanto que a moça
que era doente
uiú a eigreia,
logo mantenente
foi mui ben guarida;
et diss' aa gente
que a desliassen,
ca a mercẽosa
Quen quer mui ben pod'
a Uírgen groriosa.....

Madre de Deus Uírgen
säude lle dera,
tal que se sentía
que ben sãa era.
A companna toda
gran lediça fera
ouue d' este feito,
et foi mui goyosa.
Quen quer mui ben pod'
a Uírgen groriosa.....

Ela diz:—Amigos,
as sogas tallade;
ca iá sãa soon
pola piadade
de Santa María;
ca dá ssa bondade
äo que a chama,
et muit' auondosa.
Quen quer mui ben pod'
a Uírgen groriosa.....

Seu padr' e sa madre
gran prazer ouueron
quand' a filla uíron
sãa; et fezeron
alý ssa vegía,
et offertas deron

---

[1] Falta una sílaba. Acaso se debiera haber escrito:
ca a mui ben podes,
siguiendo la forma otras veces empleada.

[2] Se omitió el estribillo en este lugar, por falta de espacio en la plana.

Digitized by Google

quanto ss' atreueron
aa saborosa
Quen quer mui ben pod'
a Uírgen groriosa.....

Que é de Deus Madr', e
muito a loaron;
des í a ssa terra
con ela tornaron
sãa et guarida,
et da Uírgen contaron [1]
que a ssa mercée
non é douidosa.
Quen quer mui ben pod'
a Uírgen groriosa
de door guarir,
non será tan coitosa.

CCCXX.

De loor de Santa Maria.

Santa María leua
o ben que perdeu Eua.

O ben que perdeu Eua
pola sa neicidade,
cobrou Santa María
per sa grand' omildade.
Santa María leua.....

O ben que perdeu [2] Eua,
pela sa gran loucura,
cobrou Santa María
con a sa gran cordura.
Santa María leua.....

O ben que perdeu Eua
a nossa madr' antiga,
cobrou Santa María
ú foi de Deus amiga.
Santa María leua.....

O ben que perdeu Eua
du perdeu paraýso,
cobrou Santa María
pelo seu mui bon siso.
Santa María leua.....

O ben que perdeu Eua
ú perdeu de Deus medo,
cobrou Santa María
creend' en él mui cedo.
Santa María leua.....

O ben que perdeu Eua
britand' o mandamento,
cobrou Santa María
per bõo entendemento.
Santa María leua.....

Quanto ben perdeu Eua
fazendo gran folýa,
cobrou a groriosa
Uírgen Santa María.
Santa María leua
o ben que perdeu Eua.

CCCXXI.

Esta é como Santa María guareceu en Córdoua hũa moça d' ũa grand' enfermidade que auia.

O que muj tarde ou nunca
se pode por meezýnna
sãar, en mui pouco tempo
guarez' a santa Rẽýnna.

Ca o que física manda [3]
fazer por auer saude
o enferm' [4] en grandes tempos,
sãa per sa gran uertude
tan toste Santa María:
porén, se ela m' aiude,
uos direi un seu miragre
que fez en hũa minýnna.
O que mui tarde ou nunca
se pode por meezýnna.....

Esta de Córdoua era
natural, et padecía

---

[1] Sobra una silaba, á no ser que se haga sinalefa con la terminacion del verso anterior.
[2] Escrito *perdou*, y corregido.
[3] Falta la *C* inicial de este verso. Quedó espacio para dibujarla.
[4] Escrito *enfermo* y tachada la *o*.

Digitized by Google

enfermedade mui forte
que na garganta auía,
a que chaman lanparões,
que é máa maloutía;
et passara iá tres anos
que esta door auía. [1]
O que mui tarde ou nunca
se pode por meezẏnna.....

Sa madre, con coita d' ela,
en tal que ll'-a ben guaríssen,
non catou de dar a meges
todo quanto lle pedíssen,
nen a físicos da terra,
rogándo-lles que a uíssen;
et marauedís quinentos,
ou máis, lles deu a mesqẏnna.
O que mui tarde ou nunca
se pode por meezẏnna.....

Mais eles, por nulla cousa
que lles desse, non poderon
sãal-a, nen prol lles ouue
quanta física fezeron;
pero todolos dẏnneiros
que ela lles deu ouueron;
assí que a moller bõa
ficou én con a espẏnna.
O que mui tarde ou nunca
se pode por meezẏnna.....

A moller, con esta coita,
non sabía qué fezesse,
et do auer et da filla
qué consello ý presesse;
mas enton un [2] ome bõo
conssellou-lle que dissesse
est' al Rei et ll'-a leuasse,
ca pera él conuijnna.
O que mui tarde ou nunca
se pode por meezẏnna.....

E dísse-ll':—Ai, moller bõa,
se nostro Sennor m' aiude,
todolos Reis crischãos
an aquesto por uertude,
que sol que ponan sas mãos
sobre tal door, saude
an; et porén uos consello
que seiades mannanẏnna
O que mui tarde ou nunca
se pode por meezẏnna.....

Ont' [3] el Reẏ, et ẏrei logo
uosco, se Deus me defenda
de mal, et de uossa filla
lle contarei uossa fazenda: [4]
et desque ll'-o ouuer dito,
ben sei logo sen contenda
que el Rei por sa mercée
uos acorrerá agẏnna.
O que mui tarde ou nunca
se pode por meezẏnna.....

Él foi al Rei et contou-ll'-o;
et repos-ll' el Rei:—Amigo,
a esto que me dizedes
uos respond' assí et digo
que o que me consellades
sol non ual un mui mal figo,
pero que falades muito
et tan toste com' andorẏnna. [5]
O que mui tarde ou nunca
se pode por meezẏnna.....

Ca dizedes que uertude
ei, dizedes neicidade;
mais fazed' agora tanto
ou direi et uos calade,
et leuareẏ a minẏnna
ant' a bela Magestade
da Uírgen que é enuolta
en a púrpura sanguẏnna.
O que mui tarde ou nunca
se pode por meezẏnna.....

E pois for a missa dita,
láuen-a da agua mui crara
a ela et a seu fillo
todo o corp' e a cara,

---

[1] La circunstancia de haber de rimar este verso con el segundo del estribillo, hace ver que aqui debía haberse escrito *tijnna*.
[2] Escrito *uun*, y tachada la *u* primera.
[3] Parece yerro, en lugar de *Ant'*.
[4] Probablemente en lugar de *a fazenda*. Tal como está, sobra una sílaba.
[5] Sobra una sílaba. Acaso una de las dos primeras palabras *et* ó *tan*.

Digitized by Google

et béua-o a menÿnna
do cález que sobr' a ara
está, ú se faz o sangui
de Deus do uÿno da uÿnna.
O que mui tarde ou nunca
se pode por meezÿnna.....

E béua-a tantos [1] dias
quantas letras son achadas
en o nome de *María*
escritas et feguradas;
et assí no dia quinto
serán todas acabadas,
et d' esta enfermidade
guarrá log' a pastorÿnna.
O que mui tarde ou nunca
se pode por meezÿnna.....

Esto foi feit'; e a moça
a quatro dias guarida
foi do braç' e da garganta
pola Sennor que dá uida
äos que aman seu Fillo:
et tal säude comprida
ouue sen beuer sarope
nen auer bano de tÿnna.
O que mui tarde ou nunca
se pode por meezÿnna
säar, en mui pouco tempo
guarez' a santa Rëÿnna.

CCCXXII.

Como Santa Maria guariú uun ome en Éuora que ouuera de morrer d' un osso que se ll' atrauessara na garganta.

A Vírgen, que de Deus madre
est' e filla et criada,
d' acorrer os pecadores
sempr' está apparellada.

Ca nos non acorr' en dia
sinaado nen en ora;
mais sempre en todo tempo
d' acorrer no nos demora,
et punna en todas guisas
cómo non fiquemos fóra
do reino de Deus, seu Fillo,
ond' é Rëÿnna alçada.
A Vírgen, que de Deus madre [2]
est' e filla et criada.....

Qemáis, [3] sinaadamente
nas grandes enfermidades
de doores et de cuitas
acorre con pïadades.
Et de tal razon com' ésta
uos direi, se m' ascuitardes, [4]
un gran miragre que fezo
esta Sennor muit' onrrada.
A Vírgen, que de Deus madre
est' e filla et criada.....

En Éuora foi um ome
que en a Vírgen fiaua
muÿto et que cada dia
a ela s' acomendaua;
et aũo-ll' hũa noite
en sa casa, ú cẽaua,
que ouuer' a seer morto
a desora sen tardada.
A Vírgen, que de Deus madre
est' e filla et criada.....

Ca él gran comedor era
et metía os bocados
muit' amëude na boca
grandes et desmesurados:
et aa noite cẽaua
d' uuns cõellos assados,
atrauessou-xe-ll' un osso
na garganta, et sarrada
A Vírgen, que de Deus madre
est' e filla et criada.....

A ouue de tal maneira,
que cuidou ser afogado;
ca aquel osso ll' auía

---

[1] Escrito *tandos* y corregido.

[2] Escrita únicamente la palabra *úirgen*, por falta de espacio en el pentagrama. Se omitió la *A* inicial, aunque quedó hueco para dibujarla.

[3] El dibujante hubo de cometer aquí sin duda una equivocacion al hacer la letra de adorno, pues el sentido requiere que sea *D* en lugar de *Q*.

[4] La rima requiere *ascuitades*.

Digitized by Google

o gorgomel atapado
assí que en pouca d' ora
o ouue tan fort' inchado,
que folego non podía
coller nen ar falar nada.
A Uírgen, que de Deus madre
est' e filla et criada.....

Assí esteue grant [1] tempo
que sol comer non podía
nen beuer nengũa cousa
senon cald' ou agua fria;
fasta que chegou a festa
da Uírgen Santa María
que cae no mes d' Agosto,
quand' ela foi coroada.
A Uírgen, que de Deus madre
est' e filla et criada.....

Enton todos seus parentes
et amigos o fillaron
et aa egreia d' esta
nobre Sennor o leuaron,
et tẽendo-o por morto,
ant' o altar o deitaron;
et teu' ý aquela noite,
et contra a madurgada,
A Uírgen, que de Deus madre
est' e filla et criada.....

Quand' a missa iá dizían,
filló-o tosse tan forte,
que todos cuidaron logo
que era chegad' a morte.
Mas a Uírgen groriosa, [2]
que dos cuitados conorte
este, non quis que morresse
alí d' aquela uegada;
A Uírgen, que de Deus madre
est' e filla et criada.....

Mas guisou que en tosindo
lle fez deitar mantenente
aquel osso pela boca
ante toda quanta gente
ý estaua; et tan toste
loores de bõa mente
deron a Sancta María,
a Madre de Deus amada.
A Uírgen, que de Deus madre
est' e filla et criada,
d' acorrer os pecadores
sempr' está apparellada.

CCCXXIII.

Como Santa Maria ressucitou uun menýnno en Coira, hũa aldea que é preto de Seuilla.

Ontre todalas uertudes
que aa Uírgen son dadas,
é de guardar ben as cousas
que lle son acomendadas.

Ca ela, que é guardada,
pode guardar sen contenda
ben o que ll' a guardar deren
et tẽer en sa comenda.
Et porend' un gran miragre
direi, se Deus me defenda,
que fez esta que iá outros
á feitos muitas [3] uegadas.
Ontre todalas uertudes
que aa Uírgen son dadas.....

En Coira, cabo Seuilla,
foi este miragre feýto
no tempo que Aboýuçef
passou ben pelo estreito
d' Algizira et a terra
de Seuilla tod' aeito
correu et muitas aldeas
foron dos mouros queimadas.
Ontre todalas uertudes
que aa Uírgen son dadas.....

Alí era un bon ome
que un filýnno auía

---

[1] Por *gran* ó *grand*, como se halla en otros lugares.
[2] La letra en que terminaba esta palabra, está raspada.
[3] Las tres últimas letras de esta palabra, que el amanuense omitió por olvido, están escritas de distinta letra, fuera de la columna, y colocada sobre ellas la nota musical correspondiente.

Digitized by Google

pequeno, que tant' amaua
com' a uida que uiuía:
a este deu hũa féuer
et foi mort' a terçer dia.
O padre, con coita d' ele,
en sas faces deu palmadas,
Ontre todalas uertudes
que aa Uírgen son dadas.....

E depenou seus cabelos
et fez por ele gran dóo
dizendo:—¡Ai eu, meu fillo!
¡cómo fico de tí sóo!
Quisera eu que tú uísses
min com' eu uí teu auóo,
meu padre, que me fazía
muitas mercées granadas.—
Ontre todalas uertudes
que aa Uírgen son dadas.....

E él aquesto dizendo,
os mouros logo deitaron
sas algaras, et correron
et roubaron quant' acharon;
et os de Coira correndo
todo o logar leixaron
et fugíron, et ficaron
as casas desamparadas.
Ontre todalas uertudes
que aa Uírgen son dadas.....

Aquel ome, que seu fillo
pera soterrar estaua,
quando uiú correr a uila
o fillo desamparaua
et aa Uírgen bẽeita
logo o acomendaua,
et todo quant' él auía,
chorando a saluçadas.
Ontre todalas uertudes
que aa Uírgen son dadas.....

Foi-ss' o ome, et os mouros
tod' aquel logar correron;
mais na casa d' aquest' ome
non entraron nen tangeron:
et pero todolos outros
quant' auían ý perderon,
non perdeu o ome bõo
ualor de tres dỳnneiradas.
Ontre todalas uertudes
que aa Uírgen son dadas.....

Ca log' en aquela casa
entrou a Sennor conprida
de todo ben, et tan toste
deu ão minỳnno uida
et guardou as outras cousas,
que non achou póis falida
ome de ren en sa casa,
nen sol as portas britadas.
Ontre todalas uertudes
que aa Uírgen son dadas.....

E achou seu fillo uiuo,
et preguntou-lle qué era,
onde cómo resorgíra,
ca por morto o teuera;
et él lle disse que hũa
dona con él estedera
que o guardara dos mouros,
et sas cousas ben guardadas
Ontre todalas uertudes
que aa Uírgen son dadas.....

Foran, que sol non tangeran
en elas, nen nïun dano
fezeran nen en o leito
nen na mesa nen no scano.
Quand' est' oỳú o bon ome,
com' era mui sen engano,
foi chamar a seus uezỳnnos;
et pois lles ouue mostradas [1]
Ontre todalas uertudes
que aa Uírgen son dadas.....

Todas estas marauillas,
loores porende deron
aa Uírgen groriosa;
et a quantos ll'-o disseron
bẽeizeron o seu nome
et gran festa lle fezeron,
et ouu' ý con alegría
muitas lágrimas choradas.
Ontre todalas uertudes
que aa Uírgen son dadas,
é de guardar ben as cousas
que lle son acomendadas.

[1] Este verso está escrito sobre raspado.

Digitized by Google

CCCXXIIII.

Como Santa María guareceu en Seuilla uun mudo que auía dous anos que non falara.

A Sennor que muj ben soube
per[1] *sa lingua responder*
a Gabriel, mui ben pode
lingua muda correger.

D' aquest'[2] un mui gran miragre
uos direi, sen ren mentir,
mui fremos' e muit' aposto
et saboroso d' oỳr,
que mostrou Santa María,
aquela que foi parir
Deus et ome Ihesu-Cristo
que por nós quis póis morrer.
A Sennor que mui ben soube
per sa lingua responder.....

Aquesto foi en Seuilla,
per quant' end' eu aprendj,
d' ũa omágen mui bela
que trouxera el Rei ý
da Uírgen Santa María,
que eu per meus ollos uj
fazer mui grandes miragres
en enfermos guarecer.
A Sennor que mui ben soube
per sa lingua responder.....

Esta[3] era tan fremosa
et de tan bõa façon,
que quen quer que a uija
folgáua-ll' o coraçon;
et porend' el Rei et todos
auían gran deuoçon
en ela, et amỳudi
a ỳan porén ueer.
A Sennor que mui ben soube
per sa lingua responder.....

Ond' auẽo póis na festa
do dia en que naceu
esta Uírgen groriosa
que nos muito mal tolleu
que o demo nos fazía,
et en a graça meteu
de seu fillo Jhesu-Christo
que quis om' e Deus seer;
A Sennor que mui ben soube
per sa lingua responder.....

Esse dia que uos digo
el Rei sa missa oỳú
na grand' eigreia da Sée,
que se nunca én partiú
ata que foi toda dita;
mais o poblo lle pediú
que aquela sa omágen
lles fezess' alý trager.
A Sennor que mui ben soube
per sa lingua responder.....[4]

El Rei con amor grande[5]
que auía do logar,
porque seu padr' e sa madre
fezera ý soterrar,
outorgou-lles a omágen,
que non quis per ren tardar
que ll'-a non trouxesse logo
sen fillar nëun lezer.
A Sennor que mui ben soube
per sa lingua responder.....

E foi log' a ssa capela,
que se non deteue ren,
et leuou-lles a omágen
apostament' e mui ben,
con mui grandes precissões,
com' a tal feito conuen,
loand' a que é loada
et deue sempre seer.
A Sennor que mui ben soube
per sa lingua responder.....

E tanto que a omágen
aa eigreia chegou,
uun mudo que dentr' estaua
per sinas enpreguntou
qué er'; e pois ll'-o disseron,
a lingua se lle soltou

---

[1] Así en el Sumario. Aquí se escribió *pe*.
[2] Falta la *D* inicial. Quedó espacio para dibujarla.
[3] Escrito *E esta* y tachada la *e*.
[4] Omitido el estribillo por falta de espacio en la columna.
[5] Falta una sílaba. Probablemente debería haberse escrito *E el Rei*.

Digitized by Google

faland', e Uírgen santa [1]
começou a bẽeizer.
A Sennor que mui ben soube
per sa lingua responder.....

Dous anos foron que nunca
falara él tal nen quál;
mais o que primeiro disse
foi:—Santa María, ual;
ca por tí soon guarido,
¡ai, Sennor esperital!—
Et começou log' as mãos
contra os cẽos erger.
A Sennor que mui ben soube
per sa lingua responder.....

El Reÿ et quantos ý eran
deron porén gran loor
aa Uírgen groriosa,
Madre de nostro Sennor,
porque a él et a todos
lles mostrou atal amor,
que tan fremoso miragre
foi ben ant' eles fazer.
A Sennor que mui ben soube
per sa lingua responder
a Gabriel, mui ben pode
lingua muda correger. [2]

CCCXXV.

Como Santa María de Tudía sacou hũa manceba [3] de catiuo.

Con dereit' a Uírgen santa
á nome Strela do dia;
ca assí pelo mar grande
come pela terra guia.

Ca a que nos abr' os braços
et o jnferno nos serra,
tan ben faz pelo mar uías
come pela chãa terra:
et quen aquesto non cree
marauillosament' erra
et de Deus en nïun tempo
perdon auer non deuía.
Con dereit' a Uírgen santa
á nome Strela do dia.....

E de tal razon com' esta
direi mui marauilloso
miragre que fez a Uírgen,
et d' oÿr mui saboroso;
et quen parar' ý ben mentes
terrá-o por pïadoso
et auerá máis fiança
en o seu ben todauía.
Con dereit' a Uírgen santa
á nome Strela do dia.....

Na terra d' Áffrica ouue
en Tánjar hũa catiua
moller a que dauan pena
cada dia muit' esquiua
con pouco pan et mui máo,
et mui máis morta ca uiua
era, se lle non ualuesse
a Uírgen Santa María.
Con dereit' a Uírgen santa
á nome Strela do dia.....

Aquésta natural era
do gran reino de Seuilla,
d' un logar en que miragres
faz a de Deus Madr' e filla
que Tudía é chamado;
et d' oÿr a marauilla
que auẽo d' este feito
muito m' ende prazería. [4]
Con dereit' a Uírgen santa
á nome Strela do dia.....

Ésta con outra catiua
iazían en prijon forte
d' ũa moura que o demo
fillou pera sý en sorte,
que enfermidade grande
adusse mui tost' a morte;

---

[1] Sin duda en lugar de *e á Uírgen santa*. Tal como está resultan imperfectos el sentido y la medida.
[2] Falta el estribillo en este lugar.
[3] Así en el Sumario. Aquí *maceba* por *mãceba*.
[4] Este verso está escrito sobre raspado.

Digitized by Google

mais enante que morresse
ambal-as chamar fazía.
Con dereit' a Uírgen santa
á nome Strela do dia.....

E conssellou-lles que fossen
mouras et crischaindade
leixassen, et fossen fóra
d' aquela catiuidade,
et lles faría grand' algo
et dar-lles-ýa herdade,
et que con mouros mui ricos
a ambas casal-as faría.
Con dereit' a Uírgen santa
á nome Strela do dia.....

O se fazer non quisesse [1]
esto, logo nas cadẽas
ambas metel-as faría
et dar-lles tan grandes [2] pẽas
que lles non ficassen sãos
coiros nen neruos nen uẽas;
et demáis, sobre tod' esto,
escabeçal-as faría.
Con dereit' a Uírgen santa
á nome Strela do dia.....

A hũa disse con medo
que o faría de grado;
mais a outra mui sannuda
disse:—Sol non é penssado;
ca mia alma et meu corpo
todo ei acomendado
aa eigreia da Madre
de Deus que é en Todía.— [3]
Con dereit' a Uírgen santa
á nome Strela do dia.....

O moura [4] con mui gran sanna
mandou-as log' essa ora
no cárcer deitar ontranbas;
mais aquela sen demora
adormeceu, et a Uírgen
lle disse:—Sal acá fóra
d' este logar et trei migo,
ca eu te porrei na uía.—
Con dereit' a Uírgen santa
á nome Strela do dia.....

Pois a catiua esperta
foi, achou-ss' en uun camýnno
ancho et chão, sen pedras,
et andou-o mui festýnno,
que pan non comeu nen bocado [5]
nen beueu agua nen uýnno,
ata que preto de Silue
foi quando aluzeçía.
Con dereit' a Uírgen santa
á nome Strela do dia..... [6]

E ascuitou hũa peça
et oýú falar os mouros
que ýan cauar as uýnnas,
d' eles brancos, d' eles louros;
et oyú mongir as uacas
et oýú bruýar os touros,
et diss':—En terra de Tániar
me soon como soýa.
Con dereit' a Uírgen santa
á nome Strela do dia.....

A pouco de rato pois esto
oýú gran peça de crischãos [7]
que ýan ueer sas uýnnas,
todos sas lanças nas mãos;
et entendeu que seus sonnos
non foron falssos nen uãos,
mais uerdade mui certeira
qual con seus ollos uíja.
Con dereit' a Uírgen santa
á nome Strela do dia.....

E pois entrou en a vila
foi-sse log' aa eigreia
da Uírgen Santa María
que é bẽeita et seia,
et uiú estar aiuntada
ý mui gran gente sobeia,

---

[1] Tal vez en lugar de *quisessè* (quisessen), como requiere el sentido.

[2] El copiante omitió en esta palabra el signo de abreviatura, escribiendo *gndes*.

[3] Así en este lugar. *Tudía* se encuentra generalmente.

[4] El dibujante de las letras iniciales cometió aquí sin duda una equivocacion, haciendo una *O* en lugar de la *A* que corresponde.

[5] Sobra una sílaba á este verso: tal vez sea la palabra *pan*.

[6] Omitido el estribillo por falta de espacio en la columna.

[7] Sobra una silaba en cada uno de estos dos versos. En el primero puede ser la preposicion *de*. En el segundo tal vez se escribiera equivocadamente *oýú* por *uýú* (viú).

Digitized by Google

et de cóm' o feito fora
todo lle lo retraýa.
Con dereit' a Uírgen santa
á nome Strela do dia.....

E eles grandes loores
deron logo da primeira
aa Uírgen groriosa,
Madre de Deus uerdadeira;
mais o colar da cadẽa
toller per nulla maneira
do colo non ll'-o poderon
nen per nulla maestría.
Con dereit' a Uírgen santa
á nome Strela do dia.....

Enton a moller lles disse:
—Eu soon pobr' e mesqýnna,
et se m' alg' a dar auedes
por Deus, dáde-mi-o agýnna
et ýr-m'-ei pera Tudía
a cas da santa Reýnna
que me sacou de catiuo
ú mui coitada iazía.
Con dereit' a Uírgen santa
á nome Strela do dia.....

Eles déron-ll' algu' e foi-sse;
et logo que foi entrada
en Tudía na eigreia
da Rẽýnna corõada,
caeu-ll' o colar do colo,
que sse non deteue nada;
et o sancristan tan toste
a gran campana tangía.
Con dereit' a Uírgen santa
á nome Strela do dia.....

E quantos alý estauan
et este feito souberon,
todos aa Uírgen santa
porende loores deron;
des ý aa moller bõa
porend' algo fezeron, [1]
et ela dend' adeante [2]
en a eigreia seruía.
Con dereit' a Uírgen santa
á nome Strela do dia;
ca assí pelo mar grande
come pela terra guia.

CCCXXVI.

Como Santa María de Tudia prendeu os ladróes que lle furtaron as colmẽas.

A Santa María [3] muito ll' é greu
de quen s' atreue de furtal-o seu.

Ca a Sennor que o atan ben dá
non á ome razon de lle furtar
nen de roubar-ll' o seu nen ll'-o fillar;
ca seruíndo-a ben auel-o-á.
A Santa [4] muito ll' é greu....

E d' aquesta razon uos contarej
un gran miragre que fez hũa uez
en Tudía esta Sennor de prez,
et d' aqueles que foron ý o sej.—
A Santa María muito ll' é greu.....

A aqueste logar con deuoçon
uẽen ý as gentes et son romeus
por seruir a nobre Madre de Deus,
et dan ý todos mui grand' ofreçon.
A Santa María muito ll' é greu.....

Onde foi que un ome mui fiel
d' esta Sennor foi alý offrecer
sas colmẽas de que podess' auer
a eigreia muita cera et mel.
A Santa María muito ll' é greu.....

E quen a uerdade saber quiser,
saberá que as poseron alý
derredor da eigreia, et, com' oý,
guardáua-as hũa pobre moller.
A Santa María muito ll' é greu.....

---

[1] Tal vez la sílaba que aquí falta sea el pronombre *lle*: porend' algo *lle* fezeron.

[2] Escrito *aadeante* y tachada la primera *a*.

[3] Así en el Sumario y en la repeticion del estribillo. Aquí se dibujó equivocadamente una *S* en lugar de la *A* inicial.

[4] Falta aquí la palabra *María*, que se repite en todas las estrofas.

Digitized by Google

E ladrões hũa noit' ant' a luz
furtáron-as todas et fóron-s' én,
assí que non enuergonnaron ren
a ela nen o que morreu na cruz.
A Santa María muito ll' é greu.....

Outro dia [1], pois uíron este mal
os do logar, filláron-s' a carpir,
et log' a Santa María pedir
foron uingança d' este feito tal.
A Santa María muito ll' é greu.....

E log' un caualeir' alý chegou
que de toda a terra a redor
era iostiça, et pois sabedor
foi d' este feito, buscal-os mandou.
A Santa María muito ll' é greu.....

E él meesmo non foi ý de dur
en pos eles, buscándo-os assaz,
ata que os uiú iazer como iaz
o cõello ascondud' ou o mur.
A Santa María muito ll' é greu.....

E as colmẽas tijnnan atras
deitadas, et non podían de pran
fogir con elas: enton manaman
os prendeu, que non atendeu a cras.
A Santa María muito ll' é greu
de quen s' atreue de furtal-o seu. [2]

CCCXXVII.

Como Santa María guariú o crérigo que se lle tornaran as pernas atras porque fez uuns panos menores d' un pano que furtou de sobelo altar.

Porque ben Santa María
sabe os seus dões dar,
muito per faz gran folía
quen lle uai o seu furtar.

Onde, se m' oýr quiserdes,
d' aquesto uos contarei
un miragre mui fremoso
que fez a Madre do Reý
Ihesu-Crist' en Odimira,
como uos ora direi,
ú ela fez ende muitos
outros en aquel logar.
Porque ben Santa María
sabe [3] *os seus dões dar.....*

Mas este foi muit' aposto
et feito con gran razon;
ca hũa moller seu pano
foi dar en offereçon
a hũa eigreia sua
feita des mui gran sazon
que está fóra da vila,
assí com' oý contar.
Porque ben Santa María
sabe os seus dões dar.....

Pouco máis ca hũa uara
o pan' era, com' oý,
et era mui ben teçudo
et mui delgad' outrossj;
et porénd' a moller bõa
fóra-o põer alý
na eigreia, ú o uíssen
estar sobelo altar.
Porque ben Santa María
sabe os seus dões dar.....

Un crérigo da eigreia
que o uiú alý seer,
creceu-ll' én tal cobiiça,
que o foi log' én toller
et leuou-o a ssa casa
et mandou ende fazer
panos con que cobriss' ende
o con que ýa peccar.
Porque ben Santa María
sabe os seus dões dar.....

E pois [4] que os ouue feitos
et con eles sse cobrýú,

---

[1] La *O* inicial de este verso está escrita en pequeño tamaño para servir de guia al dibujante; pero éste, sin embargo, hizo equivocadamente una *D*.

[2] Falta el estribillo en este lugar. El amanuense escribió á renglon seguido de la última estrofa el epigrafe de la Cantiga siguiente.

[3] La *e* de esta palabra, omitida por el copiante, está escrita sobre el renglon por diferente pluma y con tinta clara.

[4] Á pesar de que el amanuense escribió al márgen la *E* inicial de este verso, el dibujante hizo equivocadamente una *P*. Igual cambio de letras se adyierte al principio de la estrofa siguiente.

Digitized by Google

deitáua-ss' a dormir logo;
mais pero pouco dormjú;
ca os calcannares anbos
pelos lombos os sentiú
que ll' entraron tan de rijo
que os non pod' én tirar.
Porque ben Santa María
sabe os seus dões dar.....

E con mui gran coita fera
que auía de door,
braadou muit' e dizendo:
—¡Ai, Madre do Saluador,
rógo-te que eu non moira
assí, se t' en prazer for.—
Et do erro que fezera
fillou-s' a maenfestar
Porque ben Santa María
sabe os seus dões dar.....

Ante todos, et chorando
ar fillou-ss' a repentir,
et d' un gran pano de lenço
fez log' o altar cobrir.
Et porende, meus amigos,
quen este miragr' oÿr'
nunca seia atreuudo
en a Uírgen desonrrar.
Porque ben Santa María
sabe os seus dões dar.....

E sobr' esto á eigreia
o leuaron manaman
et todos por él rogaron
á Sennor do bon talan;
et ela guariú-o logo,
que non prendeu ý afan;
porén todos começaron
o seu nome de loar.
Porque ben Santa María
sabe os seus dões dar,
muito per faz gran folía
quen lle uai o seu furtar.

CCCXXVIII.

Esta é como Santa María fillou un logar pera si en o reino de Seuilla, et fez que lle chamassen *Santa María do Porto.*

Sabor á Santa María,
de que Deus por nós foi nado,
que seu nome pelas terras
seia sempre nomëado.

Ca se ela quer que seia
o seu nom' e de seu Fillo
nomëado pelo mundo,
d' esto non me marauillo,
et corrudo d' él Mafomet
et deitado en eixillo
él e o dïab' antigo
que o fez seu auogado.
Sabor á Santa María,
de que Deus por nós foi nado.....

E d' esto mui gran miragre
a que este Madr' e filla
mostrou, et mui saboroso
d' oÿr a gran marauilla,
preto de Xerez, que este
en o reino de Seuilla,
un logar que Alcanate
soýa seer chamado.—
Sabor á Santa María,
de que Deus por nós foi nado..... [1]

Este logar iaz en terra
mui bõa et mui uiçosa
de pan, de uÿnno, de carne
et de fruita saborosa
et de pescad' e de caça;
ca de todo deleitosa
tant' é, que de dur sería
en un gran dia contado.
Sabor á Santa María,
de que Deus por nós foi nado.....

[1] Omitido el estribillo por falta de espacio en la plana.

Digitized by Google

Ca este logar é posto
ontr' ambos et dous os mares,
o grand' e o que a terra
parte per muitos logares,
que chaman Mediterrano;
des í ambos et dous pares
s' aiuntan ý con dous rios,
per que est' o log' onrrado.
Sabor á Santa María,
de que Deus por nós foi nado.....

Guadalquiuir é uun d' eles,
que este mui nobre rio
en que entran muitas aguas
et per que uen gran nauíu;
o outro é Guadalete
que corre de mui gran bríu: [1]
et en cáda uun d' aquestes
á muito bõo pescado.
Sabor á Santa María,
de que Deus por nós foi nado.....

Ond' en este logar bõo
foi pousar hũa uegada
el rei Don Affonsso, quando
sa frota ouu' enuiada
que Çalé britaron toda,
gran uila et muit' onrrada,
et o auer que gaaron
de dur sería osmado.
Sabor á Santa María,
de que Deus por nós foi nado.....

Él pousand' en aquel logar
et ssa frota enuiando
et ýndo muitas uegadas
a Cádiz et ar tornando,
et do que mester auía
a frota ben auondando,
per que fosse máis agýnna
aquel feit' enderençado;
Sabor á Santa María,
de que Deus por nós foi nado.....

Non catou ál, senon quando
o alguazil mui sannudo
de Xerez a ele vẽo,
mouro mui riqu' e sisudo,
dizendo:—Sennor, ¿cóm' ousa
seer null' om' atreuudo
d' Alcanate, ú pousades,
auer-ll' o nome canbiado
Sabor á Santa María,
de que Deus por nós foi nado.....

E ar dizer-ll' outro nome,
de que an gran desconorto
os mouros, porque lle chaman
Santa María del Porto,
de que uen a nós gran dano
et a uós fazen ý torto?
Et atal feito com' este
deue ser escarmentado.—
Sabor á Santa María,
de que Deus por nós foi nado.....

El Rei, quand' oýú aquesto,
ouue gran sanna prouada,
et mandou a ssa iostiça
que logo sen detardada
que pola ost' ascuitado [2]
de pousada en pousada
andass' e a quen oýsse
tal nome, foss' açoutado.
Sabor á Santa María,
de que Deus por nós foi nado.....

Sobr' esto muitos crischãos
foron mui mal açoutados
et outros a paancadas
os costados ben britados,
et ar outros das orellas
porende foron fanados,
et per tod' esto non pode
aquel nom' auer uedado;
Sabor á Santa María,
de que Deus por nós foi nado..... [3]

---

[1] Las palabras *nauíu* y *bríu* deben de estar escritas equivocadamente, en lugar de *naúio* y *brio* como se encuentran en otros parages de los códices, y como lo exige la rima con *rio*.

[2] Sin duda en lugar de *ascuitãdo* (ascuitando), como el sentido requiere.

[3] Omitido el estribillo. La estrofa termina con la columna.

Digitized by Google

CCCXXIX

Ante quanto máis punnauan [1]
et prouaua et quería
de uedar aquele nome,
a gente máis lo dizía;
ca a Uírgen groriosa,
Rëynna Santa María,
quería que do seu nome
foss' aquel logar chamado.
Sabor á Santa María,
de que Deus por nós foi nado.....

Ond' el Rei en mui gran coita
era d' aquesto sen falla,
temendo que non crecesse
sobr' ésto uolt' ou baralla
ontre mouros et crischãos;
mais a Uírgen, que traballa
por nós, tragía o preito
d' outra guisa ordynado.
Sabor á Santa María,
de que Deus por nós foi nado.....

Ca äo alguazil mouro
fezo logo que falasse
con el Rei et por mercée
lle pediss' e lle rogasse
que aquel logar tan bõo
pera crischãos fillasse.
El Reÿ, quand' oÿú aquesto,
foi én mui ledo prouado;
Sabor á Santa María,
de que Deus por nós foi nado.....

Ca entendeu ben que Cádiz
máis toste pobrad' ouuesse;
mas, temendo que o mouro
por engano o fezesse,
non lle quis responder nada
a cousa que lle dissesse:
ond' o alguazil por esto
foi én mui marauillado [2]
Sabor á Santa María,
de que Deus por nós foi nado.....

E disso com' en sannudo
al Rei:—Non saÿa d' est' ano
se esto que uos eu rogo
o faço por null' engano,
mas por meter paz na terra
et por desuiar gran dano
que pode seer, se este
feito non for acabado.—
Sabor á Santa María,
de que Deus por nós foi nado.....

E demáis lle deu con este
logar toda a ribeÿra
d' outras aldeas que eran
do gran mar todas na beira.
Esto fez a Uírgen santa,
a Sennor dereitoreira, [3]
de cuio nome o mundo
será chẽo, per meu grado.
Sabor á Santa María,
de que Deus por nós foi nado,
que seu nome pelas terras
seia sempre nomẽado.

CCCXXIX.

Como Deus fez a un mouro que fillou a oferta do altar de Santa Maria que se non mudasse do logar.

Mvito per é gran dereito
de castigado seer
quen s' atreu' äo da Uírgen
pera [4] furtar contanger.

E cóm' é om' atreuudo
de penssar nen comedir
de furtar ren do da Uírgen
que faz os cëos abrir
et dar-nos de Deus sa graça,
tal é como quen cospir
quer suso contra o ceo
et uai - lle na faz caer.
Muito per á [5] gran dereito
de castigado seer.....

---

[1] El sentido requiere *punnaua*. El amanuense hubo de cometer una equivocacion al hacer sobre la *a* final la tilde equivalente á *n*.

[2] La segunda *a* de esta palabra está formada sobre una *u* que equivocadamente se habia escrito, diciendo *maruuilliado*.

[3] En otros lugares *dereiturcira*.

[4] La *a* de esta palabra, omitida en un principio, se escribió despues sobre el renglon con tinta más clara.

[5] En lugar de *per é*. Igual falta se cometió en la mayor parte de las estrofas.

Digitized by Google

E est' [1] un fremoso miragre
aũco, com' aprendí,
en Tudía, na eigreia
da Uírgen, et foi assí
que de mouros mui gran gente
uẽeron correr alý
tod' en redor pela terra
et mũi gran dano fazer.
Muito per é gran dereito
de castigado seer.....

E con quant' enton roubaron
foron ben alý pousar
tod' en redor da eigreia,
et do seu foron fillar
mẽallas d' our' e dỹnneiros
que poseron no altar
a onrra da Uírgen santa
que de Deus quiso nacer.
Muito per é gran dereito
de castigado seer.....

Ca, segund lles deu escrito
Mafomat no Alcoran,
ben creen mouros sen falla,
et d' esto dulta non an,
que do Esperito santo
s' enprennou, sen null' afan
prender nen dan' a sa carne,
et assí foi conceber
Muito per é gran dereito
de castigado seer.....

Uírgen et desque foi prenne
ar pariú fillo baron
et depois ar ficou uírgen,
et demáis ouue tal don,
que sobre los angos [2] todos
quantos en o cẽo son
a fezo Deus máis onrrada
et de todos máis ualer.
Muito per á gran dereito
de castigado seer.....

Onde, pero que os mouros
non teman a nossa fé,
tod' esto da Uírgen santa
tẽen gran uerdad é; [3]
et porend' alý oraron
ú a sa eigreia sé,
et cada uun do que teue
foi sobr' o altar põer.
Muito per á gran dereto [4]
de castigado seer.....

Quand' aquest' ouueron feito,
logo sse partíron én;
mas un mour' auizimáo,
atreuud' et de mal sen,
leixou ỹr os outros todos
et foi en mui gran desden
fillar quant' offereceron
et en ssa bulssa meter.
Muito per á gran dereito
de castigado seer.....

E pois los ouue fillados,
atan tost' ỹr-se cuidou;
mais ánte que aa porta
chegasse, cego tornou
et perdeu todo o siso,
et tan ỹrto se parou,
ben come madeiro duro
que se non pode mouer.
Muito per á gran dereito
de castigado seer.....

Os outros seus companneiros
catáron-s' a derredor
et acharon éste ménos,
et ouueron gran pauor
de se mort' ou catiuo; [5]
et o alcaide mayor
mandou que buscal-o fosen
et pera él o trager.
Muito per á gran dereito
de castigado seer.....

---

[1] Es yerro evidente. Debe decir *D' est'*, como se halla en otros lugares.

[2] *Angeos* es la forma en que generalmente se encuentra esta palabra.

[3] Falta una sílaba. El sentido, además, requiere que diga:

tẽen *que* gran uerdad' é.

[4] En lugar de *dereito*, como se repite en toda la Cantiga.

[5] Segun está escrito este verso, resultan imperfectos el sentido y la medida. Tal vez sea yerro del amanuense, que acaso debió haber escrito:

de se *for* mort' ou catiuo.

Digitized by Google

Eles a buscal-o foron
et chegaron ben alá
aa eigrei', e un d' eles
lles diss':—Entremos acá;
ca mui toste os crischãos
o fillaron, et está
ascondudo na eigreia
pera quand' escurecer
Muito per á gran dereito
de castigado seer.....

O leuáren.—Et tan toste
entraron, com' apres' ej,
en a eigreia, et uíron
estar aquele sen lei
cegu' e atal com' hũa pedra.
Diz huun d' eles:—¿Qué farej?
Aquest' om' está iá morto
ou mui preto de morrer.—
Muito per á gran dereito
de castigado seer.....

E vun d' eles foi a ele
et falou-ll' et o tangeu;
mais aquel per nulla guisa
non falou nen se moueu:
outros äo altar foron,
et de quant' offereceu
a companna que se fora
non uiú ý ren seer. [1]
Muito per á gran dereito
de castigado seer.....

Entonce disseron todos:
—Quiçai aqueste rapaz
foi furtar a offerenda,
que lle Deus esto faz:
et catemos se a trage
et tornémol-a en paz
sobre lo altar ú ánte
a foron offrecer. [2]
Muito per á gran dereito
de castigado seer.....

Aquel mouro que estaua
mui máis negro que o pez
foi todo escodrunnado,
et logo aquela uez
acháron-ll' a offerenda
et aa Sennor de prez
a deron outra uegada;
et aquel mouro s' erger
Muito per é gran dereito
de castigado seer.....

Foi, et os ollos tan toste
se ll' abríron et a luz
uiú, polo prazer da Madre
d' aquel que morreu na cruz.
Et o miragre sabudo
foi ben d' aquí ata Suz,
et dos mouros os crischãos
o ouueron de saber.
Muito per é gran dereito
de castigado seer
quen s' atreu' äo da Uírgen
pera furtar contanger.

CCCXXX.

Esta é de loor de Santa María.

¿Qvál é a santiuigada
ánt' e depois que foi nada?
Madre de Deus nostro Sennor,
de Deus nostro Sennor,
et Madre de nosso Saluador.

Á qual diss' «*Aue, María*»
Gabriel et que sería
Madre de Deus nostro Sennor.

¿Quál é a que sen mazela
pariú et ficou donzela?
Madre de Deus nostro Sennor.

¿En quál per sa omildade
s' ensserrou a Trijndade?
Madre de Deus nostro Sennor.

¿Quál é a que sempre bõa
foi, et dos santos corõa?
Madre de Deus nostro Sennor.

---

[1] Para completar la medida, hay que hacer diéresis en *uiú*. Por regla general se pronuncia sin ella.

[2] Tal vez en lugar de *offrecer*, con lo cual quedaria completo el octosílabo. Véase en esta misma estrofa, en la antecedente y en la que le sigue.

Digitized by Google

¿Quál é a que per seu siso
nos fez auer paraíso?
Madre de Deus nostro Sennor.

CCCXXXI.

Como Santa María de Rocamador ressocitou un menýnno morto.

En a que Deus pos uertude
grand' e sempr' en ela crece,
poder á d' enfermidades
sàar et toda sandece.

Ca tant' é a ssa uertude
grande d' aquesta [1] Reýnna,
que o que en ela cree
non busc' outra meezýnna;
que quant' é o mal chus forte,
tanto o tol' máis agýnna;
ca a cada door sabe
ela quant' ý pertẽece.
En a que Deus pos uertude
grand' e sempr' en ela crece.....

Onde d' aquest' un miragre
en Rocamador auẽo
na sa igreia da Uírgen
onde tod' o mund' é chẽo
de sas graças et mercées,
et que por nosso ben uẽo
Ihesu-Crist' en ela carne
fillar con que nos nodrece.
En a que Deus pos uertude
grand' e sempr' en ela crece.....

Hũa moller ouu' un fillo
que mui máis ca sí amaua,
boýnno d' uuns doz' anos,
et sempre ss' en él cataua
en cóm' era fremosýnno,
et mil uezes lo beijaua
como madr' a fillo beija,
con que muit' afan padece.
En a que Deus pos uertude
grand' e sempr' en ela crece.....

E faagáua-o tanto
quanto faagar podía;
mais o moç' a pouco tenpo
d' ũa gran féuer morría;
et o dóo que por ele
enton sa madre fazía,
et contar-uos de cóm' era
grande, muito mi auorrece.
En a que Deus pos uertude
grand' e sempr' en ela crece.....

E braadaua mui forte
depenando seus cabelos;
des ý os dedos das mãos
non quedaua de torcel-os
et outrossí a seus braços
non leixaua de metel-os,
dizendo:—Sen tí, meu fillo,
este mundo m' escurece.—
En a que Deus pos uertude
grand' e sempr' en ela crece.....

E quant' a missa disseron
sempre fez aqueste dóo,
dizendo:—Sen tí mui soa
fico, et tú sen mj sóo;
et oý máis iarás so terra
ben como iaz teu auóo;
et muit' ei coraçon forte
que agora non perece.—
En a que Deus pos uertude
grand' e sempr' en ela crece.....

E pois a missa foi dita,
o menýnno soterraron,
et a madre come morta
de sobr' ele a tiraron,
et ben assí seus parentes
a ssa casa a leuaron
come a moller transsida
que nïun nenbro non mece.
En a que Deus pos uertude
grand' e sempr' en ela crece.....

Assí iouu' aquela noit', e
outro dia madurgada

[1] El amanuense escribió equivocadamente, en lugar de esta palabra, *sempr;* pero tachó lo escrito y lo corrigió sobre el renglon.

Digitized by Google

foi ueer ú soterrauan
seu fillo a malfadada
. . . . . [1]
achou, et foi tan coitada,
que tornou porén sandía;
ca muitas uezes contece
En a que Deus pos uertude
grand' e sempr' en ela crece.....

Que con gran coita o siso
perden os que mui coitados
son: et assí fez aquesta
pelos seus máos pecados;
assí que todolos santos
eran iá d' ela noiados
andando d' uuns en outros.
Mas a que nunca falece,
En a que Deus pos uertude
grand' e sempr' en ela crece..... [2]

Uírgen santa groriosa,
ouue d' ela piedade;
et, pois foi en a sa casa
de Rocamador, uerdade
foi assí que atan toste
lle deu logo saidade;
ca ú chega sa uertude,
logo sen dulta guarece.
En a que Deus pos uertude
grand' e sempr' en ela crece,
poder á d' enfermidades
sàar et toda sandece.

CCCXXXII.

Esta é como en uun moesteiro en reino de Leon leuantou-sse [3] fogo de noite, et mató-o a omágen de Santa Maria con o ueo que tijnna na cabeça.

Atan gran poder o fogo [4]
non á per ren de queimar
como á Santa María,
quando quer, de o matar.

Ca, macar grand' elemento
foi Deus do fogo fazer
et de queimar toda cousa
lle foi dar tan gran poder,
mayor o deu a sa Madre
de que ele quis nacer
et pois en a carne d' ela
foi os jnfernos britar.
Atan [5] *gran poder o fogo*
non á per ren de queimar.....

Ond' un mui marauil [6]
miragre uos contarei
que auẽo en Carriço,
per com' en uerdad' achej,
un mõesteiro que este
preto de Leon, et sej
que o fez Santa María
por sa uertude mostrar.
Atan gran poder o fogo
non á per ren de queimar.....

Aquel mõesteiro este
d' esta órdin de Cistel,
et á ý hũa omágen
que ten seu Fillo, mui bel
menýnno, ontre seus braços,
et sé en uun chapitel
fremos' e mui ben laurado
posto sobelo altar.
Atan gran poder ó fogo
non á per ren de queimar.....

As donas d' aquel conuento
todas mui gran deuoçon
an en aquesta omágen,
et uan ý de coraçon
cada noit' e cada dia
et fazen grand' oraçon,
et uẽen con sas candeas
por o log' alumear.
Atan gran poder o fogo
non á per ren de queimar.....

Onde foi hũa vegada
que palla deitaron ý

---

[1] Este lugar está raspado. Olvidaron escribir el verso correspondiente.
[2] Falta el estribillo en este lugar por caer en fin de columna. Tambien lo omitió el amanuense despues de la estrofa siguiente, aunque quedó espacio para escribirlo.
[3] Asi en el Sumario. Aquí *leuatousse* por *leuatousse*.
[4] Estas palabras están escritas sobre raspado.
[5] El dibujante omitió la *A* inicial, para la cual quedó el conveniente espacio.
[6] *Marauilloso*. El amanuense tachó esta palabra ántes de concluirla; pero no la sustituyó con otra, ni hizo al márgen señal alguna para indicar que habia de corregirse.

Digitized by Google

muita na eigreia toda,
et era mester assý
por gran frio que fazía,
et ar deitaron log' ý
estadáes encendudos,
como soýan deitar.
Atan gran poder o fogo
non á per ren de queimar.....

E un estadal d' aqueles
hũa monia encendeu
ontr' o altar et o coro,
et o fogo s' aprendeu
d' él aa palla et logo
tan feramente correu
a chama d' él, que ss' ouuera
äo altar a chegar.
Atan gran poder o fogo
non á per ren de queimar.....

Mais a Uírgen groriosa
non quis esto consentir
nen quis que aquele fogo
podesse adëant' ýr:
et porend' a ssa omágen
fillou logo, sen mentir,
o veo da ssa cabeça
et ant' o fogo lançar
Atan gran poder o fogo
non á per ren de queimar.....

O foi; et depois o fogo
sol non queimou nulla ren,
ante foi tan toste morto
polo prazer da que ten
en poder os elementos;
ca nen uun non uai nen uen
senon quanto o seu Fillo
quer en eles ordýnar,
Atan gran poder o fogo
non á per ren de queimar.....

Que ordýnou que o uẽo [1]
delgado máis ca cendal
podess' amatar o fogo
et non soffrer que máis mal
fezesse do que fezera,
por uertud' esperital
da Uírgen, ond' a omágen
auía o semellar.
Atan gran poder o fogo
non á per ren de queimar.....

Entonce a sancreschãa,
que dormía, s' espertou
et pera tanger os sinos
duas consigo leuou
monias, et aa eigreia
foi, et pois que dentr' entrou,
uiú tod' esto que iá dixe
et foý-o logo contar
Atan gran poder o fogo
non á per ren de queimar..... [2]

Ao conuent' ú durmía,
et disse:—Por esto uin,
por uos mostrar gran miragre
que ora conteu a min;
et sei que poil-o oýrdes,
diredes, par San Martin,
que d' outro maýor d' aqueste
nunca oýstes falar.—
Atan gran poder o fogo
non á per ren de queimar.....

Log' enton a abadessa,
que era bõa moller,
foi alá, et o conuento
ar foi ý mui uolonter;
et pois uíron o miragre
disseron:—Muit' é mester
que d' est' a Santa María
sabiámos loores dar.
Atan gran poder o fogo
non á per ren de queimar.....

Enton começaron todos [3]
cantando a dar loor
aa Uírgen groriosa,
Madre de nostro Sennor;
et póis deitáron-s' a prezes
cab' o altar en redor

---

[1] En lugar de *ueo*, que es la forma en que generalmente se halla escrita esta palabra. Así puede verse en esta misma Cantiga.

[2] Omitido el estribillo por falta de espacio en la columna.

[3] Acaso en lugar de *todas*, pues se refiere á las monjas.

Digitized by Google

rezando per seus salteiros
quanto podían rezar.
Atan gran poder o fogo
non á per ren de queimar
como á Santa María,
quando quer, de o matar. [1]

CCCXXXIII.

Como Santa Maria de Terena guariú uun ome contreito que andaua en carreta máis auia de .xv. anos.

Connosçudamente mostra
miragres Santa María
en aqueles que a chaman
de coraçon noit' e dia.

Ca por esto quis Deus d' ela
nacer, que dos peccadores
foss' ant' él por auogada,
des í que todas doores
guariss' e enfermidades:
et d' aquesto sabedores
somos que sobre los santos
todos á tal melloría.
Connosçudamente mostra
miragres Santa María.....

E porén uos direi ora
un miragre que á feito
en Terena esta Uírgen
Madre do Fillo bẽeito
en uun mesqỹnno que era
de todos nenbros contreito
sí, que en carret' andaua
máis de .xv. anos [2] auía.
Connosçudamente mostra
miragres Santa María.....

Éste tiỹnna os braços
tortos atras, et as mãos
tortas assí et os dedos
et os pées non ben sãos,
ca eran outrossí tortos
atras; et esto crischãos
uíron, et judeus et mouros;
d' aquest' enquisa daría.
Connosçudamente mostra
miragres Santa María.....

Muitos santos lo trouxeron
ú Deus miragres mostraua
grandes; mais non lle ualía
nada; ca Deus o guardaua
pera a ssa Madre Uírgen
que o guiass', e rogaua
él sempre á Groriosa
que d' aquela malautía [3]
Connosçudamente mostra
miragres Santa María.....

Lle desse por ssa bondade
saud'. E assí andando [4]
ouue per muitas terras;
assí que ouue chegado
a Terena, ú a Uírgen
fez muito miragr' onrrado;
ca ela é dos coitados
esforço et luz et uía.
Connosçudamente mostra
miragres Santa María.....

Pois que foi en a eigreia
da Sennor de ben conprida,
fez fazer candéas logo
que sa oraçon oýda
foss', e diss':—¡Ai, Uírgen Madre!
se algũa uez seruida
fuste de mí algun tenpo,
ual, ca mester me sería.
Connosçudamente mostra
miragres Santa María.....

Chorou muito dos seus ollos
aquela noite, iazendo
na eigreia ssa carreta,
et no coraçon gemendo
feramente seus pecados
et sa oraçon fazendo

---

[1] Falta el estribillo en este lugar. Quedó espacio rayado para escribirlo.
[2] Debe leerse aqui *quinz' anos.*
[3] *Malautía* se lee en la Cantiga CCCXXI.
[4] Sin duda en lugar de *andado*, segun requieren el sentido y la rima.
[5] Falta una sílaba, no haciendo diéresis en una de las palabras *ouue* ó *muitas*. Ambas se pronuncian sin ella.

Digitized by Google

aa Uírgen groriosa
o mellor que él podía.
Conosçudamente [1] *mostra*
miragres Santa María.....

As gentes que o uiían
assí tolleit' e perdudo,
marauilláuan-sse d' ele;
mais quise Deus que sabudo
foss' ánte que fosse são,
et de todos ý ueudo,
porque foss' este miragre
máis prouado todauía.
Conoçudamente mostra
miragres Santa María.....

Iazend' assí na eigreia
sempre gemend' e chorando
á Uírgen Santa María
et de coraçon rogando
que ll' ouuesse piadade,
foisse-ll' o tenp' alongando,
que non auer säude [2]
tan toste com' él quería.
Connosçudamente mostra
miragres Santa María..... [3]

Ca des Pasqüa ý iouue
assí como uos eu digo
ata Setembro meado
a conssell' e a abrigo
da Uírgen Santa María;
et él iazend' ý mendigo,
hũa noite de ssa terra
foi ý mui gran romaría.
Conosçudamente mostra
miragres Santa María.....

Aquela noite fezeron
uegía grand' e onrrada;
mais ¿qué fez a Uírgen santa,
dos peccadores uogada?

De noit' a aquel mesqýnno
foi, et log' essa uegada
pos' as sas mãos mui toste
alý per ú mal sentía.
Connosçudamente mostra
miragres Santa María.....

Des ý estirou-ll' os nenbros
todos, et per ssa uertude
foi tan tost' o corpo todo
guarid' e ouue saude;
ca xe sol ela de táes
feitos fazer ameude;
et ergeu-ss' o ome logo
da carreira [4] ú iazía,
Connoçudamente [5] *mostra*
miragres Santa María.....

Loando a Groriosa.
Et as gentes s' espertaron
todos aquestas [6] uozes;
et poil-o são víron, [7]
a Uírgen Santa María
mui de coraçon loaron
porque tan apost' acorre
a quen por ela confía.
Connoçudamente mostra
miragres Santa María
en aqueles que a chaman
de coraçon noit' e dia.

CCCXXXIIII.

Como Santa María de Terena resorgiú uun ome que morrera de sandece, et tornó-o são.

De resorgir ome morto
deu nostro Sennor poder
a sa Madr' e toda cousa
guardar de se non perder.

E d' esto fez en Terena,
ond' aueredes sabor,

---

[1] En lugar de *Cònosçudamente*. Igual descuido cometió el amanuense en las estrofas 8.ª y 10.ª

[2] Faltan en este verso sentido y medida. Acaso se debiera haber escrito *auía* en lugar de *auer*.

[3] No se escribió aquí el estribillo, por falta de espacio.

[4] Es error evidente. Debe decir *carreta*.

[5] El amanuense omitió aquí por descuido una *s*. Debió haber escrito, segun se ve en toda la Cantiga, *Connosçudamente*. La misma falta se advierte en la estrofa siguiente.

[6] Parece que debia decir *a aquestas*. Asi quedarian perfectos el sentido y la medida.

[7] Aquí se cometió indudablemente un error, pues faltan la medida y la rima. Tal vez deberia haberse escrito *acharon*.

Digitized by Google

un miragr' a Uírgen santa,
Madre de nostro Sennor,
que ou' hũa uez guarido
uun mancebo laurador
d' un mui gran mal que auía [1]
que lle fezeran fazer.
De resorgir ome morto
deu nostro Sennor poder.....

Éste, per quant' ei apreso,
en Aroches gran sazon
morou con uun bõo ome
que él mui de coraçon
seruía muit' e amaua;
et polo guardar enton
de mort', ouu' en ssí fillado
tal mal ond' ouu' a morrer.
De resorgir ome morto
deu nostro Sennor poder.....

D' aquesto dizer uos quero
assí como conteceu:
Bartolomeu a aqueste
chamauan, et doeceu;
des í o ome seu amo
pesou-ll' én muit', e prendeu
seus bois con que laurar fosse
pois uiú que sse non erger
De resorgir ome morto
deu nostro Sennor poder.....

Seu mancebo non podía;
et porende o leixou
et que mui ben d' él penssassen
a ssa companna mandou.
Et sa moller con maldade
enton uỳnno tenperou
con eruas, como o desse
a seu marid' a beuer.
De resorgir ome morto
deu nostro Sennor poder.....

E diss' äo mancebo: [2]
—Se ora podess [3] ỳr
äo agro a teu amo,
punnarei en ch'-o gracir,
et leuásses-ll' este uỳnno,
podes él et mí seruir
muit'; e sei ora con ele
por Deus ánte comer. [4]
De resorgir ome morto
deu nostro Sennor poder.....

E dar-ll'-ás aqueste uỳnno,
et fas como te direi:
non beuas nemigalla, [5]
et uen-t' e eu te darej
algo, se esto fezeres,
et demáis gracir-ch'-o-ei,
et a mí et a teu amo
farás ora gran prazer.—
De resorgir ome morto
deu nostro Sennor poder.....

O mancebo oỳú aquesto
et foi logo sospeitar
que no uinno mal auía,
et diz:—Pero me mandar
foi mia ama que ll' o desse
a meu am', ánt' eu prouar
o quero.—Et póis prouou-o
et foi log' enssandecer.
De resorgir ome morto
deu nostro Sennor poder.....

E assỳ andou uun ano
tolleit' e fóra de sen,
que sijra non auía:
et seus parentes porén
leuáron-o a Terena,
que long' é de Santaren;
et ỳndo pela carreira,
ouue morte de prender.
De resorgir ome morto
deu nostro Sennor poder.....

E atal morto com' era
leuáron-o ben assỳ

---

[1] Las tres últimas letras de esta palabra, y sus correspondientes notas musicales, están escritas por distinta pluma fuera del pentagrama.

[2] Falta una sílaba. Acaso debiera decir *disse* en lugar de *diss.*

[3] El sentido y la medida requieren *podesses*. Véase el verso 5.º de la estrofa.

[4] Pronunciándose, segun es uso constante, sin diéresis la palabra *Deus* falta una sílaba á este verso. Parece que debiera decir «ánte *de* comer,» ó «ánte *a* comer» forma usada tambien en los códices.

[5] El amanuense hubo de omitir aquí alguna palabra (tal vez *del*) necesaria para completar la medida:
non beuas *d' él* nemigalla.

Digitized by Google

dereitament' a Terena
et poséron-o log' ý
ant' o altar da mui nobre
Vírgen; et, com' aprendí,
resorgiú et foi são [1]
como soýa seer.
De resorgir ome morto
deu nostro Sennor poder
a sa Madr' e toda cousa
guardar de se non perder.

CCCXXXV.

Como Santa María conuerteu un gentil que adoraua os ýdolos, porque auía en si piadade et fazía caridade aos pobres [2].

Com' en sí naturalmente [3]
a Uírgen a piadade,
assí naturalment' ama
os en que á caridade.

En [4] amar os que ben fazen
Deus Deus, [5] non me marauillo;
pois aquel que é bondade
conprida se fez seu Fillo,
que fez os montes mui grandes
et fez o grão do millo
por mostrar en nós sas obras
quáes son et sa bondade.
Com' en ssí naturalmente
a Uírgen á piadade.....

E por dar a cada uun
segundo o que merece,
fez todo quanto ueemos
et o ál que non parece:
et o que non cree esto
muito per faz gran sandece
et que a cabeça toda
ten chẽa de uãidade.
Com' en sí naturalmente
a Uírgen á piadade.....

E de tal razon com' esta
mostraron gran marauilla
Iesu-Cristo et a Uírgen,
que é sa madr' e sa filla,
en o tempo dos gentijs
a uun ome en Cezilla
que rico et auondado
era d' auer et d' erdade.
Com' en sí naturalmente
a Uírgen á piadade.....

E pero que gentil era
et que en Deus non crija,
daua de grad' äos pobres
o máis do que él auía.
Esto muit' a Ihesu-Cristo
prougu' e a Santa María,
et a prouar o uẽeron
por saber én máis uerdade.
Com' en sí naturalmente
a Uírgen á piadade.....

Onde foi que aquel ome
bõo et sen tod' engano
quanto de comer auía
dera en uun máo ano
et caro todo a pobres,
que non catou prol nen dano
que ll' ende porén uẽesse.
Mais a que por omildade
Com' en sí naturalmente
a Uírgen á piadade.....

Soube de Deus seer Madre,
appareceu-ll' en figura
de moller con fill' en braço,
con mui pobre uestidura,
et dísse-ll':—¡Ai, ome bõo!
pora esta creatura
por Deus dáde-lle que cómia,
et a nós mentes parade
Com' en sí naturalmente [6]
a Uírgen á piadade.....

Cóm' andamos lazerados
con est' ano tan minguado.—

---

[1] Falta una sílaba, no haciendo diéresis en alguna de las palabras *resorgiú* ó *foi*. Tal vez debiera haberse escrito *resorgiú-o*, refiriéndose á la Vírgen.

[2] Así en el Sumario. Aquí se escribió equivocadamente *pobros*.

[3] Así en el Sumario y en toda la Cantiga. El copiante cometió aquí un error, escribiendo *natutalmente*.

[4] Falta la *E* inicial. El amanuense dejó espacio para dibujarla.

[5] Se hizo al márgen la señal acostumbrada de advertencia. Tal vez debiera haberse escrito *a Deus*.

[6] La *l* de esta palabra se escribió sobre el renglon por haberla omitido el copiante.

Digitized by Google

Respondeu-ll' o ome bõo:
—Esto faría de grado;
mais todo quanto tijnna
a pobres lo ei iá dado.—
Diss' enton a moller bõa:
—Uel da farỳnna me dade
Com' en sí naturalmente
a Uírgen á pïadade.....

De que papelỳnnas faça
que dé a este menỳnno
que me non moira de fame,
ca non peço pan nen uỳnno.—
O ome bõo, con dóo
d' ela, ergeu-sse festỳnno
et fillou-a pela mão
et dísse-ll':—Acá entrade,
Com' en sí naturalmente
a Uírgen á piadade.....

E ỳrei catar as arcas
se me ficou ý farỳnna.—
Et achou ende mui pouca
et fillou-a muit' agỳnna
en sas mãos, et foi logo
dereito aa cozỳnna
et diss' enton a seus omes:
—Da agua me caentade.
Com' en sí naturalmente
a Uírgen á piadade.....

Eles fezéron-o logo;
et desque foi ben caente,
fillou-s' aquel ome bõo
et non quis otro sergente,
mas él per sý fez as papas
mui ben et apostamente
et leuou-as en sa mão
de mui bõa uoontade.
Com' en sí naturalmente
a Uírgen á piadade.....

E á bõa moller logo
foi catar ú a leixara
pera dar-ll' aquelas papas
que a seu fill' adubara;
et achar sol non a pode,
et cuidou que se mudara
por pedir a outras portas;
et diss' äos seus:—Buscade
Com' en sí naturalmente
a Uírgen á piadade.....

Hỹa moller con seu fillo
que agor' aquí estaua.—
Eles se partíron logo
et cada uun a buscaua
quanto máis buscar podía,
mais neuun non a achaua.
Enton s' acordaron todos
que fazían neiçidade
Com' en sí naturalmente
a Uírgen á piadade.....

Buscar o que non podían
achar per nulla maneira:
enton tornaron a ele
et disseron:—Uerdadeira-
mente non ficou uila [1]
rua nen cal' nen carreira
que buscada non aiamos:
sen dúuida end' estade.—
Com' en sí naturalmente
a Uírgen á piadade.....

Pois que ll' aquesto disseron,
a ssa cada [2] deu tornada
et achou-a toda chẽa
de trijgu' e de ceuada,
et as arcas de farỳnna
chẽas, et tan auondada,
que auondar podería
a todolos da cidade.
Com' en sí naturalmente
a Uírgen á piadade.....

Enton aquel bõo ome
seue gran peça cuidando
de cómo uiú este feito,
et muito mentes parando;
et fez chamar os gentiles
et estéue-lles rogando

[1] Parece que debia decir *na uila*. Asi se completaria el octosilabo.

[2] La *d* de esta palabra está señalada con un punto encima, señal de correccion. Debe decir *casa*.

Digitized by Google

muito que d' aquesta cousa
lle dessen certãidade
Com' en sí naturalmente
a Uírgen á ẗiadade.....

Se podí' auer ontr' eles
algũa tal dëoessa
que fill' en braço trouxesse,
ou qué nom' auía essa,
que ll' a uerdade dissessen,
et fez-lles gran promessa..[1]
Et eles lle responderon:
—Atal allur a catade.—
Com' en sí naturalmente
a Uírgen á ẗiadade.....

Quando ll' est' ouueron dito,
él foi log' äos crischãos
et mostrou-lles este feito
et dísse-lles:—¡Ai, irmãos!
se á ontre uós omágen
que non an estes pagãos
de moller con fill' en braço,
de dúuida m' én sacade.—
Com' en sí naturalmente
a Uírgen á ẗiadade.....

Eles disseron:—Auemos
a Uírgen mui groríosa
que de Deus foi madr' e filla
et criada et esposa
et pariú et ficou uírgen,
cousa mui marauillosa.—
Enton diss' o gentil logo:
—A omágen m' amostrade.—
Com' en sí naturalmente
a Uírgen á ẗiadade.....

Eles log' aa eigreia
muit' agẏnna o leuaron
et a omágen da Uírgen
Madre de Deus ll' amostraron
con seu menẏno en braços,
et o feito lle contaron
de seu Fillo Iesu-Cristo,
om' e Deus en trijndade.
Com' en sí naturalmente
a Uírgen á ẗiadade.....

Quand' o gentil oyú esto,
rogou que o batiçassen,
et esto foi logo feito;
et ar rogou que rogassen
á Uírgen et a seu Fillo
et [2] consigo o leuassen,
quando do mundo saísse,
aa santa craridade.
Com' en sí naturalmente
a Uírgen á ẗiadade.....

E d' este miragre todos
deron mui grandes loores
aa Uírgen groríosa
que é Sennor das Sennores,
que mostra grandes miragres
sempre äos peccadores
por fazer que seian bõos
et se partan de maldade.
Com' en sí naturalmente
a Uírgen á ẗiadade,
assí naturalment' ama
os en que á caridade. [3]

CCCXXXVI.

Com' o caualeiro que era luxurioso, [4] per rogo que fezo a Santa María, cambiada [5] a natura, que sol depois nunca por tal preito catou.

Ben como punna o demo
en fazer-nos que erremos,
outrossí a Uírgen punna
como nos d' errar guardemos.

Ca assí com' ele sempre
anda buscando carreiras
pera mal fazer no mundo
falssas et mui mentireiras,

---

[1] Falta una sílaba á este verso. Acaso debiera haberse escrito *fezo-lles*.
[2] Debe ser yerro. El sentido requiere *que*.
[3] Falta aqui el estribillo, aunque hay espacio para escribirlo.
[4] Así en el Sumario y en la misma Cantiga. Aquí, equivocadamente, *luixurioso*.
[5] Así tambien en el Sumario. Parece que debiera decir *cambiara*.

Digitized by Google

assí ar [1] busca a Uírgen
santas et mui uerdadeiras
porque mercée aiamos
de Deus, que sempr' atendemos.
Ben como punna o demo
en fazer-nos que erremos..... [2]

E d' aquest' un gran miragre
que oý dizer-uos quero
que fezo hũa uegada
marauillos' e mui fero
a Uírgen mui groriosa
de que gran mercé espero:
et se ben nos ascuitardes,
de grado uol-o diremos.
Ben como punna o demo
en fazer-nos que erremos.....

Esto foi d' un caualeiro
que de coraçon amaua
a esta mui Groriosa,
et que sempre a loaua
quant' él máis loar podía,
et por seu amor ar daua
a pobres et a mesqýnnos:
esto de certo sabemos.
Ben como punna o demo
en fazer-nos que erremos.....

Este caualeiro era
grand' e apost' e fremoso,
manss' e de bon talante, [3]
sen orgull' e omildoso
et mesurad' en seus feitos;
pero tan luxurioso
era, que máis non podía
seer, per quant' aprendemos.
Ben como punna o demo
en fazer-nos que erremos.....

Pero quando lle nenbraua
a Sennor de ben conprida,
quedaua-ll' aquela coita
et era de bõa vida;
mais depois ll' escaecía,
como ome que s' obrida
et que non é en seu siso:
et de táes connocemos.
Ben como punna o demo
en fazer-nos que erremos.....

Él aquest' assí fazendo
et con o demo luitando,
non estand' en un estado,
mais caend' e leuantando,
uiú en uijon a Reýnna
dos cẽos, et él chorando
lle disse:—Sennor, mercée,
ca en tí a acharemos
Ben como punna o demo
en fazer-nos que erremos.....

Cada que fezermos erro;
porend' a ta santidade
rogo que m' aias mercée
et pola ta pïadade
non cates a cómo soon
mui comprido de maldade
eu et os máis d' este mundo
por pecados que fazemos.—
Ben como punna o demo
en fazer-nos que erremos.....

Enton a Uírgen mui santa
catóo come sannuda
et dísse-ll':—A esperança
que ás en mí é perduda
se d' aquesto que tú fazes
teu coraçon non se muda
et non leixas aquel erro
que nós muit' auorrecemos.—
Ben como punna o demo
en fazer-nos que erremos.....

Enton diss' o caualeiro:
—Mia Sennor, eu soon uosso,
et a uós per nulla guisa
mentir non deuo nen posso;
mais est' erro per natura
ben des Adan exe nosso,
de que non seremos sãos
se per uós non guarecemos.—
Ben como punna o demo
en fazer-nos que erremos.....

---

[1] Tal vez en lugar de *as*.
[2] Falta el estribillo en esta estrofa y la siguiente.
[3] Falta una sílaba. Acaso se debiera haber escrito *mansso*.

Digitized by Google

Enton lle respondeu a Uírgen [1]
mui comprida de mesura:
—Porque teu ben connocemos
et entendes ta loucura,
eu farei que o meu Fillo
te cambiará a natura
que iá máis esto non faças;
ca d' esto poder auemos.—
Ben como punna o demo
en fazer-nos que erremos.....

Enton foi-ss' a Uírgen santa,
et logo en outro dia,
por poder da groriosa
bẽeita Santa María,
o caualeiro que ánte
con gran luxuri' ardía
tornou máis frio ca neue:
nos miragres lo leemos.
Ben como punna o demo
en fazer-nos que erremos..... [2]

E uiueu depóis sa uida
quamanna Deus quis et quanta
mui bõa, assí com' ome
que sempr' en seu ben auanta,
por prazer da Groriosa
que äo demo quebranta,
a que sempre peccadores
porende loores demos.
Ben como punna o demo
en fazer-nos que erremos,
outrossí a Uírgen punna
cómo nos d' errar guardemos.

CCCXXXVII.

Como Santa María guardou un fillo d' um ome bóo que non morresse quando caeu o caualo sobr' él.

Tan gran poder á a Uírgen
äos da terra guardar
de mal, come äos outros
que nunca passaron mar.

E d' aquest' un gran miragre
direi, onde deuoçon
aueredes poi-l' oýrdes,
que conteu a uun baron
que a Vltramar quería
ýr, et foi ý en uijon
et uíra ý muitas cousas;
mais fóron-ó espertar,
Tan gran poder á a Uírgen
äos da terra guardar.....

E colleu tal antollança
polo fazer entender,
que con todos contendía;
et macar ll' ýan dizer
que en ben se soltaría,
non ll' o quería creer,
ant' ýa trauar en muitos
et dos panos lles tirar
Tan gran poder á a Uírgen
äos da terra guardar.....

Assí que lle los tollía,
segundo que aprendí.
Et esta door auía
tan forte, creet [3] a mj,
que toda ren que achasse
enton a redor de ssý,
trauaua d' ela de grado
et depois a braadar
Tan gran poder á a Uírgen
äos da terra guardar.....

Se fillaua mui de rrijo,
segundo aprendí eu.
Et este baron auía
uun menýnno fillo seu
que mui máis ca sí amaua;
porend' un dia lle deu
un seu caual' en que fosse,
polo máis apessõar.
Tan grand' poder á a Uírgen
äos da terra guardar.....

E ýnd' en aquel caualo,
ouu' assí de contecer
que d' ũa muit' alta ponte
foi o menýnno caer,
et o caualo con ele,

---

[1] Sobra una sílaba: probablemente será el pronombre *lle*.
[2] Falta aquí el estribillo. La estrofa termina en fin de columna.
[3] *Creed* en otros lugares. La terminacion empleada aquí por el copiante se encuentra rarísima vez.

Digitized by Google

et ouueron de morrer;
mais o padr' abriú a boca
et á Uírgen foi chamar
Tan gran poder á a Uírgen
äos da terra guardar.....

Dizend' a mui grandes uozes:
«Ual-me, Rëÿnna Sennor.»
Enton a Vírgen bẽeita
que seu fillo Saluador
tijnna ontre seus braços,
ouue da uoz tal pauor
como quando Rei Herodes
lle quis seu fillo matar.
Tan gran poder á a Uírgen
äos da terra guardar.....

E mandou a esses santos
que o fossen acorrer,
que ý estauan, et ela
foi o seu Fill' asconder,
con medo d' aquel braado,
que o non podes' auer
Rei Herodes; et porende
foi logo passar o mar.
Tan gran poder á [1] Uírgen
äos da terra guardar.....

D' esta guisa con seu Fillo
fugiú a Jerussalem
a Uírgen Santa María,
et guariú acá mui ben
o menÿnn' e o caualo
que se non feríron ren:
et o padr', a bouc' aberta,
fillou-sse Deus a loar.
Tan gran poder á a Uírgen
aos da terra guardar.....

Assí soub' a Groriosa
con o seu Fill' escapar
da boca de Rei Herodes
que ll'-o quería tragar.
Tan gran poder á a Uírgen
aos da terra guardar
de mal, come äos outros
que nunca passaron mar.

CCCXXXVIII.

Como Santa Maria guareceu na cidade de Éuora uun ome que era cego.

Muitos que pelos pecados
que fazen perden o lume,
guarece Santa María;
ca atal é seu costume.

D' esto direÿ un miragre
que fezo a Uírgen santa,
Madre de Deus groriosa,
que nos faz mercée tanta,
que nos dá saud' e siso
et äo demo quebranta
que nos quer äo jnferno
leuar, en que nos afume.
Muitos que pelos peccados
que fazen perden o lume.....

Un ome bõo auía
en Éuora na cidade
que auía seu mancebo,
per com' aprix' en uerdade,
que lle fazía seruiço
laurándo-lle sa herdade
et a que muitas uegadas
dizía: «Uai et adume
Muitos que pelos peccados
que fazen perden o lume.....

«Tal ou tal cous'.» E él logo
mui de grado o fazía;
et porend' o ome bõo
atan gran ben lle quería,
que a máis de sa fazenda
toda per ele tragía;
ca non lle fazía cousa
de que ouuesse queixume.
Muitos que pelos peccados
que fazen perden o lume.....

Onde ll' aũo uun dia
a aquel manceb', andando

[1] El amanuense omitió aqui por olvido el artículo *a*.

Digitized by Google

con seus bois en a arada
et mui de grado laurando,
que cegou d' ambol-os ollos
et fóron-sse-ll' apertando
come se fossen apresos
con uisco ou con betume.
Muitos que pelos peccados
que fazen perden o lume.....

Tan tost' os que con él eran
pelas mãos lo fillaron
et a casa de seu amo
adestrado o leuaron;
et poil-o uiú tan maltreito,
él e os outros choraron,
dizendo:—Reý Ihesu-Christo,
tú que en Jordan no frume,
Muitos que pelos peccados
que fazen perden o lume.....

Sennor, fuste batiçado,
fas que aquest' ome ueia.—
Póis ben a cabo do ano
foron aa grand' eigreia
que é de Santa María,
ú gran uertude sobeia
mostra de sãar enfermos,
ond' an feit' un gran uolume.
Muitos que pelos peccados
que fazen perden o lume.....

En a eigrei' aquel dia
ardían muitas candeas
que fazían chama crara
sen fumo, non come teas;
enton uiú aquel mancebo
et diz:—Non son éstas feas.—
Et iurou que en tal dia
non comess' erg' a legume.
Muitos que pelos pecados
que fazen perden o lume,
guarece Santa María;
ca atal é seu costume.

CCCXXXIX.

Esta é como Santa Maria guardou hũa naue que non peri. goasse no mar.

En quántas guisas os seus acorrer
sab' a Uírgen, non se poden [1] dizer.

Ca acorre en coit' e en pesar
et en door a quen a uai chamar,
et acorre nas tormentas do mar:
ond' un miragre quero retraer.
En quántas guisas os seus acorrer..... [2]

No reino de Murça un logar é
mui forte et mui nobre et que sé
sobelo mar, et iur' en bõa fé
que muit' adur pod' om' atal ueer.
En quántas guisas os seus acorrer.....

Este logar Alacante nom' á,
et omes per mar muitos uan alá
et per terra; ca en logar está
d' as gentes muit' ý de sa prol fazer.
En quántas guisas os seus acorrer.....

Porend' en Cartagena se partiú
hũa naue, et eu uý quen a uiú;
et ýnd' alá, pelo fondo s' abriú
assí que muita d' agua foi coller.
En quántas guisas os seus acorrer.....

Os que na uaue ýan log' enton
äos santos fezeron oraçon;
mais uun ome bõo lles disse:—Non
á ý quen nos possa tanto ualer
En quántas guisas os seus acorrer.....

Como a Uírgen que Madr' é de Deus,
que senpr' aiuda et acorr' os seus;
et porend' ora ¡ai, amigos meus!
mercée lle peçamos sen lezer.—
En quántas guisas os seus acorrer..... [3]

[1] En el Sumario *pode*.
[2] Falta el estribillo en este lugar.
[3] Omitido el estribillo por falta de espacio en la columna.

Digitized by Google

E eles o fezeron log' assý,
et póis cataron a naue des ý
per ú entrara a agua, et ý
foron todos por conssell' ý põer.
En quántas guisas os seus acorrer.....

E o conssello d' eles foi atal
que sacassen, et non fezessen ál,
a agua da naue. Mais a que ual
ãos coitados lles foi ý ualer;
En quántas guisas os seus acorrer.....

Ca per ú a naue se foi abrir
foi ý tres peixes enton enxerir,
assí que non pod' entrar nen sayr
agua per ý póis nen enpeecer.
En quántas guisas os seus acorrer.....

Aos da naue foi enton gran ben
quand' esto uíron; et deron porén
graças a aquela que nos manten:
des í foron logo porto prender
En quántas guisas os seus acorrer.....

En Alecant'; e logo que chegou
a nau', o maestre d' ela catou
per ú entrara a agu', e achou
tres peixes engastõados iazer
En quántas guisas os seus acorrer.....

Na naue, que non á tan sabedor
maestre nen tan calafetador
que podesse calafetar mellor
per cousa que ý podesse meter.
En quántas guisas os seus acorrer.....

Enton o maestr' os peixes prendeu
et os dous que eran mortos comeu,
et o que ficara uiuo prendeu [1]
ant' o altar polo todos ueer,
En quántas guisas os seus acorrer.....

Na eigreia da Madre do gran Rej
que fez muitos miragres, com' eu sej,
por que a lóo sempr' e loarej
en quant' en aqueste mundo uiuer.
En quántas guisas os seus acorrer
sab' a Uírgen, non se poden dizer.

CCCXXXX.

Esta é de loor de Santa Maria. [2]

Uírgen Madre groriosa, [3]
de Deus filla et esposa,
santa, nobre, preciosa,
¿quén te loar sabería
ou podía?

Ca Deus que é lũa et dia,
segund' a nossa natura
non uíramos sa figura
senon por tí que fast' alua.
Uírgen Madre groriosa,
de Deus filla et esposa.....

Tú es alua dos aluores
que fazel-os peccadores
que ueian os seus errores
et connoscan sa folía
que desuía [4]
Uírgen Madre groriosa,
de Deus filla et esposa.....

D' auer om' o que deuía
que perdeu por sa loucura
Eua, que tú, Uírgen pura,
cobraste, porque es alua.
Uírgen Madre groriosa,
de Deus filla et esposa.....

Tú es alua dos mesqýnnos
que non erren os camýnnos,
a grandes, a pequenýnnos;
ca tú lles mostras a uía
per que ýa
Uírgen Madre groriosa,
de Deus filla et esposa.....

[1] Tal vez en lugar de *pendeu*.
[2] Así en el Sumario. El amanuense omitió aquí el epígrafe, por falta de espacio despues de la miniatura con que encabeza la Cantiga.
[3] Falta la *U* inicial, para cuyo dibujo quedó espacio.
[4] Estos dos últimos versos forman uno solo, aunque, segun es costumbre, está indicada su division con un punto. Lo mismo sucede en las demás estrofas pares y en el estribillo. En la Cantiga II de las Fiestas de Santa María, que es repeticion de ésta, se hizo la division.

Digitized by Google

O teu Fillo todavía,
que nos sacou da escura
carreira máa et dura
per tí que es nossa alua.
Vírgen Madre groriosa,
de Deus filla et esposa.....

Tú es alua dos culpados
que cegos por seus pecados
eran; mais alumeados
son per tí, Santa María.
¿Quén diría,
Vírgen Madre groriosa,
de Deus filla et esposa.....

Nen quén osmar podería
teu ben et ta gran mesura?
Ca sempre en tý atura
Deus a luz ond' es tú alua.
Vírgen Madre groriosa,
de Deus filla et esposa.....

Tú es alua per que uisto
foi o Sol, que este Cristo
que o mund' ouue conquisto
et sacado du iazía
et iaría,
Vírgen Madre groriosa,
de Deus filla et esposa.....

E de que non säirýa;
mais Deus por tí da altura
quis de tí sa creatura
nacer, et fez de tí alua.
Vírgen Madre groriosa,
de Deus filla et esposa.....

Tú es alua dos que creen
et lume dos que non ueen
a Deus, et que por mal tẽen
o ben per sa bauequía
d' eresía,
Vírgen Madre groriosa,
de Deus filla et esposa.....

Que é máa ousadía,
et Deus non á d' estos cura;
mais pela ta [1] gran cordura
lles dás lume come alua.
Vírgen Madre groriosa,
de Deus filla et esposa.....

Tú es alua que pareces
ante Deus et escrareces
os cëos, et que mereces
d' aueres sa conpanía.
Et querría-
Vírgen Madre groriosa,
de Deus filla et esposa.....

T' eu ueer con él, ca sería
quito de máa uentura
et metudo na folgura
ú es con Deus, ú es alua.
Vírgen Madre groriosa,
de Deus filla et esposa,
santa, nobre, preciosa,
¿quén te loar sabería
ou podía?

CCCXXXXI.

Como Santa María do Poỳ saluou hũa dona d' erro que ll' apoynna seu marido.

Com' á gran pesar a Uírgen
dos que gran pecado fazen,
outrossí en saluar punna
os que en torto non iazen.

D' esto direi un miragre
que en terra de Gasconna
fez a Uírgen groriosa
que sobre nós mão ponna
porque äo gran ioízo
non uaámos con uergonna
ant' [2] aquel que as maldades
et os erros se desfazen. [3]
Com' á gran pesar a Uírgen
dos que gran pecado fazen.....

Alý foi un caualeiro
grand' e apost' e fremoso
et enparentado muito
et rico et poderoso;

[1] Así en la repeticion de esta Cantiga. Aquí se escribió *per ta*, con lo cual es incompleta la medida.
[2] Escrito *ante* y tachada la *e*.
[3] Las dos primeras letras de esta palabra fueron raspadas para escribir la nota musical, y escritas despues en pequeño tamaño con pluma y tinta diferentes.

Digitized by Google

mais casou con hũa dona
et foi d' ela tan cëoso
como sse fezesse torto
en que outras muitas iazen.
Com' á gran pesar a Uírgen
dos que gran pecado fazen.....

En coidando que ll' errara,
dáua-lle mui máa uida,
et muitas uezes maltreita
era d' él et mal ferida:
et de comer pouc' auía,
ar andaua mal uestida;
ca molleres con maridos
cëosos tal uida fazen.
Com' á gran pesar a Uírgen
dos que gran pecado fazen.....

A dona marauillada
foi d' esto que lle fazía,
et mui coitada chorando
con ele falou uun dia
et dísse-ll' assí:—Marido,
de grado saber querría
de uós se an d' auer pena
os que en torto non iazen.—
Com' á gran pesar a Uírgen
dos que gran pecado fazen.....

Diz él:—¿Por qué mi-o dizedes?—
Diss' ela:—Porque uos ueio
andar contra mí sannudo,
de que ei medo sobeio;
et de saber por qué este
ren tan muito non deseio,
et os que me mezcran uosco,
par Deus, mui gran torto fazen.—
Com' á gran pesar a Uírgen
dos que gran pecado fazen.....

Dísse-ll' él:—A min disseron
que me fazedes torto, [1]
et tan gran pesar ei ende,
que querría seer morto;
ca de tal cousa com' esta
non poss' eu auer conorto;
et máa uentura uenna
a quantos en esto iazen.—
Com' á gran pesar a Uírgen
dos que gran pecado fazen.....

Diss' ela:—Iá Deus non queira
que en tal torto iaça, [2]
et non á no mundo salua
que eu sobr' esto non faça;
et se quer, en un gran fogo
en mëo d' aquela praça
me meterei; ca non soon
d' aquelas que esta [3] fazen.—
Com' á gran pesar a Uírgen
dos que gran pecado fazen.....

Diss' ele:—Par Deus, no fogo
non quero que uos quemedes,
mais en aquel altar santo
do Poi quero que iuredes
que torto non me fezestes,
et ar quero que saltedes
de cima d' aquela pena
con esses que iuso iazen.—
Com' á gran pesar a Uírgen
dos que gran pecado fazen.....

Diss' ela:—De mui bon grado
farei o que me mandaides [4]
en tal que máa sospeita
per ren de mí non aiades.—
Et pera o Poý se foron,
et de certo ben sabiádes
que foron ý grandes gentes
come en as festas fazen.
Com' á gran pesar a Uírgen
dos que gran pecado fazen.....

E pois disseron a missa,
sobr' o altar pos' as mãos,
iurando que non ll' errara
pela lée dos crischãos
. . . . . .
. . . . . .
. . . . . .
. . . . . [5]
Com' á gran pesar a Uírgen
dos que gran pecado fazen.....

[1] Falta una sílaba á este verso. Tal vez sea la palabra *nós*.
[2] Falta una sílaba. Acaso la palabra *eu*.
[3] Debe de ser yerro, en lugar de *esto*.
[4] *Man lades* requieren la propiedad y la rima.
[5] Hay un claro con las líneas en que se debian haber escrito los cuatro versos que faltan.

Digitized by Google

Desque aquest' ouue dito,
log' ante toda a gente
sobiú encima da pena
correnḍ esforçadamente,
et diss a mui grandes uozes:
«Madre d' aquel que non mente,
ual-me, ca tú senpre uales
äos que torto non fazen.»
Com' á gran pesar a Uírgen
dos que gran pecado fazen.....

Pois sa razon acabada
ouu', en uun brial ben feito
ficou, sen null' outro pano,
et catou et uiú o geito
muit' alt' e muit' espantoso;
mais pauor per nïun preito
non ouue, com' an aquelas
que en culpa mortal iazen.
Com' á gran pesar a Uírgen
dos que gran pecado fazen.....

E leixou-sse caer logo
sen nihũa deteença,
auendo en Santa María,
que é uerdade, creença,
que quis que as cousas duras
lle fezessen reuerença
en lle seer saborosas,
ben come as moles fazen.
Com' á gran pesar a Uírgen
dos que gran pecado fazen.....

Assí que non foi ferida
nen en pée nen en mão
nen en niuun outro nenbro,
ant ouu' o corpo ben são;
et o logar que esquiuo
era, tornou-sse-lle chão,
pero o logar é duro
et muitas pedras ý iazen.
Com' á gran pesar a Uírgen
dos que gran pecado fazen.....

O marido, pois uiú esto,
perdeu todos seus antollos
et foi mui correnḍ ant' ela
logo ficar os gẽollos
et dísse-ll':—¡Ai, santa dona!
(muito chorando dos ollos)
perdõa-me, ca perdõa
Deus äos que erro fazen.
Com' á gran pesar a Uírgen
dos que gran pecado fazen.....

Ela perdõou-lle logo,
et deron todos loores
aa Uírgen groriosa
que é Sennor das Sennores;
et tan toste o miragre
meteron ontr' os mayores
miragres, en o gran liuro
en que outros muitos iazen.
Com' á gran pesar a Uírgen
dos que gran pecado fazen,
outrossí en saluar punna
os que en torto non iazen.

CCCXXXXII.

Como Santa Maria fez parecer a sa omage d' ontre hũas pedras mármores que asserrauan en Costantinopla.

Con razon nas creaturas
figura pode mostrar
Deus [1] de sí ou de sa Madre,
pois elas quis fegurar.

Ca en fegurar as cousas
da fegura que og' an
nen d' outras naturas muitas,
non prendeu nen prend' affan
Deus, nen sol filla cuidado
de as fegurar; ca tan
gran poder á no começo
ben come no acabar.
Con razon nas creaturas
figura pode mostrar.....

E porende, se nas pedras
faz feguras parecer,
non deue aquesto null' ome
por marauilla tẽer,
nen outrossí en as eruas;
ca él xas faz nacer [2]

[1] La palabra *deus*, omitida por el amanuense, está escrita en abreviatura sobre el renglon.

[2] Falta una silaba á este verso. Acaso debiera decir *de* en lugar de *él*.

Digitized by Google

et dá-lles muitas coores
por a nós ben semellar.
Con razon nas creaturas
figura pode mostrar.....

Porend' en Costantinopla
auẽo, com' aprendí,
que Don Manuhel, o bõo
Emperador, mandou ý
fazer eigreia mui nobre,
et mármores, com' oý,
mandou trager de mui longe
et per mẽo as serrar
Con razon nas creaturas
figura pode mostrar.....

Por fazer táuöas grandes
pora põer en redor
do altar da Uírgen santa
Madre de nostro Sennor.
Et ú serrauan uun d' eles,
uíron dentro, de coor
a ssa omágen pintada
ben qual xa quis Deus pintar,
Con razon nas creaturas
figura pode mostrar..... [1]

. . . . . .
. . . . . .
. . . . . .
. . . . . .
. . . . . .
. . . . . .
. . . . . .
. . . . . .

Con razon nas creaturas
figura pode mostrar.....

Seendo seu Fill' en braço,
que d' ela carne fillou.
Poil-o Emperador esto
soube, logo caualgou,
et pois que uiú a omágen,
tan toste a äorou
et fez-la põer na porta
per ú auían d' entrar.
Con razon nas creaturas
figura pode mostrar.....

E alý ssé oge dia,
en que an gran deuoçon
todos. Et a santa Uírgen
fez esto por tal razon
porque pode do culpado
omanyar-ll' o coraçon
da sa graça, pois la pedra
mui dura foi omanyar.
Con razon nas creaturas
figura pode mostrar
Deus de sí ou de sa Madre,
pois elas quis fegurar.

CCCXXXXIII.

Como Santa María de Rocamador guariú húa manceba demoniada de demonio mudo, et fez que falasse.

A Madre do que o demo
fez no mudo [2] *que falasse,*
fezo a outro diabo
fazer como se calasse.

Ca diz en o Euangéo
d' un ome que non falaua
en que iazía o demo;
mais aquel Deus que sãaua
todalas enfermidades
et mortos ressucitaua,
atanto [3] que o uiú, logo
mandou-lle que non leixasse
A Madre [4] *do que o demo*
fez no mudo que falasse.....

De falar, et que dissesse
todo quanto que sabía.
Et d' él aquesta uertude
ouue póis Santa María
que fezo un gran miragre
de que uos dizer querría

[1] Sigue un espacio rayado con ocho lineas. La hilacion de sentido no se interrumpe, sin embargo, entre esta estrofa y la que sigue.

[2] Así en el Sumario, y esto se deduce tambien de la primera estrofa. Aquí se escribio equivocadamente *mundo*.

[3] El amanuense escribió solamente *tan.o*. La *a* y su correspondiente nota musical fueron añadidas por distinta pluma, fuera del pentagrama.

[4] Falta la A inicial. Quedó espacio para dibujarla.

Digitized by Google

en tal que gente m' oýsse
que me mui ben ascuitasse.
A Madre do que o demo
fez no mudo que falasse.....

Ond' auẽo en Caorce
d' ũa moller que ssa filla
ouue mui grande fremosa;
mais o dïabo, que trilla
äos seus, fillou-a forte-
mente a gran marauilla,
et dizía toda cousa
a quen ll'-a enpreguntasse.
A Madre do que o demo
fez no mudo que falasse.....

A madre, con coita d' ela,
foi correnḍ' aa eigreia
et äo capelan disse:
—Por Deus mercée uos seia
que acorrades mia filla
que con o demo peleia:—
dizendo ca med' auía
que no fogo a deitasse.
A Madre do que o demo
fez no mudo que falasse.....

Él fillou agua bẽeita
et foi alá mui de grado,
et log' o demo lle disse:
—¡Ai, crérigo escomugado! [1]
¿et cómo sol falar ousas?
ca agora tal peccado
feziste, que gran dereito
faría quen te matasse.
A Madre do que o demo
fez no mudo que falasse.....

E demáis que trages agua
bẽeita et es maldito:
a per poucas non me ora
que os ollos non te brito.—
Quando o crérigo oýú esto, [2]
punnou de seer d' él quito;
ca mui gran pauor auía
que o chus non dẽostasse.
A Madre do que o demo
fez no mudo que falasse.....

E poil-o capelan foi ido, [3]
a todos quantos entrauan
por ueel-a lles dizía
aquelo en que pecauan,
ond' auían gran uergonna
et porén se recëauan
tanto d' ela, que apénas
achauan quen ý entrasse.
A Madre do que o demo
fez no mudo que falasse.....

A madre, pois uiú aquesto,
con pesar et con uergonna
a Rocamador leuou-a,
que é preto de Gasconna,
et diss': «¡Ai, Santa María!
roga teu Fillo que ponna
consell' en esta mia filla
cóm' o demo á leixasse.
A Madre do que o demo
fez no mudo que falasse.....

«Ca, sen que a ten coitada,
faz-lle que diga nemiga
a todos, ond' ei uergonna
tal, que sol non sei que diga;
mas tú que es uerdadeira
Madre de Deus et amiga,
mandásses-lle que se fosse
d' ela et se desterrasse.»
A Madre do que o demo
fez no mudo que falasse.....

A oraçon d' esta dona
log' a Uírgen ouu' oýda,
et fezo calar o demo
et foi a moça guarida;
et deron porén loores
aa Sennor mui conprida

---

[1] *Escomũgado* es la forma en que esta voz se halla en otros lugares.

[2] Al márgen de este verso se hizo la señal acostumbrada para llamar la atencion. Tal vez se pensaría elidir la *o* final de las palabras *quando* y *crérigo* con objeto de evitar las sinalefas, que son contrarias al sistema métrico usado en las Cantigas.

[3] Sobra una sílaba. Debe ser la conjuncion *E*.

Digitized by Google

a que quen quer as daría
que sse comigo conssellase. [1]
A Madre do que o demo
fez no mudo que falasse,
fezo a outro diabo
fazer cómo se calasse. [2]

CCCXXXIIII.

Como Santa María de..... [3] fez a hũa caualgada de crischãos et outra de mouros que maseron hũa noite cabo da sa eigreia et non se uiron, por non auéren ontr' eles desauẽença.

Os que a Santa María
saben fazer reuerença,
macar se non amen eles,
ela met' ý auẽença.

Ca a que este comprida
de ben et de santidade,
ama paz et auẽença
et amor et lealdade.
Et d' est' un mui gran miragre
direi, et ben m' ascuitade,
que ela fez en Tudía;
et meted' ý ben femença.
Os [4] *que a Santa María*
saben fazer reuerença.....

No tempo quando de mouros
foi o reino de Seuilla,
en aquela ssa eigreia
de Todía [5] marauilla
conteceu hũa uegada;
et mui gran sabor me filla
de dizer cómo foi esto
por auerdes máis creença.
Os que a Santa María
saben fazer reuerença.....

Gran caualgada de mouros
sayú pera os crischãos
correr et fazer-lles dano;
et passou serras et chãos
et chegaron a Tudía,
todos sas lanças nas mãos,
et ben a par da eigreia
pousaron sen deteença.
Os que a Santa María
saben fazer reuerença.....

Assí foi que essa noite
muit' en paz alý iouueron.
Et d' outra parte crischãos
sa caualgada fezeron,
et cabo d' essa eigreia
bẽes os outros maseron;
ca d' aquel logar partir-sse
non ouueron atreuença.
Os que a Santa María
saben fazer reuerença.....

E tan cerca essa noite
uuns d' outros albergaron,
que máis cerca non podían;
et na font' abeueraron
seus caualos a beuéren,
et tanto non braadaron
que s' oýssen nen se uíssen
nen soubessen connocença.
Os que a Santa María
saben fazer reuerença.....

Assí tod' aquela gente
foi dess uun albergada
a derredor da eigreia,
que sol non sentíron nada
uuns d' outros, por uertude
da Rẽýnna corõada
a que todos essa noite
fezeron obedeença.
Os que a Santa María
saben fazer reuerença.....

Outro dia madurgada
todos d' alý se partíron;
et depois que caualgaron
et sen sospeita se uíron,

---

[1] Sobra úna sílaba al verso.
[2] Omitido aquí el estribillo por falta de espacio en la plana.
[3] Parece, por el contexto de la Cantiga, que debe decir *Tudía*. El amanuense omitió este nombre así en este lugar como en el Sumario.
[4] Falta la *O* inicial. El copiante dejó espacio para dibujarla.
[5] *Tudía*, segun se lee en las estrofas anterior y posterior á ésta.

Digitized by Google

muito s' én marauillaron;
des í treguas se pedíron
por auéren d' este feito
cómo fora connocença.
Os que a Santa María
saben fazer reuerença.....

Pois que a tregua ouueron
et eles todos iuntados
foron et de cóm' o feito
fora, foron acordados
en cómo fora miragre;
et partíron-sse pagados
et fons [1] uuns a Eluas,
os outros a Oliuença.
Os que a Santa María
saben fazer reuerença,
macar se non amen eles,
ela met' ý auẽença.

CCCXXXXV.

Como Santa Maria mostrou en uison a uun Rei et a hũa Reẏnna cómo auia gran pesar porque entraron mouros a sa capela [2] de Xerez.

Sempr' [3] a Uírgen groriosa
faz äos seus entender
quando en algũa cousa
filla pesar ou prazer.

E d' esta gran marauilla
uun chanto mui doorido
uos direi, que end' auẽo,
sol que me seia oýdo,
que conteceu en Seuilla
quando foi o apelido
dos mouros como ganaron
Xerez con seu gran poder.
Sempr' a Uírgen groriosa
faz äos seus entender..... [4]

Enton el rei Don Affonso,
fillo del rei Don Fernando,
reinaua, que da Rẽynna
dos cẽos tijnna bando
contra mouros et crischãos
máos, et demáis trobando
andaua dos seus miragres
grandes que sabe fazer.
Sempr' a Uírgen groriosa
faz äos seus entender.....

Éste dous anos auía,
ou ben tres, que gaannara
Xerez et que o castelo
de crischãos ben pobrara;
pero a vila dos mouros
com' oẏ estaua leixara,
et auẽo que por esto
a ouuera póis a perder.
Sempr' a Uírgen groriosa
faz äos seus entender.....

Ca os mouros espreitaron
quando el Rei ben seguro
estaua d' eles, et toste
foron fazer outro muro
ontr' o castel' e a vila,
muit' ancho et forte duro,
et d' alý os do castelo
filláron-ss' a conbater
Sempr' a Uírgen groriosa
faz äos seus entender.....

Tan feramente, en guisa
que uun ric' ome onrrado
muito, que dentro iazía,
et Don Nun' era chamado,
con peça de caualeiros,
foi de tal guisa coitado,
que al Reẏ enuiou logo
que o mandass' acorrer.
Sempr' a Uírgen groriosa
faz äos seus entender.....

El Reẏ, quand' oẏú aquesto,

---

[1] Es equivocacion manifiesta. Debió haberse escrito *forons* (fóron-s').

[2] La palabra *capela* está escrita sobre raspado, y hecha al márgen la señal de correccion.

[3] Al márgen se escribió una *N* entre dos puntos. Tal vez sea indicacion de que ha de sustituir á la *m* de esta palabra. Con ambas letras se ve escrito en los códices.

[4] En el tercer verso omitió el amanuense, distraidamente, la preposicion *en*, escribiendo:
quando algũa cousa.

Digitized by Google

fez logo toda sa oste
mouer, et ar mandou logo
sacar seu pendon mui toste
de Seuilla, et ssa tenda
et cozỹnna et reposte,
querendo ỹr aquela noite
a Guadeýra maner.
Sempr' a Uírgen groriosa
faz äos seus entender.....

E él estand' en aquesto,
ar uẽo-ll' outro mandado
de Don Nuno, que lle disse
de cóm' estaua cercado
et que per seu corpo fosse
ll' acorrer; se non, pagado
per outr' ome non sería.
Et el Rei foi aprender
Sempr' a Uírgen groriosa
faz äos seus entender.....

Que esto que ll' enuiaua
dizer que o aiudasse,
que por ál non o fazía
senon que quando chegasse
el Rei a Xerez, que logo
o castelo ll' entregasse,
que per dereit' e per foro
non deuía a seer.
Sempr' a Uírgen groriosa
faz äos seus entender.....

Quand' el Reỹ oỹú aquesto,
connoceu as maestrías
con que ll' andaua, et logo
fillou sas caualerías
que ll' enuiou en acorro,
et foron ý en dous dias
et tan toste que chegaron
foỹ-os logo a ueer.
Sempr' a Uírgen groriosa
faz äos seus entender.....

E él dísse-lles que grande
prazer con eles auía;
mais que aquele castelo
per ren tẽer non podía
et que per nulla maneira
en él morrer non quería.
Et a eles rogou muito
que o fossen receber.
Sempr' a Uírgen groriosa
faz äos seus entender.....

Eles, quand' oýron esto,
atal acordo tomaron
que leixassen no castelo
poucos omes; et leixaron
máos et tan mal guisados
et assí o aguisaron,
que ánte de meỹo dia
s' ouu' o castel' a perder.
Sempr' a Uírgen groriosa
faz äos seus entender.....

E prenderon quantos eran
en ele sen demorança;
et britaron a capela
da que é noss' anparança,
et fillaron a omágen
feita a ssa semellança
et foron pola queimaren,
mais sol nunca pod' arder.
Sempr' a Uírgen groriosa
faz äos seus entender.....

Aa ora que aquesto
fazían, ben en Seuilla
iazía el Reỹ dormindo
na sesta; et marauilla
uiú en sonnos, cóm' aquela
que é de Deus Madr' e filla
oýa en a capela
de Xerez uozes meter.
Sempr' a Uírgen groriosa
faz äos seus entender.....

E tragía en seus braços
uun tan fremoso minỹnno,
que máis seer non podía
pero era pequenỹno; [1]
et correndo aa porta
da capela mui festỹnno,
uijnna con él fugindo,

[1] La rima exige que diga *pequenỹnno*, que es, además, la forma en que comunmente se encuentra escrita esta palabra.

Digitized by Google

ca uiía fog' acender
Sempr' a Uírgen groriosa
faz äos seus entender.....

Dentro et de grandes chamas
arder toda a capela;
et porend' ela changendo
se chamaua «¡Ai, mesela!
se perez' aqueste mjnẏnno [1]
que é cousa atan bela,
querría eu mil uegadas
ánte ca ele morrer.»
Sempr' a Uírgen groriosa
faz äos seus entender.....

E a el Reẏ semellaua
que lle dizía:—Uuiade,
et por Deus este minẏnno
que trag' en braços fillade
que o non queim' este fogo,
et se quer a mí leixade;
ca se ele ficar uiuo,
eu mal non posso auer.—
Sempr' a Uírgen groriosa
faz äos seus entender.....

El Rei, quand' aquest' oẏa,
foi logo fillar correndo
äo menẏn' e á Madre
do fogo que muit' ardendo
estaua a grandes chamas.
Et él chorand' e gemendo
despertou d' aqueste sonno
et fillou-o a dizer
Sempr' a Uírgen groriosa
faz äos seus entender.....

A sa moller a Reẏnna
que iazía en o leito
cabo d' él, e este sonno
lle contaua tod' aeito;
et ela lle respondía
ben de dereit' en dereito:
—Outro tal ei eu sonnado
que uos quero retraer.—
Sempr' a Uírgen groriosa
faz äos seus entender..... [2]

Enton lle contou todo [3]
aquel sonno que sonnara,
et cómo a Santa Uírgen
ben do fogo a chamara
que lle tiras' o minẏnno;
et que ela os tirara
ambos do fogo, en saluo [4]
os fora enton põer.
Sempr' a Uírgen groriosa
faz äos seus entender.....

Logo el Reẏ et a Reẏnna
por aquesto entendudo
ouueron que o alcáçar
de Xerez era perdudo
et a omágen da Uírgen
auía mal recebudo;
et porende se fillaron
d' aquesto muit' a doer.
Sempr' a Uírgen groriosa
faz äos seus entender.....

Mas depois, a poucos dias
quiso Deus que gaannada
Xerez este Rei ouuesse
et de crischãos pobrada,
et a omágen da Uírgen
en a capela tornada
con mui gran precisson fosse
segun deuía seer.
Sempr' a Uírgen groriosa
faz äos seus entender.....

E el Reẏ et a Reẏnna
et seus fillos, que uẽeron
ẏ con eles, a Deus graças
porende mui grandes deron.
Et quantos aqueste feito
oẏron póis et souberon,
o nome da santa Uírgen

---

[1] Sobra una sílaba á este verso. Puede ser que se escribiera *aqueste* en lugar de *este*.

[2] Falta el estribillo en este lugar. La estrofa termina en fin de columna.

[3] Falta una sílaba á este verso, á no hacer diéresis en *contou*. Puede conjeturarse que se omitió por olvido la conjuncion *E* con que acaso debería empezar.

[4] Parece que debiera decir:

ambos do fog' e en saluo

Digitized by Google

fillaron a bẽeizer.
Sempr' a Uírgen groriosa
faz äos seus entender
quando en algũa cousa
filla pesar ou prazer.

CCCXXXXVI.

Como Santa María guariú hũa moller d' Estremoz do braço et da garganta que ll' ẏnchara.

Com' a grand' enfermidade
en sãar muito demora,
assí quen guarez' a Uírgen
é guarid' en pouca d' ora.

Onde d' esta razon grande
miragre contar uos quero
que fezo Santa María,
a Madre do gran Deus uero
que no dia do iõizo
uerrá mui brau' e muj fero
et iüẏgará o mundo
tod' en mui pequena ora.
Com' a grand' enfermidade
en sãar muito demora.....

En Estremoz, hũa uila
de Portugal, foi aquisto
que guariú hũa enferma
a Madr' onde Ihesu-Christo
naceu por saluar o mundo,
que foi connosçud' e uisto,
ond' o sol, quand' él pres morte,
tornou máis negro ca mora.
Com' a grand' enfermidade
en sãar muito demora.....

Aquesta moller manceba
era et grand' e fremosa;
mais hũa enfermidade
ouue mui perigoosa;
ca o braço ll' inchou tanto
de que foi temerosa [1]
de o perder, et o corpo;
mais a inchaçon foi fóra,
Com' a grand' enfermidade
en sãar muito demora.....

E en mui pequeno tenpo
foi o braço tan inchado
que máis seer non podía,
et uermell' e ampolado
muit' e de máa maneira;
et sol carne nen pescado
non comía, nen ál nada.
Mais aquela que senpr' ora
Com' a grand' enfermidade
en sãar muito demora.....

A Deus, s' amercẽou d' ela;
ca, pois foi en a eigreia
sua, a que a leuaron,
log' a que bẽeita seia
a guariú ben d' aquela [2]
enfermidade sobeia
por mostrar a sa uertude
que mui toste lauora.
Com' a grand' enfermidade
en sãar muito demora.....

Quand' esto uíron as gentes,
deron loores granadas
aa Uírgen groriosa
a que sempre seian dadas,
que as portas do jnferno
ten por noss' amor sarradas
et o dem' auezimáo
en o auisso ancora.
Com' a grand' enfermidade
en sãar muito demora,
assí quen guarez' a Uírgen
é guarid' en pouca d' ora.

---

[1] Falta una sílaba, no haciendo diéresis en *foi*, cosa desusada. Acaso debiera decir *mui* temerosa.

[2] Para completar el octosílabo hay que formar diéresis en la palabra *guariú* que comunmente se pronuncia sin ella. Lo mismo sucede con el adverbio *mui* en el último verso de esta estrofa.

Digitized by Google

CCCXXXXVII.

Esta é como Santa María de Tudia resorgiú uun menỳnno que era morto de quatro dias.

A Madre de Ihesu-Cristo,
o uerdadeiro Messías,
pode resorgir o morto
de mui máis ca quatro dias.

D' esto direi uun miragre
que en Tudía auẽo,
et porreỳ-o con os outros,
ond' un gran liuro é chẽo,
de que fiz cantiga noua
con son meu, ca non allẽo,
que fez a que nos amostra [1]
por ỳr a Deus muitas uías.
A Madre de Ihesu-Cristo,
o uerdadeiro Messías..... [2]

En o reino de Seuilla
hũa moller bõa era:
en riba d' Aguadïana
moraua; mais pois ouuera
marido, d' él nëun fillo
auer per ren non podera
per física que prouasse
nen per outras maestrías.
A Madre de Iesu-Cristo,
o uerdadeiro Messías.....

E con gran coita d' auel-o,
foi fazer sa romaría
aa eigreia da Uírgen
santa que é en Tudía;
et desque foi ý chegada,
teue mui ben sa uigía
ý con mui grand' omildade
et non mostrand' hufanías.
A Madre de Iesu-Cristo,
o uerdadeiro Messías.....

E os gẽollos ficados
ant' o altar, et chorando,
esteu' ant' a Uírgen santa
et muito lle demandando
que fill' ou filla lle desse;
et prometeu-lle que quando
o ouuesse, ll' o leuasse
et teuess' ý sas uegías.
A Madre de Ihesu-Cristo,
o uerdadeiro Messías.....

Santa María seu rogo
oỳú d' aquela coitada,
et logo con seu marido
albergou, et foi prennada
et ouue d' él uun fillo
con que foi mui conortada;
pero non quis a Tudía
con él fazer romarías.
A Madre de Iesu-Cristo,
o uerdadeiro Messías.....

Assí a Santa María
fez aquela moller torto
que pesou a Ihesu-Christo;
porend' o minỳnno morto
foi depois ben a tres anos;
mais tal foi o desconorto,
que sandía foi sa madre
por él com' outras sandías.
A Madre de Iesu-Cristo,
o uerdadeiro Messías.....

Pois que uiú seu fillo morto,
log' entonce na carreira
se meteu pera Tudía,
dizend':—Eu fuí mentireira
contra tí, Madre de Christo;
mas tú que es uerdadeira,
se tú queres, dá-mi-o uiuo,
ca fazer o poderías.
A Madre de Ihesu-Cristo,
o uerdadeiro Messías.....

Quando chegou a Tudía
et o menỳnno poseron
ant' o altar, log' a madre
et seus parentes fezeron
gran dóo por él sobeio,

[1] La *a* inicial de esta palabra está intercalada por distinta pluma.

[2] Falta el estribillo en este lugar. La estrofa termina con la plana.

Digitized by Google

et pois a missa disseron,
rezaron sobr' ele salmos
muitos et póis ledaýas. [1]
A Madre de Iesu-Cristo,
o uerdadeiro Messías.....

Eles aquesto fazendo,
tan toste, se Deus m' ajude,
ouue pïadade d' eles
a Rëynna de uertude
et fez uiuer o menýnno
et chorar do ataude;
assí que os que chorauan
fezeron póis alegrías.
A Madre de Iesu-Cristo,
o uerdadeiro Messías.....

E o ataud' abríron
et sacaron o minýnno,
de quatro dias iá morto,
são et tan fremosýnno;
et pediú-lles qué comesse
et déron-lle pan et uýnno;
ca os seus miragres d' ela
non son feitos d' arlotías.
A Madre de Ihesu-Cristo,
o uerdadeiro Messías,
pode resorgir o morto
de mui máis ca quatro dias. [2]

CCCXXXVIII.

Como Santa Maria demostrou a uun Reý que trobaua por ela, gran tesouro d' ouro et de prata.

Ben parte Santa María
sas graças et seus tesouros
aos que seruen seu Fillo
ben et ela contra os mouros. [3]

D' esto direj un miragre
que auẽo en Espanna,
que mostrou Santa María,
a pïadosa sen sanna,
contra un Rei que de gente
leuaua mui gran companna
por onrrar a fe de Cristo
et destroýr a dos mouros.
Ben parte Santa María
sas graças et seus tesouros.....

Aquel Rei tesouros grandes
despendera, que auía
pera conquerer a terra
que chaman Andaluzía;
mais atan muito fiaua
na Uírgen Santa María,
que nunca iá máis cuidaua
auer mingua de tesouros.
Ben parte Santa María
sas graças et seus tesouros.....

Onde foi hũa uegada
que sacara mui grand' oste,
et os que o seu guardauan
non ll' acorreron tan toste
nen er achaua dýnneiros
muitos en a sa reposte
per que mantẽer podesse
muito a guerra dos mouros.
Ben parte Santa María
sas graças et seus tesouros.....

Él en aquesto cuidando,
hũa noite en dormindo
uiú a Uírgen groriosa
et foi contra ela yndo, [4]
chorando muito dos ollos
et mercée lle pedindo
que sse d' él amercẽasse
per que ouuesse tesouros.
Ben parte Santa María
sas graças et seus tesouros.....

Ela lle disse:—Teu rogo
de meu Fill' é iá cabudo; [5]
onde por mingua que aias
non dés ren, mais atreuudo

[1] Sin duda en lugar de *ledáyas*, como se lee en otros lugares.
[2] El amanuense omitió aquí el estribillo por falta de espacio en la plana.
[3] La conjuncion ⁊ está escrita sobre el renglon. El artículo *os*, aunque sin señal alguna de supresion, sobra evidentemente, como lo demuestran la medida y el carecer de nota musical. Véase este verso en el Sumario.
[4] El amanuense que desde el verso segundo de esta estrofa reemplaza al de las Cantigas anteriores, omite el punto sobre las *y y*.
[5] Acaso por *sabudo*.

Digitized by Google

sei ben; ca mui gran tesouro
te darei, que ascondudo
iaz sso terra, que meteron
ý mui peyores ca mouros.—
Ben parte Santa María
sas graças et seus tesouros.....

Quando ll' aquest' ouue dito,
foi-sse; et el Rey pagado
ficou muito d' aquel sonno,
et chamou uun seu priuado
et dísse-ll' o que sonnara,
et pois ll'-o ouue contado,
foi alý ú él cuydaua
achar aqueles tesouros.
Ben parte Santa María
sas graças et seus tesouros.....

Et iá ánt' lle disseron [1]
que aquel auer sen falla
iazía ómees certos,
non achou ý nemigalla
et disso con mui gran coita:
—Santa María me ualla
porque a minguar non aia
de fazer gran mal a mouros.—
Ben parte Santa María
sas graças et seus tesouros.....

Assí quis Deus que d' aquela
uez nen achass' el Rey nada;
mais depois ben a uun ano
fez oste sobre Graada, [2]
et yndo pera a oste,
fez per alý ssa passada
et mostrou-lle d' outra parte
a Uírgen grandes tesouros
Ben parte Santa María
sas graças et seus tesouros.....

De prata, d' our' e de pedras
mui ricas et mui preçadas,
et panos muitos de seda
et çítaras ben lauradas
et outras dõas mui nobres
de prata, todas douradas,
dos iudeus, seus enemigos,
a que quer peor ca mouros.
Ben parte Santa María
sas graças et seus tesouros.....

Quand' el Rey achou tod' esto,
foi mui led' a marauilla
et bẽezeu [3] muit' a Uírgen
que é de Deus madr' e filla;
et tan tost' est' auer dado
enuiou pera Seuilla
pera seruir Deus et ela
d' est' e dos outros tesouros.
Ben parte Santa María
sas graças et seus tesouros
äos que seruen seu Fillo
ben et ela contra mouros.

CCCXXXXIX.

Como Santa Maria mostrou muitos miragres por hũa sa omágen que tragía uun Rei en sa capela.

Mvito praz aa Uírgen santa
que Deus fillou por parenta
de quen ll' as saudações
de Don Gabriel ementa.

Ca pero é máis que santa,
sempre lle creç' a uertude
quando öe quen ll' ementa
do ángeo a saude;
et de que quer que lle roguen
enton con seu ben recude,
porque do Santi-Spirito
log' outra vez s' escaenta.
Muito praz aa Uírgen santa
que Deus fillou por parenta.....

Onde d' aquest' un miragre
uos direi, se m' ascuitardes, [4]
mui fremos' a marauilla;

---

[1] Falta una sílaba á este verso. Se debió haber escrito *ante* en lugar de *ant*.
[2] Debe decir *Graada*, segun se lee en otras Cantigas.
[3] *Bẽeizeu* en otros lugares.
[4] Así en la Cantiga CCCLXXXVII, que es repeticion de ésta. El amanuense escribió aquí *ascuitades*, resultando falta de rima perfecta en la estrofa.

Digitized by Google

et se ý mentes parardes, [1]
sa mercée aueredes
d' ela, et se a guardardes, [2]
do jnferno seeredes
quitos et de ssa tormenta.
Muito praz aa Uírgen santa
que Deus fillou por parenta.....

Un Rey consigo tragía
hũa omágen fremosa
d' aquesta Uírgen bẽeita
Madre de Deus groriosa,
que a quantos la uiýan
era atan graciosa
que achar non poderían
tal ontre mill et setaenta.
Muito praz aa Uírgen santa
que Deus fillou por parenta.....

Aquésta fazía muytos
miragres et marauillas
sãand' ómees et molleres
et seus fillos et sas fillas;
et os que aquest' oýan
de máis longe ca cen millas
uiynnan por seer sãos
por esta que acrecenta
Muito praz aa Uírgen santa
que Deus fillou por parenta.....

Nosso [3] ben, per ssa uertude
que ela grande mostraua
en sãar enfermidades,
et esta se lle dobraua
quand' o Auangéo santo
dezía cómo falaua
o ángeo de Deus con ela
ú ela disse: «Sergenta
Muito praz aa Uírgen santa
que Deus fillou por parenta.....

«Soon [4] do Sennor que dizes,
et estou apparellada
de receber a ssa graça.»
Et por aquesto dobrada
ouu' a omágen uertude
quando ll' era ementada
esta sãude tan nobre;
et porén ben quareenta [5]
Muito praz aa Uírgen santa
que Deus fillou por parenta.....

Sãou d' ómees et molleres
enfermos et mal coitados
en prazo de poucos dias.
Et loores porén dados
foron aa Uírgen santa,
porque senpr' äos culpados,
macar é mui josticeira,
con piadad' escarmenta.
Muito praz aa Uírgen santa
que Deus fillou por parenta
de quen ll' as saudações
de Don Gabriel ementa.

CCCL.

Esta .CCC.L. é de loor de Santa Maria. [6]

Santa María, Sennor,
ual-nos ú nos mester for.

E ual-nos, Santa María,
ca mester é que nos uallas;
ca tú por nós noit' e dia
con o diabo barallas
et ar punnas todauía
por encobrir nossas fallas,
et por nos dar alegría
con Deus sempre te traballas;
ca tú es razõador
á él polo peccador.
Santa María, Sennor.....

Ual-nos, Uírgen groriosa,
con a ta mui gran uertude,
pois ta carne preciosa
pres Deus por nossa saude;

---

[1] La segunda *r* está escrita sobre el renglon por diferente pluma.

[2] Así en la CCCLXXXVII. Aquí se omitió el pronombre *a*, con lo cual queda incompleta la medida.

[3] Así en la CCCLXXXVII. El dibujante hizo en este lugar una *P* en vez de la *N* inicial que corresponde.

[4] Así en la CCCLXXXVII. Aquí, equivocadamente, *Nõo*.

[5] Se escribió *quarenta*. La segunda *e* está intercalada con diferente tinta.

[6] Así en el Sumario. El amanuense omitió aquí el epígrafe.

Digitized by Google

et porend' ¡ai, pïadosa!
ta mercée nos escude
contra a compann' astrosa
do demo, et nos aiude;
ca tú na coita mayor
uales äo peccador.
Santa María, Sennor.....

E val-nos, nobre Rëynna,
con tas grandes pïadades,
et sei nossa meezynna
nas grandes enfermidades
et nossa carne mesqynna
guarda de fazer maldades;
ca tú nos podes agynna
acorrer con tas bondades,
et por tí nostro Sennor
perdõa o peccador.
Santa María, Sennor.....

Ual-nos, Sennor de mesura;
ca por nós no mundo nada
fuste, et o da altura
Deus fillou en tí pousada
et fez de tí, Uírgen pura,
Madre et nossa auogada
por nos meter na folgura
ú te fez él corõada,
et fez dos santos fror [1]
et guarda do peccador.
Santa María, Sennor.....

E ual-nos por ta bondade
tan grande que senpr' ouuiste,
por que a gran deidade
de Deus en tí enchoiste;
et manten-nos con uerdade
que tú senpre manteuiste,
et de mui gran falssidade
nos guarda, que mal quisiste,
et queres et ás sabor
de ualer o peccador.
Santa María, Sennor,
ual-nos ú nos mester for.

CCCLI.

Esta é como Santa Maria acrecentou o uỳnno na cuba en Daconada, hùa aldea que é preto de Palença.

A que Deus [2] *auondou tanto*
que quiso d' ela nacer,
ben pod' auondar as outras
cousas et fazer crecer.

E d' esta razon miragre
muỳ [3] fremoso uos direi
que mostrou Santa María,
com' eu en uerdat [4] achey,
na eigreia Daconada,
hun' aldea que eu sey
que é preto de Palença,
et oỳde-m' a lezer.
A que Deus auondou tanto
que quiso d' ela nacer.....

En a ssa festa d' Agosto
mui gran gente uen alỳ
por oyr todalas oras,
et é costumad' assỳ
que tragen ỳ pan y vyno [5]
en carretas, et ben ỳ
o dan por seu amor d' ela
a quen o quer receber.
A que Deus auondou tanto
que quiso d' ela nacer.....

Ond' auẽo, non á muito
tenpo, que ss' ỳ aiuntou
gran gent' a aquela festa,
et cada uun punnou
en fazer grand' alegría:
quen soube luitar, luitov,
et quen soube chacotares
bõos, ỳ os foi dizer.
A que Deus auondou tanto
que quiso d' ela nacer.....

---

[1] Falta una sílaba. Parece que debia decir *et te fez*.

[2] El amanuense partió la palabra *Deus* en dos renglones. Despues, con objeto de ajustarla á la nota musical, se escribió en abreviatura sobre la sílaba *de* la terminacion *us*, tachando con puntos la que ya estaba escrita en el renglon siguiente.

[3] La palabra *muỳ* está escrita sobre el renglon con distinta pluma y tinta más clara.

[4] *Uerdad* es la forma en que generalmente se halla escrita esta palabra.

[5] Debe de ser yerro de copia. En otros parages se lee *uỳnno*.

Digitized by Google

Outros ar corrían uacas
que fazían póis matar,
que cozía [1] en caldeiras
grandes et ýan-as dar
a pobres que as comessen.
En tod' est' a lacerar
ouue per força o uyno,
ca d' él foi grand' o beuer.
A que Deus auondou tanto
que quiso d' ela nacer.....

E pero que ben comían,
non tiynnan que era ren
se d' aquele bõo vyno
non beuessen a seu sen;
et porende foi minguando;
ca aquesto sempr' auen
que du tollen et non põen,
que á sempr' a falecer.
A que Deus auondou tanto
que quiso d' ela nacer.....

Ond' hũa gran cuba chẽa
de uyno pararon tal,
que, sse non foi a madeira,
en ela non ficou ál.
Entonce disseron todos:
—Se nos a Uírgen non ual,
con coita d' este bon uyno
nos poderemos perder.
A que Deus auondou tanto
que quiso d' ela nacer.....

E porend' aquella [2] gente
se quisera yr enton;
mas chegou uun ome bõo
que lles diss' esta razon:
—Uaámos catar a cuba
et tirémo-ll' o tapon,
mais deffonde per uentura
pod' ý algun pouc' auer.
A que Deus auondou tanto
que quiso d' ela nacer.....

Enton log' aquela gente
aa cuba sse chegou,
et o que lles diss' aquesto
ben per cima a catou
et achou-a toda chẽa
et a todos la mostrou,
et porend' á Uírgen santa
filláron-ss' a bẽeizer.
A que Deus auondou tanto
que quiso d' ela nacer.....

E os que ánte chorauan
começaron de rýir,
et beueron d' aquel uyno
et iuraron sen mentir
que nunca atal beueran;
et os enfermos guarir
foron, quantos d' él beueron,
et póis mui sãos seer.
A que Deus auondou tanto
que quiso d' ela nacer,
ben pod' auondar as outras
cousas et fazer crecer. [3]

CCCLII.

Esta é como Santa María del Viso guariú uun açor d' un caualeiro.

Fremosos miragres mostra
a Madre da fremosura,
et grandes; ca á uertude
do mui gran Deus sen mesura.

E d' est' un fremoso miragre [4]
uos direi, se m' ascuitardes,
que fezo Santa María;
et se ý mentes parardes,
por mui grande o terredes
quant' en ele máis cuidardes,
et ueredes cóm' a Uírgen
á poder sobre natura.
Fremosos miragres mostra
a Madre da fremosura.....

Aquest' a un caualeiro
conteceu, que uassal' era
d' un fi de Rey, et por ele
fazía iostiça fera,

---

[1] Debe decir *cozian*. Sin duda el copiante omitió por olvido sobre la *a* la tilde equivalente á *n*.

[2] *Aquela* se encuentra escrito comunmente. Véase el primer verso de la estrofa siguiente.

[3] Omitido el estribillo en este lugar por falta de espacio en la columna.

[4] Sobra para la medida de este verso la conjuncion *E* con que principia.

Digitized by Google

et que uun açor mui bõo
hũa uegada lle dera
que fora d' un caualeiro
natural d' Estremadura.
Fremosos miragres mostra
a Madre da fremosura.....

Est' açor fillaua garças
et ánades et betouros
et outras prijões muitas;
et nen crischãos nen mouros
atal açor non auían,
et dauan de seus tesouros
muito por él que ll' o dessen;
mas non auía én cura
Fremosos miragres mostra
a Madre da fremosura.....

O caualeiro de dar-ll'-o
nen sol por auer uendel-o;
mais auía voontade
d' ante seu sennor tragel-o,
porque mui máis d' outra cousa
lle prazería d' auel-o
ánte que o auer outre
ou perdel-o per uentura.
Fremosos miragres mostra
a Madre da fremosura.....

E él con él cada dia
muit' a ssa caça andaua
et quantas aues podía
fillar, con ele fillaua;
pero foron ben dous anos
que o açor non mudaua
et o caualeiro auía
d' esto pesar et tristura.
Fremosos miragres mostra
a Madre da fremosura.....

E meteu muitos dinneiros
en lle fazer meezynnas
que nulla ren non ualueron;
pois no tenpo quand' as uinnas
uendimian, foi-sse con ele
aa Sennor das Reynnas
a ssa eigreia do Uiso
que iaz en hũa altura.
Fremosos miragres mostra
a Madre da fremosura.....

E quando chegou a Touro
ouu' outro gran descornoto[1]
do açor, que non quería
comer et tal come morto
era, et o bic' ynchado
muito et o colo torto,
dizendo todos:—Mort' este
se lle dous dias atura.—
Fremosos miragres mostra
a Madre da fremosura.....

O caualeiro de çera
fez log' hũa semellança
do açor et foi con ela,
auendo grand' esperança
en a Uírgen groriosa
et creendo sen dultança
que seu açor lle daría
uiu' e são sen laidura.
Fremosos miragres mostra
a Madre da fremosura.....

E foi-sse logo con ela
quanto pod' aa eigreia
da Uírgen Santa María
que é bẽeita et seia,
que ll' amostrou essa noite
mui gran mercée sobeia;
ca tornou o açor são
et a él tolleu loucura.
Fremosos miragres mostra
a Madre da fremosura.....

E demáis fez-ll' outra cousa,
que as penas, que mudadas
ánte auer non podera,
óuue-as logo deitadas
et meteu outras tan bõas
et atan ben cooradas,
que per ren non poderían
táes pintar de pintura.
Fremosos miragres mostra
a Madre da fremosura.....

---

[1] Es yerro manifiesto. Debe decir *desconorto*, como se lee en otros muchos lugares y requiere aqui la rima.

Digitized by Google

Esto fez Santa María,
Madre do que formou suso
os cëos marauillosos
et ar pos' a terra iuso,
que miragres mui fremosos
fez senpr', e á-o por uso,
por nos fazer ben creentes
et guardar-nos de loucura.
Fremosos miragres mostra
a Madre da fremosura,
et grandes; ca á uertude
do mui gran Deus sen mesura.

CCCLIII.

Como un meninno que criaua un abade en sa castra tragia de comer ao menino que tijna [1] a omágen en os seus braços, et disso-ll' a omágen que comeria con ele mui çedo et o abade.

Qven a omágen da Uírgen
et de seu Fillo onrrar',
d' eles será muit' onrrado
no seu ben que non á par.

E de tal razon com' esta
uos direi, se uos prouguer,
miragre que fez a Uírgen
que sempre nosso ben quer
per que aiamos o reyno
de seu Fill', ond' a moller
primeiro [2] nos deitou fóra,
que foi malament' errar
Quen a omágen da Uírgen
et de seu Fillo onrrar'.....

En comer hũa maçãa
que ánte lle defendeu
Deus que per ren non comesse,
et porque d' ela comeu
et fez comer seu marido
Adan, logo lles tolleu
o reino do Paraýso
et foy-os end' eixerdar.
Quen a omágen da Uírgen
et de seu Fillo onrrar'.....

Mas depois Santa María,
en que á bondad' e sen,
buscou et busca carreiras
cóm aiamos aquel ben
de Deus, seu Padr' e seu Fillo,
que él pera os seus ten,
en que uiuan con él senpre
sen coita et sen pesar.
Quen a omágen da Uírgen
et de seu Fillo onrrar'.....

Este miragre mui grande
foi, segundo que oý
dizer a ómees bõos
que o contaron a mý,
d' un ric-ome que moraua
en terra de Venexí,
a que morrían os fillos,
que non podían durar.
Quen a omágen da Uírgen
et de seu Fillo onrrar'.....

E con mui gran pesar d' esto,
uun d' eles que lle ficou
a uun abade mui santo
d' un mõesteir' enuiou
et deu-ll'-o que ll' o criasse,
et tan muito o rogou,
que o fillou por seu rogo
et féze-o ben criar
Quen a omágen da Uírgen
et de seu Fillo onrrar'.....

E consigo no mõesteiro; [3]
et, per com' aprendí eu,
cada que o faagaua
chamáua-lle «fillo meu»
et dizía-ll' ameude:
«Quant' aquí á, tod' é teu»;
et mandáua-lle que fosse
pela claustra trebellar.
Quen a omágen da Uírgen
et de seu Fillo onrrar'.....

Andand' assí trebellando,
na eigreia 'ntrou et uiú
omágen da Uírgen santa
con seu Fillo, et cousiú

---

[1] *Tijnna* se lee en otros lugares.
[2] Sin duda en lugar de *primeira*.
[3] Como se ve por el sentido y por la medida del verso, sobra la conjuncion *E* con que principia.

Digitized by Google

cóm' era mui fremosýnno,
et cató-o et riýú
et log' en sa uoontade
o fillou muit' a amar.
Quen a omágen da Uírgen
et de seu Fillo onrrar'.....

E tan gran ben lle quería,
que amëude ueer
o ýa muitas uegadas,
ca en ál neuun prazer
tan grande non recebía;
pero porque de comer
non uiía que lle dauan,
fillou-ss' a marauillar.
Quen a omágen da Uírgen
et de seu Fillo onrrar'.....

E log' en aquela ora
pos' en o seu coraçon
que d' aquelo que lle dauan
que lle dess' én seu quýnnon;
et des ý foi comer logo,
et apartou da raçon
sua a mayor partida
et foi-ll'-a logo guardar.
Quen a omágen da Uírgen
et de seu Fillo onrrar'.....

E pois comeu, trebellando
começou-sse logo d' ir
aa eigreia correndo,
et en o altar sobir
foi de pées, et d' aquelo
que lle dauan a seruir
se fillou ant' o menýnno
et começou-ll' a rogar
Quen a omágen da Uírgen
et de seu Fillo onrrar'.....

Que comesse, et dizendo:
—Cada dia t' adureý
d' esta raçon que me deren
et tigo a partireý;
et porén te rog', amigo,
que cómias, ca mui ben sej
que sse d' esto non comeres,
outro non ch' o uerrá dar.—
Quen a omágen da Uírgen
et de seu Fillo onrrar'.....

Depois ben a quinze dias
o menýnno esto fez
cada dia; mais o Fillo
da Uírgen de mui bon prez
lle diss' un dia:—Contigo
non comerei outra uez,
se cras mig' e con meu Padre
non quiseres ýr iantar.—
Quen a omágen da Uírgen
et de seu Fillo onrrar'.....

O abad äo menýnno
uiú-lle cambiar a faz [1]
et ar enmagrecer muito,
et disso com' en solaz
äo menýnno:—Meu fillo,
se tú non comes assaz,
eu te darei ben que cómias;
ca te ueio magr' andar.—
Quen a omágen da Uírgen
et de seu Fillo onrrar'..... [2]

Enton respos' o menýnno:
—Carne et uýnno et pan
uossos ómees ¡ai, padre!
me dan ben et sen afan;
mas eu äo bon menýnno
d' aquelo que mi a min dan
dou end' a mayor partida
et uou-ll'-o sempre leuar.—
Quen a omágen da Uírgen
et de seu Fillo onrrar'.....

Quand' est' oýú o abade,
dísse-ll':—¡Ai, fill' e sennor!
¿et quál é aquel menýnno
a que fazes [3] ess' amor?—
Diss' él:—O fillo da Dona
que sé no altar mayor,

---

[1] Falta una sílaba, á no hacer diéresis en *cambiar*.
[2] Se omitió aquí el estribillo por falta de espacio en la columna.
[3] Esta palabra está escrita sobre raspado: tambien lo están las dos últimas del verso 6.º en la misma estrofa.

Digitized by Google

a que non dan ren que cómia
et véio-o lazerar.—
Quen a omágen da Uírgen
et de seu Fillo onrrar'.....

Enton lle diss' o abade,
a que chamauan Fijz:
—Meu fillo, o que lle leuas
¿cóme-o, ou qué che diz?—
Diss' él:—Cóme cada dia;
mas desque ll' aquesto fiz,
nunca m' ánte falou nada,
mais foi-m' oge conuidar
Quen a omágen da Uírgen
et de seu Fillo onrrar'.....

Que con él et con seu padre
eu fosse a iantar cras.—
Enton lle diss' o abade:
—Pois que tú est' oýd' ás,
et creo certãamente
que con eles iantarás,
rógo-t' eu que uáa tigo
comer de tan bon maniar.—
Quen a omágen da Uírgen
et de seu Fillo onrrar'.....

Enton sse foi o abade
et chamou os monges seus
et dísse-lles:—¡Ai, amigos!
Cras m' irei eu par Deus, [1]
esto sei certãamente;
et porend' a Don Mateus,
uosso monge, por abade
escolled' en meu logar.—
Quen a omágen da Uírgen
et de seu Fillo onrrar'.....

E contou-lles en quál guisa
esto sabía, et quál
razon én con seu criado
ouuera, et diss':—Atal
galardon äos que ama
a Sennor esperital
dá con seu Fillo bẽeito
a quen a ben sab' amar.
Quen a omágen da Uírgen
et de seu Fillo onrrar'.....

Aquela noite passada,
outro dia ant' a luz
o abad' e o menýnno
enfermaron, com' aduz
o feito d' este [2] miragre;
et a sesta, quand' en cruz
morreu por nós Ihesu-Christo,
morreron eles a par.
Quen a omágen da Uírgen
et de seu Fillo onrrar',
d' eles será muit' onrrado
no seu ben que non á par. [3]

CCCLIIII.

Como Santa María guardou de morte hũa bestiola que chaman *donezýnna*.

En o pouco et no muito,
en todo lles faz mercée
aos seus seruos a Uírgen
Madre do que todo úée.

D' esto direi un miragre
grande que fez a Rëýnna
Madre de Deus Ihesu-Christo
a uun Reý que muito tijnna
en ela sa asperança;
ca lle fez ueer agýnna
pesar et prazer mui grande
d' ũa ren por sa mercée.
En o pouco et no muito,
en todo lles faz mercée.....

Este pesar foi por hũa
bestiola que muit' amaua
el Rei, que sigo tragía
et a que mui ben criaua,
a que chaman *donezýnna*
os galegos, et tiraua

---

[1] Falta una silaba á este verso, no haciendo diéresis en las palabras *irei* ó *eu*. Segun el sentido, pudiera decir *par de Deus*.

[2] Escrito *destre* y tachada la *r*.

[3] Falta el estribillo en este lugar.

Digitized by Google

con ela aues das couas;
et de táes ome uée.
En o pouco et no muito,
en todo lles faz mercée.....

Pero ésta outras cousas
muitas et bõas fazía
trebellando et saltando,
onde gran prazer auía
aquel Rei; et por aquesto
atan gran ben lle quería,
que tijnna que fezera
Deus en dar-ll'-a gran mercée.
En o pouco et no muito,
en todo lles faz mercée.....

E por esto lle fezera
de fust', en que a guardaua,
hũa arca mui ben feita,
et dentro a enserraua
porque mal non recebesse;
ca muito se receaua
do gato, que en a noite
mellor ca no dia uée.
En o pouco et no muito,
en todo lles faz mercée.....

Onde ll' auẽo uun dia,
yndo per hũa carreira,
que a quis tirar da arça;
et com' ela é ligeira,
caeu ontr' os pés das bestas [1]
et foi en atal maneira,
que el Rei con coita disse:
—¡Santa María, mercée!
En o pouco et no muito,
en todo lles faz mercée.....

Guárda-me mia donezynna
que a non perça per morte.—
Et quantos alí estauan
ouueron gran desconorte;
ca lle pose o caualo
del Reÿ o pé atan forte
sobr' ela; et el Rei disse:
—¡Ai, uarões! ¿quén a uée?
En o pouco et no muito,
en todo lles faz mercée.....

Dáde-mi-a qual quer que seia,
se quer uiua, se quer morta,
et conortar-m'-ei con ela
come quen se mal conorta.—
Enton fez Santa María,
a que é dos cëos porta,
que de so o pé saísse
uiua, pola sa mercée.
En o pouco et no muito,
en todo lles faz mercée.....

Enton quantos alý eran
et uíron tal marauilla
que fezo a Groriosa
que é de Deus Madr' e filla,
en fazer que o caualo
que con seu pé tan mal trilla
non a matasse; et esto
fez aquel que todo uée,
En o pouco et no muito,
en todo lles faz mercée.....

Per prazer da gror.osa
sa Madr', a que comendada
a ouu' el Reÿ, ú do pée
do caualo foi trillada.
Porén seia él bẽeito
et ela seia loada
et sempr' ambos de nós aian
pïedade et mercée.
En o pouco et no muito,
en todo lles faz mercée
äos seus seruos a Uírgen
Madre do que todo uée.

CCCLV.

Esta é como Santa Maria de Vila-Sirga liurou uun ome da forca, que non morreu, por un canto que dera a sa eigreia.

O que a Santa María
seruiço fezer de grado,
na mui gran coita que aia
seer-ll'-á galardõado.

Ca o que lle faz seruiço
mui de grado ou lle dá dõa [2]
en algũa sa eigreia,

---

[1] *Bestias* en otros lugares.
[2] En este verso está tachada la *u* de *ou* y escrito *lle* encima de la *o*, con tinta apenas visible. Tal como queda el verso, le sobra una silaba, á no cometer sinalefa.

Digitized by Google

mui ben ll' o per galardõa;
ca lle dá por uun cento,
como Sennor nobr' e bõa,
et nas coitas d' este mundo
pon-lle consello guisado.
O que a Santa María [1]
seruiço fezer de grado.....

E porend' un seu miragre
uos direi de bõa mente
que fez esta Uírgen, Madre
de Deus, ante muita gente
en uun ome de Manssella,
mancebo barua pungente:
o miragr' é mui fremoso
et bõo et muit' onrrado.
O que a Santa María
seruiço fezer de grado.....

Este manceb' en Manssela, [2]
com' eu aprendí, moraua,
et hũa moça da vila
feramente o amaua:
él non quería seu preito
nen por ela non cataua,
porque cuidaua que fosse
con outra mellor cassado.
O que a Santa María
seruiço fezer de grado.....

O mançebo prometera
por ýr en romaría [3]
a Uila-Sirgu', e guisou-se
et foi [4] logo sa uía;
mais sóube-o a mançeba
e de pos él sse saýa [5]
por conprir sa voontade
e o meter en pecado.
O que a Santa María
seruiço fezer de grado.....

Él catou, e a mançeba
uiú uijr e pesou-lle, [6]
e esteue e atendev-a
e pois chegou, preguntou-lle
e dísse-ll' a qué uijnna.
E ela entou [7] rogou-lle
que por Deus no [8] lle pesasse
d' yr d' ela acompannado.
O que a Santa María
seruiço fezer de grado.....

E diss' él:—E non irédes
comigo, se Deus me ualla;
ca non querría con uossos
parentes auer baralla;
e [9] demáis uou en romaría,
e non querría en falla
seer do que prometudo
eý muý gran temp' á pasado.—
O que a Santa María
seruiço fezer de grado.....

Nunca tanto dizer pode
que ss' ela tornar quisesse
per rogos nen per meaças [10]
nen per rren que lle disesse.
O mançebo foi mui triste,
non soube qué fezesse; [11]
pero foi iá sa carreýra
com ela muit' anoiado.
O que a Santa María
seruiço fezer de grado.....

Eles ýndo per camino [12]
ambos per hũa montanna,
rogou-ll' ela que quisesse
seu amor e sa conpanna.
El foi mui marauillado
et dísse-ll' en mui gran sanna:
—Ante uós fóssedes morta

---

[1] Sobre este verso está trazado el pentagrama; pero se omitieron las notas musicales.

[2] Despues de la *l* hay una rayita, acaso para indicar que habia de escribirse *Manssella*, como se lee arriba.

[3] Falta una silaba. Probablemente debió escribirse *porén* en lugar de *por*.

[4] Acaso debiera haberse escrito *foisse*. Así se completaria el octosilabo.

[5] Las dos últimas palabras están escritas sobre raspado.—En esta Cantiga y las siguientes se notan mayores descuidos caligráficos que en las anteriores.

[6] Falta una silaba, á no hacer diéresis en *uiú*.

[7] Equivocadamente por *enton*.

[8] Debe decir *non*. El amanuense omitió sin duda por olvido la tilde sobre la *o*.

[9] Esta conjuncion, que sobra en la medida del verso, está escrita sobre raspado.

[10] En lugar de *meaças*.

[11] Falta una silaba, que sin duda debe ser la conjuncion *e* con que ha de principiar el verso.

[12] Tal vez en lugar de *camino*, que es como suele escribirse esta palabra.

Digitized by Google

nen eu nunca fosse nado
O que a Santa María
seruiço fezer de grado.....

Ca eu tal erro fezesse
escontra a Gloriosa,
yndo pera a ssa casa.
¿Non te tẽes por astrosa
de tal cousa demandares?—
Ela foi enuergonnosa,
et ata en Vila-Sirga
non ll' o ar ouu' enmentado.
O que a Santa María
seruiço fezer de grado.....

Quando foron na ygreia
da Madre Uírgen onrrada,
mandou fazer o mancebo
candéas logo d' entrada;
e dormiö [1] na ygreia
e aa nossa auogada
pedió [2] mercée et aiuda
que ll' ouuesse perdõado.
O que a Santa María
seruiço fezer de grado.....

E comprou en outro dia
por seus dineyros [3] un canto
de pedra pera a obra
de Uila-Sirga, e quanto
s' atreueu fez sa offerta
e sas orações ant' o
altar de Santa María.
E pois que ouue iantado,
O que a Santa María
seruiço fezer de grado.....

Tornou-sse pera sa terra;
e yndo pela carreira,
a mançeba que uos dixe
díssc-lle d' esta maneyra:
—¿Por qué non casades migo?—
Diss' él: —Iá uos eu primeyra- [4]
mente dixe mia fazenda
e uos dey todo recado.
O que a Santa María
seruiço fezer de grado.....

Ca se mi a Uírgen María
guardar', que é meu espello,
nunca me casarei uusco;
non uol-o digo en trebello,
mais dígo-uos gran uerdade;
e porend' outro consello
auede, pois uos d' aquesto
meu coraçon ey mostrado.—
O que a Santa María
seruiço fezer de grado.....

Ela ouue gran despeito
d' él por esto que dissera;
porende [5] lle buscou morte,
poi-lle tal resposta dera:
e a entrante da uila
ond' ele [6] natural era,
meteu mui fort' apelido
e ouue o rostro rascado.
O que a Santa María
seruiço fezer de grado.....

E meteu mui grandes uozes
e disse que a forçara
o mançebo na carreira
e ferir' [7] e desonrrara
e a força per cabelos [8]
do caminno a sacara,
que ren ualer no [9] lle pode
pero ouue braadado.
O que a Santa María
seruiço fezer de grado.....

Os parentes da mançeba
aas iustiças [10] fezeron
queixume; e eles logo
aquel mançebo preseron
e, sen saber a uerdade,

---

[1] y [2] *Dormiú* y *pediú* en otros lugares.
[3] *Dinneyros* en otros lugares.
[4] Escrito equivocadamente *prmeyra*.
[5] Ántes de esta palabra se escribió la conjuncion *e*, que se ve á medio raspar.
[6] La *e* final de esta palabra está escrita sobre el renglon por distinta pluma.
[7] Se escribió primero *ferira*, pero se raspó la *a*.
[8] El amanuense habia escrito *cabellos*. Está raspada la segunda *l*.
[9] En lugar de *nó*.
[10] *Iustiçias* se habia escrito en un principio. Está raspada la *i* tercera.

Digitized by Google

aa forca con él deron.
E él, pois uiú que sería
de tod' en tod' enforcado,
O que a Santa María
seruiço fezer de grado.....

Fezo sa oraçon logo
muit' e dos ollos chorando,
e diss': [1] «¡Aý, Santa María
de Uila-Sirga! e quando
eu fuý en a ta ygreia,
por meus dineiros, estando,
comprei pera a ta obra
un bon canto, ey-ch'-o dado.
O que a Santa María
seruiço fezer de grado.....

«Porén, Uírgen groriosa,
Madre de gran piedade,
non cates a meus pecados;
mais, Sennor, por ta bondade
ueý cómo moir' a gran torto,
ca tú sabes a uerdade
d' este feito que mi apoen. [2]
Se eu non soon culpado,
O que a Santa María
seruiço fezer de grado.....

«Mostr' aquí teu miragre [3]
¡aý, Uírgen santa comprida,
uogada dos pecadores,
de todolos santos uida!
Se tú, Sennor poderosa,
en algun tempo seruida
de mí algun pouco fuste,
fais esto que ch' eý rogado.»
O que a Santa María
seruiço fezer de grado.....

Pois que a coraçon [4] feita
ouue, tan toste ll' ataron
as mãos atrás et logo
agýnna o enforcaron:
e seus parentes por ele
mui feramente choraron;
e así seu' aquel dia
o mançebo pendorado.
O que a Santa María
seruiço fezer de grado.....

Mais a Uírgen glorïosa
que chamam os pecadores
e que ela mui de grado
acorr' a as sas doores,
log' a santa verdadeira
Madr' e Sennor das Sennores
troux' aquel canto menesmo [5]
que él ouuera comprado
O que a Santa María
seruiço fezer de grado.....

Quando foi en Uila-Sirga,
assí como iá contamos,
e póse-ll'-o a seus pées,
como por uerdad' achamos;
e téue-o uiu' e são
esta Sennor que chamamos
aquel dia e a noite
e de todo mal guardado.
O que a Santa María
seruiço fezer de grado.....

En outro dia uẽeron
aa forca seus parentes
polo deçederen [6] d' ela,
et da uila outras gentes,
e uíron so él o canto;
des í, estando presentes,
oýron cómo falaua
et dizía:—Deus loado
O que a Santa María
seruiço fezer de grado.....

Seia, ca eu estou viuo;
c' assý quis a Uírgen Santa
María de Uila-Sirga;
ca sa mercée é tanta
que todo o mund' auonda
e nosso ben sempre auanta,
e per ela eý eu uida

---

[1] Escrito *disse* y raspada la *e*.
[2] Por *apõen*.
[3] Falta una sílaba á este verso. Parece indudable que debió haberse escrito *Mostra aquí*.
[4] Es indudable error de copia. Debe decir *oraçon*.
[5] Es el único caso en que esta voz se encuentra escrita en esta forma: la comun es *mẽesmo* y *mẽesmo*.
[6] Debió haberse escrito *deçẽderen*.

Digitized by Google

pero que estou colgado.-
O que a Santa María
seruiço fezer de grado.....

Quando o todos oýron
falar atan estreuudo,
talláron-lle log' a soga;
e pois que foi decendudo,
preguntaron cómo fora,
e ele [1] ouue retraudo
d' aqueste feito a uerdade,
que non ouu' én ren negado.
O que a Santa María
seruiço fezer de grado.....

Quand' a uerdade souueron
de tod', assí com' oýstes,
foron én marauillados
que nunca tan muit' uistes; [2]
e deron todos loores
aa que nos faz de tristes
seer ledos e pagados;
ca est' á ela usado.
O que a Santa María
seruiço fezer de grado,
na mui gran coita que aia
seer-ll'-á galardõado.

CCCLVI.

Como Santa Maria do Porto fez uijr hũa ponte de madeira pelo rio de Guadalete, pera a obra da sa ygreia que fazian; ca non auian ý madeira con que laurassen.

Non e mui gran marauilla
se sabe fazer lauor
a Madre do que o mundo
fezo e é d' él Sennor.

D' esto direi un miragre
que no Port' aconteçeu,
que fezo Santa María,
Madre d' aquel que prendeu
paixon e en a cruz morte
por nós, e que nos tolleu
das mãos do enemigo,
o dïab' enganador.
Non é mui gran marauilla
se sabe fazer labor.....

Esto foi quando laurauan
a ygreia, com' oý,
d' aquel logar; et auían
auondo, com' aprendí,
de cal, de pedra, d' area
et d' agua outrossí; [3]
mais madeira lles falía,
de que estauan peor
Non é mui gran marauilla
se sabe fazer lauor.....

Ca d' outra cousa nehũa
que ý ouuesse mester;
ca de tod' auond' auían;
e porend' a com' quer [4]
punnauan de a auéren.
Mais esta santa moller
os tirou d' aquel enxeco; [5]
ca de tod' é sabedor.
Non é mui gran marauilla
se sabe fazer lauor.....

E por fazer que a obra
s' acabasse ben sen ál,
fez uijr hũa gran chẽa
d' agua que pelo portal
passou et troux' [6] hũa ponte
de madeira, toda tal
enteira como x' estaua:
nunca ome uiú mellor.
Non é mui gran marauilla
se sabe fazer lauor.....

E per Guadalet' o rio
a fez logo sen [7] mentir
chegar assí [8] com' estaua
e bẽes alí vijr

---

[1] La *e* final de esta palabra está señalada con un punto, acaso con el propósito de suprimirla.

[2] Para completar la medida de este verso, deberia haberse escrito *muito*.—Las tres primeras letras de la palabra *uistes* están escritas sobre raspado, con tinta más negra. Parece que primero se habia escrito *oýstes*, vocablo con que termina tambien el verso segundo de la estrofa.

[3] Falta una silaba á este verso, no haciendo diéresis en alguna de las palabras que lo componen.

[4] Debió haberse escrito indudablemente: a *como* quer. De este modo resultaria perfecto el octosílabo.

[5] Escrito este verso sobre raspado.

[6] Se escribió *trouxo*; pero la *o* final está tachada con un punto.

[7] Se escribió *sem*, y despues se raspó el último trazo de la *m*.

[8] Sigue un espacio raspado.

Digitized by Google

ú fazíam a ygreia,
por a obra non falir
de ss' [1] acabar äo tempo
que o maestre mayor
Non é mui gran marauilla
se sabe fazer lauor.....

Outorgara d' acabal-a,
per como eu apress' [2] eÿ,
a un tempo sinalado
que posera el Reÿ; [3]
mais fazer non o podera,
como por uerdad' achei,
se a Uírgen d' esta guissa
non lle foss' aiudador.
Non é mui gran marauilla
se sabe fazer lauor.....

E quando uíron a ponte
uijr a aquel logar
pera fazer-lles aiuda,
fóron-a logo fillar;
e póis a Santa María
ar foron loores dar
dizendo: «Beÿta [4] seias,
Santa do [5] santos mayor.
Non é muÿ gran marauilla
se sabe fazer lauor
a Madre do que o mundo
fezo e é d' él Sennor.

CCCLVII.

Como Santa Maria do Porto guareceu ũa moller que ueera [6] a sa casa en romaria et auia [7] a boca torta e os nenbros. [8] E começa assi.

Como torç' o dem' os [9] *nenbros*
do ome per seus pecados,
assí os correï a Uírgen
pois los á maenfestados.

E d' esto fez un miragre
a que é chamada orto
dos uiços do paraýso,
na sa ýgreia do Porto,
en hũa moller coitada
que o rostro todo torto
muit' auía, et a boca,
e os ollos mal toruados.
Como torç' o dem' os nenbros
d' ome [10] *per seus pecados.....*

Dona Sancha nom' auía
esta moller, e uẽera
alí por cobrar saude,
e que mui gran coita fera
d' aquela door soffría,
que des longo temp' ouuera
que comer iá non podía
nen sol troçir tres bocados.
Como torç' o dem' os nenbros
d' ome per seus pecados.....

Mais pois entrou na ýgreia
d' aquesta santa Reÿnna
chorando muit' e dizendo:
«Sennor, acórre-m' aginna;
ca en tal coita com' ésta
tú sóa es mẽezina; [11]
se non, conta que agora
meus dias son acabados.»
Como torç' o dem' os nenbros
d' ome per seus pecados.....

E quand' aquest' ouue dito,
pos' ant' o altar candeas
e teue ý noue dias;
e pois compriú sas noueas,
soltó-a a Uírgen santa,
como soltan de cadeas
os reys äos seus presos
que non seiam iustiçados.
Como torç' o dem' os nenbros
d' ome per seus pecados.....

---

[1] Escrito *ssa*, y tachada la *a*.
[2] Estas dos palabras están escritas sobre raspado, con tinta más negra.
[3] Parece que debia decir: que *lle* posera. Así sería completa la medida del verso.
[4] Debe decir *Beÿta*, que es la forma en que esta palabra se encuentra en otros lugares. Así tambien lo requiere la medida.
[5] En lugar de *dos* como pide el sentido.
[6] *Uiera* en otros lugares.
[7] Así en el Sumario. Aquí, equivocadamente, *et a auia*.
[8] El amanuense escribió dos veces la sílaba *nen*, al final de un renglon y al principio del que sigue. La primera está á medio raspar y tachada además.
[9] Hay un pequeño espacio raspado en el cual, segun parece, se habia repetido este artículo.
[10] *Do ome* al principio de la Cantiga. Esta es la forma más correcta, teniendo en cuenta la medida.
[11] En lugar de *meezina*, forma en que se halla escrito constantemente y que requiere además la rima.

Digitized by Google

Assí que o rostro todo
et a boca com' ánt' era
lle tornou fremos' e são
como nunca máis ouuera.
E enton aquela gente
toda que alí uẽera
os seus miragres teueron
por dos outros más preçados.
Como torc' o dem' os nenbros
do ome per seus pecados,
assí os correi' a Uírgen
pois los á maenfestados.

CCCLVIII.

Como Santa María do Porto mostrou per sa uertude un logar ú iazíam muitos cantos laurados que meteron en a sa ygreia.

A que as cousas coitadas
d' aiudar muit' e tẽuda,
non uos é gran marauilla
se x' ela a sí aiuda.

D' esto fezo en o Porto
que de seu nom' é chamado [1]
gran miragr' a Groriosa,
que será per min contado,
no lauor da sa ygreia
que fazíam per mandado
de Don Affonso que este
seu rey, cousa é sabuda.
A que as cousas coitadas
d' aiudar muit' é teuda..... [2]

Alí omẽes laurauam
cada dia ben quinnentos
et tragíam muitas pedras
pera fazer fundamentos; [3]
mas o mar foi mui toruado
un tenpo per grandes uentos,
que a meor [4] pedra d' elas
non podia seer mouuda
A que as cousas coitadas
d' aiudar muit' é teuda.....

Per barcas nen per engenos [5]
nen per arte nen per manna.
Enton diss' a maestr' Ali
un ome de sa conpanna:
—Eu uos mostrarei un canto
d' ũa medida tamanna
que se muitos end' ouuerdes,
a lauor será creçuda.
A que as cousas coitadas
d' aiudar muit' é teuda.....

Mui toste log' amostrou-ll'-o
et sacáron-o de fondo
de terra; e pois lo uíron
quadrado, ca non redondo,
cauaron, e d' outros táes
acharon tan grand' auondo,
per que a lauor mui toste
foi mui de longe ueuda.
A que as cousas coitadas
d' aiudar muit' é teuda.....

Pois maestr' Ali uiú esto,
empero que x' era mouro
entendeu que ben guardadas
teuera com' en tesouro
a Uírgen aquelas pedras
que tan preçadas com' ouro
foran pera laurar toste
et máis ca pedra mẽuda.
A que as cousas coitadas
de aiudar muit' é teuda.....

Enton, quando todos uíron
que assí foran achados
aqueles cantos so terra
grandes e mui ben quadrados
por que a lauor foi feita
tost' e os muros ẏguados
et as torres acabadas,
est' é cousa connoçuda;
A que as cousas coitadas
d' aiudar muit' é teuda.....

Deron porende loores
aa Uírgen gloriosa
que quis pera ssí ẏgreia
fazer nobr' e mui fremosa

---

[1] Santa Maria del Puerto, hoy el Puerto de Santa Maria.
[2] Lo mismo se escribió despues de todas las estrofas, en vez de *tẽuda*.
[3] *Fondamentos* se lee en otras cantigas.
[4] *Mẽor* en otros lugares.
[5] En lugar de *engenos* (engennos).

Digitized by Google

et fort', en que s' acollesse [1]
a gente, que pauorosa
era porque non auía
ánt' ú fosse deffenduda.
A que as cousas coitadas
d' aiudar muit' e tẽuda,
non uos é gran marauilla
se x' ela a sí aiuda.

CCCLVIIII.

Como Santa María do Porto se doeu d' ũa moller que uẽo aa sa ygreia en romaría, a que catiuaran un seu fillo, et sacó-o de catiuo de terra de mouros et póso-ll'-o en saluo.

As mãos da santa Uírgen
que tangeron acaron
Ihesu-Christo, muy ben poden
sacar presos de prijon.

E d' aquest' un gran miragre
auẽo en un logar
que é chamado o Porto
da Uírgen que non á par,
a un ome que ueera
á Xerez e ý morrar [2]
fora con moller e fillos
que él mui de coraçon
As maos [3] da santa Uírgen
que tangeron acaron.....

Amaua máis d' outra cousa.
Et desque chegou alí
fazía mui bõa uida,
segundo quant' aprendí,
et era mui bõo uizinno
a quantos morauan ý
a San Saluador, ond' era
chamada a colaçon.
As maos da santa Uírgen
que tangeron acaron.....

Éste dous fillos auía,
et Domingo o mayor
chamauam, et ão outro
Pedro, que era menor.
Éstes ambos o seruían
muito, que gran sabor [4]
auía o ome bõo,
et fazía gran razon.
As maos da santa Uírgen
que tangeron acaron.....

Onde ll' auẽo un dia
que ão mayor mandou
que foss' a ũa sa uinna
ueer, que ele chantou:
et o moç' alá estando,
aueo [5] que catiuou,
et leuáron-o a Ronda
por auer d' él remisson. [6]
As maos da santa Uírgen
que tangeron acaron.....

E logo na almoeda
o meteron essa uez;
dess í compró-o un mouro
que deu por ele [7] seu prez
de por quanto ll' o uenderon,
et [8] mantenent' ál non fez
et enuiou-o [9] na requa
a Aliazira enton.
As maos da santa Uírgen
que tangeron acaron.....

E alá [10] ú u leuauan,
a Uírgen que nos manten
o foi fillar pela mão
et disse:—Non temas ren;
ca eu te porrei en saluo,
et esto uerás tú ben
muy çedo en cas teu padre,
et sen mal et sen lijon.—
As maos da santa Uírgen
que tangeron acaron.....

Mais o padre e a madre

[1] Escrito *acollessen* y raspada la *n*.
[2] Debe de ser equivocacion del copiante. En otros lugares se lee *morar*. Véase el verso sexto de la estrofa siguiente.
[3] De este mismo modo se repite en todas las estrofas, en lugar de *maos*.
[4] Parece que debia haberse escrito: *de* que gran sabor. Así seria completa la medida del verso y mejor el sentido.
[5] Por *aueo*, como está en el primer verso de la estrofa.
[6] Se escribió *remission*. Está raspada la segunda *i*.
[7] La *e* final de esta palabra está escrita sobre el renglon, por haberla omitido el amanuense.
[8] Sigue un espacio raspado, en el cual se habia empezado á escribir otra palabra.
[9] Estas dos palabras están escritas sobre raspado.
[10] Se escribió primero *ali*. La *a* está hecha sobre raspado.

Digitized by Google

cuidaron morrer sen ál
con coita d' aquele fillo;
et fezeron estadal
e foron log' äo Porto
da Sennor espirital
e pedíron-ll' aquel fillo
chorando con deuoçion. [1]
As maos da santa Uírgen
que tangeron acaron.....

Eles assí estando, [2]
uíron seu fillo uijr,
Pedro, o menor, et logo
lles foi contar sen mentir
que Domingo era uẽudo
a ssa cassa, e se ir
quisessen ý, o ueeríam.
Et eles de gran randon
As maos da santa Uírgen
que tangeron acaron.....

Foron logo sen tardança,
et acharon con mui gran
par de fferos a seu fillo,
et tornaron manaman
con él a Santa María
e deron loores tan
grandes, que de mui de longe
foi end' oýdo o són.
As maos da santa Uírgen
que tangeron acaron
Ihesu-Christo, muj' ben poden
sacar presos de prijon.

CCCLX.

Esta é de loor de Santa Maria.

Loar deuemos a Uírgen
porque nos sempre gaanna
amor de Deus e que punna
de nos guardar de sa sanna.

Ca en quant' é de Deus filla
e criada e amiga,
en rogar-lle que nos ame
sol non á Deus que lle diga,
e en quant' él é seu Fillo,
pero o mundo iüỳga,
de nos perdõar por ela
non é cousa muit' estrannỳa.
Loar deuemos a Uírgen
porque nos sempre gaanna.....

E pois Deus quis [3] seer ome
fillando a carne d' ela,
d' alí nos fez seus parentes
pora amar-nos por ela;
e per esta razon misma
deu' él a perder querela
de nós e guardar do demo
que nos engana per manna.
Loar deuemos a Uírgen
porque nos sempre gaanna.....

Demáis que dirá Deus Padre
a seu Fillo dia forte
do iüyzio, [4] quando ll' ele
mostrar' a cruz ú pres morte
e as chagas en o corpo
que pres' pera dar conorte
a nós: «Nunca pïedade
foi nen será iá tamanna.»
Loar deuemos a Uírgen
porque nos sempre gaanna.....

E demáis ¿cómo [5] Deus pode
seer contra nós irado
quando lle sa Madr' as tetas
mostrar' con que foi criado
e disser: «Fillo, por estas
te rogo que perdõado
este meu póboo seia
e contigu' en ta companna?»
Loar deuemos a Uírgen
porque nos sempre gaana..... [6]

E por aquesto te rogo,
Uírgen santa corõada,
pois que tú es de Deus filla

---

[1] En otros lugares *deuoçon*.
[2] Falta una silaba al verso, que debe sér sin duda la conjuncion *E* con que ha de empezar.
[3] Escrito *quiso* y raspada la *o*.
[4] *Juizo* en otros lugares.
[5] La *o* final de esta palabra, omitida por el amanuense, está escrita sobre el renglon.
[6] En lugar de *gaäna*.

Digitized by Google

e madr' e noss' auogada,
que esta merçée aia
de tí de Deus acabada,
que de Mafomet' a seita
possa eu deitar d' Espanna.
Loar deuemos a Uírgen
porque nos sempre gaanna
amor de Deus e que punna
de nos guardar de sa sanna.

CCCLXI.

Como Santa Maria [1] fez nas Olgas de Búrgos a ũa sa omágen que se uolueu ú a deitaron.

Null' ome per ren non deue
a dultar nen a tẽer
que non pode na omágem
da Uírgen uertud' auer.

E d' est' un mui gran [2] miragre,
meus amigos, uos direỳ
que aũo na çidade
de Búrgos, e mui ben seỳ
que foi e é gran uerdade,
ca por así o achei
prouad'; e porende quero
d' él un bon cantar fazer
Null' ome per rem non deue
a dultar nen a tẽer.....

A loor da Uírgem santa,
a Sennor de mui gran prez,
que fezo no moesteỳro
das Olgas, que el reỳ fez
Don Afonso de Castela,
aquel que primera [3] uez
ueçeu [4] o sennor dos mouros
pola fe de Deus creer.
Null' ome per ren non deue
a dultar nen a tẽer.....

En aquele moesteiro,
segund' aprendí eu, [5]
Don Affonso seu bisneto
hũa omágen ý deu
da Uírgen Santa María,
ca aquel rey todo seu
era d' ela, e porende
a mandou alí põer.
Null' ome per ren non deue
a dultar nen a tẽer.....

En ésta tan gran uertude
meteu Deus, com' aprendí,
que as monias que morauan
en aquel logar, assí
tijnnam por gran dereito
de pedir-lle que log' ý
lles comprisse sas demandas;
et non lle dauam lezer
Null' ome per ren non deue
a dultar nen a tẽer.....

De pedir-ll'-as, e tan toste
a Reynna espirital
fazía por sa omágen
como se fosse carnal;
ca lles daua seu conorte
et guardáua-as de mal
et fazía-lles saúdes
de sas doores auer.
Null' ome per rem non deue
a dultar nen a tẽer.....

Demáis era tan ben feita
et de tan omil faỳçon,
que quem quer que a uiía
en ela gran deuoçion
auía. [6] Porend' as monias
todas mui de coraçon
a onrrauan e seruían
a todo e [7] seu poder.
Null' ome per ren non deue
a dultar nen a tẽer.....

Ond' aũo en a noite
de Nauidad', en que faz

---

[1] Así en el Sumario. El amanuense omitió aquí, por distraccion sin duda, la palabra *María*.
[2] Estas tres palabras están escritas sobre raspado.
[3] *Primeira* en otros lugares.
[4] En lugar de *ueçeu* (uençeu).
[5] Falta una sílaba. Tal vez debiera haberse escrito *segundo* en lugar de *segund*.
[6] Se escribió *auían* y se raspó la *n*.
[7] La *e* está intercalada sobre el renglon.

Digitized by Google

santa Ygreia gran festa,
que as monias por solaz
fezeron mui rico leito,
e, come moller que iaz,
deitaron ý a omágen
et fezéron-a jazer
Null' ome per ren non deue
a dultar nen a tẽer.....

Come moller que paríra;
et as monias arredor
do leito pousaron todas;
et seend' a gran sabor
catand' aquela omágen,
uíron-lle [1] mudar coor
na façe, e d' un lado [2]
äo outro reuoluer.
Null' ome per ren non deue
a dultar nen a tẽer.....

Enton todo o conuento
se fillou muit' a chorar
porque tan gran marauilla
lles quisera Deus mostrar
pola sa bẽeÿta Madre
en que él quis encarnar
et en tal noÿte com' esta
por nós sen door naçer. [3]
Null' ome per ren non deue
a dultar nen a tẽer.....

E enton [4] todalas monias
s' ergeron cantando ben:
«Santa Uírgen sen mazela
que per bondad' e per sen
feziste que Deus, o Padre
que o mundo en sí ten
e en que os cëos caben,
que podess' en tí caber.»
Null' ome per ren non deue
a dultar nen a tẽer
que non pode na omágen
da Uírgen uertud' auer.

CCCLXII.

Como Santa María fez cobrar seu lume a un ouriuez en Chartes. [5]

Ben pode Santa María
seu lum' äo çego dar, [6]
pois que dos pecados pode
as almas alumẽar. [7]

E de tal razon com' esta
uos quer eu ora dizer
un miragre mui fremoso
que foi en França fazer
a Uírgen Santa María,
que fez un çego ueer
ben en a uila de Chartes,
como uos quero contar.
Ben pode Santa María
seu lum' äo çego dar.....

Este çeg' ouriuez fora
que non ouuera mellor
en todo o reyno [8] de França
ne nas terras arredor;
e en seruir sempr' a Uírgen
auía mui gran sabor;
e porend' hũa arca [9] d' ouro
fora mui rica laurar
Ben pode Santa María
seu lum' äo çego dar.....

Pora trager as reliquias [10]
sempre en a preçission. [11]
E porén uendel-a fora
en a Sée de Leon
e dera d' ela por algo
e d' ela dera en don,
pois que soube que auían
as reliquias ý andar.
Ben pode Santa María
seu lum' äo çego dar.....

---

[1] La *e* final de esta palabra, omitida por el copiante, se escribió despues sobre el renglon.
[2] Falta una silaba. Acaso debiera haberse escrito *en a* façe.
[3] Las dos últimas palabras están escritas sobre raspado.
[4] Escrito sobre raspado.
[5] *Tol.:* Esta LXXXXV.ª é como santa maria fez cobrar o lume a un ouriuez que era cego. en chartes.
[6] Este verso y parte del anterior están escritos en el texto sobre raspado.
[7] En el texto se habia escrito: *as alumẽar*. Esta equivocacion se enmendó, escribiendo fuera de la columna las letras omitidas.
[8] *Tol.:* en tod' o reino.
[9] *Tol.:* un arca.—En el texto están escritas estas palabras sobre raspado.
[10] *Tol.:* religas.
[11] *Tol.:* precisson.

Digitized by Google

CCCLXII

Esta foi aquela arca
de que uos eu iá falei
que tragían pelo mundo
por gannar, segund' achei
escrito, porque ss' a uila
queimara, como contei
outrossí, et a ẏgreia [1]
toda, senon o altar
Ben pode Santa María
seu lum' äo çego dar.....

Ú [2] estas reliquias eran. [3]
Et tan toste manaman
as fillou logo correndo
un que era ý daẏam [4]
et leuou-as pelas terras
et soffreu mui grand' affan
por gannar con elas algo
con que podessen cobrar
Ben pode Santa María
seu lum' äo çego dar.....

La [5] ẏgreia que perderan.
E grandes miragres fez
por elas Santa María,
como uos dix' outra uez;
ca eran ý sas reliquias
d' esta Sennor de gran prez,
e quería Deus por elas
grandes miragres mostrar.
Ben pode Santa María
seu lum' äo çego dar.....

Andando [6] assí pelas terras,
a Chartes ouueron d' ir
ú aquel ouriuez era
çego; e pois foi oẏr
da arca cóm' era feita,
disso logo sen falir:
—Par Deus, eu fiz [7] aquela [8] arca
ánte que fosse çegar.—
Ben pode Santa María
seu lum' äo çego dar.....

E mandou-sse leuar logo
alá a ómees [9] seus,
dizendo:—Se alá chego,
ben ei feúza [10] en Deus
et na sa Madre bẽeẏta
que ueerei [11] d' estes meus
ollos, que por meus pecados
muit' á sse foron çerrar.— [12]
Ben pode Santa María
seu lum' ao çego dar.....

E pois que foi ant' a arca
se deitou et lle pediú
mercée, muito chorando;
e da agua que saẏú [13]
con que a arca lauaran,
trouxe pelo rostr' e uiú
mui mellor que ánte uíra.
Et fillou-ss' a braadar
Ben pode Santa María
seu lum' äo çego dar.....

Chamando «Santa María,
Madre do bon Reẏ Iesú,
porque ueio dos meus ollos
bẽeẏta scias tú:
e pois m' este ben feziste, [14]
quando me for mester, ú
teu Fillo seuer' iulgando,
queẏras por mí razõar.»
Ben pode Santa María
seu lum' äo çego dar,
pois que dos pecados pode
as almas alumẽar.

---

[1] *Tol.:* eigreia—y lo mismo más adelante.
[2] En el texto se dibujó una *D:* pero despues se raspó la parte superior de ella, dejándola así convertida en *U*.
[3] Véase la Cantiga XXXV.
[4] *Tol.:* daẏan.
[5] Así en el códice de Toledo. Las dos letras están raspadas en el texto, aunque ha quedado la huella suficiente para distinguirlas.
[6] *Tol.:* Andand.
[7] En el cód. de *Tol.* se escribió *fez*. Despues se señaló con un punto la *e* y se puso la *i* encima.
[8] *Tol.:* aquel.
[9] Así en el cód. de *Tol.*—En el texto se escribió *aos omees*. Despues se raspó solo la *s* del artículo, quedando *ao omees*.
[10] *Tol.:* fiuza.
[11] Así en el cód. de *Tol.*—El texto, equivocadamente, *ueerei*.
[12] *Tol.:* serrar.
[13] En el texto se omitió en un principio la *e* inicial de este verso. Está escrita fuera de la linea.
[14] *Tol.:* fiziste.

Digitized by Google

CCCLXIII.

Como Santa Maria liurou de priion [1] un caualeiro por ùa cantiga que lle fez, que tijnna preso el Con Simon.

En bon ponto uimos esta
Sennor que loamos,
que nos tan cedo acorre
quando a chamamos.

Un trobador en Gasconna
era, e trobaua
al Con Sÿmon et a muitos,
si que sse queixaua
a gente d' él, ca dizían
que os deostaua
máis quantos somos no mundo
en quanto uiuamos.
En bon ponto uimos esta
Senor [2] *que loamos.....*

El Con Sÿmon era conde
rrico [3] e poderoso,
e disse a un seu ome
que non foi priguiçoso: [4]
—Uaÿ-me logo prender aquel [5]
trobador astroso,
e busca fortes prijões
en que o metamos.—
En bon ponto uimos esta
Sennor que loamos.....

Él indo per un camino [6]
mui de segurado,
chegou aquel mandadeir' e
fillou-o priuado
e adússe-o al Cond', e
foi logo deitado
en prijões, ú iouuessen
quantos desamamos.
En bon ponto uimos esta
Senor que loamos.....

El Con Sÿmon muitas uezes
jurado auía
que o trobador matasse
logu' en outro dia;
mais a nossa auogada
Rëynna María
a uegadas nos estorua
do mal que pensamos.
En bon ponto uimos esta
Senor que loamos.....

Él se uió [7] nas prijões; [8]
cuidou que morresse,
e chamou Santa María
que lle socorresse,
e iurou-ll', alí iazendo,
que mentre viuesse
polo seu amor trobasse,
de que nós trobamos.
En bon ponto uimos esta
Sennor que loamos.....

Pois que o trobador ouu' a
oraçon comprida,
achou-ss' ençima d' un monte,
cabo d' un' armida
da Uírgen Santa María
que lle dera vida
e o guardou de tal morte
que todos dultamos.
En bon ponto uimos esta
Sennor que loamos,
que nos tan cedo acorre
quando a chamamos.

---

[1] Así en el Sumario. Aquí se repitió, sin necesidad, la preposicion *de*.

[2] En lugar de *Sénor*. La misma falta se cometió en las estrofas 3.ª y 4.ª

[3] La *o* que al parecer habia sido raspada por innecesaria, se volvió á señalar despues con tinta más negra.

[4] En otros lugares *preguiçoso*.

[5] De lo que se ve en estos versos, y en algunos otros en que tambien se advierten defectos métricos, se infiere que esta Cantiga pudo escribirse en versos de catorce silabas, divididos en el texto tal vez con el fin de ajustarlos á dos columnas.

[6] En vez de *camino*.

[7] *Uió* es la forma constante.

[8] Falta una sílaba. *Uió* se encuentra siempre sin diéresis. Tal vez debiera decir: Él que se uió nas prijões.

Digitized by Google

CCCLXIIII.

Como Santa Maria do Porto guardou XXX. ómees que cauauan terra pera sa ygreia e caeu ũa torre sobr' eles [1] et non lles enpeeçeu.

Qvem por seruiço da Uírgen
mete seu corp' [2] en uentura,
de tod' ocaion o guarda;
ca é Sennor de mesura.

D' esto direi un miragre
que en o gran Port' auẽo
que chamam da Groriosa
que cabo do mar Terrẽo
este et cabo do grande
que ten a terra no sẽo
e cerca todo o mundo,
segun diz a escritura.
Quen por seruiço da Uírgen
mete seu corpo en uentura.....

Alí fazíam eygreia
en que lauraua gran gente
pera esta Senor [3] santa,
todos de mui bõa mente;
et fazían fondamentos
fondos, per que máis tẽente
foss' a obra e máis firme,
todo de pedra mui dura.
Quen por seruiço da Uírgen
mete seu corp' en uentura..... [4]

E auían-a tan fonda
feita, que quen a ben uisse
cuidaría que null' ome
per ren d' ela non saýsse
se dentr' en ela caesse,
mais que tan toste fijsse;
ca o [5] logar era fondo
muit' e a coua escura.
Quen por seruiço da Uírgen
mete seu corp' en uentura.....

Alí iazían cauando
un dia trijnta obreiros
su esquina d' ũa torre
por gaannar seus dinneiros;
e a torre, que estaua
posta sobre terronteiros,
leixou-sse caer sobr' eles;
mais non ouueron én cura,
Quen por seruiço da Uírgen
mete seu corp' en uentura.....

Ca a Uírgen glioriosa, [6]
en cuio seruiço estauam
laurando na sa ygreia
en que de grado laurauan,
guardó-os enton, de guisa
que nïun mal non fillauan
en nïun nenbro do corpo
nen sol en a coniuntura.
Quen por seruiço da Uírgen
mete seu corp' en uentura.....

Ante ficaron tan sãos
ben como quand' í entraram [7]
. . . . . .
. . . . . .
. . . . . .
. . . . . .
. . . . . .
. . . . . .
. . . . . .
. . . . . .

E sse ánte ben laurauam,
mui mellor depois lauraron;
assí que en pouco tempo
a egreia acabaron
mui fremosa e mui forte,
tal, que quantos la cataron
disseron que non auía
tal en tod' Estremadura.
Quen por seruiço da Uírgen
mete seu corp' en uentura,
de tod' ocaion o guarda;
ca é Sennor de mesura.

---

[1] Asi en el Sumario. Aquí *sobr' elles*. Es yerro, como puede verse en el verso 7.° de la estrofa 4.ª

[2] Se escribió *corpo* y se raspó la *o*.

[3] En vez de *Sẽor*.

[4] El amanuense omitió el estribillo en este lugar y en el resto de la Cantiga, dejando espacio para escribirlo.

[5] El artículo *o*, omitido por el copiante, está escrito sobre el renglon.

[6] Es evidente error de copia, en vez de *gloriosa*.

[7] Sigue un claro con ocho líneas rayadas en que debieron escribirse los versos restantes de la estrofa y el estribillo.

Digitized by Google

CCCLXV.

Esta .CCC. et .LXV. é como Santa Maria tirou de dulta un frade nouiço que dizia que a alma non era nada, no moesteiro (*sic*) de Fonte-fria en Narbona. [1]

Ben tira Santa María
pela sa gran p̈iedade
äo pecador de dulta
et de máa torpidade.

E sobr' aquest' un miragre,
ora contar-uos querría
que por un monie nouiço
mostrou a Uírgen María,
que era d' um moesteiro
que chaman de Fonte-fría,
que é [2] no arçobispado
de Narbona a çidade.
Ben tira Santa María
pela sa gran p̈iedade.....

Este monie, con loucura
grande que ll' o demo daua,
sempre a noit' e o dia
en seu coraçon dultaua
que [3] alma nada non era
senon uento que passaua
tost' e que se desfazía
come fum'. E en uerdade
Ben tira Santa María
pela sa gran p̈iedade.....

Tijnna de tod' en todo
aquesto que assí era;
assí andaua perdudo
per sen que ll' o demo dera
que o metía en dulta
e cuidaua ý mui fera-
ment' a noit' e o dia [4]
por sua gran neçidade.
Ben tira Santa María
pela sa gran p̈iedade.....

E est' andaua cuidando
tanto, que disse sen falla
que na órdin non querría [5]
uiuer; «ca ssí Deus me ualla
(diss' él), pois qu' é esta [6] alma
atal como nemigalla,
quer' oy máis andar uiçoso
et compṛir mia uoontade.»
Ben tira Santa María
pela sa gran p̈iedade.....

Una noit' assí iazendo
cuidó [7] cómo se saýsse
do moesteir' e da órdin
que o nenguun non uisse:
uistiú-sse log' e calçou-sse;
ca ata que non comprisse
seu cuido, non folgaría.
E por fazer tal maldade
Ben tira Santa María
pela sa gran p̈iedade.....

Pareçeu-ll' a *lla* [8] Gloriosa
con d' ángeos gran companna
que leuauam hũa alma
d' un pobre mans' e sen sanna
a çẽos, con claridade
et alegría tamanna
que contar non sabería;
e diss' ela:—Estade, estade,
Ben tira Santa María
pela sa gran p̈iedade.....

E uerá aqueste monie
que anda en gran loucura
en cuidar que non é nada
a alma, ca da altura
deçeu meu Fill' e pres morte
por ela fort' e mui dura:
et quen non cree aquesto
ment' e faz gran falsidade.
Ben tira Santa María
pela sa gran p̈iedade.....

---

[1] Faltan en esta Cantiga el epígrafe, la música, y el estribillo que debe repetirse despues de cada estrofa. Está rayado el espacio necesario para todo ello.—El epígrafe se ha tomado del Sumario.

[2] El amanuense omitió el verbo *é*, que está escrito al márgen en pequeño tamaño.

[3] Sigue un breve espacio raspado en que hubo escrita una letra; tal vez el artículo *a*.

[4] Falta una sílaba, á no hacer diéresis en *noit*. Tal vez se debiera haber escrito *mente* en lugar de *ment*.

[5] Nótanse señales de haberse tratado de raspar la primera *r* de esta palabra para dejar *queria*.

[6] Escrita sobre el renglon la *e* de este vocablo.

[7] *Cuidou* en otros lugares.

[8] El amanuense repitió esta sílaba que evidentemente sobra en el verso.

Digitized by Google

Quand' aquesto uiú o monie,
téue-sse por mui culpado
et tornou-s' ao dormidoiro
et foi mui led' afficado
d' aquela uison [1] que uíra
et de sí [2] dulta tirado;
et uiueu senpr' en sa órden
con ben e con omildade.
Ben tira Santa María
pela sa gran p̈iedade
äo pecador de dulta
et de máa torpidade.

CCCLXVI.

Esta .CCC. et .LXVI. é como Santa María do Porto fez cobrar a Don Manuel un azor que perdera. [3]

A que en nossos cantares [4]
nós chamamos Fror das flores,
marauilloso miragre
fez por uuns caçadores.

E [5] de tal rrazon com' esta
hũa marauilla fera
aũco iá en Seuilla
en o tempo que ý era
el Rey, e que de Granada
de fazer guerra uẽera
äos mouros d' esa terra
que ý eran moradores
A que en nossos cantares
nós chamamos Fror das flores.....

E outros muitos genetes
que d' Áffrica [6] ý passaran;
ca todos fillaron dano
d' ele, qual nunca fillaram,
en pães, ortas e uinnas
e en quanto lles acharan.

E pois aquesto foi feito,
el Reÿ con seus lidadores,
A que en nossos cantares
nós chamamos Fror das flores.....

Qvand' este feito fezerom,
tornaron pera Seuilla;
e el Rey mui mal doente
foi ý a gran marauilla;
mais guariú pela merçée
da que é Madr' e filla [7]
de Deus, que o guareçera
iá d' outras grandes doores.
A que en nossos cantares
nós chamamos Fror das flores.....

En quant' él guareçía,
Don Manüel, seu ÿrmão,
uẽo ý e foy enfermo;
e pois guariú e foi são,
fillou-sse con seus falcões
que mudara no verão
a caçar, que é dos viços
do mundo un dos mayores.
A que en nossos cantares
nós chamamos Fror das flores.....

E ind' a aquela caça,
leuou poucos caualeiros;
mais leuou outra gran gente
de mui bõos falcoeÿros
que leuauam seus falcões
de garça, e ar grueÿros;
mais ánte que se tornasse
perdeu uun dos mellores,
A que en nossos cantares
nós chamamos Fror das flores.....

Que se foi da outra parte
d' Aguadalquiuir uoando,
de guisa que foi perdudo.

---

[1] Se escribió *daquella uision*. La *l* y la *i* sobrantes están á medio raspar.

[2] La palabra *si*, omitida por el copiante, está escrita al márgen. Parece que debiera decir *de sa*.

[3] Así en el Sumario. Aquí se omitió el epígrafe, aunque el amanuense dejó espacio para escribirlo.

[4] El dibujante hizo una *O* en lugar de la *A* inicial de este verso. Está enmendada y repetida la *A* al márgen con tinta negra.—Faltan las notas musicales en el primer pentagrama.

[5] Esta inicial de la estrofa no llegó á dibujarse. Está escrita en pequeño tamaño, y además repetida al márgen con pluma gruesa, como indicacion para el dibujante.

[6] La *i* de esta palabra, omitida por olvido, está escrita sobre el renglon.

[7] Falta una sílaba. Debió sin duda haberse escrito *Madre e filla*.

[8] Falta una sílaba, que sin duda ha de ser la conjuncion *E* con que pudiera empezar el verso.

Digitized by Google

Et andáron-o buscando
ben preto de tres domáas
et sempre apregoando,
cuidando que o achara
algun d' esses lauradores
A que en nossos cantares
nós chamamos Fror das flores.....

Que os achan a uegadas
e os tẽen asconḍudos
e os uan vender a furto
por non seeren connosçudos.
Porén mandou o Infante
que fossen aperçebudos [1]
seus falcõeyros, et logo
fillou dos máis sabedores
A que en nossos cantares
nós chamamos Fror das frores.....

E foi con eles a caça
ão chão de Tablada
en dereyto da aldea
que Coỳra este chamada;
e víron da outra parte,
no exarafe, coitada
hũa aue que tragía
un falcon dos montadores
A que en nossos cantares
nós chamamos Fror das frores.....

Por fillal-a. E tan toste
aquel falcon conosçeron [2]
que era o que perderan, [3]
et en él mentes meteron
et o falcon e a aue
uíron cómo se mergeron
et foron caer en terra.
Mais os que conosçedores
A que en nossos cantares
nós chamamos Fror das flores.....

Eran de connosçer aues,
que doral era ben uíron:
e Don Manüel e todos
logo merçée pidíron
á Uírgen do gran Porto, [4]
de que falar muit' oỳron,
que se lles o falcon desse,
que de çera con loores
A que en nossos cantares
nós chamamos Fror das flores.....

Un falcon lle dessen feito,
que mui de grado farían,
e que en a sa ygreia
ant' o seu altar porríam.
E pois esto ouueron dito,
chamaron quanto podían
o falcon que lles uẽesse;
mais macar braadadores
A que en nossos cantares
nós chamamos Fror das flores.....

Eran muito en chamal-o,
nen per siso nen per arte
sol uijr non lles quería;
ca falcon, tra ú se farte
da caça que á filada, [5]
con medo que o enarte
o que o trage en toller-ll'-a,
punna d' auer seus sabores
A que en nossos cantares
nós chamamos Fror das flores.....

En comer quanto máis pode.
Mais Don Manüel, con manna
d' aquele [6] falcon auel-o,
apartou-se da companna
et chamou-o mui de rigio; [7]
et marauilla estranỳa
foi; ca log' a ele vẽo
en un campo ú aradores
A que en nossos cantares
nós chamamos Fror das flores.....

Con seus boỳs alí arauan.
O falcon passou agina [8]
de Guadalquiuir o rio

---

[1] Este verso y los dos que siguen están escritos sobre raspado.
[2] *Cònosçeron* debia haberse escrito, como en otros lugares. La misma falta se cometió en el verso final de la estrofa.
[3] Escrito *perderon*, y enmendado.
[4] Falta una sílaba. Sin duda debió haberse escrito *aa* Uirgen.
[5] *Fillada* en otros lugares.
[6] La *e* final de esta palabra se escribió posteriormente sobre el renglon.
[7] Por lo comun se encuentra escrito en estos códices *de rijo*.
[8] En lugar de *agina*, y *tijna* en el cuarto verso.

Digitized by Google

con seu doral que tijna,
e pos-lo ant' o Infante
que loou muit' a Reynna
dos çeos, Santa María
que é Sennor das Sennores.
A que en nossos cantares
nós chamamos Fror das flores,
marauilloso miragre
fez por uuns caçadores. [1]

CCCLXVII.

Como Santa María do Porto guareçeu a Rey Don Affonso d' úa grand' enfermedade de que lle ýnchauan as pernas tanto muito, que lle non podiam caber en as calças. [2]

Grandes miragres faz Santa María,
e fremosos, a quem s' en ela fia.

Ca en aquele que s' a ela chama
et a seru' e a loa et a ama,
macar iaça en leito ou en cama
con gran door, sãa-o todauía.
Grandes miragres faz Santa María.....

D' est' un miragre quero que sabiádes
que fez mui grande na que esperades
todos mercée et ú a achades
en todo tempo, de noit' e de dia.
Grandes miragres faz Santa María.....

Aquest' auõo al Rey de Castela
et de Santiago de Compostela [3]
quand' ýa ueer a ygreia bela
que él fezera na Andaluzía,
Grandes miragres faz Santa María.....

Que en mui pouco tenpo acabada
foi, a onrra da Uírgen corõada,
et de torres et de muro cercada,
segund' aquel logar mester auía.
Grandes miragres faz Santa María.....

Aquel Rei fora enferm' en Seuilla
de grand' enfermidade a marauilla,
de que guariú por aquela que trilla
mui mal o demo chõo de perfía.
Grandes miragres faz Santa María..... [4]

E pois d' esta enfermidade, [5]
el Rey ouu' enton mui gran uoontade
d' ir a logar ú tan gran santidade
á com' alí. Et él en romaría
Grandes miragres [6] *faz Santa María.....*

Foi alá logo per mar e per terra;
et macar l' o tenpo fez mui gran guerra,
guió-o ben aquela que non erra
a quen a serue ben sen oufanía.
Grandes miragres faz Santa María.....

E ind' el Rei per mar, tanto ll' incharon
as pernas ambas e se lle pararon
assí uermellas, que todos cuidaron
que d' aquel mal mui tarde sãaría.
Grandes miragres faz Santa María.....

Ca iá de tal guissa inchad' auíam,
que en as osas caber non podíam;
demáis os coiros d' elas se fendíam
e agua amarela én saýa.
Grandes miragres faz Santa María.....

Mais el Rei, que toda sa esperança
auía en a Uírgen sen dultança,
non quis por esto fazer demoranca,
mais foi-ss' ão Porto quant' ýr podía.
Grandes miragres faz Santa María.....

E chegou uérnes aa ssa ygreia
d' aquesta Uírgen que bẽeyta seia,
et con esta enfermidade sobeia
foi ant' o seu altar tẽer uegía.
Grandes miragres faz Santa María.....

E quando os madudinos começaron
os seus clérigos, que os ben cantaron,

---

[1] Falta el estribillo en este lugar.

[2] Así en el Sumario (que lle non cabían nas coiças). El amanuense escribió aquí: enas pernas. calças. Claro es que sobra la palabra *pernas*.

[3] Se escribió *Compostella* y se raspó la segunda *l*.

[4] El amanuense omitió aquí este primer verso del estribillo, dejando en claro la linea en que debia haberlo escrito.

[5] Faltan dos sílabas, y el sentido queda incompleto. Parece indudable que debió haberse escrito, despues de *pois*, el verbo *guarir* ú otro análogo.

[6] Despues de esta palabra repitió el copiante las primeras letras de la misma, *mira*: pero, advertido de su distraccion, las tachó con una raya.

Digitized by Google

log' ambalas [1] pernas lle desincharon
et guareçeu d' aquela maloutía.
Grandes miragres faz Santa María.....

E el Rei log' e toda sa companna
que uíron a marauilla tamanna,
loaron muit' a que nos gaanna [2]
de Deus saud' e nos dá alegría.
Grandes miragres faz Santa María,
e fremosos, a quen s' en ela fía.

CCCLXVIII.

Como Santa Maria [3] do Porto guariú ũa moller d' ũa coobra que tragia en o uentre, e auie ben tres annos.

Como nos dá carreyras
a Uírgen que façamos,
ben outrossí nos mostra
como mal non aiamos.

De tal razon com' esta
un miragre mui grande
direi, que fez a Uírgen, [4]
a quen queýra que ande
eu en a sa companna
e äo demo mande
que no inferno more
ú nunca ú ueiamos.
Como nos dá carreyras
a Uírgen que façamos.....

Una moller moraua
cabo Santa María
de Córdoua a grande
e o seu nom' auía;
et dentro no seu corpo [5]
cuydaua e creýa
que tragía coobra,
donde nos espantamos.
Como nos dá carreiras
a Uírgen que façamos.....

E con aquesta coita.
ben per Estremadura
passou, e a Castella [6]
foi; e tal auenturia [7]
ll' auẽo, que en sonnos
lle disseron: «Loucura
fazes porque a Silos
non uas, ú nós moramos,
Como nos dá carreyras
a Uírgen que façamos.....

»Que fomos end' abade,
e dar-t'-emos consello
per que ben guarir possas,
ca non é por trebello
esto que te dizemos;
que a que é espello
de nós todolos santos
e por Senor [8] catamos,
Como [9] *nos dá carreyras*
a Uírgen que façamos.....

»Guiará ta fazenda
per que seias guarida.»
E ela foi-ss' a Silos,
e pois que fez sa ida,
ar disséron-ll' en sonnos:
«Aínda tú comprida
non ás ta romaría,
per como nós cuidamos;
Como nos dá careras [10]
a Uírgen que façamos.....

»Mais se tú perder queres
doores e pesares,
uay-t' a Santa María
que iaz ontre dos mares
que chaman o gran Porto;
e pois que ý chegares,
log' auerás consello;
d' esto non douidamos.»
Como nos dá carreyras
a Uírgen que façamos.....

---

[1] Hay un claro raspado en el cual se habia repetido el artículo *las*.

[2] Falta una sílaba, á no hacer diéresis en *muit* que por lo general se pronuncia sin ella. Tal vez debiera decir *muito* ó *aa*.

[3] Así en el Sumario. Aquí se escribió equivocadamente: Como *nos* Santa María.

[4] Las últimas palabras de este verso están escritas sobre raspado, y algunas de sus letras sobre el renglon.

[5] Escrita esta palabra sobre raspado. Tal vez diria *ontre uentre*, segun está en el epígrafe.

[6] *Castela* en otros lugares.

[7] Es error manifiesto. Debe decir *auentura*, como exige la rima.

[8] Sin duda en lugar de *Senor*, como en otros lugares.

[9] Escrito equivocadamente *Comos*. La *s* está tachada con una raya.

[10] En lugar de *carreyras*, como se lee en todas las estrofas.

Digitized by Google

A moller outro dia
meteu-sse na carreyra;
e quando foi no Porto
da Sennor uerdadeyra,
teuo ý sa uigía,
e iazendo senlleyra
dormindo, uiú en sonnos
quem lle disse: «Uaámos
Como nos dá carreiras
a Uírgen que façamos.....

A Cáliz atan toste
que for a madurgada,
aa sée que este
de Santa Cruz chamada,
en que meu Fillo posto
foy, ond' eu fuý prennada,
e auerás saude;
ca nós por tí rogamos.»
Como nos dá carreiras
a Uírgen que façamos.....

Ela fez outro dia
ben como lle mandaron,
e logu' en ũa barca
entrou, e póis entraron
no mar ela e outros;
e pois Cáliz cataron
e uíron a ygreia,
disseron:—Deus loamos
Como nos [1] *carreiras*
a Uírgen que façamos.....

E a Uírgen sa Madre,
a que non á parella.—
Enton abriú a boca
a moller, e uermella
deitou hũa cohobra
per ela, a semella
d' ũa anguía grossa:
de çerto o creamos.
Como nos dá carreiras
a Uírgen que façamos.....

Quantos aquesto uíron
forum marauillados,
et a Deus e sa Madre
forum loores dados;
e pois forum de Cáliz
ão Porto tornados,
loaron muit' a Uírgen
cuio ben asperamos.
Como nos dá carreyras
a Uírgen que façamos,
ben outrossí nos mostra
como mal non aiamos. [2]

CCCLXIX.

Como Santa María guardou de mal ũa boa moller de Santaren de mal [3] d' um alcayde malfeitor que a quisera meter en pérdeda de quant' auia por hũa sorteila que lle deitara en penor.

Como Iesu-Christo fezo
a San Pedro que pescasse
un peixe [4] *en que achou ouro*
que por ssí e él peitasse,
outrossí fez [5] *que sa Madre*
per tal razon [6] *mancira liurasse*
a hũa moller mesquýna
e de gran coita tirasse.

E de tal razon com' esta
uos direý un gran miragre,
sol que me ben ascoitedes, [7]
que fezo Santa María,
porque muý máis d' outra cousa
sempr' [8] en ela confiedes;
ca nunca o atal fezo
que s' én muý ben non achasse
e que ll' o a Santa Uírgen
póis ben non gualardõasse.
Como Iesu-Cristo fezo
a San Pedro que pescasse.....

En Santaren contiú esto
a ũa moller tendeyra

---

[1] Falta en este lugar la palabra *dá*.
[2] Omitido aquí el estribillo por falta de espacio en la columna.
[3] Así tambien en el Sumario. Parece que sobran las palabras *de mal*, bien en este lugar ó bien en la linea anterior.
[4] *Peixe* en el Sumario.
[5] Se escribió *fezo*: pero está tachada la *o*, sobrante.
[6] Esta palabra esta indudablemente escrita por equivocacion. No cabe ni en el sentido ni en la medida. Comprueba esta conjetura el no haberse escrito sobre dicha palabra nota alguna musical.
[7] La *e* primera de esta palabra está escrita sobre raspado. Parece que primero se habia puesto *ascoitardes*.
[8] Escrito *sempre* y tachada la *e* final.

Digitized by Google

que sa çeuada uendía,
e dizía ameude:
«Aquel é de mal guardado
que guarda Santa María.»
E colléra-o [1] por uso
en que quer que razõasse
et en toda merchandía
que uendess' e que comprasse.
Como Iesu-Cristo fezo
a San Pedro que pescasse.....

Un alcayd' era na uila [2]
de mal talán e sannudo,
soberuu' e cobijçoso,
que per él nyun dereyto
nunca ben era iuýgado:
demáis era urgullosso [3]
e cobijçaua muito
por achar en que trauasse [4]
a quem quer, ou pobr' [5] ou rico,
per que algo d' él leuasse.
Como Iesu-Cristo fezo
a San Pedro que pescasse.....

Ond' auẽo que un dia
seus ómees do alcayde
estand' ant' él, razõauam
d' aquela moller, dizendo
que a tijnna [6] por louca,
et muit' ende posfaçauan.
Diss' o alcayde:—¡Quén ll' ora
fezesse per que errasse
e que d' aquela paraula
por mentiral én ficasse!
Como Iesu-Cristo fezo
a San Pedro que pescasse.....

Mais ei agora osmado
hũa cousa per que logo
en est' erro a metades:
fillad' esta mia sortella
et dáde-ll'-a por çeuada
que me log' aquí tragades.—
E enuiou dous, dizendo
a cada uun que punnasse
en lle furtar a sortella,
per que póis se ll' achasse.
Como Iesu-Xristo fezo
a San Pedro que pescasse.....

E eles assí fezeron;
ca forum alí correndo
e compráron-ll' a çeuada,
e ár déron-ll' a sortella
que empenos [7] a teuesse
ata que fosse pagada.
Mais non quiso uun d' eles
que o anel lle durasse;
ante buscou soteleza
per que ll'-o logo furtase.
Como Iesu-Cristo fezo
a San Pedro que pescasse.....

Ca en quanto uun d' eles
reçebía a çeuada
que ll' a bõa moller daua,
o outro de sobr' un leyto
hu posera a sortella
atan toste ll' a furtaua;
et tornáron-ss' a seu dono
dizendo que ss' alegrasse,
et a sortella lle deron,
mais que os non mesturase.
Como Iesu-Cristo fezo
a San Pedro que pescasse.....

Outro dia o alcayde
mandou ãos dous maçebos [9]
que enuiara primeiros
que fossen logo correndo
a aquela moller bõa
et lle dessen seus dinneyros,
que logo a ssa sortella
mantenente lle tornasse,
et se noń, que quant' auía
a moller que ll' o fillasse.
Como Iesu-Cristo fezo
a San Pedro que pescasse.....

---

[1] Escrito *colleýoo* y convertida la *ý* en *r*.
[2] Escrito sobre raspado. Habíase puesto *uilla*.
[3] En otros lugares *orgulloso*.
[4] Escrito sobre raspado.
[5] Se escribió *poõre*, y se raspó la *e*, que sobra, en efecto, en la medida.
[6] El amanuense omitió, sin duda por olvido, la tilde sobre la *a*, pues se infiere que debia decir *tijnnan*.
[7] Falta una sílaba, no haciendo diéresis en *pois*.
[8] Parece que debia haberse escrito *en penor*, segun se lee en el epígrafe.
[9] En lugar de *maçebos*.

Digitized by Google

Eles forum muit' aginna
et pagaron seus dýnneyros
ben e muý compridamente
a aquela moller bõa,
et pedíron-ll' a sortella
d' ouro fin', ca non d' arente,
ond' a pedra foi uermella,
que quer que a catasse [1]
por rubí sen nulla dulta
cuydo que jüýgasse. [2]
Como Iesu-Cristo fezo
a San Pedro que pescasse.....

A dona, quand' oyú esto,
foi por fillar a sortella
d' alí onde a posera;
mas non achou ý nemigalla, [3]
pero a andou buscando;
e foi en gran coita fera
et rogou a un d' aqueles
que o alcaýde rogasse
que se soffresse un pouco
atén en que achasse. [4]
Como Iesu-Cristo fezo
a San Pedro que pescasse.....

O alcaýde mui sannudo
disse que o non faría;
mais que lle dess' a sortella
de que o uinqu' era d' ouro,
mui ben feit' e ffremoso, [5]
e a pedra [6] era uermella;
e se lle logo non desse,
que quant' auía ll' entrasse
atén en que a valía
da sortella lle dobrasse.
Como Iesu-Cristo fezo
a San Pedro que pescasse.....

A moller, quando uiú esto,
con mui gran coita chorando
diss':—¡Aý, Uírgen gloriosa!
aquel é de mal guardado,
mia Sennor, a quen tú guardas;
e porend' ¡aý, piadosa!
non quisesses, Sennor bõa,
que a tal coita chegasse
que con pobreza mui grande
pelas portas mendigase.
Como Iesu-Cristo fezo
a San Pedro que pescasse.....

Ela dizend' aquesto, [7]
o alcaýde mui soberuio
caualgou en seu caualo
et deçea-sse pera Teio
por dar-lle a beuer no rio
et o topete laual-o.
E en lauándo-o derreio, [8]
quis Deus que ll' escorregase
aquel seu anel do dedo
e en a agua uoasse.
Como Iesu-Cristo fezo
a San Pedro que pescasse.....

O alcayde, pois uiú esto,
tornou-sse trist' e coitado
pera sa cassa aginna;
dessí todo seu despeýto
d' aquel anel que perdera
tornou sobre la mesquinna,
e mandou a uun seu ome
que tan muito a coitasse
ata que de quant' auía
de todo a derrancasse.
Como Iesu-Cristo fezo
a San Pedro que pescasse.....

A bõa moller coitada
foi tanto d' aqueste feito,
que sol non soube consello
de sí nen ar qué fezesse,
et diss':—¡Aý, Santa María!
tú que es lum' espello [9]

---

[1] Falta una sílaba á este verso, que al parecer debía empezar con la conjuncion *e*.

[2] Échase de ver en este verso la omision del pronombre *a* (cuyo que *a jüýgasse*) que requieren el sentido y la medida.

[3] Sobra una sílaba. Tal vez el adverbio *ý*.

[4] Sin duda en lugar de *que a achasse*. De este modo se completaría el octosílabo.

[5] Falta una sílaba. Acaso debiera haberse escrito *feito*.

[6] La *a* está señalada con un punto, como indicando supresion. Es, en efecto, innecesaria para la medida del verso.

[7] Falta una sílaba. Sin duda debía decir *E ela*, ó *dizendo*.

[8] *De rrío* y *de rrijo* en otros lugares.

[9] Debe indudablemente decir: *lum' é espello*, como requieren el sentido y la medida.

Digitized by Google

ú se catan os coitados,
ca non foi quen se catasse
en tí con a mui gran coita
que se ben no [1] conortase.—
Como Iesu-Cristo fezo [2]
a San Pedro que pescasse.....

Ela auendo gran coyta
et fazendo mui gran dóo,
uẽo a cla sa filla
dizendo:—Madre, comede
et auede algun conorto;
ca sería [3] marauilla
se con tal coita morerdes [4]
que uos' [5] alma entrasse
en paraýso; ca nunca
ý entrou quen sse matasse.
Como Iesu-Cristo fezo
a San Pedro que pescasse.....

Desque l' aquest' ouue dito,
foi-sse correnḍ' a Teio [6]
ú o pescado vendían,
et preguntou os dos barcos
que lle dissessen uerdade
se algun pexe tragíam.
Diss' un ḍ' eles:—Eu o trago
que con mia moller cẽasse;
mais pero uender-mi-o-ýa
a quem mi-o mui ben conprasse.—
Como Iesu-Cristo fezo
a San Pedro que pescasse.....

Dísse-ll' ela:—¿E son muitos?—
Respos' él:—Par Deus de ço
non he máis d' un [7] senlleiro
que fillei ora no rio
ú andáuamos pescando
eu e un meu companneiro.—
Rogou-ll' ela enton muito
que por Deus que ll' o mostrase
et que quanto x' él [8] quissesse
dinneýros por él fillasse.
Como Iesu-Cristo fezo
a San Pedro que pescasse.....

Desque ll' ouu' assí conprado
aquele pexe a meninna,
foi-ss' a ssa madre correndo
et dísse-l':—¡Aý, madre bõa!
máis ual de cẽar ḍ' aqueste
ca iazer assí gemendo.—
Enton lle mandou a madre
que o peyxe ll' adubasse
e o lauasse de dentro
et de fóra escamasse.
Como Iesu-Cristo fezo
a San Pedro que pescasse.....

Enton filló [9] a menýnna,
e pois lauou aquel peýxe,
quando foi que o abrisse,
en abrindo catou dentro
et uiú iazer a sortella,
et log' a sa madre disse
cómo aquel anel achara;
et ela que ll' o mostrasse
mandou, e poil-o uiú logo,
ar mandou que sse calasse.
Como Iesu-Cristo fezo
a San Pedro que pescasse... .

Outro dia o alcaýde
uẽo irad' e sannudo
a ssa cassa por prendel-a
se ll' a sortella non desse,
pois lle daua seus dineros, [10]
que morrería por ela.
Enton chorand' a mesquinna
rogou que a ascoitasse,
dizendo que ll' a daría
sol que ll' o seu entregase.
Como Iesu-Cristo fezo
a San Pedro que pescasse.....

---

[1] Sin duda en lugar de *nõ*, que es la forma en que generalmente se halla escrito.
[2] Está repetida, pero tachada, la palabra *fezo*.
[3] La *í* de esta palabra está escrita sobre el renglon.
[4] *Morrerdes* en otros lugares.
[5] La medida del verso requiere *uosa*.
[6] Falta una sílaba. Probablemente el copiante debería haber escrito *correndo*.
[7] Parece que debería decir *d' uun*, como se halla en otros lugares. De este modo se completaría el octosílabo, sin hacer dicresis en la palabra *máis* que comunmente se pronuncia sin ella.
[8] Acaso en lugar de *quantos él*.
[9] *Fillou* en otros lugares.
[10] En lugar de *dineiros*, como se lee en otros lugares.

Digitized by Google

Él disse que lle prazía.
Enton ela ante todos
tirou o anel do dedo
et deu-ll' o. Et ele, logo
que o ouue connosçudo,
fillou-se-l' én mui gran medo:
et ant' o póboo todo
lle rogou que lle contase
en quál guissa o ouuera,
que nulla ren non leixasse. [1]
Como Iesu-Cristo fezo
a San Pedro que pescasse.....

E ela contou-ll'-o todo
en quál guissa o ouera; [2]
e pois ll' o ouue contado,
ar dísse-ll' él a uerdade
en cómo a enganara;
e deu-s' ende por culpado,
et ante toda a gente
rrogou que lle perdõasse,
et do seu que lle tollera
deu quen a apoderasse.
Como Iesu-Cristo fezo
a San Pedro que pescasse.....

Entonçe toda a gente
que ý era assũnada [3]
deron mui grandes loores
por tam fremoso miragre
aa Uírgen gloriosa
que he Sennor das Sennores:
et dando uozes dizíam:
«¿Quém foi quem te sellemasse
de guardar os seus de dano
nen tan ben os amparasse?»
Como Iesu-Cristo fezo
a San Pedro que pescasse
un peixe en que achou ouro
que por ssí e él pẹ̀tasse,
outrossí fez que sa Madre
per tal maneira liurasse
a hũa moller mesquỹnna
e de gran coita tirasse.

CCCLXX.

Esta é de loor de Santa Maria.

Locmos muit' a Uírgen Santa María,
Madre de Iesu-Christ', [4] a noit' e o dia.

Deuémos-lle dar máis de cen mil loores,
pois que a Deus prougue, Sennor dos Sennores,
que d' ela pres' carn' e as nossas doores
en ssí quis soffrer, como diss' Ysaýa.
Locmos muit' a Uírgen [5] Santa María.....

E de a seruir sol non nos enfademos,
outrossí temer et loar; ca sabemos
que nos ganará dos erros que fazemos
perdon pera sempre, uid' e alegría.
Locmos muit' a Uírgen Santa María.....

Esta nos quis dar Deus por noss' uogada [6]
quando fez d' ela Madr' e filla iuntada:
e porén deue [7] seer de nós loada,
et a tal Sennor ¿quén a non loaría?
Locmos muit' a Uírgen Santa María
Madre de Iesu-Christ', a noit' e o dia.

---

[1] Escrito este verso sobre raspado.
[2] En lugar de *ouuera*. V. el penúltimo verso de la estrofa antecedente.
[3] Por *assũada*, que es como generalmente se lee en estos códices.
[4] Escrito *Xpo*, y raspada la *o*.
[5] Escrito sobre raspado.
[6] Es yerro evidente. Debe decir *aaogada*, segun requiere la medida del verso.
[7] La *e* final está escrita sobre el renglon.

Digitized by Google

CCCLXXI.

Como Santa María do Porto guariú ùa moller que perigoara d' ùa pinaça et caera no mar.

Tantos uaỳ Santa María
en o seu Porto fazer
de miragres, que trobando
non poss' [1] *os meos* [2] *dizer.*

Pero direi un d' aqueles
que pouco temp' á que fez
mui grande et mui fremoso
esta Rëỳna [3] de prez
en Barrameda, que este
muit' a preto de Xerez;
e polo mellor saberdes,
oýde-mi-o a lezer.
Tantos uaỳ Santa María
en o seu Porto fazer.....

Qand' el reỳ Don Affonso [4]
pobraua aquel logar
do Porto da santa Uírgen
et fezera iá laurar
a ygreia, e uẽera
ý de Seuilla per mar
por ueer cómo pobrauan
e auer ende prazer;
Tantos uay Santa María
en o seu Porto fazer.....

Muitas gentes ý uijnnan
a aquel logar enton,
os uuns en romaría
auend' í gran deuoçon,
os outros pera pobrarem
et por aueren quinnon
das herdades que partissem,
segundo podess' auer.
Tantos uay Santa María
en o seu Porto fazer.....

Outros uijnnam per lauraren
e ganar ý seu iornal
que lles dauan por britaren
pedra ou por fazer cal
ou por laurar na ỳgreia
da Sennor esperital;
e porén de muitas partes
uijnnam ý guareçer.
Tantos uay Santa María
en o seu Porto fazer.....

Porém per mar e per terra
punnauam ý de uijr
muitos et de longas terras,
et por quant' ỳam oỳr
que os mortos resurgía
e os doentes guarir
fazía alí a Uírgen,
e ỳam-no ý veer.
Tantos uaỳ Santa María
en o seu Porto fazer.....

Onde foi que de Seuilla
hũa pinaça chegou
carregada de farinna, [6]
e d' ómees ý entrou
companna, e de molleres,
e tanto sse carregou,
que feriú en ỳas penas
e ouue de pereçer.
Tantos uaỳ Santa María
en o seu Porto fazer.....

Assí que morreron todos
quantos andauam alí;
mais hũa moller ý era
e chamou, segund' oý,
Santa María do Porto,
dizendo:—Eu uou a tý;
porém líura-me de morte
pelo teu muỳ gram poder.—
Tantos uaỳ Santa María
en o seu Porto fazer.....

---

[1] Escrito *fosso* y raspada la *o* final.
[2] En lugar de *mẽos*.
[3] En vez de *Reỳna* ó *Reỳnna*, como se encuentra en otros lugares.
[4] Falta una sílaba, no haciendo diéresis en las palabras *Quand'* ó *Reỳ* que se pronuncian sin ella. Acaso debiera decir *Quando*.
[5] Las tres últimas letras están escritas con tinta roja.
[6] Aquí se escribió *fanna*. La correccion está hecha con tinta más negra.

Digitized by Google

Quando aquest' ouue dito,
trauou logo manamam
d' um gram saco de farinna
et deitou-ss' em él de pram
de peytos; e, macar era
mui pesado, tornou tam
leue come se de palas [1]
fosse por non se merger.
Tantos uaỳ Santa María
en o seu Porto fazer.....

Ant' ýa sobre la agua
como se fosse un batel,
et ela ençima d' ele
chus liuiana que froxel,
chamando Santa María
Madre de Deus Manüel:
assí chegou a Sam Lúchas,
ú a foron reçeber
Tantos uay Santa María
en o seu Porto fazer.....

As gentes aa ribeýra.
E pois que souberon ben
seu feit' em cóm' escapara,
loaron muito porém
a Madre de Ihesu-Christo
que o mund' en poder ten,
et ela foi-ss' a Porto [2]
aa Úírgen offereçer.
Tantos uay Santa María
en o seu Porto fazer
de miragres, que trobando
non poss' os mĩos dizer.

CCCLXXII.

Como ueo [3] hũa moller de Neura que rauiaua a Santa María do Porto, et apareçeu-lle Santa María de noit' e guareçeu-a.

Meit' este [4] maỳor cousa en querer-se mostrar
a Úírgen ãos omes, ca d' enfermos sãar.

E d' est' um gram miragre direy, se uos prouguer,
que a Úírgen beyta [5] fez por hũa moller
na ỳgreia do Porto; et quem mi oỳr quisser,
direi-lle cóm auẽo, se mi o ben ascoitar'.
Muit' este maỳor cousa en querer-se mostrar.....

Hũa moller de Neula forum trager alí
que ben auía cinque dias, com' aprendí,
que rauiaua tan forte, segundo que oý,
que mordía as gentes, et come can ladrar
Muit' este maỳor cousa en querer-se mostrar.....

Se fillaua muy de rrigo. [6] Et por esta razon
fórum-ll' atar as maos [7] et os pées enton:
demáis eran passados çinque dias que non
comera nen beuera nen podía folgar.
Muit' este maỳor cousa en querer-se mostrar..... [8]

---

[1] *Fallas* en otros lugares.
[2] Sin duda en lugar de *ao* Porto, segun requieren el sentido y la medida del verso.
[3] Así en el Sumario. Aquí, equivocadamente, *ueo*.
[4] La *e* final que omitió el copiante, tal vez por olvido, se escribió despues con tinta roja.
[5] Debe decir *bẽyta*, como se lee en otros lugares.
[6] *De rrijo* en otros pasajes. Sobra la palabra *muy* para la medida del verso.
[7] En vez de *maos*.
[8] En el segundo verso de este estribillo se escribió equivocadamente *enfẽmos* por *enfermos*.

Digitized by Google

CCCLXXIII

E pois foi na ygreia et o altar catou,
aquela rauia grande toda se ll' amansou;
e pois dormió [1] un pouco, a Uírgen a fillou
pela mão et dísse-ll':—Eu te uenno sãar.
Muit' este mayor cousa en querer-se mostrar.....

E des oy máis non aias medo de mal auer,
mais á mester que cómias et que queiras beuer;
ca eu soon aquela que posso guareçer
tod' aquel que na coita que ouuer me chamar.'—
Muit' este mayor [2] en querer-se mostrar.....

Foi-ss' enton a Rëynna Uírgen espirital
et leixou ben guarida [3] a moller d' aquel mal,
e [4] pediú qué comesse et beuess' outro tal,
e os que y estauan fóron-ll'-o logo dar.
Muit este mayor cousa en querer-se mostrar.....

Quando uiú o marido que cobrara seu sen
sa moller, e que era iá guarida mui ben
d' aquela mortal rauia, deu loores porén
aa Uírgen bẽeyta que se quis merçẽar
Muit' este mayor cousa en querer-se mostrar.....

D' ela: e quantos eran en o logar, loor
deron porén mui grand' [5] aa santa Sennor
Uírgen e groriosa Madre do Saluador
Ihesu-Christo que uẽo en ela encarnar.
Muit' este mayor cousa en querer-se mostrar
a Uírgen äos ómees, ca d' enfermos sàar.

CCCLXXIII. [6]

Como Santa María *guardou* un mercador *de Portogal* de perigoo do mar *du* caera d' úa naue.

A de que Deus pres carne e foi d' ela nado
ben pode ualer a todo perigoado.

Ca per ela foi a morte *destruida*
e nossa saúde cobrada et uida;
tod' est' auemos pola Sennor comprida;
pois un [7] seu miragre uos direi de grado
A de que Deus pres carn' [8] e foi d' ela nado.....

---

[1] Por *dormiú*, segun se lee en otros lugares.
[2] Falta aquí la palabra *cousa*.
[3] Escrito sobre raspado.
[4] El amanuense omitió esta conjuncion. Se escribió despues fuera de la línea.
[5] Despues de la *d* hay raspado el espacio en que se escribió otra letra. La medida requiere *grande*.
[6] Esta Cantiga es repeticion de la CCLXVII. Las variantes van indicadas con letra cursiva.
[7] La palabra *un*, omitida por el amanuense, está escrita entre renglones por distinta pluma.
[8] En lugar de *carne*, segun dice al principio. Igual omision se advierte, como puede verse, despues de varias estrofas.

Digitized by Google

Que fez esta Uírgen santa et *Raýnna*
que é dos coitados todos meezýnna:
contar-uol-o-ei breuement' e agýnna [1]
quant' end' aprendí a quen mi-o á contado.
A de que Deus pres carn' e foi d' ela nado.....

Ontre Doir' e *Min'* en Portugal moraua
un mercador *rico* muito que amaua
Santa María, e por ela fiaua
e en a seruir sempr' era seu cuidado.
A de que Deus pres carne et foi d' ela nado.....

Como quer que él pelas terras mercasse,
se dõa fremos' e [2] aposta achasse
que pera o seu altar lle semellasse,
de ll' a aduzer era muit' entregado.
A de que Deus pres carn' e foi d' ela nado.....

Porque amaua muito Santa María
de coraçon, disse ca en romaría
a Rocamador de bõa ment' iría
tanto que o él podess' auer guissado.
A de que Deus pres carn' e foi d' ela nado.....

Assí foi que él ssa nau' ouue fretada
pera ýr a Frandes, *en* essa vegada,
pois que ouue ben sa fazenda guisada,
foi-sse con quant' auer auía mercado.
A de que Deus pres carn' e foi d' ela nado.....

Mais pela costeýra do gran mar d' Espanna
ind' aquela naue con mui gran conpanna,
leuantou-ss' o mar con tormenta tamanna
que muito per foi aquel dia irado.
A de que Deus pres carn' e foi d' ela nado.....

Leuáron-s' as ondas fortes *ferament* [3]
sobr' aquela naue, que aquela gente
cuidou ý morrer, *e* logo mantenente
chorou *cada un* enton ý *se* [4] pecado.
A de que Deus pres carne e foi d' ela nado.....

O mercador en o bordo da naue
estaua entonençima d' ũa traue,

---

[1] Escrito *agýna* por *agyna*.
[2] La *e* está escrita sobre raspado. Parece que primero se había puesto *fremosa*.
[3] Es yerro evidente. *Feramente*, como en la Cantiga CCLXVII.
[4] *seu*.

Digitized by Google

e hũa onda uẽo fort' e muy graue
que lle deu *no* peyt' e no mar foi deitado.
A de que Deus pres carne et foi d' ela nado.....

A nau' alongada foi, se Deus me ualla,
d' él hũa gran peça pelo mar sen falla;
mais o demo que sempre nosco traballa
quisera que *morresse alí* afogado.
A de que Deus pres carne et foi d' ela nado.....

Él andand' assí en aquela tormenta,
nenbró-sse da Uírgen que senpr' acreçenta
en o nosso ben; ca pero que nos tenta
o demo, non pode *nosco*, a Deus *loada*. [1]
A de que Deus pres carn' e foi d' ela nado..... [2]

—«¡Ai, Madre de Deus! (diss' él) teu ben m' aiude,
tú que es Sennor santa de gran uertude;
pois a todolos coitados dás saude,
nénbra-te de *min* que ando tan coitado.
A de que Deus pres carne e foi d' ela nado.....

«Sennor, por mercée non me desampares;
por *algun* tempo t' eu fazer pesares,
et se *m'* ora d' aquestas ondas tirares,
seruir-t'-ei eu sempr' e farei teu mandado.
A de que Deus pres carne e foi d' ela nado.....

«Nénbra-te, Sennor, que t' ei eu prometudo
d' ir aa ta casa, *est'* é ben sabudo;
mais tú, dos coitados esforç' e escudo,
ual-me, Sennor, ca muit' *ando tormentado.*»—
A de que Deus pres carne e foi d' ela nado.....

Él esto dizendo, log' a Uírgen santa
uẽo, que o *demo* e seus feitos quebranta;
come Sennor bõa que os seus auanta,
fóra d' ontr' as ondas o ouue tirado.
A de que Deus pres carne e foi d' ela nado.....

E fez enton ý gran marauilla fera,
ca tornou o mar mansso de qual ánt' era:
se ll' él algun tempo seruiço fezera,
mui ben ll' o per ouu' alí gualardõado.
A de que Deus pres carne e foi d' ela nado.....

---

[1] Es error manifiesto: *loado*.
[2] Omitido aquí el estribillo por falta de espacio en la plana.

Digitized by Google

E *leuó*-o saluo a terra segura,
que sol non sentiú coita nen rancura.
Èsto fez a da uirgijdade pura
que por nós uiú seu Fillo cruçifigado.
A de que Deus pres carne e foi d' ela nado.....

E ánte dez dias oý por verdade
que a naue foss' *en* aquela çibdade
ú portar auía; pola *piedade*
de Santa María foi él ý chegado.
A de que Deus pres carn' e foi d' ela nado.....

E tanto que os da *naue* chegaron, [1]
poil-o uíron todos se marauillaron;
et os seus enton muý ledos pertornaron
e contou-lles él quant' auía passado.
A de que Deus pres carne e foi d' ela nado.....

E o mercador, pois se tornou de França
e foi en sa terra, sen longa tardança
a Rocamador se foi, e confiança
na Úrgen sempr' ouu'.—Èý-uol-o acabado.
A de que Deus pres carne e foi d' ela nado
ben pode ualer a todo perigoado.

CCCLXXIIII.

Como uuns almogauares que senpre entrauan a terra d' mouros e eran desbaratados, teueron uigia na [2] capela do alçar [3] de Xerez et prometéron-lle ua doa, et entraron en caualgada et ganaron muy grand' algo.

Meito quer Santa María,
a Sennor de ben comprida,
que quand' äos seus aiuda
que seia d' eles seruida.

D' esto direy un miragre
grande que me foi mostrado
que fezo Santa María,
de que Deus quis seer nado,
en Xerez, na sa capela
do alcáçar que ganado
foi de mouros per sa graça
que nunca será falida
Muito quer Santa María,
a Sennor de ben comprida.....

Aos que a auer querem.
Èt porend' uuns peõs [4]
almogauares muý bõos,
pera iá quanto ladrões,
foram mal fazer a mouros
con muy bõos coraçõe;
mais ganar ren non podían
d' entrada nen de saýda,
Muito quer Santa María,
a Sennor de ben comprida.....

Ca sempr' eram descubertos
e muý mal desbaratados.
Mais depois que entenderon
que esto per seus pecados
era, logo mantinente [5]
se teueron por culpados,
et en correger cuidauam
muyto depois en sa uida.
Muito quer Santa María,
a Sennor de ben comprida.....

[1] V. este verso en la Cantiga CCLXVII.
[2] Se escribió *e na*, y se tachó despues la *e* con un punto.
[3] Es error evidente. Debe decir *alcaçar*, segun se lee en la misma Cantiga. En el Sumario se omitió este epigrafe.
[4] Bien se echa de ver que el amanuense omitió por olvido una *e* en esta palabra, que debe ser *peões*.
[5] *Mantenente* en otros lugares.

Digitized by Google

E ouueron seu acordo
que fossen teer [1] uegía
en a fremosa capela
da Uírgen Santa María
e logo en caualgada
mouessen en outro dia,
et se ganassem, a Uírgen
ouues' én de sa partida [2]
• *Muito quer Santa María,*
a Senor [3] de ben comprida.....

A cousa que máis fremosa
e máis rica ý fillassen.
Et porend' a Glorïosa
lles fez que desbaratassen
hũa recoua mui grande
de mouros, e que achassen
ũa púrpura muy rica
feyta d' ouro muy uelida.
Muito quer Santa María,
a Sennor de ben comprida.....

E tan toste que a uíron
non ouu' ý quen non disese
que aquel pano tan rico
Santa María ouuesse:
et logo offerer-ll'-o foron
et deron quen o possesse
ant' o altar, e tamanno
foi com' ele per medida.
Muito quer Santa María,
a Sennor de ben comprida.....

E logo d' essa companna
foi a Uírgen mui loada,
et des alí adeante
non fezeron caualgada
en que non ganassen muito;
ca a Uírgen corõada
lles guisou cada que foron
que fezeron bõa ẏda.
Muito quer Santa María,
a Sennor de ben comprida,
que quand' äos seus aiuda
que seia d' eles seruida.

CCCLXXV.

Como Santa María do Porto guariú un caualo d' un escriban del Rey que lle queria morrer.

En todo nos faz merçée
a Sennor que todo uée.

Merçée por humildade
nos faz, e por sa bondade
acorre con pïadade
a quen lle pede merçée.
En todo nos faz merçée.....

Se quer en as bestias mudas
nos mostra muitas aiudas
grandes e mui conosçudas [4]
a Sennor que todo uée.
En todo nos faz merçée.....

E de tal razon, fremoso
miragre marauilloso
a Madre do Glorïoso
fez, comprida merçée [5]
En todo nos faz merçée.....

Na çibdade de Seuilla,
que é grand' a marauilla,
mostrou a Madr' e a filla
de Deus que nos senpre uée,
En todo nos faz merçée.....

---

[1] *Tèer* se encuentra escrito por lo comun.
[2] Se escribió:
ouuese den sa partida.
Posteriormente se añadió una tilde sobre la *e* final del verbo y se tachó la *n* de *den*. Estas correcciones están hechas con tinta más negra.
[3] En lugar de *Sènor*.
[4] En lugar de *cònosçudas*, como se halla en otros lugares.
[5] Parece que debiera decir:
fez *e* comprida merçée.
Tal como está, resulta oscuro el sentido y falta la medida.

Digitized by Google

A Bonamic que auía
seu cauall' [1] e lle morría.
Porend' a Santa María
do Porto pidiú merçée
En todo nos faz merçée.....

Que, se ll' o caualo [2] desse
uiuo, porén possesse [3]
un de cera que seuesse
ant' ela que todo uée.
En todo nos faz merçée.....

Éste escriuan del Rey era,
que do caualo presera
mui gran coita et soubera
que morría; et merçée
En todo nos faz merçée..... [4]

Pidiú aa gloriosa
que é Sennor piadosa,
que de ll' o dar poderosa
é, ca nossas coitas uée.
En todo nos faz merçée.....

E v̊ iazía tendudo
iá come mort' e perdudo,
fez-ll'-o a que noss' escudo
é uiuer por sa merçée.
En todo nos faz merçée.....

E tan toste deu leuada
et comeu muita çeuada.
Et porém foi mui loada
a Sennor que todo uée.
En todo nos faz merçée
a Sennor que todo uée.

CCCLXXVI.

Como un ome leuaua un anel a Don Manuel, irmão del Reÿ, et perdé-o [5] na carreira et fez-ll'-o Santa María cobrar.

A [6] *Virgen, cuia mercée*
e pelo mundo sabuda,
fazer achar pod' a cousa
aos que a an perduda.

Ca non é gran marauilla
d' enderençar, ben sabiádes,
as cousas mui mal paradas
et [7] que faz as uoontades
enderençar dos culpados:
porén nunca uos partades,
amigos, nas uossas coitas
de demandar sa aiuda.
A Uirgen, cuia merçée
é pelo mundo sabuda..... [8]

E d' est' un muÿ gran miragre
auẽo v̊a vegada
na çibdade de Seuilla,
ú fazía sa morada
el Reÿ por guardar a terra
et que fosse ben pobrada
et ouuesse per mar frota
per que fosse máis temuda.
A Uirgen, cuia [9] *merçée*
é pelo mundo sabuda.....

Él en Seuilla morando,
auẽo que seu irmão
Don Manüel con él era,
que o amaua de chão

---

[1] Debe decir *caual'*. *Caualo* se lee en el epígrafe y más adelante en la Cantiga, siendo ésta la forma en que constantemente se halla escrito.

[2] Escrito *cauallo* y raspada la primera *l*.

[3] Falta una silaba al verso. Tal vez *porén* debiera ser *porende*.

[4] En el verso segundo se escribió equivocadamente *Senor* por *Sunor*. La misma falta se cometió en el de la estrofa siguiente.

[5] Así dice tambien en el Sumario; pero acaso sea yerro de copia, en lugar de *perdeu-o*.

[6] Así en el Sumario y en la repeticion del estribillo. El amanuense repitió aqui distraidamente el articulo *a* despues de la inicial dibujada en gran tamaño.

[7] No parece aventurado creer que el copiante escribió equivocadamente la conjuncion *e* en lugar del articulo *a* que cuadra al sentido.

[8] No se escribió aqui el estribillo, por falta de espacio en la plana.

[9] Se escribió por equivocacion *cuija* y se tachó la *j* con un punto.

Digitized by Google

et o ben que ll' él fezera
non lle sayra en uão,
ca en seruil-o sa uida
auía despenduda. [1]
A Uírgen, cuia merçée
é pelo mundo sabuda.....

Porend' el Reÿ o amaua,
et gran dereito fazía.
E ú estauan falando
el Reÿ et ele un dia,
un anel lle mostrou logo
el Reÿ, que sigo tragía,
que d' un iáspis mui riqu' era,
pedra nobre connosçuda,
A Uírgen, cuia merçée
é pelo mundo sabuda.....

E disse que ll' a daría.
E pois foi en sa pousada
Don Manüel, el Reÿ logo
non quis máis fazer tardada;
mais ẽuiou-ll' a sortella,
en ouro engastõada,
per un ome de sa cassa,
et diz: [2] —Muito me saúda
A Uírgen, cuia merçée
é pelo mundo sabuda.....

Don Manuel et dá-lle este
anel que ll' eÿ prometudo.—
Et o ome foi-sse logo;
mais non foi aperçebudo
de o guardar com' ouuera
a guardal-o, e perdudo
o ouue [3] en a carreÿra.
E com' ũa cousa muda
A Uírgen, cuia merçée
é pelo mundo sabuda..... [4]

Nemigalla non falaua,
mais diss' en sa uoontade:
«Muit' é mester que me ualla,
Sennor, a ta piedade,
Santa María do Porto,
et prométo-ch' en uerdade
seis liuras de bõa çera
que en ta casa arduda
A Uírgen, cuia merçée
é pelo mundo sabuda.....

»Seia, Sennor; e tú ual-me
a esta [5] coita tan fera.»
Él dizendo est', outr' ome
que logo pos [6] él uẽera,
achou aquela sortella
et uiú ben que sua era
d' aquele que a leuaua;
et pois que ouu' entenduda
A Uírgen, cuia merçée
é pelo mundo sabuda.....

Esta cousa, foi pos ele
en tal que o preguntasse
se aquel anel perdera
et des [7] í que o fillasse.
Et o outro tornou logo
dizéndo-lle se achasse
tal sortella, que ll' a desse
et non lle foss' asconduda.
A Uírgen, cuia merçée
é pelo mundo sabuda.....

E o outr' o anel logo
lle deu, dizéndo-lle:—Amigo
non qüerría por mia culpa
que uós ualía d' un figo
perdéssedes; mais tomáde-
o logo; ca ben uos digo
que se outro a [8] achasse,
de uós non fora ueuda
A Uírgen, cuia merçée
é pelo mundo sabuda.....

Esta sortella.—E logo
foy-sse con ela correndo

---

[1] Falta una sílaba á este verso. Tal vez debiera decir:

auía *iá* despenduda.

[2] Escritas estas dos palabras fuera de la línea del márgen. Al parecer se habia escrito primero *et muito*, omitiendo *diz*.

[3] Hay un pequeño espacio raspado en que, segun parece, se habia escrito *na*.

[4] Se escribió equivocadamente:

é pelo sabuda. mundo:

pero se hizo en estas dos palabras la señal de transposicion.

[5] Parece fuera más correcto *en esta*, segun se halla en otros lugares.

[6] Escrito *poss* y tachada la primera *s*.

[7] Se escribió *dess* y se tachó la *s* primera.

[8] La *a*, omitida por olvido del amanuense, está escrita sobre el renglon.

Digitized by Google

ú Don Manüel pousaua,
que ó estau' atendendo,
et deu-ll'-a; et pois lo feyto
lle contou, com' eu aprendo,
tornou-sse al Rei, et pois ll' ouue
esta cousa retrauda,
A Uírgen, cuia merçée
é pelo mundo sabuda.....

El Rey e quantos ý eram
deron porende loores
aa Uírgen glioriosa [1]
que merçées et amores
nos faz en muitas maneiras,
macar somos pecadores,
et d' acorrer-nos nas coitas
está sempr' aperçebuda.
A Uírgen, cuia merçée
é pelo mundo sabuda,
fazer achar pod' a cousa
äos que a an perduda. [2]

CCCLXXVII.

